



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 16

**Sesión Plenaria**  
**8 de febreiro de 2017**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### **Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno**

#### **4.2 744 (10/PNP-000056)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **López Crespo, Carlos Enrique, e tres deputados/as máis**

Sobre a actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a adecuación dos coeficientes redutores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira de Galicia.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 10, do 09.11.2016

#### **4.3 2254 (10/PNP-000202)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materia do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o V Convenio colectivo único

Publicación da iniciativa, BOPG nº 32, do 21.12.2016

#### **4.4 2397 (10/PNP-000220)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa causa iniciada por mariñeiros pertencentes á asociación Long Hope nos tribunais de Noruega para o recoñecemento do seu dereito a percibiren dese Estado as súas pensións de xubilación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.12.2016

#### **4.5 3015 (10/PNP-000263)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos depósitos de pneumáticos usados existentes en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

#### **4.6 3410 (10/PNP-000293)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David**

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 37/2006 para evitar a precariedade laboral na que se atopa o persoal contratado para o Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais por tres meses ao ano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

#### **4.7 3551 (10/PNP-000298)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia, e Díaz Villoslada, Juan Manuel**

Sobre a avaliación polo Goberno galego dos investimentos e as infraestruturas xudiciais en Galicia, así como a execución na súa totalidade, no ano 2017, do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

**4.8 3563 (10/PNP-000300)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Míguez, María Ángeles, e seis deputados/as máis**

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego diante do Concello co fin de adoptar as medidas necesarias para evitar o peche do Centro de Información á Muller de Ponte Caldelas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

**Punto 5. Interpelacións****5.1 1318 (10/INT-000046)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón, e trece deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de pobreza enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

**5.2 1429 (10/INT-000053)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre a política do Goberno galego en materia de emprego público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

**5.3 3797 (10/INT-000134)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 4246 (10/POPX-000013)****Pontón Mondelo, Ana Belén****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Sobre a defensa polo Goberno galego dos intereses de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

**6.2 4273 (10/POPX-000014)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da recente evolución das implantacións da industria auxiliar do automóbil en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

### **6.3 4277 (10/POPX-000015)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co incumprimento dos prazos e trazados dos novos accesos ferroviarios a Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

## **Punto 7. Preguntas ao Goberno**

### **7.1 3467 (10/POP-000408)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das medidas baralladas polo Goberno central en relación coa situación das persoas afectadas pola comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

### **7.2 3602 (10/POP-000422)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia, e tres deputados/as máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas detectados no funcionamento da estación depuradora de augas residuais en probas de Ribeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

### **7.3 2891 (10/POP-000304)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Fernández, Raúl, e tres deputados/as máis**

Sobre as consecuencias da anulación da licenza de obras de uso hoteleiro no castelo de Monterrei no contrato de explotación con Paradores de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

### **7.4 3674 (10/POP-000433)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Chao Pérez, Luca, e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para non realizar en período non lectivo as obras que se están a levar a cabo no CEIP Ramón de la Sagra da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

### **7.5 3478 (10/POP-000425)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e cinco deputados/as máis**

Sobre evolución dos datos da enfermidade gripal no inverno 2016-2017 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

**7.6 4247 (10/PUP-000048)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na substitución das agullas facilitadas polo Sergas para a administración de insulina aos doentes afectados pola diabetes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

**7.7 2790 (10/POP-000283)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta, e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para atender as familias obxecto dun desafiuzamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

**7.8 3531 (10/POP-000413)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción, e catro deputados/as máis**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da concertación de prazas na Rede pública de residencias e centros de día creada pola Deputación Provincial de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

**7.9 4276 (10/PUP-000050)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación, ata os doce meses, do período de contratación subvencionable, nas subvencións dirixidas ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da Risga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

**7.10 4233 (10/PUP-000047)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José, e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas e axudas que está a impulsar o Goberno galego para a vertebración do sector lácteo.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a defensa polo Goberno galego dos intereses de Galicia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx.17.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da recente evolución das implantacións da industria auxiliar do automóbil en Galicia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 20.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 22.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co incumprimento dos prazos e trazados dos novos accesos ferroviarios a Ourense.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 26.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 28.)

### ***Declaración institucional***

*O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, en apoio ao cambio de denominación do aeroporto de Santiago de Compostela, que é aprobada por asentimento.* (Páx. 29.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a adecuación dos coeficientes redutores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 30.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. López Crespo (P). (Páx. 31.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 34.), Sra. Toja Suárez (S) e Sr. Merlo Lorenzo (EM). (Páx. 36.)

*O señor López Crespo (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 39.)*

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como co V Convenio colectivo único. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 40.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 41.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 43.) e Sr. Moreira Ferro (P). (Páx. 45.)

*A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 47.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa causa iniciada por mariñeiros pertencentes á asociación Long Hope nos tribunais de Noruega para o recoñecemento do seu dereito a percibiren dese Estado as súas pensións de xubilación. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 49.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 53.) e Sr. López Crespo (P). (Páx. 55.)

*A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)*

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos depósitos de pneumáticos usados existentes en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 59.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Rivas Cruz (BNG). (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Trenor López (P). (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 64.) e Sr. Cal Ogando (EM). (Páx. 65.)

*O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 67.)*

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 37/2006 para evitar a precariedade laboral na que se atopa o persoal contratado para o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais por tres meses ao ano. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 68.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG). (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Quiroga Díaz (S) (Páx. 72.) e Sr. González Vázquez (P). (Páx. 73.)

*A señora Quinteiro Araújo (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 75.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a avaliación polo Goberno galego dos investimentos e das infraestruturas xudiciais en Galicia, así como a execución na súa totalidade, no ano 2017, do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 79.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 80.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 82.)

*Nova intervención da señora Vilán Lorenzo (S). (Páx. 85.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez e seis deputados/as máis, sobre a realización de xestións polo Goberno galego diante do Concello co fin de adoptar as medidas necesarias para evitar o peche do Centro de Información á Muller de Ponte Caldelas. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 86.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Pierres López (S) (Páx. 90.) e Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 93.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 94.)

*A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 96.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

*O señor presidente dálle a palabra ao señor Torrado Quintela para que lea o texto transaccionado que se acordou na Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia presentada por D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e por el mesmo.* (Páx. 98.)

*O señor Torrado Quintela dá lectura ao texto transaccionado ao que chegaron o G.P. de EM e o G.P. do BNG.* (Páx. 98.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre o impulso polo Goberno galego dun plan inicial de reversión do copagamento farmacéutico, así como o establecemento dun calendario de medidas para a súa eliminación, de xeito progresivo, para os doentes do Sergas: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a adecuación dos coeficientes reductores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira de Galicia: *rexeitado por 54 votos a favor, 4 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 99.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materia do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o V Convenio colectivo único: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa causa iniciada por mariñeiros pertencentes á asociación Long Hope nos tribunais de Noruega para o recoñecemento do seu dereito a percibiren dese Estado as súas pensións de xubilación: *rexeitada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos depósitos de pneumáticos usados existentes en Galicia: *rexeitado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 37/2006 para evitar a precariedade laboral na que se atopa o persoal contratado para o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais por tres meses ao ano: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a avaliación polo Goberno galego dos investimentos e das infraestruturas xudiciais en Galicia, así como a execución na súa totalidade, no ano 2017, do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez e seis deputados/as máis, sobre a realización de xestións polo Goberno galego diante do Concello co fin de adoptar as medidas necesarias para evitar o peche do Centro de Información á Muller de Ponte Caldelas: *aprobada por 40 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

*O señor presidente comunica que a continuación se vai debater a pregunta de D. Raúl Fernández Fernández e tres deputados/as máis do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.* (Páx. 102.)

**Pregunta de D. Raúl Fernández Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as consecuencias da anulación da licenza de obras de uso hoteleiro no castelo de Monterrei no contrato de explotación con Paradores de España.** (Punto sétimo da orde do día.)

*Intervención do autor: Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 102.)

*Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 103.)

*Réplica do autor: Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 104.)

*Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 105.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**Interpelación de D. Antón Sánchez García e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de pobreza enerxética.** (Punto quinto da orde do día.)

*Intervención do autor: Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 106.)

*Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 109.)

*Réplica do autor: Sr. Sánchez García (M).* (Páx. 112.)

*Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 114.)

**Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego público.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 116.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 119.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 124.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 126.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 129.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 132.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 134.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto das medidas baralladas polo Goberno central en relación coa situación das persoas afectadas pola comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 137.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 138.)

**Pregunta de D Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación, ata os doce meses, do período de contratación subvencionable nas subvencións dirixidas ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Vero (EM)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 140.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Vero (M)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 142.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas detectados no funcionamento da estación depuradora de augas residuais en probas de Ribeira.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 144.)

Réplica da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 146.)

**Pregunta de D. Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para non realizar en período non lectivo as obras que se están a levar a cabo no CEIP Ramón de la Sagra, da Coruña (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 148.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 150.)

**Pregunta de D Aurelio Alfonso Núñez Centeno e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre a evolución dos datos da enfermidade gripal no inverno 2016-2017 en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 152.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 154.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 154.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da demora do Goberno galego na substitución das agullas facilitadas polo Sergas para a administración de insulina aos doentes afectados pola diabetes. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 156.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 157.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 159.)

**Pregunta de D. Marta Rodríguez Arias e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para atender as familias obxecto dun desafiuzamento. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 160.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 160.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 161.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 161.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Concepción Burgo López e catro deputados /as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da concertación de prazas na Rede pública de residencias e centros de día creada pola Deputación Provincial de Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 162.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 164.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 165.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 166.)

**Pregunta de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre as medidas e axudas que está a impulsar o Goberno galego para a vertebración do sector lácteo.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 167.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 168.)

Réplica do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 169.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 170.)

*Remata a sesión ás oito do serán.*

*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reanudamos a sesión, co punto 6º da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a defensa polo Goberno galego dos intereses de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día.

Señor Feijóo, a miña pregunta de hoxe é moi clara: ¿vai vostede exercer de presidente de Galiza e defender os nosos intereses ou vai continuar coa súa submisión ao señor Rajoy? Eu recoñézolle que teño moi poucas esperanzas vendo cal é a súa actitude en relación con temas importantes para o país, como pode ser o AVE ou como é, por exemplo, a defensa dunha tarifa eléctrica galega.

Pero, se lle parece, empecemos polo AVE. Nos tempos do *Prestige* —¿lembra?— vostedes impoñíanlle a Medalla de Galicia a Álvarez Cascos e prometía o Partido Popular que o AVE chegaría no ano 2009. O certo é que deixou algún titular memorable: *Feijóo, el aval de Aznar, garantiza el AVE.*

Despois chegou Zapatero á Moncloa, deuse de bruces coas mentiras do Partido Popular e anúncianos un novo atraso: o AVE chegaría a Galiza no ano 2012. Evidentemente, tampouco cumpriu a súa palabra.

Pero en todo isto vostede tamén ten unha responsabilidade. Despois de chegar á Presidencia da Xunta, fírmanos con toda pomposidade o pacto do Obradoiro, que atrasaba o AVE até o ano 2015. A verdade é que este pacto, que vostede presentou como un pacto histórico, en realidade o que era era unha mentira máis grande que a catedral, que vostedes utilizaron de pano de fondo.

Pero non nos queda aquí todo o que ten que ver cos atrasos. Logo tivemos o dúo Rajoy-Feijóo, que primeiro atrasan o AVE para o 2016, despois para o 2018, agora para o 2019. Iso si, agora regálanos un novo eufemismo, un premio de consolación: *deslizamiento* de datas. É de traca, señor Feijóo.

Pero falemos doutro tema que hoxe preocupa a miles de persoas, que ten que ver coa electricidade. En pleno tarifazo, miles de galegos e galegas, medio millón de galegos e galegas están até cinco días sen luz eléctrica. Isto ten consecuencias económicas, é un desprezo para a xente do rural e mesmo, señor Feijóo, chegou a poñer en risco a vida de persoas. E isto non é culpa do temporal, é culpa e responsabilidade dunhas eléctricas que non cumpren coas súas obrigas e que realmente están incumprindo as leis, mentres o Partido Popular, aquí e

en Madrid, mira para outro lado. Imaxino que será un efecto secundario desas portas xiratorias, que os ten tan mareados.

Pero, señor Feijóo, aquí de fondo hai outra cuestión que é moi importante e que ten que ver co papel de Galiza e co prezo da electricidade. O ministro acaba de dicirnos que nos acostumemos a que o que temos que facer é pagar a luz máis cara. O señor Rajoy xa nos di que a súa única intervención no sector eléctrico é enchufar o señor Arsenio Fernández de Mesa en Red Eléctrica Española. E a aportación de vostede é vetar unha tarifa eléctrica galega, que resultaría un extraordinario aforro para as nosas empresas e tamén para as familias. Euskadi xa ten unha tarifa máis baixa. Señor Feijóo, ¿por que vostede quere menos para Galiza?

Por iso eu hoxe preguntolle se vai exercer como presidente dos galegos e das galegas e defender os nosos intereses ou se vai seguir bailando ao son que lle marca o señor Rajoy. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, preguntame vostede se vou exercer como presidente da Xunta. A resposta é que si, vou exercer como presidente da Xunta, porque os galegos e as galegas así o demandan e para min é unha honra exercer como presidente da Xunta, ata o ano 2020, que é no que finaliza o mandato. Polo tanto, teremos moitas ocasións de seguir falando de Galicia.

Señoría, fala vostede de distintas cuestións. Polo AVE pregunta o seu compañeiro de En Marea. Non sei se con carácter xeral vostede sempre me vai facer a dobre pregunta: a do BNG e a de En Marea; sería bo que se puxeran de acordo. Pero si que vou defender os intereses de Galicia, non fago outra cousa, señoría, dende a legalidade, dende a lealdade e dende o sentido común.

Señoría, o sentido común de saber como é o que necesita a Galicia real e non a Galicia inventada. Señoría, o mantra co que vostedes intentan intoxicar a sociedade non cola. Parece que Galicia empeza e finaliza nas sedes do BNG. Non cola, señoría.

No ano 2016, que acabamos de finalizar, en setembro os galegos volveron falar moi claro: non se fían do BNG. E, como non se fían do BNG, pois non lle deron nin sequera un representante nas Cortes Xerais. ¿E sabe por que non se fían do BNG? Porque cando vostedes estaban nas Cortes Xerais dicían moitas cousas, pero lamentablemente facían outras. ¿Recorda vostede unha tarde neste pleno cando me sorprendín — estaba na oposición — de que o BNG non aproveitara o seu voto no Senado para reprobar a ministra Magdalena Álvarez? Recórdao con exactitude. A ministra Magdalena Álvarez consideraba, respecto do Plan Galicia, que era o plan do AVE, algo sobre o que non é necesario memorizar aquí o que dixó, porque todos os galegos o sabemos, salvo vostede e o BNG.

Por certo, ¿algún tramo de investimento que pactaron vostedes con Rodríguez Zapatero se chegou a executar? Señoría, vostedes apoiaban —levaba a firma do BNG— que o AVE chegaría a Galicia, si ou si, no ano 2012.

Señoría, eu non a culpo por este tipo de cuestións, pero os galegos temos memoria. E agora, despois dun ano de parálise, que levamos aquí dicindo de forma continuada, levamos un ano dicindo que os seus compañeiros da dereita, os de «no es no», e os seus compañeiros da esquerda, os que se autoproclamaban vicepresidentes do Goberno —e querían todos os ministerios sociais, querían o Ministerio de Defensa, o Ministerio de Exteriores e o Ministerio do Interior para pactar cos de «no es no»—, durante un ano paralizaron as infraestruturas do país.

Mire, señoría, se vostede me pregunta se estou satisfeito coas datas do AVE, a miña resposta non vai mudar. A resposta é que non. Agora, se vostede me pregunta se estou satisfeito e que a nosa posición negociadora é moito máis intelixente que a do BNG, a resposta —contundente— é si.

Señoría, xulgarannos os galegos, fano cada vez que teñen ocasión, e os galegos cada vez que teñen ocasión dinnos que temos que seguir gobernando, conforme a legalidade, conforme a lealdade e conforme o sentido común.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, eu fállolle aquí de problemas que teñen os galegos e as galegas e vostede ¿que me responde? Facendo oposición da oposición e mentindo en relación co que ten pasado no pasado. Vostede formaba parte dun goberno que dicía que o AVE ía chegar a Galiza no ano 2009. Despois díxolles aos galegos, firmou un pacto do Obradoiro no que —leo literalmente— dicía que no 2009 estarían licitadas as obras da plataforma de tres tramos entre Zamora e Lubián, en 2010 todos os tramos de alta velocidade licitados e en 2011 estarían licitadas as estacións do AVE de Santiago, de Vigo, da Coruña e que se axilizaría o AVE a Ourense.

¿Que fixo vostede durante todo este tempo, señor Feijóo? Ser cómplice dos incumprimentos do señor Rajoy e da señora Ana Pastor con este país. (*Aplausos.*) Vendeu os intereses de Galiza, señor Feijóo. Vostede presentouse cun programa que dicía que era irrenunciable a chegada do AVE a Galiza no ano 2018. É desde logo absolutamente indecente o que vostede está facendo e é unha traizón aos intereses deste país.

Pero faleille doutro tema que parece que vostede quere esconder debaixo da alfombra: tarifazo. ¿Vai haber sancións ás eléctricas por incumprir a lei, si ou non? ¿Vai haber axudas ás



persoas que tiveron perdas importantísimas, si ou non? ¿Van facer que as eléctricas cumpran a lei, si ou non?

E, segundo, señor Feijóo, ¿vai vostede empezar a defender os intereses de Galiza e reclamar unha tarifa eléctrica galega ou vai ser un tapón para esta realidade?

Vostede dicíanos o outro día que isto non podía ser. Non obstante, o que ten que explicarlles aos galegos e ás galegas é por que en Euskadi pode ser e en Galiza, que producimos electricidade a esgalla, que exportamos un terzo da nosa electricidade, vostede non quere que os galegos e galegas e que as empresas do noso país teñan unha tarifa máis barata.

Mire, Galiza non se defende envolvéndose na súa bandeira para logo realmente non ser capaz de defender nunca fielmente os intereses deste país. Galiza deféndese con feitos, e os seus feitos son atrasos e máis atrasos para o AVE e ser cómplice das eléctricas no espolio do noso país. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Turno de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Grazas, señor presidente.

Señoría, todos os deputados e deputadas puidemos escoitalle a vostede o que eu dicía que ía ocorrer no ano 2009, no ano 2010 e no ano 2011. Pero vostede non di que durante o ano 2009, 2010, 2011 e os anos anteriores gobernaba o Partido Socialista en Madrid e nós estábamos na oposición. Non me diga que me vai facer responsable do que facía a señora Magdalena Álvarez en Madrid e do que facían vostedes apoiando a señora Magdalena Álvarez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, dende o ano 2005 ao ano 2011 gobernou o Partido Socialista Obreiro Español en Madrid, cos votos do BNG. *(Aplausos.)* Polo tanto, o que ocorreu durante esa época en Madrid é responsabilidade súa, señoría, exclusiva responsabilidade do Partido Socialista Obreiro Español. Si, vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señoría...

**O señor PRESIDENTE:** Non dialoguen.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...non conte comigo nunca para mentirlles aos galegos. Eu non podía pedirlle ao señor Blanco que fixera o AVE no ano 2012, porque iso era imposible, e pedinlle que o fixera no 2015, e, evidentemente, non digo que non executara e non presupostara, pero, evidentemente, no 2015 era imposible. Si, señoría. E cando cheguei ao Goberno o que plantexei foi unha data: no ano 2018. Agora vostede acúsame dun atraso de tres trimestres. Asumo a acusación, señoría, *(Murmurios.)* asumo esa acusación, pero pódolle asegurar que teño a conciencia moi tranquila. Dixen o que penso e vou seguir dicindo o que penso, governe quen governe en Madrid. *(Aplausos.)*

Teño autonomía para facelo, vou seguir defendendo os intereses de Galicia e non necesito leccións do BNG.

Mire, señoría, no ámbito da tarifa eléctrica, no que estamos traballando, despois dos dous temporais que sufrimos, é en dúas cousas. En primeiro lugar, en avaliar o acontecido, e por iso abrimos un expediente informativo ás eléctricas. ¿Para que? Para confirmar as actuacións, se foron axeitadas ou non. E por iso exiximos coñecer o tempo das interrupcións, o número dos usuarios afectados, o tempo medio de reposición do servizo e os efectivos empregados, e agradézolle a todos os que traballaron durante os temporais.

En segundo lugar, señoría, o que estamos é velando polos dereitos dos consumidores, poñendo á disposición dos consumidores os servizos de Consumo da Xunta de Galicia e os teléfonos e a web dos servizos da Comunidade Autónoma.

Señoría, en Galicia hai 77.000 quilómetros de liña eléctrica, 77.000. O número de puntos de subministración afectados durante os dous temporais chegou ao 10 %. ¿Sabe cando gobernaban vostedes os puntos de subministración afectados polos temporais? 180.000, 1,83 millóns de puntos afectados. Señoría, cando gobernaban vostedes, os puntos afectados —acabo de dicir os 180.000, 1,83 millóns de puntos de subministración— non eran 180.000, foron 500.000 puntos afectados; 500.000, señoría. De 180.000 destes dous temporais a 500.000 cando vostedes gobernaban.

Señoría, comprendo que vostede non queira falar de cando xestionaban vostedes a Consellería de Industria. Saberá vostede por que. Eu estou falando de cando nós estamos xestionando, e, por suposto, señoría, claro que estou falando doutro compromiso co meu país.

Mire, señoría, cando cheguei ao Goberno as eólicas non pagaban un peso por ter instalados os molinillos eléctricos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría. Cando vostedes gobernaron non cobraron un euro polos molinillos da enerxía eólica do país. Neste momento as empresas eléctricas ingresaron nas arcas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...dos concellos e da Xunta de Galicia... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...160 millóns de euros. (*Aplausos.*) Esa é a gran diferenza, señoría.

Co compromiso de Galicia, esa é a miña tarxeta de presentación. Por iso, señoría, non teña ningunha dúbida: vou ser moito máis exixente co Goberno central do que eran vostedes os nacionalistas co Goberno do señor Rodríguez Zapatero.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da recente evolución das implantacións da industria auxiliar do automóbil en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Señor Núñez Feijóo, teño que indicarlle a importancia que ten o sector do automóbil en Galicia, con máis de 100 empresas, con 19.000 empregos directos, máis de 8.000 millóns en volume de vendas e unha notable capacidade exportadora, importancia que é maior aínda no sur da provincia de Pontevedra, onde se concentra a maior parte das plantas industriais.

E, dentro do sector, a industria de compoñentes, a industria auxiliar, é responsable aproximadamente de tres cuartas partes do valor final, agrupada nun clúster que recolle empresas de todo o mundo, tamén algunhas delas de capital galego, algunhas delas xa multinacionais galegas, que ten potentes axudas públicas.

Eu non lle recrimino que a Xunta de Galicia non faga nada. Dígolle que o que fai non é suficiente, non é dabondo, e que podemos actuar de forma máis decidida se temos unha visión integral de política industrial. E dígolle tamén que neste momento a Xunta de Galicia ten que estar preocupada —máis preocupada— do que está e ten que ser activa —máis activa— do que está sendo, porque estamos nun momento decisivo.

Como vostede sabe, os investimentos prodúcense no sector no momento de lanzamento de novos vehículos. E está pendente o lanzamento do K9 e despois do V20. E, por primeira vez, un lanzamento como o do K9 non atrae novos provedores da planta final, da planta de ensamblaxe final, a Galicia. Non está ocorrendo isto por primeira vez en moito tempo. O gasto en investimentos na industria auxiliar triplica en Portugal a Galicia nos últimos tres anos. Está habendo tamén fortes investimentos noutras áreas como Marrocos, que son competencia para as nosas empresas. Estamos —isto é moi importante— 20-0, para simplificar, en novas implantacións: 20 en Portugal, 0 en Galicia.

Señor presidente, o propio presidente do clúster está tamén investindo en Portugal, creando novas, e é absolutamente lexítimo como empresario, pero indicativo do que está sucedendo. Perdemos 2.000 empregos e Portugal gañou 6.000 nos últimos cinco anos. Ten xa máis volume facturado e duplícanos en emprego.

Claro que a competencia é dura, a competencia interna da Unión Europea, os países do Leste de Europa, o propio Portugal; por fóra, Marrocos, a India, Irán, moitos outros. A competencia é dura e céntrase nos prezos nalgúns sectores. Polo tanto, hai determinados segmentos do proceso produtivo que non podemos aspirar a que queden en Galicia, pero temos que aspirar sen dúbida a que os outros, os que xeran máis valor engadido ou que incorporan máis traballo cualificado, queden aquí. Temos que aspirar a que haxa unha solución equilibrada e non podemos asistir pasivamente á perda de peso da industria auxiliar.

O noso obxectivo ten que ser equilibrar a apertura de novas fábricas, en investimento, en emprego, actuando en formación, en loxística, en emprendemento, en solo industrial competitivo, en garantir que as regras da competencia a escala europea se cumbran.

Señor presidente, ¿está vostede satisfeito co que está ocorrendo na industria auxiliar do automóbil? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, pregúntame vostede sobre a industria auxiliar do automóbil en Galicia, e para poñer en contexto esta resposta vostede sabe que me pode preguntar por isto, porque Galicia obtivo os tres novos modelos para construír na factoría de PSA-Peugeot en Vigo. Se Galicia non obtivera eses contratos, evidentemente a pregunta non ía ser sobre a industria auxiliar, a pregunta ía ser sobre o desmantelamento da factoría de PSA-Peugeot en Vigo.

Por iso alégrame ter este debate, señoría. Vigo consegue este contrato por tres razóns. A primeira, pola excelente competitividade dos traballadores da planta de PSA-Peugeot Citroën en Vigo; en segundo lugar, pola excelente competitividade das industrias auxiliares da automoción en Galicia; e, en terceiro lugar, polo apoio inequívoco de dúas administracións: da Administración do Estado, a través da Zona Franca, e da Xunta de Galicia.

Señoría, créame que a PSA lle sobran opcións para poñer estas novas furgonetas, que son as máis vendidas no sector de vehículos industriais, e podo asegurarlle que eu fun testemuña, xunto co conselleiro de Economía, desas opcións, tanto nas reunións que mantivemos en Vigo como nas reunións que mantivemos en París.

Finalmente, Galicia, Vigo, consegue eses tres modelos e conseguimos recuperar os niveis de produción, de construción de vehículos e, en segundo lugar, ter un futuro asegurado para a factoría para os próximos dez anos.

Van saír os datos da industria auxiliar de automoción do ano 2016, pero os que temos e os que consideramos que son razoables é que esta industria no ano 2016 incrementou a súa facturación, non a diminuíu, como vostede di; incrementouna entre un 5 % a un 8 % ou 9 %, incrementou o emprego a industria auxiliar aproximadamente nun 10 %, 2.000 novos traballadores, e PSA-Peugeot Citroën incrementou a construción de vehículos en máis de 17.000 vehículos no ano 2016 sobre o ano 2017.

Señoría, as dúas furgonetas do modelo K9 e o todoterreo V20 (o SUV) supoñen un incremento de facturación para a industria auxiliar de 750 millóns de euros: 500 millóns de euros máis no K9, o que supón un incremento do 6 % da facturación da industria auxiliar do automóbil, e uns 250 millóns de euros máis ao ano como consecuencia do modelo V20.

Señoría, ¿sabe por que estamos funcionando? En primeiro lugar, porque hai unha alianza entre a Xunta de Galicia, con claridade, e PSA-Peugeot Citroën. En segundo lugar, porque, como vostede ben me indicaba, temos que apostar polo talento e pola innovación; estamos apostando polo talento e pola innovación. E, en terceiro lugar, porque estamos incentivando con 100 millóns de euros esa industria, o que mobiliza un total de 600 millóns de euros de novos investimentos.

Señoría, se vostede me pregunta se estou preocupado por Portugal, a resposta é que si, porque vostede, igual ca min, sabe que os salarios en Portugal son bastante máis baixos que en España e os incentivos europeos en Portugal, dado que é un país que non chega ao 75 % da renda media da Unión Europea, son bastante máis superiores que en Galicia e en España.

Pero vostede non me pode plantexar —e de feito nunca me plantexará— igualar os salarios á baixa, senón que o que me plantexa é apostar polas liñas de innovación e de talento. E vostede sabe, igual ca min, que xustamente é o que estamos facendo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...apostando pola innovación e polo talento.

Pero, señoría, a industria auxiliar do automóbil en Galicia ten futuro, ten futuro como mínimo para a próxima década.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Eu non o vou acusar de formar parte do Consello de Administración de PSA, que sei que non é certo, pero si fixo aquí un exercicio de vender a súa excelencia, e dígolle: comigo non necesita facelo. Eu xa sei que é xustamente a implantación, o desenvolvemento, a maduración —digamos— da fábrica de PSA en Vigo a que explica boa parte de todo o que está ocorrendo. Por tanto, desa parte non imos falar. Imos falar do outro.

E vostede ten que explicarme algunhas cousas que non citou e ten que explicarme por que está pasando o que pasa na industria auxiliar do automóbil. Claro que temos que reforzar as nosas vantaxes. Temos que ser máis produtivos, temos que facelo mellor, porque iso é o que nos permite ter os salarios que defenden o noso modelo de vida.

Claro que temos que reforzar o programa de incentivos, pero temos que actuar sobre todo sobre as desvantaxes, e as desvantaxes non sobre os salarios e as condicións laborais. Sobre iso, en todo caso, poderíamos impulsar desde o ámbito público un acordo empresas-sindicatos que estabilizara a medio prazo a negociación colectiva. O que temos que facer, sobre todo —e diso vostede non falou nada—, é falar sobre a dispoñibilidade e o custo do solo in-

dustrial, que é un elemento decisivo nas novas implantacións, e vostede disto non me comentou nada, e isto depende moito máis da política pública; por tanto, depende do que vostede como presidente da Xunta estea disposto a facer.

En Portugal están ofrecendo solo a 0 euros o metro cadrado, teñen ademais 40 millóns de metros cadrados mínimos e un 60 % dispoñible. En Pontevedra o solo industrial, como vostede sabe, é moito máis caro.

Por tanto, ¿que temos que facer? Temos que revisar os programas de axuda para garantir que favorecen a estabilidade e non financian a marcha de empresas a Portugal. Temos que actuar no solo industrial. Vostede vaimos falar da PLISAN; eu voulle dicir xa preventivamente que é moito máis fácil que nos próximos tres anos entre no Convenio Ramsar a que albergue unha soa empresa industrial. *(Aplausos.)* E temos, non obstante, que facer un esforzo en materia de solo industrial en Portugal. E temos tamén que denunciar a Portugal diante da Unión Europea, por axudas estatais non autorizadas, que falsean a competencia. A análise urxente das subvencións que está facendo por esta vía así o confirma, seguro que vostede ten algún estudo dispoñible que así llo indica.

E temos que facer un programa de fomento de I+D+i empresarial moito máis potente. Sabe vostede coma min que o ano pasado non houbo convocatoria de formación para ocupados da Xunta de Galicia. No ano 2016 non houbo convocatoria de formación para ocupados.

E, por último, señor presidente, eu creo que todo isto merece que lle deamos en sede parlamentaria un foro permanente, a través dunha subcomisión na Comisión de Industria, que analice a situación, que analice o futuro da industria do automóbil, da industria auxiliar, e propoña as liñas de acción que necesitamos para este sector tan decisivo para Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, acabo de darlle os datos —veremos se confirmados cando o clúster concrete o balance do ano 2016—, pero os datos que nós manexamos é que a facturación das empresas do sector do automóbil se incrementou un 10 % no ano 2016 e que o emprego está no contorno, nun incremento de 2.000 postos de traballo, iso é, un 10 % máis. Eses son os datos.

Hai provedores importantes que empezaron a facer investimentos coa K9: Benteler, Antolín, Snop, Autoneum. Señoría, Denso está fabricando pezas non só para Vigo, senón para Francia. *(Murmurios.)* Si, señoría, para as plantas de PSA-Peugeot de Sochaux, de Rennes e de Sevelnord. Señoría, ¿sabe vostede que nas empresas auxiliares do sector da automoción en Galicia o 60 % da súa produción é para fabricantes distintos de PSA-Peugeot Citroën? Entón, señoría, comprendo a súa preocupación pero non o seu diagnóstico.

Señoría, o sector está avanzando e agora podemos falar disto, porque cando ninguén daba un peso por nós conseguimos os dous modelos que se van empezar a fabricar o próximo ano, máis un modelo adicional, dun SUV, que nunca se fixo na factoría en Vigo.

Polo tanto, señoría, o investimento total estimado destes tres modelos supón 3.000 millóns de euros, e non son cifras da Xunta de Galicia, son cifras do clúster do sector de automoción galego.

Señoría, estamos traballando —vostede sábeo— en financiar liñas de innovación, de investigación, de talento. Por exemplo, os investimentos anunciados do grupo Copo en GKN supoñen máis de 33 millóns de euros, e os realizados por Benteler supoñen máis de 20 millóns de euros. Pero, evidentemente, vostede sabe que en Portugal a hora/home no sector da automoción está no contorno de 13 euros/hora, e en Galicia está no contorno entre 17 e 20 euros/hora. Pero, como é natural, non podemos plantexar unha baixada de salarios, o que temos é que plantexar un incremento da produtividade.

Señoría, cando me fala do solo, nunca en Galicia o solo estivo máis barato que agora, e tivemos que rescatar Xestures porque nolas entregaron quebradas; si, señoría, quebradas. Tivemos que facer ampliacións de capital de 180 millóns de euros.

Pero voulle dar os datos, señorías. En Mos, o dereito de superficie son 2 euros metro cadrado ao ano, e en Ponte Caldelas, en Pontevedra, 1 euro metro cadrado ao ano, e en Arbo, 0,90 céntimos metro cadrado ao ano.

Vostede di que non quere falar da PLISAN. Debe ser porque xa sabe que a PLISAN por fin imos comercializala neste ano 2017.

Pero o que si lle digo é que somos conscientes de que temos riscos, señoría, e por iso o plan de acción para captación de investimentos de Galicia foi unha das decisións últimas do Consello da Xunta. E por iso imos traer aquí unha Lei de fomento de implantación empresarial. E pídolle que lea ese proxecto de lei con interese. ¿Por que? Porque imos intentar facer a simplificación administrativa máxima, porque imos seleccionar ben os apoios e porque as medidas de especialización e dinamización van ter contido na lei.

Espero e desexo que o Partido Socialista, dado que está preocupado —e eu agradézolle esa preocupación—, nos dea o que nos falta, que son propostas concretas; espero coñecer as súas. O que si lle digo, señoría, é que o sector de automoción en Galicia ten unha década despexada de pedidos. E o que si lle digo, señoría, é que, canto menos dependamos dunha única marca, mellor para o sector, e de momento o 60 % das pezas do sector da automoción que facemos en Galicia xa non as facemos para esa marca, aínda que —iso é certo— esa marca é importantísima para o país.

E en relación con Portugal, non teña ningunha dúbida, señoría.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Imos respectar as normas de competencia e imos estar absolutamente orientados para que se defenda na eurorrexión, tanto na parte de Portugal como na parte galega; non teña dúbidas ao respecto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co incumprimento dos prazos e trazados dos novos accesos ferroviarios a Ourense**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Villares Naveira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Grazas, señor presidente.

Señor Núñez, a crónica no que ao AVE se refire, da chegada da alta velocidade a Galicia, é con vostede a crónica dunha rendición anunciada. Parece que en Galicia o único que vai veloz é o vento nos temporais e tamén a deslocalización de empresas da automoción ao norte de Portugal. Iso si, pero despois o resto vai bastante lento.

E vai lento porque é sabida a súa rendición, porque vostede renunciou a comportarse como presidente dun país para comportarse como un subordinado, como un simple delegado do Goberno en Galicia, que tivo que aturar e sufrir en silencio de Íñigo de la Serna como non teríamos nin AP-9 para Galicia nin AVE en 2018, nin can que lle ladre, ¡nada!, porque veu el anunciarnos a rendición de Galicia ao Goberno central, e vostede con esta situación de absoluto silencio e de absoluta parálise.

O único que vai veloz en Galicia é a caída da auga e a caída das árbores no temporal, e tamén a entrega a domicilio de Vega Sicilia, porque o transporte por carretera funciona mellor que o transporte de mercancía por ferrocarril; é verdade: son mellores as concesións nese sentido.

Pero é que, aínda para escarnio popular, vostede, hai apenas quince días, foi a Madrid recibir instrucións, recibir instrucións dunha mentira; instrucións de enganar a súa propia cidadanía, dicindo que o AVE chegaría non en 2018 senón en 2019, cando realmente non entrará en ningunha cidade galega ata o ano 2022.

Foi vostede co rabo entre as pernas e volveu cunha mentira entre os beizos. Volveu cunha mentira entre os beizos porque o tramo Taboadela-Ourense non estará acabado como mínimo ata o 2019, máis o período de probas, é dicir, como mínimo ata o próximo período electoral. Pero é que, ademais, non entrará como tal AVE nunha cidade galega ata, como mínimo, o ano 2022. Non chegará a Ourense ata o 2022, porque non sei se sabe —talvez si ou talvez non— que o tramo Taboadela-Ourense non está nin licitado. Seguramente non o sabe, porque tampouco sabía que Villar Mir tiña intención de esnaquizar Ferroatlántica e de vendela separadamente.



Pois agora xa o sabe, e sóboo porque entrou no Parlamento pola boca de En Marea, levando a representación de toda a comarca da Costa da Morte en defensa dos seus postos de traballo. Defenda a legalidade, a legalidade da concesión, e non permita a venda fraccionada da hidroeléctrica e da ferroaleación.

En consecuencia, en definitiva, que non o enganen, e non nos engane, porque non nos chegará o AVE a unha cidade galega ata o ano 2022, e vostede sábeo.

E, doutra banda, ¿por que habiamos de confiar na súa palabra? Primeiro dixeron 2010, logo 2012, logo 2015, logo 2018. ¿Por que habiamos de crer que agora ía ser no 2019?

Para inventar a data do 2019, vostedes tiveron que inventar o troceado. Igual que troceaban as mordidas de adxudicación de obra pública para pagar con sobres a altos cargos do PP e as reformas de sedes do Partido Popular, (*Murmurios.*) agora trocean os tramos para poder xustificar a chegada no ano 2019. E aínda así, ¿quen confía no Feijóo da AP-9 para Galicia? ¿Quen confía no Feijóo do ano 2018? ¿Quen confía no Feijóo do Vega Sicilia? ¿Quen se fía do Goberno amigo dos *hिलillos de plastilina*? ¿Quen se fía do Goberno amigo de Bárcenas?

Si, porque aquí onte un compañeiro seu de partido e aquí nesta Cámara —no Parlamento— dixo que el non renegaba de Bárcenas. ¿Vostede renega de Bárcenas, señor presidente? (*Murmurios.*) ¿Vostede renega de Bárcenas ou non?

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

Remate.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si, si, díxoo, díxoo, está recollido nas sesións da Cámara.

Diga se renega ou non renega.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. ¡Silencio!

Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si que o dixo, e está recollida na sesión da Cámara.

¿Vai vostede seguir consentindo o escarnio ao noso país, con dilacións indefinidas nas infraestruturas esenciais? ¿Aínda non sabe que a previsión do 2018 da chegada a Ourense incluía tamén a chegada a Ourense capital?

¿Por canto tempo máis imos ter que seguir aturando do PP ser tratados como cidadáns de segunda, señor Feijóo? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moi ilustrativo, señor Villares. (Risos.)

A medida que vostede ía falando, eu ía imaxinándoo a vostede no Ministerio de Fomento a pasada semana. Seguro que chegaría alí (Risos.) e diría: mire, eu son o señor Villares, e automaticamente os túneles parados empezarían a abrirse, o viaduto pendente empezaría a construírse e viría vostede para Galicia case xa en AVE. (Risos.) (Aplausos.)

Pero, como vostede pode imaxinar, eu non son o señor Villares, señoría. Eu son un galego que de parvo teño pouco, señoría. Iso si, son galego, e polo tanto sei distinguir entre os novos Moisés e a realidade que me toca xestionar.

Señoría, durante un ano estiven aquí dicindo que, cando vostedes se autoproclamaban vicepresidentes do Goberno, ministro de Defensa, ministro de Exteriores, ministro do Interior, en Zarzuela, por certo, señoría, isto era unha broma que nos ía saír cara, e, efectivamente señorías, sae cara. Porque entre «no es no» e a soberbia do seu líder carismático, señoría, saía cara para o país, e no que a min me corresponde, para Galicia.

Pero mire, señoría, no referido ao AVE, non sei se sería mellor un goberno entre Podemos e o Partido Socialista ou o atraso dun ano. Ou, dito doutra forma, si sei: prefiro o atraso dun ano que un goberno entre o Partido Socialista e Podemos. ¿Sabe por que, señoría? Porque nos podíamos despedir do AVE para sempre.

Vou ler, se non lle importa: declaracións do anterior portavoz de AGE, hai moito tempo, jeh!, cento vinte días, 14 de outubro do ano 2016: «Queremos un aumento do servizo ferroviario, pero sen grandes obras faraónicas como o AVE». O deputado que ten ao seu lado, señoría, de momento, o señor Antón Sánchez, marzo do ano 2015: «O AVE é un negocio e un despilfarro enorme.» (Protestas.) Señoría, a anterior portavoz —de verdade— do seu grupo parlamentario, a señora Yolanda Díaz, orzamentos do ano 2015: «¿Non hai máis proxectos que furar montañas?». «O AVE e a alta velocidade é clasista e centralizadora.» (Protestas.)

Parece, señoría, que agora vostede cambiou de opinión. ¡Benvido sexa ao tren de alta velocidade a Galicia, señoría! (Aplausos.) ¡Benvido sexa ao tren de alta velocidade a Galicia! (Aplausos.) Benvido, señoría, e espero que non o chamen á orde, porque vostede na segunda parte da intervención deu o tema correspondente a hoxe, iso si, con moito interese, pero lamentablemente con escasa credibilidade.

Eu teño que comparecer nesta Cámara para dicir que o tren sofre un atraso de tres trimestres, si. Teño que comparecer nesta Cámara para dicir que o compromiso do Goberno de España, como consecuencia da parálise do último ano, é un atraso de tres trimestres, ata setembro do ano 2019, si. E teño que dicir, señoría, que a partir de aí empeza o AVE en probas. Si, señoría.

En definitiva, o obxectivo é que a finais do 2019 falten as probas, pero non falten as obras. Ese é o obxectivo, señoría. E cando vostede me fala de Íñigo, menos mal que me dixo o apelido, Íñigo de la Serna, porque, señoría, o Íñigo máis importante neste momento, polo menos esta semana en España, non é Íñigo de la Serna, é Íñigo Errejón, señoría (Risos.)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero benvido en todo caso ao tren de alta velocidade. É unha obra fundamental para Galicia. Espero, señoría, que o seu grupo en Madrid apoie os presupostos. (*Murmurios.*) ¡Ah, era boa! (*Risos.*) ¡Ah!, señoría, entón, se non aproban os presupostos, despois dirame que non hai presupostos para facer o AVE. Señor Villares, xa ten vostede a seguinte pregunta formulada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moi divertido o de volver en AVE a Galicia, o que lle corresponde a vostede, sabe que non o podemos facer. ¿Sabe que me gustaría a min cando acabe a sesión plenaria? Irme en tren a Lugo, e non podo. (*Aplausos.*) Non podo, ningún de vostedes pode ir en tren a Lugo, nin de Lugo poden ir en tren á Coruña con normalidade, nin de Lugo poden ir a Ourense, porque todo o interior de Galicia está absolutamente desvertebrado ferroviariamente, pola súa inoperatividade e a súa incapacidade de vertebrar ferroviariamente Galicia, e polo tanto non podemos facer algo tan normal como ir en tren a Lugo, nin a Lugo nin a outros sitios.

Para poder anunciar a data de 2019, tragou vostede con esa imposición, coa verdadeira chambonada do tramo Taboadela-Ourense, digno dun —se quere o Íñigo, pois nada— Íñigo Gotera e Otilio Feijóo se quere, que sería cómico efectivamente se non fose pola gravidade da situación, a gravidade de reutilizar unha vía existente, como se dixo, modernizada e electrificada para poder circular os trens; unha solución verdadeiramente de segunda ou de terceira categoría, que crea condicións de inseguridade ao se tratar de diferentes tecnoloxías, a da vía e a do convoi, preparadas para velocidades diferentes.

¿Sabía vostede que o AVE, ese magnífico trazado que lle ofrece o seu amigo Íñigo —o importante—, Íñigo de la Serna, entrará en Ourense con doce curvas como a de Angrois? ¿Estarán vostedes ávidos de establecer as condicións de seguridade para que a infraestrutura ferroviaria e o tren entren en condicións de seguridade en Ourense? Esperemos que si, porque nós cremos que non caben anuncios de adiantos de datas a cambio de seguridade; é inaceptable, é intolerable, e é o que vostedes parece que están anunciando. E xa lles advertimos que nós non imos pasar por iso. E a cidadanía galega non lles vai perdoar nin unha soa incidencia en materia de seguridade, e levantarase contra vostedes se o permiten, simplemente porque están permitindo a indecencia de sermos tratados como cidadáns de segunda ou de terceira categoría.

Rexeitamos o seu servilismo ao PP de Madrid e a súa simple configuración como un delegado do Goberno en Galicia. Queremos que rectifique, que non enganen a cidadanía, que digan que o AVE a Ourense non chegará ata o 2022, e ademais que creen as condicións ferroviarias de chegada en plena seguridade desde o primeiro momento. Rectifique; se así o fai, terá a En Marea do seu lado; se non, terá toda unha marea cidadá enfronte súa.

E reitérolle o de antes: vaia preparando un plan ferroviario de cercanías para Galicia, porque a nós gústanos moito ir a Madrid, pero sobre todo nos gustaría aos cidadáns galegos e ás cidadás galegas comunicar Lugo con Santiago, Santiago con Ourense, Lugo coa Coruña, en definitiva, vertebrar e comunicar ferroviariamente Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Turno de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Mire, señoría, como nos preocupa a seguridade, por iso o que o Ministerio de Fomento acaba de anunciar é que as obras finalizan no terceiro trimestre do ano 2019 e empezan en probas os trens. Preocúpanos a seguridade, moito, si, señoría, si, moito. E como nos preocupa a seguridade, cando vostede fala de seguridade, non sei por que se refire a min; non sei por que se refire a min, probablemente porque non se queira referir aos seus socios en concellos.

Pero déixeme que lea este parágrafo, que creo que é suficientemente clarificador. «*Es prioritaria y urgente la reapertura de la línea del tren Madrid-Burgos, para la revitalización económica del sur de Castilla y León.*» Señoría, non se sorprendan, isto é literalmente o que defenden os deputados de En Marea no Congreso dos Deputados; data: 15 de decembro do ano 2016.

Si, señoría, isto é o que di o grupo galego de En Mareas, cito textual, foto incluída, no Congreso dos Deputados. Reitero outra vez: «*Es prioritaria y urgente la reapertura de la línea del tren Madrid-Burgos, para la revitalización económica del sur de Castilla y León.*»

Iso de que lles importa ter AVE en Galicia parece ser que de momento están vostedes un pouco confundidos. A persoa que ocupaba ese escano é o que di Grupo de En Marea. ¿Para iso queren vostedes un grupo propio en Madrid? (*Risos.*) ¿Iso é o que defenden vostedes en Madrid?

Mire, señoría, hoxe coñecemos a postura de vostede —non sei se de todo o grupo, practicamente é imposible coñecer a postura do grupo— sobre o AVE. Espero que esa postura a manteña vostede mañá, porque é importante saber exactamente cal é a postura de En Marea, cos grupos que a conforman. Agora, non deixa de ser sorprendente que dean clases de licitacións e de execución de obra pública, ¿verdade, señor Villares? Dada a súa grande experiencia en materia de xestión económica presupostaria e de obra pública, non me estraña todo o que vostede hoxe nos ensina.

Mire, señoría, vostedes están xestionando o país, porque non se crea que o país é monocolor, é monocolor a Xunta de Galicia, os galegos así o quixeron. Pero mire, na Coruña tiñan vostedes cincuenta e sete obras anunciadas. ¿Sabe cantas realizaron nos primeiros vinte meses? Tres, tres, señoría, tres. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Mire, señoría, eu son veciño da calle Vista Alegre, ¿sabe vostede como está a calle Vista Alegre en Santiago? Levan vostedes dous anos no goberno e aínda non acabaron as obras dunha

rúa de Santiago e pregúntame vostede polo AVE a Galicia. (*Aplausos.*) Señoría, fai falta cando menos un pouco de modestia; (*Aplausos.*) un pouco de modestia, señoría, un pouco de modestia. Se vostedes non son capaces de facer unha obra nunha rúa de Santiago, se levamos o inverno pasado todo de fochancas no país, señoría, que vostede me fale do tren de alta velocidade é moi enternecedor, pero máis nada, señoría. (*Risos.*) Pídlle simplemente que sexa un pouco rigoroso..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...que sexa un pouco rigoroso.

Mire, señoría, teñen vostedes todo tipo de opinións, ás veces a favor do AVE, ás veces en contra do AVE. Por suposto, o de Burgos interésalles moito. Teñen vostedes todo tipo de portavoces. Canto máis o coñecen a vostede, menos o apoian para ser portavoz, pero iso será unha cuestión súa. E teñen vostedes todo tipo de correntes, pero hai unha confluencia, un denominador común: a ineficacia, señoría.

Polo tanto, señoría, se queren vostedes traballar en serio co AVE, contan comigo. Agora ben, se o que me vai anunciar agora é bloquear os presupostos do tren de alta velocidade a Galicia, vostede será responsable.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Vou ler unha declaración institucional que me fixeron chegar por acordo os grupos.

### ***Declaración institucional***

*Declaración institucional en apoio ao cambio de denominación do aeroporto de Santiago de Compostela*

«En datas recentes o Pleno do Concello de Santiago de Compostela aprobou por unanimidade unha declaración institucional na que se insta ao cambio de denominación do aeroporto de Santiago de Compostela, que pasaría a denominarse aeroporto Rosalía de Castro-Santiago de Compostela-Lavacolla.

Rosalía de Castro brilla con luz propia na historia de Galicia, é a escritora máis representativa da lingua galega e unha figura fundamental da literatura europea. Rosalía de Castro dedicou a súa vida á recuperación e á forxa da súa identidade persoal, da súa identidade de xénero e da identidade de Galicia, logrando nese camiño unha manifestación artística única e precursora da nosa mellor literatura. O Rexurdimento comeza coa publicación de *Cantares Gallegos*, que devolve a lingua galega á escrita tras séculos de silenciamento.

O aeroporto de Santiago de Compostela-Lavacolla é outro importante referente simbólico de Galicia. Representa a conexión coa diáspora galega en Europa e no mundo e é tamén a

principal vía de entrada e saída dos millóns de visitantes que cada ano se achegan a visitar Galicia e a súa capital.

Por todos estes motivos, o Parlamento de Galicia, atendendo a demanda da Corporación Municipal de Santiago de Compostela, á que se teñen adherido outras institucións como a Real Academia Galega, manifesta o seu apoio á proposta do cambio de nome do aeroporto de Santiago de Compostela para que pase a denominarse aeroporto Rosalía de Castro-Santiago de Compostela-Lavacolla.»

Esta é a declaración, que está firmada o 7 de febreiro de 2017.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)*

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos coas proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a adecuación dos coeficientes redutores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. 744).*

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír pola seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:*

*1º) No prazo de un mes, convoque unha Mesa de Negociación, na que estean representados os axentes económicos e sociais integrantes do sector, co obxecto de facer un seguimento da tramitación do novo regulamento europeo que define as características dos buques de pesca, de modo que os traballadores galegos non vexan prexudicados os seus dereitos adquiridos.*

*2º) Coopere co Goberno de España na negociación que este debería de desenvolver diante da Unión Europea, na elaboración do novo regulamento europeo para que se teñan en conta as características da flota galega, de modo que non se produzan prexuízos para os traballadores galegos.»*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 744 (10/PNP-000056).*

*Emenda de substitución.*

*Proponse a substitución da parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para solicitar que realice de inmediato unha revisión profunda do caduco modelo, baseado na zona e o tamaño da embarcación, para ir a un novo baseado nas condicións reais das actividades profesionais da pesca e do marisqueo, tanto no sector extractivo como actividades complementarias en terra, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.»)*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Juan José Merlo Lorenzo e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 744 (10/PNP-000056).*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir ao Goberno do Estado, que se manteñan os coeficientes redutores ata a entrada do Regulamento europeo polo que se definen as características dos buques de pesca e, unha vez que entre en vigor, iniciar un proceso de diálogo co sector de cara ao mantemento e mellora dos coeficientes redutores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira en Galicia, toda vez que os cambios substanciais na realidade operativa de embarcacións e prácticas de marisqueo demanda esta posibilidade de cambio.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor López Crespo.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Grazas, presidente.

Bos días, deputadas e deputados.

Estamos aquí para tratar un tema —todos teñen importancia na xestión do público de cara a mellorar o estado de benestar dos galegos e das galegas, pero neste caso... —

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe un momento. Parece que hai problemas co son. Desculpe un segundo.

A ver se os Servizos arreglan este problema que temos co micrófono.

Báixeo un pouco máis, se pode ser, ao mellor é que está aí... Baixe os micrófonos un pouco máis, se pode..., os de aí, xíreos para abaixo..., así.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** É un problema de altura, non me estraña. (Risos.)

**O señor PRESIDENTE:** A ver agora.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** ¿Agora óese mellor? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*  
Claro. Se non, a viva voz, tamén está ben.

**O señor PRESIDENTE:** Aí din que non se escoita...

**O señor LÓPEZ CRESPO:** ¿Din que non?

**O señor PRESIDENTE:** ¿Vostedes escoitan? *(Murmurios.)* ¿Escóitase?

**O señor LÓPEZ CRESPO:** É que non lle poñen interese. *(Risos.)* Póñanlle máis interese. *(Risos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Parece que se escoita.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Parece que se escoita.

**O señor PRESIDENTE:** Pois veña.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** ¿Como?

**O señor PRESIDENTE:** Proceda.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Procedemos.

Dicía: bos días, deputadas e deputados.

É sempre normal a preocupación do Grupo do Partido Popular en que nas súas iniciativas neste Parlamento mellore substancialmente o estado de benestar dos galegos e das galegas, en todos os casos. Pero neste ten unha compoñente —se queremos— máis humana, xa que se trata dun tema que afecta un sector moi sensible a calquera decisión que tome o Goberno de Galicia, que é o sector do mar, e nunha idade onde xa un está de volta de todos os seus traballos e chega á xubilación. E por iso hai un aspecto desta xubilación, que son os coeficientes redutores, que é importante tratar para romper certos atavismos históricos que hai coa denominación. E por iso traemos esta iniciativa aquí ao Parlamento.

En principio, cómpre dividir dous aspectos importantes sobre estes coeficientes redutores. Por un lado, a modificación sobrevida dos coeficientes redutores por parte da Dirección Xeral da Mariña Mercante que afectaba os coeficientes redutores dos buques conxeladores; e, por outro lado, a proposta de modificación do Regulamento de réxime comunitario da frota pesqueira, polo que se definen as características dos barcos de pesca. Isto viría afectar os rexistros dos que se toman os datos para determinar estes coeficientes redutores.

No primeiro dos casos, é dicir, a modificación sobrevida dos coeficientes redutores pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, debemos de dicir que esta modificación provén do desaxuste entre os datos existentes no Instituto Social da Mariña (o ISM) e a Dirección Xeral da Mariña Mercante, xa que os barcos afectados nunca constaron como conxeladores no Rexistro oficial de buques da devandita dirección xeral; teñen constado como tal no Rexistro



do ISM. En segundo lugar, esa clasificación como conxelador foi declarada no seu día ao ISM polo armador e, á falta de contraste cos datos da Mariña Mercante, que está a realizarse agora, é a que devén nesta situación de modificación. Por tanto, o conflito tiña a súa orixe nas distintas fontes de información existentes sobre os buques pesqueiros: por un lado, o ISM; por outro, a Dirección Xeral da Mariña Mercante; e, por outro, o censo da frota pesqueira operativa.

Logo tamén, dende a aprobación da última modificación dos coeficientes redutores no ano 2007, existe un mandato normativo para a unificación da información que consta nas diferentes bases de datos, de xeito que os datos que utiliza o ISM sobre os buques se nutre directamente da información que consta nas bases da Mariña Mercante. Esta uniformización ocasionou que determinados barcos que constaban como conxeladores nas bases de datos do ISM pasaran a ser considerados como arrastreiros ou palangreiros.

Ante esta situación, a Consellería do Mar leva traballado dende o ano 2015 para que o Goberno central manteña o coeficiente redutor de xubilación —isto é importante— dos tripulantes de buques palangreiros e arrastreiros. Os contactos da Xunta e o Goberno central establecéronse tan pronto como a Xunta tivo coñecemento deste problema. E fixéronse dous encontros fundamentalmente: un en febreiro de 2006, para abordar a profundidade e a intensidade do problema, e outro, en outubro de 2006, cos responsables dos departamentos de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por un lado, Emprego e Seguridade Social, por outro, e Fomento, por outro. Neles fíxose o balance do asunto, determinouse unha posible solución, que é acadada finalmente, de retroceder á situación ao punto inicial, no sentido de manter intacto o coeficiente redutor do 0,40 da idade de xubilación.

Da xestión sobre esta situación informouse desde o principio ao sector, que se puxo en contacto coa Consellería para apuntar a existencia deste problema, ao PP de Lugo e Fepesca, en decembro de 2015, e o sindicato da CIG desde que manifestou interese polo tema, en outubro do ano 2016.

Por outra banda, tiñamos a segunda parte do problema destes coeficientes redutores, que era a proposta de modificación do regulamento e do Rexistro comunitario da frota pesqueira. E aí o ISM, a Dirección Xeral de Mariña Mercante e a SG Pesca anunciaron a súa intención de revisar estes coeficientes unha vez que se aproba a proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se definen as características dos barcos de pesca.

O Regulamento europeo mencionado atópase aínda en fase de borrador e posporase a súa entrada en vigor para o verán deste ano 2017. Unha vez definido este regulamento, sería positivo iniciar unha definición dos coes, toda vez que, segundo, seguen existindo anacronismos —hai aínda rexistrados barcos baleeiros a estas alturas— e agravios comparativos —dous buques do mesmo caladoiro pescando podían ter coeficientes diferentes—.

Dada esta situación normativa actual —recoñecida e prevista a entrada en vigor do regulamento citado—, cómpre darlle unha solución que actualice á data a devandita normativa ás circunstancias reais da nosa frota pesqueira. Desde Galicia defendemos que, unha vez publicado o novo regulamento polo que se definen as características dos buques, se adapte á

normativa española, incluída a dos coeficientes, para uniformizar as circunstancias para efectos laborais de xubilación.

¿Por que? ¿Para que uniformizar e igualar os coeficientes? Primeiro, porque a día de hoxe existen diferenzas entre buques do mesmo caladoiro, segundo a tonelaxe que teñan; dous mariñeiros pescando no Gran Sol poden ter distinto coeficiente, se un pesca nun barco de menos de 250 toneladas de rexistro bruto ou de máis de 250 toneladas de rexistro bruto. Existen —como dicía antes— anacronismos; hai barcos baleeiros rexistrados, que non ten sentido neste momento. Porque se deben de introducir cuestións técnicas importantes no desenvolvemento tecnolóxico actual. Antes un conxelador que ía era necesariamente de grande eslora, hoxe cos avances tecnolóxicos un barco de 25 metros pode estar sucando todos os mares do mundo sen ningún problema.

Por todo o aquí exposto e coa idea de mellorar o estado de benestar deste sector pesqueiro —repito—, sensible a calquera decisión que tome o Goberno da Xunta de Galicia, desde esa sensibilidade do Grupo Popular e da propia Xunta de Galicia, propoñemos: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar, unha vez que entre en vigor o Regulamento europeo polo que se definen as características dos buques de pesca, un proceso de diálogo de cara á adecuación dos coeficientes redutores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira en Galicia, toda vez que os cambios substanciais na realidade operativa de embarcacións e prácticas de marisqueo demandan esta posibilidade de cambio».

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor López Crespo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día a todos e a todas.

Vaime permitir o señor López, deputado do Partido Popular que acaba de intervir, que non saia do meu asombro. Porque, efectivamente, a Dirección Xeral da Mariña Mercante modificou a aplicación dos coeficientes redutores ás persoas que faenan en barcos de altura e, sen avisar ao sector, señor López, fixo unha modificación de xeito que se lles aplicaban os coeficientes redutores unicamente a aqueles buques conxeladores que tiveran unha eslora de máis de 70 metros e capacidade superior a mil toneladas. É dicir, fixo unha modificación na categoría dos buques, e esa modificación foi en cadea afectar os coeficientes redutores dos mariñeiros alí embarcados, de xeito que ao resto das outras embarcacións, fundamentalmente palangreiros, se lles pasou de aplicar ese 0,4 % a aplicarlles coeficientes inferiores.

Como o BNG estaba preocupado por esta situación, levou á Comisión 8ª, de Pesca, deste Parlamento, o día 20 de xaneiro, unha iniciativa para demandar solucións a esta cuestión; unha iniciativa que acadou o acordo unánime, con transaccións dos grupos alí presentes nesa comisión, e que acadou o seguinte texto publicado: «O Parlamento de Galicia mostra o seu acordo ás tripulacións embarcadas en buques que pescan en augas internacionais, na súa

reivindicación de que se lles aplique o 0,4 % nos coeficientes redutores no cálculo da idade de xubilación e insta o Goberno galego a reclamar do Goberno español e do Ministerio de Fomento as seguintes cuestións:

1. Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento para impedir a discriminación respecto daqueles aos que historicamente se lles recoñeceu o 0,4 % e mantelo para o resto das tripulacións destas embarcacións.>>

É dicir, acordamos unanimemente que aos mariñeiros que, froito desa decisión de Mariña Mercante, se lles reduciron os coeficientes redutores se lles manteña de oficio.

<<2. Solicitar unha revisión profunda do modelo baseado no tamaño da embarcación para ir a outro onde realmente se teñan en conta as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade e perigosidade, sexan insolubles e provoquen sinistralidade e alta morbilidade.>>

Co cal, señor López, eu non entendo a que vén a iniciativa que vostedes presentan hoxe aquí. Eu preguntolle: ¿canto valen os acordos tomados neste Parlamento? Porque este Parlamento tomou o acordo que lle acabo de ler, e vostede hoxe vén aquí cunha iniciativa que é unha auténtica rebaixa, que di que o que acordamos non vale de nada e que despois de entrar en vigor un regulamento resulta que o comisario responsable do mesmo di que se desvincula do erro do Goberno español en calcular eses coeficientes e que este regulamento exclusivamente é un regulamento de rexistro de construcións técnicas da frota. Voullo deixar aquí ao presidente do Parlamento para que llelo pase aos outros grupos. Neste regulamento non fala absolutamente nada dos coeficientes redutores. É un regulamento técnico onde se establecen o tipo de conxeladores, as características técnicas, o tipo de armazón, o tipo de GT; é un rexistro de embarcacións. Déixollo ao presidente para que llelo faga chegar aos grupos políticos, porque vostedes están facendo referencia a un regulamento que, despois de entrar en vigor e que o comisario di que nunca antes de febreiro do ano 2018 entraría en vigor, pretende deixar en papel mollado un acordo deste Parlamento dicindo que o que acordamos non se faga e que se empece un proceso de diálogo para ver en que queda. É unha auténtica burla ao acordo deste Parlamento e aos mariñeiros, que poden ver atrasada en anos a corrección dunha cuestión fundamental, como é a súa suor ou como é que non se lles rouben catro, cinco, tres ou dous anos na súa idade de xubilación.

Co cal, o BNG presentamos unha emenda, porque o acordo do outro día é mellorable. E a emenda do BNG é para dúas cuestións: para que se lle poña data ao que acordamos e para que o acordo de que se revisen os coeficientes redutores se faga de inmediato. Se vostedes tiveran un pouco de querenza polas condicións da xente do mar, en vez de dilatalo e de traer aquí unha iniciativa que o que di é que se deixe, que se estude con calma, diría que se faga de inmediato.

E logo o que engadimos é —por se había algunha dúbida— que este regulamento se revise para todo o sector do mar, para o marisqueo —ou sexa, para a pesca pero tamén para o marisqueo—, tanto no sector extractivo como en actividades complementarias e de terra, para todo o sector relacionado co mar...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...a altura, as redeiras, os mergulladores, os estibadores..., absolutamente para todos.

Co cal, señor López, señoras e señores do Partido Popular, eu pídolles que non se burlen deste Parlamento, que non se burlen dos mariñeiros e que acepten a iniciativa do BNG de mellorar o que xa acordamos. E, en todo caso, o que si lles pediría é que podemos facer unha transacción e instalos a convocar a todo o sector a unha comisión onde expliquen realmente cal é a situación para acelerar os prazos, non para dilatalos, señor López, señoras e señores do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas.

Bo día.

Ao Partido Socialista preocúpanos este tema, é o primeiro que quero dicir, e preocúpanos porque precisamente se trata duns traballos que implican pasar longas tempadas separados da familia. Estamos falando de persoas e familias. Pasar longas tempadas separados das familias implica perderse acontecementos importantes da vida, como, por exemplo, falecementos de familiares ou nacementos de fillos. De enteirarse por unha foto ou por unha mensaxe ou de recibir unha foto dun fillo en alta mar e ao mellor ter que esperar dous meses para poder coñecelo, diso é do que se está a falar hoxe aquí, de persoas e de familias.

E, como ben din vostedes na súa exposición de motivos, dende 2007 non se fixo nada, a última vez foi co presidente José Luis Rodríguez Zapatero. E quéroo nomear con nomes e apelidos porque entendo que cando se nomea aquí unha persoa que foi presidente ou que foi ministro debe facerse con respecto, con nomes e apelidos, e non dirixirnos aos homes ou nomear os homes como «o señor Blanco» e as mulleres como «Maleni» ou como «folclórica», porque con iso, dende este propio Parlamento, o que estamos facendo é promovendo —con esas machadas— condutas machistas que son un pésimo exemplo para os nosos nenos e as nosas nenas. (*Aplausos.*) E recórdeno, porque vemos moitas veces colexios que veñen aquí con nenos e nenas. O menos que podemos facer é dirixirnos con respecto a persoas que desempeñaron cargos de responsabilidade neste país. (*Murmurios.*)

E dicía —por favor, mostren respecto— que, cando se fala destes temas, impórtanos, porque hai persoas e familias detrás, e xa con motivo da discrepancia xurdida entre o Instituto Social da Mariña e o Rexistro de Buques e Empresas Navieiras da Dirección Xeral da Marina Mercante, que foi do que nos falou o señor López Crespo durante todo ese tempo, o Partido So-

cialista xa presentou no Congreso dos Deputados unha iniciativa para que se aclarase tal asunto; xa dende o Congreso dos Deputados.

E explico todo isto, que se trata de familias, que se trata de persoas e que nós xa presentamos unha iniciativa no Congreso dos Deputados para dicir que realmente nos importa este tema e que por iso presentamos a nosa emenda, porque non acabamos de entender a iniciativa que presenta hoxe o Partido Popular. Rexístraa pola vía de urxencia no mes de novembro, tráea en febreiro —concepto de urxencia distinto— e ademais para iniciar un proceso de diálogo no verán de 2017, cando entre xa en vigor o Regulamento da Unión Europea. ¿E mentres tanto que?, ¿que van facer? Se lles preocupa este tema, nós propoñémoslles que non esperen ao verán, que convoquen unha mesa de negociación na que estean representados os axentes económicos e sociais integrantes do sector. Fagan un seguimento da negociación dese regulamento e non esperen ata o verán, empecen xa, e, ademais, dado que gobernan aquí e gobernan en España, fáganse oír en España. Se lles preocupa, fagan suxestións na negociación que tería que desenvolver o Goberno de España con tal regulamento. Porque, ¿están facendo suxestións ou lles pasa como na AP-9, que non os escoitan tampouco? (*Aplausos.*)

Como lles dicía, pola importancia que para nós supón este tema, persoas e familias non acabamos de comprender esta iniciativa, salvo que o que pretendan é un titular nos medios, pero a ver como lle dan a volta tamén para poñer ese titular e a ver a que se comprometen, a ver que explican. Mañá saberémolo nese titular.

Por todo iso, nós presentamos esta emenda de substitución, porque entendemos que a este Parlamento temos que vir, como vostede dicía, presentar e votar iniciativas que melloren a calidade de vida das persoas, non iniciativas que son publicidade e propaganda política do Grupo Popular. Se pensan o mesmo que nós, acepten a nosa emenda. E, se non o pensan, entenderemos que coas súas iniciativas o que veñen é buscar titulares e vir consumir minutos parlamentarios, tempo parlamentario.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Merlo.

**O señor MERLO LORENZO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías, eu tiña preparada aquí unha exposición de motivos, pero tanto a exposición de motivos que fixo o señor López Crespo como as intervencións das compañeiras do BNG e do PSdeG xa foron unha exposición de motivos e unha explicación bastante clara.

Vou pasar dos papeis e vou resumir practicamente o que, visto o visto nos últimos días, penso que temos que facer respecto a isto.

Onte, en varias intervencións de varios representantes, deputadas e deputados do Grupo Popular, escoitamos como se gababan da súa maioría absoluta nesta Cámara, que me parece

moi ben, pero é que eu non entendo, dende a miña humildade, para que nos serve esa maioría, ¿para facer unha PNL chea de termos vagos?, ¿unha PNL que o mesmo defende os dereitos dese coeficiente redutor dos mariñeiros galegos como serve para recortalo? Iso non penso que sexa utilizar ben unha maioría. Se só serve para isto, para vir aquí presumir desa maioría e dicir: temos maioría, temos maioría, e despois chegar a Madrid e desinchar o peito, baixar a orella, vir sen a AP-9 e vir sen defender estas cousas, isto non pode ser. Estamos falando duns buques que no Estado español o 91 % deles son galegos. Polo tanto, desta Cámara, dese goberno do señor Feijóo e dese goberno do señor Rajoy ten que saír a defensa a ultranza, máis férrea, deste sector.

Entón, o que temos que facer nesta Cámara é artellar unha PNL que permita que iso sexa realidade. E isto non é o que estamos traendo aquí. Nós presentamos esta emenda precisamente por esas cuestións. Non vou falar, evidentemente, de que estamos falando de dereitos de traballadores que adquiriron no seu día e que todos compartiremos nesta Cámara que son dereitos fundamentais e que están recoñecidos pola penosidade, polo perigo, etcétera, e de moitas cuestións que lles deron este coeficiente redutor.

¿Estamos plantexando que unha definición na nomenclatura dos buques que, evidentemente, compartimos e que hai que levar a cabo, pode levar encadeada a perda deses dereitos dos traballadores? Eu penso que non é así. Entón, temos que tratar de fuxir da aplicación de termos vagos nas nosas propostas, nas nosas PNL e tratar de facer algo con máis fundamento, con máis claridade, que non inste a instar, senón que exixa. Se teñen unha maioría, utilícena, exixan ao señor Rajoy que defenda principalmente estes dereitos dos traballadores, non pode ser menos. Aquí non estamos para pedir, estamos para exixir este tipo de cuestións, sobre todo porque somos o Goberno autonómico, que ten un 91 % deses buques afectados polo tema do coeficiente de redución.

A emenda que nós plantexamos precisamente vai nesa liña. Compartimos a análise, compartimos a exposición de motivos e compartimos tamén o que se debateu na comisión, pero iso non é óbice para facer un plantexamento tan vago. Porque, xa digo, eu, se quero interpretar a PNL que vostedes poñen aquí enriba da mesa, podo practicamente defender que ese coeficiente se manteña ou se reduza, se así se ditamina, tendo en conta iso.

E á parte hai outra cuestión: falar, iniciar diálogos para solucionalo. ¿Con quen van iniciar os diálogos? Eu penso que sería preciso dicir que imos iniciar os diálogos co sector, e iso non o pon a PNL tampouco.

Entón, imos emendar iso, porque falar podemos falar con moita xente, o que pasa é que moitas veces non é o mesmo defender os intereses dos traballadores dun sector que defender un sector; non é o mesmo, é compatible, pero non é o mesmo. Entón, desta eu o que quero é que se defenda o sector e se defendan tamén os traballadores.

E esa é a liña que presentamos nesa emenda de substitución á PNL, na que dicimos que: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a exixir ao Goberno do Estado que se manteñen os coeficientes redutores ata a entrada do Regulamento Europeo polo que se definen as características dos buques de pesca, e, unha vez que entre en vigor, iniciar un proceso de diálogo

co sector de cara ao mantemento e mellora dos coeficientes reductores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira en Galicia, toda vez que os cambios substanciais na realidade operativa de embarcacións e prácticas de marisqueo demandan esta posibilidade de cambio».

E, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Merlo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor López Crespo.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Si, presidente.

Señora voceira do BNG, ¿parécelle que por moito trigo é mal ano?, ¿parécelle que neste Parlamento traer as iniciativas unha vez e outra é desprezar o seu traballo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é desprezar o seu traballo, é mostrar... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu diríalle que esta PNL presentada por urxencia, non teño a seguridade, pero talvez foi anterior á que levou vostede á comisión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Desculpe; se non foi así, créollo, que eu teño moita fe en vostede. *(Murmurios.)*

Eu creo que é importante que neste Parlamento se traian as iniciativas, e cantas máis veces mellor, non é un problema. E, desde logo, o que non vai quitarlle vostede ao Grupo Popular deste Parlamento e á Consellería do Mar do Goberno da Xunta de Galicia é a sensibilidade exquisita que ten para percibir as penalidades deste sector.

Enfío nisto coa señora Toja, do PSOE. Eu vin aquí falar dunha iniciativa de coeficientes reductores. Se vostede quere reproducir o que se escoita neste Parlamento doutros contrincantes, podémolo falar. Eu tiven que escoitar aquí a voceira do Grupo do BNG que me di que aos do PP se nos atraganta a democracia; e dimo a min, no ano 2017, con 67 anos de vida, e escoiteino estoicamente, por certo, nun alarde e nun derroche de templanza. Escoito un señor deputado do seu grupo, do PSOE do sur, dicir que o PP non fai os orzamentos con racionalidade, que os fai con ideoloxía, e escoito estoicamente e tamén con outro derroche de templanza. Escoito un señor deputado mariñán de En Marea dicir: por aprobar a Lei de acompañamento, van vostedes cometer un atraco democrático. Eu non quero vir aquí reproducir iso. Eu quero e o Partido Popular quere vir aquí resolver os problemas dos galegos e das galegas e, neste caso, son os problemas dos mariñeiros que se xubilan. *(Aplausos.)*

¿Que me vai dicir vostede dos mariñeiros que, andando polo mundo adiante, non sabían cando un rapaciño fillo empezaba a dicir a primeira palabra, non sabían cando lle caía o primeiro dente e, se querían dicirlle á muller «sígote querendo moito», tiñan que gastar o soldo dunha semana no teléfono do barco. ¿Que nos vén dicir vostede a nós? ¿Vénnos poñer a sensibilidade humana que temos todos os do Partido Popular? Non o faga, nós sabémolo. E por iso agora, desde o exercicio do poder da Xunta de Galicia, na medida do posible e da normativa vixente —dicíao o presidente pola mañá—, desde a lealdade, desde a legalidade e desde o sentido común o Grupo Popular vai facer que os mariñeiros da nosa Galicia —eses

dos que fala o representante de En Marea— poidan ter unha xubilación digna e que os coeficientes redutores os beneficien para a súa xubilación. *(Aplausos.)*

Non nos fale de machismos falando do mar. Mire, voulle dicir unha cousa, e non a volvo dicir aquí: desde que dous nenos de catro anos xogan un con outro e un lle di ao outro «xogas como unha nena», ata que un marido apuñala a súa muller hai un proceso de evolución biolóxica e psicolóxica que hai que tratar. E iso é machismo puro e duro. No PP condenámolo e sentímolo, e desgustámonos igual ca vostedes, forzas progresistas, *(Aplausos.)* o mesmo ca vostedes. Ben sei que vostedes aos do PP quérénnos prohibir o dereito a ser...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** ...sensibles coa sociedade.

Xa remato, presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** En todo caso, quero dicir que as emendas do PSOE non as podemos admitir porque parece que os seus compañeiros non entenden as negociacións que se están levando a cabo.

A do Bloque poderíamos entendela, pero xa vexo, pola intervención súa, que non van retirar a palabra «inmediatamente». Iso é o que non podemos facer nós, porque iría contra a terceira parte, señor presidente, que era o sentido común. O sentido común di que hai que ir á par coa normativa.

E, por último, a emenda de En Marea, non temos ningún problema en aceptala, por unha razón, porque é a mesma que a nosa. A verdade é un pleonasma dicir con quen empezamos o diálogo: evidentemente, co sector.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor López Crespo.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como co V Convenio colectivo único**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*



*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír pola seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a derogar a Lei 1/2012, agás os artigos 4.1.Tres e 8, e repoñer completamente o V Convenio colectivo único».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Pois hoxe voltamos traer a debate a inconsistencia dun goberno que, mentres sostén, por unha banda, unha presunta recuperación económica baseada en datos macroeconómicos, mantén, sen embargo, recortes para traballadoras e traballadores feitos, aplicados, amparándose precisamente nesa «crise-estafa» e nas restricións orzamentarias impostas que derivan tras a aprobación do artigo 135 aprobado polos dous grandes partidos.

Despois dos recortes salariais e laborais ao persoal público aplicados polos sucesivos gobernos centrais dende o inicio da crise, tivemos que ver, ademais, como o Goberno autonómico estiraba máis, practicamente coma un chicle, os seus dereitos laborais e sociais aprobando unha lei, neste caso a 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público, que suspendeu, como xa saben as súas señorías, varios preceptos do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia; unha norma que posúe un carácter temporal, como se explicita na propia exposición de motivos, vinculada á persistencia das circunstancias económicas que, segundo o Goberno, motivaban a súa aprobación no ano 2012; unha norma que usurpa o dereito á negociación colectiva e suspende dereitos tan importantes como a compensación horaria polas xornadas efectivas en domingos e festivos, o fondo de acción social, que axudaba a paliar determinadas situacións de precariedade laboral, o dereito ao comedor nos centros con actividade continua 24 horas ou o complemento de incapacidade temporal; dereitos que son dereitos —valla a redundancia—, non privilexios, e que foron, polo tanto, conseguidos coa loita sindical, amparados no propio contido da Constitución e nos convenios da OIT.

Sen embargo, en nome dese santo déficit e coa xustificación dunha mala xestión económica, suspendéronse impunemente dereitos laborais conseguidos por traballadoras e traballadores. Unha norma cun artigo que suspende, ademais, o contido dese artigo 19 do V Convenio colectivo único do persoal laboral, afectando tamén o dereito ao descanso do persoal público; persoal que ten sufrido, ademais, os recortes de plantillas, cun incremento brutal das cargas de traballo, non substitución de baixas e vacacións e que, tras sufrir a mala praxe da Consellería de Política Social —porque son as traballadoras e os traballadores da Consellería de Política Social uns e unhas dos máis afectados por esta suspensión dos dereitos do V Convenio colectivo—, tras sufrir a mala praxe catro anos seguidos na organización das súas carteleiras de traballo, con tres sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en contra, este ano, a febreiro de 2017, seguen sufrindo o desleixo dunha administración que segue sen ter, a febreiro de 2017, carteleira de traballo para o propio ano 2017. Non hai tampouco convocatoria de oferta pública de emprego dende o ano 2005, non hai concurso de traslados

e agora pretenden aplicarlles tamén un proceso de funcionarización sen negociación cos representantes das traballadoras e traballadores; condicións impostas, polo tanto, por parte da Administración pública.

Vulnérase a conciliación da vida laboral e persoal, obrigatoriedade de traballar festivos sen opción, incumprimento do dereito de formación de traballadores e traballadoras, e o que é o peor, ese incremento da carga de traballo ten significado, como xa temos debatido noutras ocasións, un incremento perigosísimo nos accidentes laborais no posto de traballo, que pasaron de 396 a 454 no ano 2015, e as baixas por accidente laboral, de 151 a 235. ¿Onde está a eficacia desta medida? Uns accidentes que, ademais, se concentran sobre todo na Consellería de Política Social, concretamente no persoal auxiliar de enfermaría, no persoal cuidador, no persoal de limpeza e nas camareiras e camareiros.

Señorías, nós preguntámonos como é posible que se volte aprobar outra vez, como aconteceu onte, unha lei de medidas fiscais e administrativas que catro anos despois, cinco anos despois, xa non derogue esta lei, a pesar de que se sostén por parte do Goberno unha mellora ou unha presunta recuperación económica. Preguntámonos cal é o motivo para seguir mantendo este ataque aos dereitos laborais do persoal público. Dende En Marea comprendemos que ao persoal público debera valorárselle e, precisamente, debera coidárselle; hai que valoralos, non o que se está a facer na actualidade, e, polo tanto, manter os seus dereitos e non pisalos, como se leva facendo dende o ano 2012.

Polo tanto, sinxelamente, unha vez máis nesta proposición non de lei e a pesar da votación da Lei de medidas fiscais e administrativas, voltamos insistir solicitando que se derogue precisamente esa Lei 1/2012 e que se recupere completamente o V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Ás veces as normas, as leis, teñen exposicións de motivos que tratan de explicar o sentido da norma, a regulación, a sistemática que contén, pero o certo é que ás veces as exposicións de motivos distan moito de ser cumpridas, ¿non? Pero o que pasa é que ás veces as normas, loxicamente, tamén teñen unha serie de disposicións, como o caso da Lei 1/2012, e como comentaba a proponente da iniciativa, que establece na súa disposición derradeira única, precisamente, que as medidas previstas nesta lei serán revisadas nun prazo de dous anos dende a súa entrada en vigor, en función da evolución do produto interior bruto real de Galicia e do aforro primario dos orzamentos. É dicir, esta lei incluso tiña que ser revisada aos dous anos. Non nos consta que se fixera tal revisión dunha forma explícita e, por suposto, como

se ten presentado anteriormente, as circunstancias económicas de redución de déficit público e as previsións macroeconómicas que xustificaron nesa exposición de motivos esta lei, polo que nola presentou o Goberno á hora de defender os orzamentos de 2017, poderíamos dicir que caducaron. Aínda así, a propia Lei de medidas aprobada onte e a propia Lei de orzamentos aprobada o luns por única maioría popular non cumpren, precisamente, co que ten que cumprir, que sería a derogación desta Lei 1/2012. É dicir, que o propio Goberno non está propiciando o cumprimento das súas propias normas.

A isto deberíamos engadir que nesta materia se ten rachado dunha forma absoluta calquera canle de negociación colectiva, tanto, evidentemente, cando foi aprobada no 2012 como á hora de tratar de facer modificacións ou de xa facer efectivas modificacións nestes recortes do persoal público a través, como dicía, tanto da Lei de orzamentos como da Lei de medidas, que se permiten o luxo de facer algunha pequena modificación na Lei 1/2012, o cal significa que se mantén na súa absoluta vixencia.

Pola nosa parte —que, ademais, xa temos presentado iniciativas no mesmo sentido—, compartimos dunha forma absoluta o espírito da proposición non de lei presentada polo grupo proponente e, neste sentido, si que nos chama a atención por parte do Partido Popular, á hora de manter a vixencia desta lei, como non se está mantendo a mesma coherencia con ese actuar respecto, por exemplo, do persoal eventual ou dos incrementos salariais do Goberno, etc.

Non nos gusta tampouco, en materia de emprego público —porque seguro que son as mensaxes que xa vimos recibindo—, que se nos trasladen mensaxes puramente binarias como son as que tradicionalmente está trasladando o Partido Popular; é dicir, fálanos do bo, do malo, de nós, do caos, da austeridade ou do despilfarro. É dicir, a realidade é bastante máis complexa que esta especie de, como se ten dito xa moitas veces, posverdade ou de política posfactual que trata de confundir a opinión pública e que trata de confundir, neste caso, a 90.000 empregados públicos, e iso non é o que os datos que temos encima da mesa nos presentan.

Nós, pola nosa parte, o Grupo Parlamentario Socialista, apoia esta proposición, o que pasa é que, por razóns de seguridade xurídica, presenta unha matización nesa derogación dos dous preceptos que se sinalan na proposición non de lei, non vaia ser que se interprete que algúns deses preceptos tiveramos nalgún dos grupos —supoño— a intención de que mantiveran a súa vixencia. É dicir, nós entendemos que a derogación da lei necesitaría unha serie de modificacións noutras normas, coa necesaria negociación colectiva nesta materia, pero, por se acaso, por seguridade xurídica, facemos estas dúas precisións na derogación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Si, moi bo día.

Moitas grazas, señor presidente.

Supoño que o Grupo Popular, como é costume, botaralle a culpa ao Bipartito por asinar o convenio do persoal laboral e por aprobar no ano 2008 dereitos laborais, dereitos sociais e dereitos tamén retributivos para o persoal da Administración pública.

A realidade é outra, a realidade é que vostedes dan unha explicación da crise. Parece que foi culpa tamén do Bipartito ou de certas medidas que se tomaron en determinados momentos nos gobernos, pero realmente a crise ten outras causas, a crise ten uns culpábeis, que é un sistema económico cruel, corrupto e inxusto, un sistema baseado na especulación, na especulación financeira, que puxo de xeonllos aos gobernos e que os obrigou a tomar medidas que provocaron un xigantesco burato nas contas públicas de déficit e de débeda para tapar ese burato causado pola gran banca, pola especulación financeira. O certo é que esa toma de medidas por parte dos gobernos foi posible porque houbo un gran acordo entre as forzas políticas maioritarias no ámbito europeo que tivo a súa tradución no Estado español na modificación do artigo 135 da Constitución, que estableceu esa imposición do control do déficit da estabilidade orzamentaria. Polo tanto, hai aquí tamén responsabilidades compartidas; temos que dicilo, é así.

A realidade é que estes cambios lexislativos, estas decisións políticas que se tomaron por esa presión do gran capital, da gran banca e por tapar as súas vergoñas e sobre todo o seu gran burato, o que provocaron foi un gran espolio, un gran roubo; un gran espolio de dereitos, de dereitos sociais e tamén de dereitos laborais e de renda de ingresos, que, sobre todo, prexudicou a clase traballadora, tamén a pequena e mediana empresa e as persoas autónomas. O que se viu ao longo destes anos foi un cambio brutal, descomunal, na repartición da riqueza. A crise tivo unha consecuencia, que foi que a riqueza e a renda pasaron para quen máis tiña, que, como sabemos —agora está demostrado polas cifras—, cada vez ten máis riqueza, mentres que os que menos teñen cada vez teñen menos. Esa é a consecuencia desta situación.

Unha das vítimas destas políticas, unha das vítimas principais destas políticas, foi o persoal ao servizo da Administración pública, que foi sinalado como chibo expiatorio. Parece que era unha especie de casta privilexiada, entón, había que ir por ese colectivo en forma dunha persecución e en forma de espolio de dereitos laborais, de ingresos e tamén de todo o que pasou, que xa se contou aquí, cos servizos públicos, en forma de recortes, de perda de persoal, de perda de postos de traballo e de condicións laborais; e con decisións concretas, ademais, que se produciron ao longo destes anos de sucesivas reformas laborais que afectaron o persoal ao servizo da Administración pública, empezando —hai que dicilo tamén— pola redución do 5 % do salario de todo o persoal da Administración pública, aprobado polo Goberno socialista do señor Zapatero.

E un paso nesta escalada de persecución de dereitos laborais e de ingresos do persoal da Administración pública foi a Lei 1/2012, aprobada polo Goberno do Partido Popular en Galicia, que deu lugar a unha modificación unilateral do Convenio do persoal laboral, como xa se dixo, e á supresión de dereitos do conxunto do persoal da Administración, do persoal laboral, pero de todo o persoal da Administración pública, por exemplo, penalizando a enfermidade,

con reducións salariais por baixas laborais, a redución do salario e da xornada do persoal laboral, a supresión do fondo de acción social, a redución dos días de asuntos propios e os incrementos da xornada laboral, con todas as consecuencias que aquí xa se comentaron.

A todo isto hai que sumarlle tamén a eliminación das pagas extras a partir do 2013 —por certo, houbo gobernos que se negaron a aplicar esta medida, que foron valentes, e, por certo, que foron denunciados por iso, pero houbo gobernos que non tomaron estas medidas de eliminación das pagas extras—, a conxelación salarial, etc., etc. En total, con todas estas medidas está máis ou menos estimada a perda de poder adquisitivo do persoal da Administración pública nun 30%; un 30 % de perda de ingresos, de perda de renda ao longo de todos estes anos, tamén como consecuencia do incremento do IPC e doutras medidas impositivas. Polo tanto, falamos dunha auténtica incautación —isto é como se pode chamar— de renda, do 30 % da renda dos ingresos, e tamén dun espolio de dereitos que tiña consolidados, gañados e conquistados o persoal da Administración pública. E isto, ademais, co grande impacto que ten na actividade económica e no consumo, tamén con consecuencias graves.

Polo tanto, xa se dixo aquí, o Goberno naquel momento dixo que eran medidas temporais, que estaban motivadas polas circunstancias extraordinarias, que ía haber unha revisión ao cabo de dous anos... Non houbo ningunha revisión...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor BARÁ TORRES:** ...viñeron para quedar. Polo tanto, nós o que lles dicimos aquí é que non utilicen como escusa esta situación para atacar os dereitos do persoal da Administración pública e devolvan os dereitos laborais e tamén a renda espoliada, porque é de xustiza.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Plantexa o grupo da Marea derrogar de plano a Lei 1/2012 e repor completamente o V Convenio colectivo. Pola súa banda, o Partido Socialista plantexa unha emenda non tan radical na que simplemente pide derrogar algúns aspectos desta lei.

O primeiro punto que nos xera esta proposta, señora Solla, é a confusión, porque vostedes, en primeiro lugar, na exposición de motivos parecen instar unicamente ao levantamento da suspensión dos apartados do V Convenio deixados en suspenso, pero, sen embargo, na parte propositiva o que piden é derrogar completamente a lei, unha derogación integral, cando, de oito artigos que ten a lei, tan só un soamente suspende os aspectos do Convenio colectivo. Se o que queren é levantar a suspensión dos aspectos do Convenio colectivo, creo que con pedir a derogación dun só artigo sería suficiente para as súas intencións. Está claro, señora

Solla, que se se plantexara o caso de que hai que, por exemplo, arranxar o motor nun buque, que é o que falla, con esa forma de pensar vostedes o que farían sería non arranxar o motor senón afundir o buque, e, así, resolto o problema, señora Solla. Esta é a súa forma de actuar.

Pero esta lei, tal e como di a súa exposición de motivos, foi ditada nunha situación excepcional na que non era admisible o mantemento de excepcións derivadas da aplicación do réxime xurídico laboral e se facía preciso suspender a vixencia de determinados artigos do V Convenio colectivo, entre eles, precisamente, os que amparaban ata entón a realización dunha xornada significativamente inferior á establecida no Real decreto lei 20/2011, que establece que a xornada ordinaria de traballo de todos os empregados da Xunta debería ter un promedio semanal non inferior a 37 horas e trinta minutos.

Señor Bará, eu non vou falar do Bipartito, simplemente lle digo que dos anos 2005 ao 2009, nos que estivo un goberno que vostede coñece, se xeraron 15.000 empregos públicos máis e na caixa había 2.000 millóns de euros menos. A partir de aí saque vostede, señor Bará, as súas conclusións. Todo isto, por certo, regado con «mojitos cubanos». (*Murmurios.*) E toda aquela festa, señor Bará, houbo que pagala e temos que seguir pagándoa, efectivamente. Eu non vou falar do Bipartito pero, insisto, saque vostede as conclusións: 15.000 empregos públicos máis en catro anos e 2.000 millóns de euros menos. E o obxectivo desta lei, precisamente, foi, mantendo, sen menoscabar, a prestación dos servizos públicos, reducir o déficit e facer fronte a esta situación, que, efectivamente, se foi agravando co paso dos anos e coa crise económica.

Esta medida púidose adoptar en función do Estatuto básico do empregado público, que, no artigo 38.10, permite revisar as condicións de traballo do persoal funcionario ou laboral cando concorran graves causas de interese público derivadas dunha alteración substancial das circunstancias económicas. Pero hai que dicir que, ao longo do ano 2016, a Xunta de Galicia tivo que continuar con esta liña de contención, aínda que dende a súa entrada en vigor —isto si que teñen que recoñecelo— a medida que se está a mellorar a situación económica veñen recuperándose progresivamente algúns dos aspectos que se viron afectados por ela, tales como a recuperación da totalidade das pagas extras e a adicional do 2012, ao longo do 2016, e tamén os permisos por asuntos particulares e vacacións, en función da antigüidade, no último trimestre do 2015.

Para o resto de permisos e vacacións, así como para as retribucións en todos os presupostos de incapacidade temporal, estase a aplicar en Galicia o máximo que permite a normativa estatal básica, ao igual que sucede tamén coa taxa de reposición de efectivos, que na nosa comunidade acada o límite máximo que permite a Lei de orzamentos estatal. E así, logo de superar unha taxa de reposición do 0 % entre os anos 2012 e 2015, para o ano 2016 estableceuse unha taxa de reposición de ata un máximo do cento por cento en determinados sectores prioritarios e de ata un máximo do 50 % en sectores non prioritarios, sempre, evidentemente, que se respectaran as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I.

Na nosa comunidade esta limitación materializouse a través da Lei 12/2015, de orzamentos xerais da Xunta de Galicia, que autorizou unha oferta de emprego público no cen por cento. Non obstante, aínda que na Lei galega de orzamentos do 2016 se mantivo a suspensión do

artigo 19 do V Convenio, ao longo do 2016 —isto vostedes sábeno— realizáronse actuacións dirixidas a mellorar estas condicións laborais dos traballadores mediante a creación dunha RPT con novas prazas nas categorías e nos centros con maior carga de traballo. Isto permitiu reducir a carga de traballo, aumentar as posibilidades de gozar de días de asuntos persoais e tamén unha importante mellora na posibilidade de conciliación da vida laboral e familiar.

A Xunta de Galicia, señorías, segue a traballar nesa liña, tratando de manter ese equilibrio entre a prestación de servizos e a creación de emprego, ao tempo que tenta tamén conxugar a pronta restitución dos dereitos afectados por esas medidas.

O conselleiro de Facenda anunciou, na presentación dos orzamentos deste ano 2017, que a Xunta negociará e continuará negociando con organizacións sindicais a aprobación neste ano dunha oferta pública de emprego que, como mínimo, iguale o número de prazas do 2016. Entre as novidades incluídas no orzamento do 2017 figura a remuneración do pago do complemento específico nas pagas extras ao conxunto dos empregados públicos, unha medida pactada —precisamente porque cos sindicatos se pode pactar— coas organizacións sindicais que beneficiará, sen dúbida, o persoal da Xunta, da sanidade, do ensino, das universidades e do ensino concertado. Está claro que coas Mareas é difícil chegar a algún tipo de acordo, pero, afortunadamente, hai organizacións sindicais sensíbeis co servizo público coas que se pode chegar a acordos. Chegouse a acordos e seguirase chegando a acordos para mellorar...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor MOREIRA FERRO:** ...na medida das posibilidades, as condicións de traballo dos empregados públicos.

Polo tanto, non imos apoiar esta iniciativa, que cremos que é insolidaria, fácil de vender, moi fácil de vender, pero imposible aplicar, se un quere respectar o mantemento e o equilibrio dos servizos públicos. Polo tanto, trátase dunha norma que permitiu facer fronte á crise económica e reducir o déficit público para conseguir unha situación de equilibrio, in-sisto, sen menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Moreira.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Grazas ao BNG e ao Partido Socialista polo apoio á iniciativa.

En canto á emenda, intentaremos chegar a unha transacción, non por ningún motivo negativo, senón porque, precisamente, o artigo 8 xa se derrogou na Lei 1/2016, na Lei de transparencia e bo goberno.

E no relativo ao outro artigo, obviamente, derrogar unha lei non permite deixar un artigo solto, pero seguro que podemos chegar a un acordo logo de como redactalo, precisamente porque a proposta que fai o Partido Socialista é a de manter vixente ese artigo que fala dos complementos dos ex-altos cargos da Xunta de Galicia.

Eu, sinceramente, non esperaba moita cousa tampouco do Partido Popular, pero non deron nin unha soa argumentación, precisamente, ao motivo de por que votar unha iniciativa que incumpre unha lei da Xunta de Galicia. É dicir, a Xunta de Galicia —a Xunta de Galicia do Partido Popular— aproba no ano 2012 unha norma que di que obriga a unha revisión dous anos despois e vostedes votan sistematicamente en contra da súa propia norma. É, sinceramente, incomprensible, pero habitual no Goberno do Partido Popular.

E, sinceramente, se vostedes din que cos sindicatos se pode pactar, eu alégrome moito, pero non me explico, por outra parte, como, sen embargo, non os convocan para pactar as xendas de traballo ou, por exemplo, non os convocan para falar dese paso de persoal laboral a persoal funcionario, cando, sen embargo, vostedes o aproban nunha lei, sen ningún tipo de negociación cos representantes, as traballadoras e traballadores. Bueno, falar é gratuíto e aquí sóbese á tribuna para non dicir absolutamente nada.

Polo tanto, eu recordo que, nunha das primeiras intervencións que tiveron nunha comisión despois da entrada no Parlamento no ano 2012, as señorías do Partido Popular ríanse da miña intervención cando falaba da estafa da crise, da débeda odiosa, etc., etc., e catro anos despois temos unha estafa, cunha perda de 8.000 millóns de euros na venda das caixas, un incremento da débeda de Galicia por enriba dos 10.500 millóns de euros e unha situación na que, a pesar de todo iso, se seguen mantendo recortes para os traballadores e traballadoras e para os profesionais públicos. *(Aplausos.)* Esa é a realidade. É que vostedes non só non foron quen de mellorar nin un céntimo a economía do país, senón que seguen mantendo os recortes para a clase traballadora, e despois de catro anos e cando, ademais, vostedes din que, efectivamente, hai datos macroeconómicos que xustifican unha saída da crise, manteñen un recorte sobre os dereitos do persoal que non se xustifica.

E si, queremos que se derroge a lei completa —exceptuando ese artigo respecto do que chegaremos a un acordo—, non só o artigo 6, que afecta ao V Convenio colectivo, porque son os outros artigos os que afectan, precisamente, o fondo de acción social, a compensación horaria de domingos e festivos, o dereito a comedor e o dereito ao complemento por incapacidade temporal; dereitos que, repito, conseguiron os traballadores e traballadoras coa loita sindical. Polo tanto, non hai ningún motivo para que vostedes manteñan este recorte.

Voltaremos traer esta iniciativa aquí, porque se ve que vostedes son totalmente insensibles aos datos que acabo de dar de incremento de accidentes de traballo no posto laboral, sobre todo na Consellería de Política Social.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.



**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa causa iniciada por mariñeiros pertencentes á asociación Long Hope nos tribunais de Noruega para o recoñecemento do seu dereito a percibiren dese Estado as súas pensións de xubilación**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda que presentou o Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 3), que terá o seguinte contido:*

*«3) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a personarse na demanda presentada pola Asociación Long Hope nos tribunais de Noruega na defensa dos seus intereses e dereitos.» )*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día de novo a todos e a todas, e especialmente aos representantes da asociación Long Hope, que nos acompañan hoxe na tribuna. Van estar aí seguindo este debate.

Hoxe novamente temos que volver neste Parlamento debater sobre unha iniciativa que xa foi tratada, non digo en diferentes, pero si en demasiadas ocasións neste Parlamento, e sobre a que xa existen acordos unánimes dos grupos parlamentarios con representación nesta Cámara na pasada lexislatura, na anterior e agardo que nesta tamén. Mais é ben triste que, seis anos despois de que se aprobara a primeira iniciativa neste Parlamento a favor dos mariñeiros de Long Hope, teñamos que volver tratar este tema. Parece, pois, un triste día da marmota, porque foi no ano 2010 cando, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, este Parlamento acordou por unanimidade instar o Goberno galego a manter unha posición firme diante do Goberno español para que lle exixira a Noruega o recoñecemento dos dereitos dos mariñeiros galegos. Estamos a falar do problema de arredor de 12.000 mariñeiros no Estado español, dos cales máis ou menos 8.000 son galegos; 8.000 mariñeiros galegos que traballaron na Mariña Mercante de Noruega e que o que piden é que se lles recoñeza o dereito á súa pensión.

Noruega segue sen recoñecer ese dereito á xubilación destes mariñeiros embarcados ata o ano 1994, e o Estado español tampouco recoñece ese período de embarque para efectos de cómputo da Seguridade Social. Co cal, encontrámonos con que moitas destas persoas están nunha situación de auténtico desamparo e incluso nunha situación económica realmente complicada, ao non poder percibir as pensións que lles corresponden despois de anos de estar traballando, despois de ter cometido o único delito de ter que emigrar, de ter que buscarse a vida para poder saír adiante porque aquí en Galiza non era posible.

Noruega si lles cobrou impostos, si pagaron o equivalente ao IRPF. Estiveron pagando taxas e impostos como calquera cidadán daquel país, porque era a condición que poñía Noruega, que estiveran empadroados alí para poder traballar, o cal podía supoñer case un terzo do seu salario, un 40 % do seu salario, que, relixiosamente, ano tras ano, pagaron en impostos. Mais a situación que teñen a día de hoxe é que non teñen ese dereito á xubilación.

Estamos, por tanto, diante dunha reclamación que non é nova. O colectivo de Long Hope leva anos con esta reivindicación e leva moito tempo nun intenso labor de reivindicación, con escritos, con denuncias, con manifestacións, con reunións, con visitas á propia Noruega. A lista de accións levadas a cabo por estes mariñeiros empeza a ser practicamente interminable. Mantiveron reunións co Defensor do Pobo de Noruega, co embaixador de España en Noruega, co embaixador da Unión Europea en Noruega, cos responsables dos sindicatos; estiveron no Ministerio de Exteriores, no Ministerio de Traballo en Madrid, na embaixada de Noruega no Estado español; mantiveron encontros no Congreso dos Deputados, mantiveron encontros neste Parlamento unha e outra vez, repetidamente, viaxaron a Luxemburgo para unha vista oral no Tribunal de Xustiza por un caso similar ao deles, aínda que neste caso era entre dous estados da Unión Europea; manifestáronse nas rúas para que se coñecera o seu problema e para que se lles dera unha solución... Pero, desgraciadamente, todas estas manifestacións, todo este traballo colectivo feito por persoas xubiladas na súa inmensa maioría, xa con moita idade, pois non se viu recoñecido e non tivo resposta, que era que Noruega recoñecera os seus dereitos. Desgraciadamente, tampouco foron acompañadas as súas actuacións, o seu traballo colectivo, por quen debería acompañalos, o Goberno galego, que ten a obriga de defender os dereitos dos galegos e das galegas.

Os mariñeiros de Long Hope foron desde Madrid a Bruxelas, a Luxemburgo, a Noruega, peregrinaron por todos estes sitios, mais o que non conseguiron foi que o presidente da Xunta os recibira. A día de hoxe, despois de anos de loita, non teñen conseguido que o señor Núñez Feijóo se dignara a dedicarlles cinco minutos do seu tempo para que lle puideran expoñer o seu problema nin tampouco conseguiron un apoio firme, concretado en feitos, por parte do Goberno español.

Onte estiveron en Madrid e hoxe veñen un pouco esperanzados porque o ministro de Exteriores volveu ter boas palabras con eles, e volveu dicirlles que, se as xestións diplomáticas non xorden efecto, pois apoiaremos as vías xudiciais. Mais de novo seguen a ser palabras, non hai ningún compromiso en firme de que o Estado español faga o que ten que facer, que é interpoñer unha demanda contra o reino de Noruega.

Lamentamos no BNG que, despois de todas estas actuacións, despois dos acordos unánimes deste Parlamento, que recoñeceu que a súa reivindicación era xusta —e coas votacións unánimes decidiuse que si era xusta—, non haxa unha actuación por parte do Estado español. Eu estou segura de que, se en vez de ser mariñeiros, foran un colectivo con residencia na Castellana, con residencia na Moraleja, ou se tratara de empresarios do Ibex 35, si tería habido actuacións contundentes por parte do Estado español. Non teño a máis mínima dúbida de que isto tería sido así. Porque o Estado español actuou ata o momento con covardía, e digo con covardía porque o que fixo foi mandar case sempre a técnicos, nalgún caso a ministros, mais nunca tivo un compromiso real de actuación.

A decisión política do Goberno español foi non facer nada, foi, máis alá das boas palabras, non ter actuado. E diante deste desleixo, o que tiveron que facer os propios mariñeiros foi de xeito individual presentar esas demandas contra Noruega. Isto significa que teñen que pagar do seu bolsillo —que levan gastado xa unhas cantidades realmente importantes para as súas economías— e que, ademais, ese procedemento é moitísimo máis longo, podemos estar a falar de catro ou cinco anos nos que, se o Goberno do Estado fixera o que tiña que facer, interpoñería esa causa contra o Estado de Noruega.

Por iso hoxe o BNG volve traer aquí esta iniciativa, volve traer esta iniciativa porque os mariñeiros de Long Hope non tiraron a toalla, evidentemente, están a falar do dereito que adquiriron coa súa suor. E o 12 de xaneiro mandáronlle unha carta ao presidente do Goberno español —ao señor Rajoy— expoñéndolle a situación —parte do que eu acabo de expoñer hoxe aquí— e dicíndolle que, logo de que o Goberno de España renunciase a interpoñer unha demanda interestatal, foron os propios afectados os que tiveron que recorrer á vía procesual da demanda individual contra Noruega. Vímonos forzados a empregar este remedio procesual, que é, en comparación coa vía das demandas interestatais, máis dilatado no tempo, as persoas implicadas resultan ser de moi avanzada idade en moitos casos e tamén máis custoso economicamente para as persoas e familias implicadas, co que se agrava a súa delicada situación económica, pois non hai que esquecer que moitas delas viven en situación de necesidade realmente clamorosa por causa do desamparo no que viven.

Con todo, seguimos teimando na necesidade de que o Goberno do Estado asuma a responsabilidade de defender o que no seu día foi un emigrante, unha demanda interestatal. Por esta razón, na súa condición de presidente de Goberno, pedímoslle o que agora o BNG trae aquí. Pídenlle o mesmo que xa acordou este Parlamento e o mesmo que hoxe o BNG trae aquí a este Parlamento, que é exixir do Goberno central a inmediata reclamación ao Goberno noruegués da devolución das taxas cobradas irregularmente e interpoñer, ao amparo do artigo 33 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos, unha demanda diante do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos contra o reino de Noruega, por incumprir o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, por vulnerar a prohibición de discriminación por nacionalidade e por exixir a residencia para a inclusión no sistema noruegués de Seguridade Social dos nosos traballadores do mar emigrantes embarcados nos seus buques cando, pola contra, non se lles esixiu aos nacionais noruegueses empregados nos mesmos barcos, sen que exista xustificación obxectiva e razoable para isto.

Pedimos que o Estado español presente demanda contra Noruega, que presione a Noruega. É compatible coa demanda que teñen presentado. Aumentaría as posibilidades de éxito, de que se faga xustiza e de que o Estado español interpoña esta demanda, ademais de supoñer...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, cando poida.

**A señora PRADO CORES:** Insisto en que é de xustiza. Os mariñeiros galegos precisan máis que boas palabras, precisan compromiso firme do Estado español, e que ese compromiso pase a ser real, que se concrete nesta interposición da demanda, que pase das boas palabras aos feitos, e os feitos son que interpoñan esa demanda.

Agardando o apoio do resto dos grupos, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, señor presidente.

É certo, como sinalaba a voceira do BNG, que unha vez máis volvemos á Cámara con toda a problemática dos mariñeiros, dos ex-mariñeiros embarcados nos mercantes noruegueses naquelas épocas, dos anos sesenta aos noventa, e ás veces un ten unha sensación de impotencia política, de impotencia parlamentaria, porque vemos con absoluta frustración —e supoño que os que o ven con absoluta frustración son, precisamente, os afectados—, como as decisións incluso unánimes deste Parlamento teñen pouco eco en Madrid.

Teño aquí a data, o 28 de maio do 2015 a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia remitiulle ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social precisamente o Acordo deste Parlamento do día 14 de abril de 2015. E así seguimos, e sobre todo así seguen os ex-mariñeiros embarcados nos mercantes noruegueses á data de hoxe.

Eu quero lembrar unha vez máis tamén a intervención daquela naquel debate parlamentario onde nunha proposición non de lei sobre este mesmo asunto, presentada polo noso grupo parlamentario, por parte do deputado do Grupo Popular Martínez Sierra se dicía claramente que quería deixar clara unha vez máis a posición do Partido Popular, e dicía: «Vaia por diante a nosa solidariedade coas accións levadas a cabo tanto polos mariñeiros a título persoal como a través da Asociación Long Hope, que entendemos» —dicía— «non buscan outra cousa que o recoñecemento dun dereito que, por razón e xustiza, lles corresponde»; e que, polo tanto, votarían favorablemente. Estas eran as declaracións do Grupo Popular, pero, polo de agora, despois de todas as relacións, todas as entrevistas e todos os trámites levados a cabo ante os diferentes representantes institucionais, e todas as accións diplomáticas, non teñen levado adiante esta cuestión. Agora a Asociación Long Hope —polo que teño entendido— ten unha vista xudicial nos tribunais noruegueses os próximos días creo que 3, 4 e 5 de abril. E por iso, precisamente, creo que é do máis acaído volver falar unha vez máis nesta Cámara desta iniciativa.

Nós, precisamente por iso, presentamos unha emenda de adición á PNL presentada polo BNG instando tamén a que o Parlamento inste o Goberno galego a que se persone nesta causa. É dicir, non serve unicamente coa acción diplomática, tampouco parece que estea servindo que se inste á demanda que se presente conforme o artigo 33 da Convención Europea dos Dereitos Humanos, senón que nós, ante esta causa iniciada e a vista de que ten a asociación nos tribunais de Noruega, instamos —e así o temos presentado tamén nalgunha iniciativa— a que precisamente a Xunta de Galicia se persone nesta causa. Ese é o sentido da nosa iniciativa.

A nós gustaríanos que foran certas as palabras do novo ministro de Asuntos Exteriores nesta nova acción diplomática. Tememos —porque os precedentes os temos aí— que esa acción

poida non obter os froitos que merecen os mariñeiros noruegueses, a Asociación Long Hope, e por iso insistimos en que desta vez a Xunta se comprometa dunha forma firme representándoos e personándose nesta causa.

Nós cremos que Galicia ten unha débeda histórica con todos estes mariñeiros; falamos de máis de 10.000 persoas afectadas. E parécenos moi ben que a imaxe de Rosalía de Castro vaia nalgunha das aeronaves norueguesas, pero o importante é que Noruega cumpra os compromisos que ten cos mariñeiros.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Santos Queiruga.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Bos días, presidente, compañeiros, compañeiras.

O Grupo de En Marea non pode máis que apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, subscribir cada unha das palabras, tanto as expresadas pola deputada que defendeu esta iniciativa como as do compañeiro do Partido Socialista de Galicia, e saudar os loitadores que están aí arriba e que fixeron visible esta situación tan dramática.

Queremos manifestar, por engadir algunhas cuestións ao que xa se manifestou, que vemos horrorizados a pasividade e a falta de compromiso que está tendo o Partido Popular de Galicia ante o ninguneo que están sufrindo, tamén por parte do Goberno do señor Rajoy —outro galego de pro—, e aínda que aquí nesta Cámara se aproban certas cuestións por unanimidade, ao igual que coa AP-9 e con outras propostas, non lles fan nin caso, e iso que gañan cunha maioría absoluta, que sempre están restregándonos, e que é pioneira no resto do Estado. É que, como se repiten tanto, temos que repetírllelo tamén, que ao señor presidente do Goberno non lle importa a súa maioría absoluta.

A situación dos mariñeiros que están agrupados na Asociación Long Hope é unha situación discriminatoria clara: 8.000 mariñeiros que non están recoñecidos nos seus dereitos polo Goberno de Noruega e que ademais tiveron que estar pagando o 50 % do seu salario a Noruega sen sequera sabelo e sen ter dereito a nada, sen ser informados polo Estado español nin polos gobernos posteriores, e parece que a vostedes lles dá igual. Gustaríame saber como lles sentaría aos señores do Partido Popular se agora estiveran pagando impostos que despois non lles deran dereito a nada, e nun país estranxeiro e cunha situación laboral tan dura como son as xornadas de traballo dos mariñeiros noruegueses que estaban nestes barcos. Ao mellor, os que temos familia ou pais que estiveron nestes barcos sabemos do que se fala. É moi cómodo estar aquí sentados, pero a vostedes non lles preocupa porque teñen os seus privilexios moi ben asentados. *(Murmurios.)*

O que está claro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, é así, sabémolo todo o mundo, ¿ou non hai privilexios? ¿Aquí non teñen privilexios vostedes? *(Murmurios.)* ¡Home!, uns renunciámos máis a privilexios...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non dialoguen. (*Murmurios.*) Por favor, silencio.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Pero non se poñan nerviosos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Siga vostede falando e non increpe os deputados.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Dende de En Marea non é de agora que defendemos este tipo de reivindicacións, levamos tempo defendéndoas. Xa o fixo o Grupo de AGE co seu anterior voceiro, que os acompañou por Europa nas súas reivindicacións, Juan Fajardo, e seguimos. Onte mesmo o Grupo de Unidos Podemos, o grupo confederal do que forma parte En Marea, elevou unha iniciativa semellante que presentou a senadora Vanessa Angustia, e debateuse na capital do Estado. Porque estes mariñeiros tiveron que defenderse sós ante o pasotismo do Goberno do PP, tanto de Galicia como a nivel do Estado, e cando tiñan dúas maiorías absolutas. Sen embargo, deulles bastante igual.

Tiveron que percorrer —como xa dixo a representante do BNG— máis de 50 cidades, tiveron que estar por toda Galicia, tiveron que estar por Europa, na capital... e, sen embargo, non lles serviu de nada. E o señor ministro de Asuntos Exteriores, Alfonso María Dastis, comprometeuse a buscar unha solución a este problema presentando unha serie de medidas. Esperemos que sexan máis exitosas porque ata o de agora, de todo o que lle prometeron, non fixeron absolutamente nada.

Piden tempo, din que hai que ter paciencia. Precisamente lle dicía, con respecto á denuncia —que xa se comentou tamén e non o quero repetir—, que teñen o xuízo o 3, 4 e 5 de abril en Noruega, e despois quedaríalles xa recorrer ao Tribunal de Dereitos Humanos de Estrasburgo e ter un periplo xudicial que xa sabemos o longo que é. Pero, claro, o problema é que algúns destes mariñeiros teñen máis de 80 anos, que levan traballando como uns auténticos animais toda a súa vida —levan traballando moitísimo dunha maneira inhumana— e moitos xa morreron antes de poder conseguir a súa pensión. ¿A vostedes párecelles iso normal? ¿Párecelles normal que algúns morreran sen percibir a pensión? ¿Gustaríalles para un pai de vostedes ou un avó? Porque eu creo que, entre tanto debate político e tanto espectáculo que aquí se dá moitas veces nesta Cámara, hai que empezar a pensar un pouquiño nas persoas, empezar a ter un pouquiño de humanidade e a traballar —xa que teñen maioría absoluta, como din— polos dereitos da xente para defendela. Porque, sen embargo, si que sabe o señor Basanta, en período electoral, ir pola porta de atrás, en reunións segredas, e atemorizar case a algúns para facerlles chantaxe para que deixen de mobilizarse, prometéndolles catro perras para que calen a boca. E así, claro, temos as maiorías absolutas do Partido Popular. Así se conseguen as maiorías absolutas do Partido Popular. (*Murmurios.*) É o seu *modus operandi*, é o método. É que xa outras o vivimos tamén nas nosas familias, señora Paula Prado. Este é o seu *modus operandi* dende sempre. (*Murmurios.*) Entón, en vez de reunirse coas empresas norueguesas para vender a costa galega para empresas de acuicultura —que para iso si saben reunirse con Noruega e teñen moita sintonía— ...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ...por favor, teñan un pouco de humanidade e apoiem de verdade este colectivo, apoiem estas iniciativas, dean a pelexa en Madrid e compórtense como un goberno á altura dos galegos e galegas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Santos.

*(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Pensen na xente e fagan... *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas. Rematou o seu turno.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor López Crespo.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Grazas, señor presidente.

Nós tamén nos consideramos con dereito a saudar os mariñeiros do Long Hope. Sabedes das nosas aportacións noutras funcións políticas que non son estas. A aportación vai ser a mesma. Mentres vós non consigades o voso obxectivo, o Partido Popular do Parlamento de Galicia e o Partido Popular da Xunta de Galicia van andar a pé e de lado con vós. *(Aplausos.)* O voso obxectivo é o noso. *(Aplausos.)*

Señora voceira de En Marea, a súa orixe mariñeira ten unha compoñente distinta á que eu pensaba. Eu invítoa —desculpe esta invitación— a que vexa reproducida a súa intervención aquí e a que reflexione sobre a súa situación política. Coido que hai unha concordancia entre o que vostede aporta e o que vostede recibe da veciñanza galega. Axitar as masas é moi fácil; resolverlles os problemas é máis difícil. *(Aplausos.)*

¿Como se atreve a dicir que o Goberno galego abandonou os mariñeiros de Long Hope? *(Aplausos.)* Eu xa o dixen na anterior intervención, ¿acaso vostede cre que non sabemos que estes mariñeiros as pasaron moradas?, ¿que gastaban o soldo dunha semana —repítollo— en dicirlle á súa señora: «Quérote moito, María, ¿como vai o noso fillo?». Gastaban o soldo dunha semana. *(Murmurios.)* E logo, cando chegou a súa idade de xubilación, non a tiveron.

Pero o Goberno galego desde que se enterou... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora voceira do BNG, pódeme interromper...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor. ¡Por favor!

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Pódeme interromper...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Desculpe un momento, señor... *(Murmurios.)* Por favor, pídolles que manteñan a orde no Pleno. *(Murmurios.)*

Pídolles que manteñan a orde no Pleno, (*Murmurios.*) e non o vou repetir. (*Murmurios.*)

Pode vostede continuar.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Señora López..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**O señor LÓPEZ CRESPO:** ...é moi elocuente, pero da elocuencia que dá falamos, se quere, en privado. Por favor, deixe falar e, cando termine eu de falar, fale vostede cando lle toque.

Vamos ver, dicía, señora voceira do BGN, que non quedou quieto nin empezou isto no 2010. No 2009, cando chega este goberno do Partido Popular á Xunta de Galicia a señora conselleira, dona Rosa Quintana, entérase do tema, automaticamente ponse a traballar sobre el e lévao ao Goberno da Xunta, lévao ao Goberno do Estado e lévao a Damanakis á Unión Europea. ¿Que consegue? Non consegue moito, pero non queda quieta, non os deixa desamparados. Ás veces na política, seguindo o da lealdade, o da legalidade e o do sentido común, os pasos son moito máis alongados, pero os resultados poden ser bos. E iso é o que queremos nós para os representantes e para todo o colectivo de Long Hope.

Vamos ver, o que está claro é que cambiou todo practicamente desde onte. Onte o ministro de Asuntos Exteriores foi ao Senado e no Senado díxéronlle que é mellor que se siga co procedemento xurídico no ordenamento noruegués, e, unha vez que remate ese proceso aberto, segundo o ordenamento noruegués, intervirá o Estado español. Isto é no que quedan. Entrevístanse. E agora mesmo é o momento de deixar os representantes de Long Hope co ministro de Asuntos Exteriores e que volvan vir aquí dicirnos como están as negociacións, porque seguro que van conseguir os seus obxectivos con máis facilidade desde o compromiso que tivo onte o señor ministro. O señor ministro di claramente que sabe que non se conseguiu moito con este colectivo, pero sabe que se vai estar traballando para que se consiga todo o que se poida, que será, seguro, conseguir os dereitos de xubilación destes mariñeiros.

Dicía o ministro: «O que quero é poñer de manifesto que unha acción dos particulares afectados perante o tribunal ofrece máis garantía de conseguir unha sentenza favorable que unha iniciativa de Estado contra Estado». Entón, imos rematar esta iniciativa particular e imos despois ver o que segue facendo o Estado español.

Desde logo, dicir que o Goberno mandou técnicos, señora do BNG... ¿E que quere que mande o Goberno para resolver un problema xurídico, un problema de legalidade? ¿Quere que mande políticos? Dígollo por min, que xuridicamente non teño idea. Díciame o secretario do concello: ¿e ti onde estudaches dereito —cando lle facía algunha interpelación—? ¡Teñen que ir técnicos! ¿Quen van ir?, ¿políticos? ¡A iso van vostedes! (*Aplausos.*) ¡A iso van vostedes! (*Aplausos.*) ¡Pero claro que teñen que ir técnicos, que son os que saben do tema! (*Aplausos.*)

Desde logo, o que non vai facer o Goberno de Galicia é deixar abandonados estes señores. Eu, como voceiro de Pesca e en nome de todo o Grupo Popular deste Parlamento, comprométome de novo con vostedes, paso a paso, da súa man, ata conseguir o obxectivo, que non



é outro que que vostedes consigan a xubilación de tanto tempo como lle deron ao Estado noruegués, pero, ao mesmo tempo, de tanta felicidade e recursos que trouxeron aquí á nosa Galicia. *(Aplausos.)*

Moitas grazas e contén con nós. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor López Crespo.

**O señor LÓPEZ CRESPO:** Perdón. Quedábame dicir que imos votar que si a esta proposición do BNG, porque é algo no que levamos traballando moito tempo e queremos rematar apoiando tamén esta proposición. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor López Crespo.

Ten a palabra a señora Prado Cores para rematar o debate.

**A señora PRADO CORES:** Bueno, primeiro quero agradecer o apoio que manifestaron todos os grupos a votar a favor desta iniciativa, que non é do BNG, é iniciativa dos mariñeiros de *Long Hope*, que o BNG transcribiu tal cal eles nos pediron e tal cal lle trasladaron ao presidente do Goberno, que é o que eles queren; e o que eles precisan neste momento e desde un inicio é que o Estado interpoña demanda, iso é o que precisan.

Entón, vou con respecto á emenda do Partido Socialista. Eu non a vou aceptar porque, consultado o tema, resulta que o Convenio europeo de dereitos humanos establece que só son competentes para presentar demanda os afectados, as ONG ou os estados. A Xunta de Galicia non é competente para poder persoarse nin para facer esta demanda. O que si —se hai acordo, ademais do que está posto por escrito— podemos é acordar que a Xunta de Galicia se implique, que se implique por unha vez, porque ademais das boas palabras, ¿que ten feito o Goberno galego, señoras e señores do Partido Popular?, ¿cantas veces foron cos mariñeiros na súa peregrinaxe?, ¿cantas veces foron con eles a Madrid para facer presión?, ¿cantas veces Núñez Feijóo tivo na súa axenda o problema dos mariñeiros de Noruega?

Son 8.000 galegos afectados, que non lles pagan as súas pensións, ¿cantas veces foi cuestión de Estado ese tema? *(Aplausos.)* Ese sería que fora unha preocupación. Non me veña aquí con boas palabras, non me veña aquí con boas palabras. ¿Cantas veces? Pero é que..., a ver, un problema que afecta a 8.000 galegos, ¿non se merece que o presidente do Goberno o reciba e non se merece que o poña na axenda?, ¿non se merece que vaia a algún consello interterritorial, ou que algunha das veces que vaia a Madrid o leve en axenda e que o poña enriba da mesa, e que pete encima da mesa dicindo isto hai que solucionalo e o Estado ten que implicarse nesta cuestión?

Ao BNG parécenos que si, e aos mariñeiros parécelles que tamén. Co cal, eu parabenízome de que volvamos aprobar, unha vez máis, a iniciativa instando o Goberno. Pero, ademais de facelo, o que pido —en nome dos mariñeiros— é que o Partido Popular e o Goberno galego fagan algo máis que quedar ben aquí, en sede parlamentaria. Que faga algo máis o Goberno e que —aprobado hoxe este acordo— o que faga sexa reunirse con eles, que o presidente do

Goberno se reúna con eles e que lle traslade directamente ao Goberno español que ten que interpoñer recurso ou demanda contra o reino de Noruega.

Que interpoña demanda, porque mire, os técnicos, señoras e señores do Partido Popular, dixéronlles en varias ocasións que xuridicamente é posible, que é posible, que é unha decisión política. O que fai falta é unha decisión política e os técnicos non a poden tomar, téñena que tomar os políticos. E o reino de Noruega dixo o mesmo, que é unha cuestión política, e como eles non ven presión, non ven presión por parte do Estado español, politicamente non o fan; que é cuestión política de que o Estado español decida que os mariñeiros galegos merecen tanta ocupación como os dos do IBEX 35, así de claro, merecen tanta ocupación como os do IBEX 35.

E se o Partido Popular...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señor PRADO CORES:** ...ademais de boas palabras, quixera que se lles solucionara o problema, petaría encima da mesa e exixiría unha solución, e a solución non é esperar a que eles vaian un por un, que vaian pagando...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...do seu bolsillo, senón que o Estado diga...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señora Prado...

**A señora PRADO CORES:** ...esta é unha cuestión de Estado e nós poñemos unha demanda contra un Estado que está...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...quitándolles os dereitos a uns mariñeiros nosos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate.

**A señora PRADO CORES:** Esa sería a solución.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos, entón, ao debate da seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos depósitos de pneumáticos usados existentes en Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

*(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:*

- 1. Continuar coa xestión e control dos pneumáticos usados, a través do Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022.*
- 2. Completar a retirada dos pneumáticos usados acumulados con anterioridade ao Real decreto do ano 2005, para o seu tratamento por xestor autorizado.*
- 3. Seguir apoiando aos concellos galegos na recuperación ambiental de puntos de vertido incontrolado.*
- 4. Colaborar con centros de investigación no impulso da I+D+i, orientada a fomentar os estudos de novas aplicacións de pneumáticos reciclados.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rivas Cruz

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Vaise tornando xa un vicio social a desmemoria, asociada a unha limpeza e pulcritude aparente. E atrévome a chamarlle vicio porque son antagónicas e conviven. A porquería que non se ve, non existe, e non queremos vela. Se calquera de nós pregunta pola rúa a un viandante que é o que se fai coas rodas vellas dos nosos coches, o máis probable é que encolla os ombreiros e bote unha ollada para nós como se fósemos bichos doutro mundo e continúe a andar tranquilamente. E logo, ¿que é das rodas vellas?

Algúns —cada vez menos— que vivimos na aldea vémolos facendo parte da paisaxe, contrapesando as lonas dos silos para que o vento non as erga e estrague o contido, aínda que tamén —cada vez menos— están sendo felizmente substituídas por saquitos de area.

Non hai moito tempo volveron estar de moda, debido a un incendio de grandes proporcións e á alta preocupación contaminante acaecida na Meseta. En canto se pasou, que aínda tardou

uns días, aparcamos o asunto e as rodas volveron desaparecer da nosa vista, e aló vai o problema. Pero están aí.

Desde principios dos 90 hai unha empresa do Grupo Campos cunhas instalacións —inicialmente era unha cerámica, e segue séndoo— en Lendo, A Laracha, que recolle os máis dos pneumáticos do noso país. Tamén desde ese tempo recolle por talleres e industrias aceites usados para reciclar e reutilizar, polo menos así reza na teoría do Proxecto de PME.

Nesas instalacións pódese ver desde fóra unha enorme montaña de pneumáticos vellos á espera de non sabemos que. As preguntas dos nosos concelleiros no concello da Laracha, formuladas periodicamente ao Goberno municipal, sempre tiñan por resposta que estaban á espera da construción, polo mesmo grupo de empresas, dunha planta de reciclaxe que xa estaba en estudo, proxecto e non sei que.

Bueno, pero todo isto estaba ben encamiñado xa desde os 90. A montaña medraba e medraba. E o caso é que nós —os que utilizamos coche— pagamos un canon por recoller e reciclar tanto rodas como aceites. Por certo, ¿reciclar quere dicir almacenar, queimar ou talvez enterrar? Nós cremos que non.

En Fene había depositadas —e digo había porque xa se trataron— 877 toneladas, nas Somozas 100 toneladas e en Lendo, A Laracha, 34.968 toneladas, segundo estimacións. En maio do pasado ano representantes destes tres concellos e a conselleira acordaron iniciar en setembro os traballos de retirada en Fene por consideralo o lugar máis perigoso. Mais chegado setembro a empresa encargada de realizar os traballos seica renunciou ao contrato, polo que a consellería tivo que preparar a nova adxudicación. O 17 deste xaneiro iniciaron os traballos en Fene cunha duración de entre tres e catro semanas.

Miren vostedes, un correcto tratamento destes materiais valiosos, a día de hoxe, vén sendo unha mestura de reutilización directa dos menos deteriorados e os máis grosos para volvelos procesar e así seren usados de novo como se fosen novos. Os outros sométense a un proceso de granulación, polo que se separan as fibras téxtiles do aceiro e do caucho. Os gránulos de caucho e a fariña de caucho reutilízanse na fabricación de pneumáticos novos, solos deportivos, asfaltos..., un senfín.

Cada ano, rodas usadas recuperadas son unhas 300.000 para coches e unhas 600.000 para camións e autobuses en todo o Estado. A Consellería de Medio Ambiente adxudicou os traballos de retirada á empresa pontevedresa González Couceiro, por un importe total de 2.476.000 euros, o que supoñería, tamén, a eliminación nos outros dous vertedoiros do das Somozas e do da Laracha.

Así pois, segundo o contrato, o tratamento de cada tonelada custaralles aos galegos 77 euros. O tratamento que están levando supón un envío dun 26 % para reciclaxe real, e o resto para a chamada valorización enerxética, é dicir, para queimar, que é o que, en realidade, facemos en Galicia cos materiais sobrantes deste desmedido consumismo, e xa está.

Nós sabemos que aquí hai almacenados cantidade de pneumáticos de moitísimos anos e que é difícil a súa recuperación e a súa reutilización como granulado de caucho. Pero, señores, ¿canto tempo levamos con eles almacenados aí sen facer nada?

E a lei de 2005 —desde esa lei ata nós—, que prohibía os vertedoiros, que prohibía a almacenaxe, que lle daba soamente seis meses de almacenaxe, ¿que fixemos durante eses dez anos que median desde esa lei ata hoxe? Os chamados cemiterios de pneumáticos foron declarados oficialmente ilegais a partir de 2006, co Real decreto 1619/2005.

O tempo máximo, como lles dicía, é de seis meses. Ademais, en aplicación deste real decreto sobre a xestión dos pneumáticos, repercútese no cliente, á hora da compra, unha taxa en concepto de retirada do pneumático usado. Dito doutro xeito, cando mercamos as rodas dos nosos coches xa pagamos a súa reciclaxe. ¿Quen papou e non reciclou desde os anos 90 os cartos correspondentes a 36.000 toneladas métricas? ¿E a consellería entrementes para onde miraba, a quen favorecía?

Así mesmo, é de supoñer que debido á variedade de residuos oleosos, graxas e demais restos industriais procedentes de hidrocarburos e similares, todos eles perigosamente contaminantes, a Xunta de Galicia estará a facer un seguimento da xestión, eliminación e reutilización ou reciclaxe dos mesmos. Se ademais parte destes son incinerados *in situ* ou soterrados, é de supoñer que haxa un estudo medioambiental do impacto que estas actividades teñen sobre o equilibrio natural da zona e sobre a saúde da poboación da mesma.

En Lendo as xentes que viven na zona saben ben diso. Ou aceites ou rodas deixan un fume negro que pousa foula negra na roupa a secar. Hai xente alarmada polo aumento de enfermidades respiratorias, e, ¿como dicilo? Non o vou dicir, pero hai aumento de cancros, ou polo menos iso se percibe. ¿Canto tempo hai que se xestionan aceites e outras substancias de orixe industrial, rodas e demais neste vertedoiro da Laracha?

Pregúntome, outra vez, se haberá un seguimento da Consellería de Medio Ambiente para fiscalizar como se tratan eses residuos, ¿ou non? Tranquilizárame saber que hai estudos sobre a saúde da poboación, un seguimento, unha preocupación mínima, ¿ou non?

Créanme, produce arrepiós o coñecemento da lixeireza con que se están tratando estes asuntos do medio ambiente. ¡Ai, Sogama!, estamos a mediados do século pasado na conciencia e no tratamento que a Administración lle dá a este problema. Vai ser preciso que comencen a pensar en pechar o chiringo de Sogama e darlle outra volta, modernizarse. Estamos enterrando e queimando o equilibrio natural e un futuro medianamente saudable.

É certo que hai unha proposición de transacción e hai unha transacción acordada, eu non podía deixar de dicir o que acabo de dicir. Eu sei, e sobre todo quero confesarlles, que onte pola mañá case adormecín dun soño de medio ambiente equilibrado coa intervención da señora conselleira. Eu espero que as súas palabras teñan a firmeza dos feitos.

Por tanto, anuncio que hai unhas modificacións de palabras e o texto segue, as resolucións seguen máis ou menos no principio, en como eran formuladas. Saúdo o ambiente de cor-

dialidade e de colaboración, espero que siga así e que cheguemos a acordos naquilo que ten tanto, tanto por facer, que nos queda moito camiño que andar. E o tanto por facer é porque non se fixo durante demasiado tempo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Trenor López.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Señorías.

Señor Rivas, respecto, por suposto, todo o que vostede di, respéctoo agora e respectéino sempre. É verdade que algunhas veces non coincido ao 100 % co enfoque que vostede pode ter, pero o meu respecto teno, e penso que o vai seguir tendo durante moitísimo tempo.

Os acumulamentos antigos de pneumáticos son un problema, e comparto con vostede que quizais un dos problemas máis importantes que temos de carácter medioambiental, aquí e en calquera outro sitio. É verdade que aquí, agora, é un problema un pouco menor, na medida de que o tratamento destes pneumáticos xa está adxudicado, e nestes momentos, cada día, ese acumulamento, esa montaña, é menor.

Tendo en conta que compartimos a preocupación polo tratamento destes pneumáticos, tendo en conta que xa está feito, o que queremos facer e o obxectivo que temos, non foi difícil chegar a un acordo con vostedes.

Xa temos un modelo de xestión dos pneumáticos, existe desde o 2005 e é de obrigado cumprimento en todo o Estado. Podo dicirlles que este modelo está a funcionar en Galicia, ademais, dun xeito especialmente satisfactorio. Os últimos datos dos que dispoñemos dinnos que o 100 % destes pneumáticos se están ou ben a reutilizar ou ben a reciclar. Polo tanto, a taxa de residuos que se xestiona mediante outros mecanismos de valorización é do 0 %.

Polo tanto, o que tiñamos que facer respecto aos novos pneumáticos que se retiran —digo o dos novos por contrapoñelos a eses acumulamentos históricos—, o que tiñamos que facer respecto a isto estámolo a facer ben e estamos a contribuír ao logro dos obxectivos sinalados polo vixente Plan estatal de marco de residuos.

Polo tanto, Galicia ten un instrumento de planificación propio para a xestión destes pneumáticos e, ademais, inclúese este programa específico no Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022.

En canto aos chamados pneumáticos históricos xerados con anterioridade á entrada en vigor do vixente real decreto de 2005, xa se lles está a dar unha solución, non só agora, senón tamén desde hai un tempo. Estes acumulamentos de pneumáticos teñen a súa orixe previa ao 2006; xa hai anos a Xunta subscribiu un convenio de colaboración coa Sociedade Galega de Residuos Industriais, partiamos dunha existencia dunha cantidade naquela estimada por

riba das 40.000 toneladas, e xestionáronse nun primeiro momento un total de 21.000 toneladas, e no 2016 retomouse esta liña de actuación. Fíxose coa licitación do servizo para o tratamento de residuos históricos de pneumáticos fóra de uso existentes na nosa comunidade, fíxose por recordar aquela data, a do incendio de Seseña, previamente; é verdade que con pouco tempo, pero foi previo. E nesa actuación, como vostede recordaba, invístense máis de 2,4 millóns de euros. Empezou a actuar en Fene, esa parte xa está actuada. O prazo de execución de todo o contrato é de quince meses, polo tanto, no primeiro trimestre do próximo ano xa non habrá en Galicia ningún acumulación de pneumáticos históricos.

O tratamento destes pneumáticos, ao que obriga a normativa, baséase na reciclaxe dos materiais: as partes téxtiles, as partes metálicas e o caucho. E o que non se pode valorizar materialmente faise enerxeticamente. Úsase o que non se pode reciclar para obter a enerxía necesaria para facer posible esa reciclaxe.

Hai que lembrar tamén que pola súa antigüidade e a conseguinte degradación do material estes están moi deteriorados, os máis novos hai que recordar que teñen máis de dez anos.

No punto 3, señoría, vostedes piden impulsar cos concellos un plan para retirar os pneumáticos no medio rural. Nós estamos a apoiar, a Xunta está a apoiar os concellos na retirada destes residuos. No 2016 recuperáronse ambientalmente espazos degradados por 200 puntos de vertidos situados en 32 concellos e retiráronse en total 32 toneladas de pneumáticos, 32 toneladas e media, e por iso cremos que esta é a liña que temos que reforzar, como así xa o falamos.

En canto a establecer unha liña específica de I+D+i, os sistemas colectivos de xestión autorizados de Galicia, Signus e TNU, xa traballan nestas liñas, dando conta a conselleira de Medio Ambiente destes traballos. En todo caso, coa nosa emenda o que apoiamos é o impulso da actividade de I+D+i e confiamos que cabería seguir colaborando cos centros de investigación en estudos de novas aplicacións destes pneumáticos reciclados.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Pola nosa parte, señoría, temos ese texto acordado, pensamos apoialo e esperamos poder chegar a moitos acordos como este...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...e poder solucionar moitos dos problemas medioambientais que aínda temos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Trenor.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Bueno, non é necesario explicar moito máis do que xa se ten explicado aquí.

Por parte do PSdeG imos apoiar esta proposición non de lei. É certo que había unha normativa, un real decreto que era do 2015 e que agora en Galicia, especificamente, temos este Plan de xestión de residuos industriais do ano 2016, que benvido sexa, aínda que sexa tarde, pero o certo é que en Galicia temos un problema coa eliminación, coa xestión de todo tipo de vertidos, tamén de pneumáticos.

Hai un gran problema porque está prohibida a eliminación en vertedoiro, o depósito en vertedoiro de pneumáticos enteiros, os depósitos incontrolados, e o que sería axeitado sería que as administracións públicas promovesen o recauchutado de pneumáticos, por exemplo de vehículos de carácter público, e ademais promoveran o uso de materiais reciclados de pneumáticos ao final da súa vida útil, incluso de produtos fabricados con materiais reciclados.

A pesar disto, tal e como comentou o que promove esta iniciativa, o voceiro do BNG, hai agora mesmo dous depósitos de vertedoiros —seguen a existir en Galicia— de pneumáticos; Fene xa non, porque o problema que existía en Fene era tremendo, e arranxouse a partir do mes de maio cando a conselleira de Medio Ambiente se reuniu cos alcaldes de Fene, das Somozas e da Laracha e chegaron á conclusión de que aínda que se podía incrementar a vixilancia nos vertedoiros nos depósitos de pneumáticos destas tres localidades con Policía autonómica, ou incluso incrementando os policía municipais, era imprescindible tomar unha decisión e solucionar este problema.

O certo é que a licitación quedou ao descuberto, non houbo ninguén que se fixese cargo en relación co procedemento que estaba aberto, e un mes despois ocorreu a queima que ocorreu en Seseña, preto de Madrid, e parece que a concienciación da sociedade foi maior a partir dese momento.

Eu o que quería dicir é que tanto que se manteña a proposición non de lei por parte do BNG, como que se acepte a emenda do Partido Popular, ou se transaccione entre os dous grupos parlamentarios, pola nosa banda imos apoiar esta iniciativa, que consideramos que é acaída, porque hai un problema cos depósitos de vertedoiros en Galicia.

E estaría ben que dado que o importante é que a xeración e o tratamento dos pneumáticos que perden o seu uso se fixese en Galicia, non fóra de Galicia, fundamentalmente estanse a facer en Portugal e en Castela-León, que son os sitios máis cercanos a nós, que son os que están a traballar neste tratamento, en Galicia hai plantas que están autorizadas para a súa valorización final, e entón estaría moi ben que por parte da consellería se impulsase que o tratamento final, dende o principio ata o final, se fixese en Galicia; porque parece ser que ata o momento practicamente o que se fai aquí é a preparación para reutilización.

Gustaríanos que a consellería aposte porque a valorización total se faga na nosa comunidade autónoma, non só porque xera postos de traballo, senón porque tamén soluciona un problema ambiental de primeira orde.



E, pola nosa banda, nada máis.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vilán.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Dende o Grupo Parlamentario de En Marea imos apoiar esta iniciativa, evidentemente, e imos facer un seguimento do cumprimento deste plan, porque sabemos que en moitas ocasións os plans ao final non se executan.

Novamente afrontamos en debate parlamentario unha situación que fala de alto risco para o medio ambiente e a saúde pública. Onte a señora Mato na súa comparecencia volveu mostrarse orgullosa, como é habitual nas súas intervencións, da situación do noso patrimonio natural e das actuacións do Goberno nesta materia. Despregou o repertorio de clásicos populares do Goberno da Xunta en materia de medio ambiente. Sogama, que recicla menos do 4 % dos residuos xestionados, que pasea auga por toda Galicia, un modelo, polo tanto, que vai en dirección contraria á eficiencia enerxética e á loita contra o cambio climático. Pero iso non é impedimento para que a conselleira nesta Cámara diga, sen ruborizarse, que é un referente internacional, punteiro en Europa. Díxoo onte.

Tamén se gabou dos esforzos do Goberno no referido á protección dos espazos de especial interese natural, sendo Galicia unha das comunidades do Estado con menos espazo protexido, e non será por non ter un amplo patrimonio ambiental na nosa fermosa terra. Tamén está orgullosa do feito en canto á conservación da biodiversidade ou ao saneamento das rías, no punto de mira das autoridades europeas.

Con este nivel de exixencia non nos debe estrañar que cheguen sancións por atentar contra o medio ambiente. Se onte a voceira do PP falaba de cuarto de ambiente, eu direi que lle chamamos medio ambiente, porque unha metade xa a destruímos e agora o que temos que facer son esforzos por conservar o outro medio.

A PNL presentada hoxe polo BNG denuncia a existencia de varios puntos do territorio galego onde se concentra unha gran cantidade de pneumáticos, co risco que isto conleva, podendo provocar un importante atentado ambiental, incendiándose, como ocorreu noutros lugares do Estado recentemente; polo que se fai urxente —pois este tipo de catástrofes non avisan— actuar de maneira preventiva cumprindo coa normativa existente nesta materia.

A Comisión Europea xa advertiu ao Estado español sobre o risco de lume en varios lugares que se atopan en situacións similares. Evitemos que dende Europa nos volvan ameazar con sancións por poñer en risco o medio ambiente e a saúde pública. Actuemos mentres estamos

a tempo de para evitar unha catástrofe, para que logo non paguemos, entre todas, algo que as administracións ata o de agora non foron quen de resolver.

A falta de medidas de prevención de incendios en Galicia incrementa os riscos na nosa comunidade de seguir sendo a comunidade do Estado con maior índice de incendios, dado que as políticas de prevención e extinción de incendios son continuístas e todas coñecemos a máxima de que: «Se fas o mesmo, o máis probable é que o resultado sexa o mesmo».

O simple depósito nunha parcela debe considerarse contaminante e prexudicial para o medio ambiente e, especialmente, perigoso nas inmediacións dun núcleo de poboación. Non é un problema estético, nin é un dano ambiental que se poida tolerar pola forza do costume.

A lei impón a reciclaxe de todas as rodas usadas. Os chamados cemiterios de pneumáticos foron declarados oficialmente ilegais a partir do 2006, cando se impulsou a medida que ten como obxectivo paliar o problema medioambiental que conleva depositar miles e miles de pneumáticos ao aire libre. A normativa establece un mecanismo de reciclaxe obrigatorio de pneumáticos utilizados. Van alá doce anos e aínda hai moitos pneumáticos amoreados; polo tanto, non se estivo a facer tan ben como indicou o voceiro do Partido Popular.

As consecuencias ambientais e para a saúde que suporía un incendio serían dun calado importante, podendo estenderse a nube tóxica nunha área de varios quilómetros, ademais de que podería permanecer na atmosfera moito tempo, contaminándoa para sempre.

Tampouco se pode descoidar o risco de contaminación das augas debido aos vertidos e lixiviados que saírían das resultas do lume e do labor de extinción nos cauces cercanos. Entre os produtos que se liberarían ao aire, ademais de CO<sub>2</sub>, por desgraza tamén atoparíamos outros que supoñen un grave risco para a saúde, algúns como as dioxinas, furanos ou benceno. O volume e a concentración destes produtos sería tamén de grandes dimensións.

Non se trata de asustar nin de ser catastrofistas, senón de dar a importancia que ten a aparición dun residuo como son os pneumáticos vellos, habitual nunha sociedade tan dependente do automóbil, na que se estima que se triplicou a acumulación de pneumáticos nas últimas dúas décadas, do que seguro non escapamos en Galicia coas políticas de infraestruturas e mobilidade da Xunta de Galicia: vías de alta capacidade e transporte individual a motor.

Debemos exixir, polo tanto, o responsable e adecuado tratamento destes residuos, dando cumprimento ás normativas que prohiben o seu vertido, respectando o principio de xerarquía no tratamento de residuos, como se comprometeu onte a conselleira de Medio Ambiente. Para alcanzar o obxectivo de que Galicia sexa un referente na conservación do medio ambiente, debería estar dirixido a reutilizar e reciclar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Para rematar este debate ten a palabra o autor da proposición non de lei, o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu quixera trasladarlles algo, porque estamos a falar de diñeiro público. O tratamento das 871 toneladas de pneumáticos vellos en Fene está feito sobre un depósito particular, privado. É dicir, aquilo creo que foi unha fábrica de recauchutado hai tempo, que compraba pneumáticos e que os almacenou, que deu en quebra, que saíu á poxa e foi collida por unha inmobiliaria, por outra empresa. A consellería quitoulles as castañas quentes do lume, e supoño que lles cobrará por ese servizo, porque iso ten un custo, iso vai incluído nos dous millóns catrocentos e pico mil euros, que son nosos, que son de todos nós. E, claro, eu sei que vostedes rexen ata o máximo o diñeiro público e critican ata o máximo cando nós, a xente un pouco zurda, investimos diñeiro no ben público. Pois neste caso eu creo que teñen vostedes que agudizar o inxenio.

Por suposto, agradecemoslle moitísimo que se comprometera, sobre todo, a que o tratamento no futuro dos pneumáticos que se recollan vai ser practicamente cero, a valorización enerxética, é dicir, que non se van queimar, porque se non estariamos na mesma. E a min —ía dicir unha burrada pero non a vou dicir— pero de arder...

Vostedes din que a colaboración cos concellos xa está en marcha. A min paréceme ben, pero eu dígollelo porque a maior parte do problema dos pneumáticos e dos vertedoiros incontrolados está nos concellos do rural; foron servizos que se fixeron así botando o lixo nun burato que había. Entón, eu pídolles que se tomen en serio isto, porque o medio rural está cheo aínda de pneumáticos. E non só polos silos, senón que moitos de nós por consello moitas veces dos nosos mecánicos, que nos din que estas rodas aínda están boas, aínda corren uns quilómetros no verán, e gardámolas e alí quedan, e esta é unha realidade que temos que tomarnos en serio. Pero quen ten que tomalo en serio son as institucións públicas, neste caso a Consellería de Medio Ambiente en colaboración cos concellos.

Evidentemente, non son só pneumáticos, hai lavadoras, hai..., porque, bueno, porque é así. E teremos que facelo, e sobre todo os plásticos dos silos. Estamos xerando no medio rural cantidade de detritos que hai que reutilizar, que hai que rexenerar, que hai que aproveitalos dalgunha maneira. A min entusiasmoime, de verdade, o da economía circular, pero hai que circular, hai que poñela en práctica, porque, desde logo, é algo, é un pensamento que temos moita xente zurda dende hai bastante tempo.

Por min nada máis, simplemente lerlles como vai quedar o texto:

«O Parlamento insta a Xunta, o Goberno galego, a:

1. Continuar coa xestión e control dos pneumáticos usados a través do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022.
2. Completar de xeito inmediato a retirada e tratamento dos pneumáticos usados acumulados en depósitos e vertedoiros incontrolados por xestores autorizados.
3. Reforzar os medios en apoio aos concellos galegos na urxencia de recuperación ambiental de puntos de vertido incontrolado.

4. Establecer, no ámbito do impulso da I+D+i, unha liña específica destinada a fomentar os estudos de novas aplicacións de pneumáticos reciclados.»

Eu dirixinme ao Partido Popular. De verdade, agradecemos moitísimo o apoio do Partido Socialista e do Grupo En Marea a esta proposición non de lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas.

Pasamos agora ao debate da seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 37/2006 para evitar a precariedade laboral na que se atopa o persoal contratado para o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais por tres meses ao ano**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta iniciativa presentóuselle unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luís Rivas Cruz, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto do punto 3 da proposición non de lei polo seguinte:*

*«Acometer con urxencia a modificación da Relación de Postos de Traballo actual da Consellería de Medio Rural no que a duración de contratos se refire, equiparando aqueles do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia cunha duración de tres meses, cos traballadores do resto do dispositivo e ampliando a un total de nove meses tal e como reflicte o convenio colectivo que é o contrato de menor duración.»*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Quinteiro Araújo, en representación do Grupo Parlamentario de En Marea.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Bo día.

Antes de comezar, quería saudar e agradecerlles que estean aquí hoxe algunhas das persoas que conforman a Asociación de Traballadores de Incendios Forestais de Galicia, de tres meses. E están aquí porque foron elas as que nos trasladaron de primeira man a problemática que levan xa demasiados anos padecendo. Polo tanto, pedímoslles a todos os grupos da Cámara que non entendan esta iniciativa como unha iniciativa de En Marea, senón que enten-

dan que esta iniciativa é de Sonia, de Jesús, de Julio, de María del Mar, de Darío, de Jose, de Luis, de Carlos ou de Ángel, que son algunhas das persoas que están aquí hoxe acompañándonos. Enténdana como a iniciativa dos 436 traballadores e traballadoras que están reclamando unhas condicións dignas de emprego. *(Aplausos.)*

Estas 436 persoas, distribuídas nos distritos forestais de Galicia, son interinas e indefinidas descontinuas contratadas de apoio da campaña de verán de alto risco da Xunta de Galicia no período estival de incendios, é dicir, xullo, agosto e setembro. Estas son algunhas das persoas que loitan contra o lume conducindo as motobombas, confirmando o equipo de bombeiros ou enxeñeiros técnicos forestais, entre outros. Son algunhas das que arriscan a súa vida por defender o que é un ben común, os nosos montes, e levan moitos anos, demasiados xa, traballando en precario.

Dende xullo de 2012 teñen un contrato como interinos de tres meses ao ano. Isto non é aceptable dende moitos puntos de vista. Dende a perspectiva laboral, porque estas persoas merecen un traballo de calidade. Ter profesionais contratados tres meses ao ano non axuda nin a garantir a profesionalidade nin a estabilidade laboral nin as condicións socioeconómicas dignas. Nestes momentos, grazas ao seu modelo de contratación, estas persoas están desprotexidas e teñen unha vida laboral atravesada por completo pola precariedade.

En primeiro lugar, en caso de non volver modificarse o Decreto 37/2006, das listas de contratación, estas persoas seguirán sen poder optar a outros contratos fóra dos tres meses que teñen de contrato, nin xubilacións, nin baixas por enfermidade, en ningún corpo da Administración da Xunta. Resulta totalmente incomprensible que non se lles permita acceder a estoutros prazas nestes meses que están desocupadas.

A suposta solución que se deu coa aprobación en setembro do Decreto 124/2016 non é tal, porque ofrecer a posibilidade de acceder a prazas de nove meses ou de doce meses que non están aínda convocadas a cambio de renunciar á que si teñen en posesión de tres meses non semella unha saída moi favorable, sobre todo tendo en conta a cantidade de tempo que tardan en cubrir as prazas que quedan libres ou a cantidade de prazas que amortizan ou reconverten.

En segundo lugar, estas persoas sofren desprotección social ao estar limitadas a acceder a diversos subsidios de desemprego, algúns plans de formación, creándose situacións de inestabilidade, sobre todo de desigualdade laboral, estando excluídos do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Pero incluso á marxe das súas condicións laborais, que, por suposto, son fundamentais, resulta evidente que non chega o actual modelo de prevención dos lumes. Ano tras ano lamentamos a cantidade de hectáreas de monte arrasadas por estes. Exemplos dos últimos anos: ano 2015, case 12.000 hectáreas; ano 2016, case 20.000 hectáreas. Cifras que son dramáticas, pero detrás destas cifras hai moitas perdas ambientais, perdas de vidas de animais, perdas económicas ou incluso perdas de vidas de persoas. E neste ano 2017 non queremos volver atoparnos con miles de hectáreas queimadas sen que se tomen as medidas necesarias para evitalo.

Por outra banda, fan vostedes caso omiso á desestacionalidade que se constata ano tras ano dos incendios forestais. Os incendios non se dan só no verán, non só arden os montes en xullo, en agosto e en setembro. Lembren, por exemplo, os 800 hectáreas arrasadas nas Fragas do Eume, aquilo que nos doeu tanto, que todos e todas lamentamos de 2012, foi en marzo, ou dos continuos focos que sofre a serra do Xurés en calquera época do ano.

No ano 2016 a Xunta ampliou o período de alto risco, entendeu que seguía existindo risco máis alá de setembro, pero incompreensiblemente non ampliaron o contrato do persoal que se supón vinculado a este aumento do risco, coas consecuencias que xa sabemos de sobra. ¿Por que tomaron esta decisión tan incoherente? Porque o que fan é ter traballadores públicos na súa casa, cando están contratando empresas privadas para reforzar en inverno, en verán, en todos os meses do ano. Iso é o que están facendo. *(Aplausos.)*

Este mesmo ano —non fai falla remontarse a moitos anos atrás— levamos unha media de catro incendios ao día no país durante o mes de xaneiro, cunha especial incidencia, por desgraza coma sempre, na provincia de Ourense. Isto ocorre porque hai condicións meterolóxicas que non son as habituais. E estas condicións non van modificarse nos próximos anos, polo que temos que tomar medidas decididas, medidas urxentes.

Ademais do factor da desestacionalización dos incendios, cómpre engadir que este persoal poida actuar nos incendios interface, nos que as zonas urbanas entran en contacto coas zonas forestais.

O que para nós está claro é que para loitar contra o lume hai que defender o Servizo Público de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia e non precarizalo, porque a estas 436 persoas súmanse as 626 que foron cesadas o 30 de novembro ao expirar o seu contrato, neste caso de nove meses.

E mentres deixan este servizo con máis de mil traballadores menos para a prevención e a extinción, van privatizando pouco a pouco os servizos antiincendios, porque nestes anos os que seguen incrementando os beneficios son as empresas de extinción, e repetímolo. Só fai falta ler o anuncio que fai a Consellería do Medio Rural cando licita un servizo de helicópteros e brigadas privados por máis de 3,8 millóns de euros, mentres o 55 % do operativo público ten o contrato suspendido. Así, compróbase moi facilmente cal é o seu modelo; a tendencia da consellería é a progresiva privatización e a segmentación do servizo de incendios en diferentes e numerosas entidades, sexan públicas, públicas con xestión privada, privadas, municipais. E isto repercute, por suposto, negativamente na coordinación, na operatividade e na seguridade tamén das persoas que arriscan a súa vida á hora de loitar contra os incendios forestais.

Xogámonos moito, por iso precisamos un servizo de incendios único, público, igualitario e profesionalizado, que reduza o alto custo que supón as angueiras de extinción.

Coñecemos ben os seus discursos pero, á hora da verdade, gustaríanos saber onde están os proxectos estratéxicos para valorizar o monte e frear o abandono.

Por outra banda, e tendo moi presente o caos vivido estes días, cómpre lembrar que segundo a Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, que define o persoal dos servizos de incendios como persoal de emerxencias, que estas persoas poderían axudar nos casos de grandes emerxencias, como xa aconteceu no pasado co naufraxo do *Prestige*, ou, por suposto, noutros casos como accidentes ou catástrofes naturais. Non hai que remontarse moito máis alá, pois estes días pasados poderían ter chamado moitas destas persoas para que colaboraran e para que se reduciran os problemas derivados do temporal.

E o que nós defendemos e o que temos moi claro é que hai que pór no centro a prevención. E ampliar o contrato destes traballadores de tres meses a nove é un primeiro paso. Por suposto, non é o único que hai que dar, hai que pór moitos máis, pero antes da campaña deste verán hai que levar a cabo medidas que eles poden facer: desbroces ou rozas, limpeza e eliminación das matogueiras, elaboración de devasas ou cortalumes, faixas de protección e mantemento das infraestruturas. Isto hai que facelo, e non queremos que o fagan as empresas privadas, como é o que vostedes fan: derivar aos equipos privados. Queremos que o fagan os nosos traballadores e traballadoras públicas, que están nada casa cunhas condicións totalmente indignas. Por iso, este ano temos a posibilidade de pór en marcha algunhas medidas precisas antes dos lamentos de xullo, agosto e setembro.

Por todo isto, por suposto, polos traballadores e traballadoras, pero tamén pola defensa do noso ben común, dos nosos montes, pídolles que acepten esta iniciativa e que nos poñamos de inmediato a seguir debatendo outras medidas que a acompañen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Os lumes non rematarán mentres o modelo de explotación e tratamento do monte non mude cara a unha racionalidade. De todas maneiras, todos sabemos que a mellor loita contra o lume se fai no inverno e na primavera. Tal e como reflicte o V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta, no artigo 2.2, das condicións especiais para o servizo de prevención de incendios: será de aplicación para todo o persoal que realice o seu traballo neste servizo. O convenio só recolle prazas de nove e doce meses, polo cal esta xente está en fraude de lei, tal e como determinaban arredor de setenta sentenzas en primeira instancia, que ordenaban que foran contratados nove meses. Logo tombounos o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, onde argumentaba que nesta tarefa só lle competía a modificación da RPT. Somos coñecedores de que esas funcións —as de modificar a RPT— lle competen ao Goberno, á Consellería e á Dirección Xeral de Función Pública; o que nos estraña é o silencio do Goberno e a quietude do Goberno, e o mantemento desta situación deste persoal laboral, que teñen dereitos, e eses dereitos están sendo conculcados.

Tal e como vimos, a intención era adecuar a estrutura orgánica ás necesidades da época estival. Pois ben, en xaneiro de 2016 entrou en vigor a Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema

nacional de protección civil. No artigo 17 recolle que os servizos de extinción de incendios forestais terán a consideración de servizos públicos de intervención e a asistencia en emerxencias de protección civil.

Dentro das novas tarefas que a lei encomenda aos bombeiros forestais, que así se chaman agora, aparecen as novas unidades de competencia, entre elas as de asistir como primeiro interviniente nos casos de accidente ou situacións de emerxencia no medio rural, así como de realizar labores en apoio. ¿Onde estaban cando este temporal? ¿Quen hai máis capacitado ca eles, coa motoserra na man? Porque vostedes saben que a maior parte dos problemas que tivemos para recuperar a enerxía eléctrica e a maior parte dos problemas que tivemos cos tendidos foron de leña, de pólas que caeron e de árbores que caeron encima. Isto é un caos, e a ese caos hai que poñerlle orde.

E, desta maneira, ardemos no verán e rebentamos no inverno, en base e en canto veña o primeiro temporal. Póñanos a funcionar, están aí esperando traballar e son eficientes, e saben facelo. Claro, evidentemente, non se lles pode ampliar o tempo de contrato, pero si se pode ampliar ás brigadas teletransportadas, onde xa aparecen contratadas no período de prevención; chámasele así ao período de non alto risco de incendios.

Nós imos apoiar esta proposición, acepten ou non acepten a nosa emenda. Saben que a nosa emenda vai na mesma liña, simplemente especificar un pouquiño máis o que é moi xenérico no terceiro punto que En Marea propón.

Polo demais, queda todo dito. Póñanse ao asunto e déanlle traballo a esta xente, que o merece, e eu creo que ningún de nós firmaría ningún papel nin estaría de acordo con traballar tres miserables meses ao ano, e sobre todo nun servizo que necesita moito máis traballo e un medio rural que está necesitado de xente, bombeiros forestais especializados e preparados e a punto en todo o día e hora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Presidente, señorías, traballadores, traballadoras, bos días a todos.

Pouco que aportar despois do argumentado polos anteriores comparecentes con respecto a este tema. É unha proposición que obviamente imos aprobar, e por moitas razóns. A nosa posición: fixo-descontinuo de tres meses é unha condición contractual que a todas luces non aporta estabilidade laboral e entendemos que non beneficia a ninguén, máis ben parece unha condición de inframundo, inframundo laboral.

Se esa condición de precariedade laboral non é freada pola Administración, aínda que poden subir aquí e xustificar que se o verán, que se uns meses determinados, etc., etc., ese non parece o mellor exemplo para trasladarlle á sociedade. Se a figura de fixo-descontinuo de tres



meses está estendida a outros colectivos baixo a Administración, tal como ocorre, entón a excepción pasa a categoría, e ese non parece o mellor camiño a seguir, xa que, á parte do económico-laboral, está a perda do factor profesionalidade e da formación no traballo.

Hoxe vén ao hemiciclo esta proposta como un claro expoñente de situacións laborais a superar. Pero non son os únicos. Queremos recordar, por exemplo, que hai ao redor de quíntos fixos-descontinuos de tres meses na empresa pública Seaga, que son outro expoñente desta situación e que ademais tamén cumpren ao 100 % os requisitos para alicerzar a dinámica no mundo rural.

Pero ao que vimos hoxe. Se as 436 persoas que conforman este colectivo e que forman parte do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, coas categorías de moto-bombista, emisorista, codificador de datos, vixilante, etc., piden o básico —e pídeno, cóstanos—, e sendo os incendios un problema de país medioambiental, socioeconómico e mesmo de orzamento, ben se pode buscar un encaixe, un encaixe que compatibilice, por un lado, a estabilidade dos traballadores e traballadoras e, por outro, optimice o factor da formación.

É un luxo pasar da experiencia, un desprezo deixar de lado o factor humano, que tan caro resulta nas empresas. Se, ademais, temos en conta que esta é a lexislatura do rural, co acordo unánime amosado reiteradamente por todos os grupos de incrementar a prevención como a mellor maneira de loitar contra o lume, e se consideramos que a limpeza e vixilancia do monte son fundamentais, que os tratamentos silvícolas son básicos, entón hai que apostar en serio por profesionais relacionados con estes traballos e estas funcións.

Iso si, vemos que hai que facer un esforzo e a necesidade de profundar no encadre funcional para eses seis meses a maiores que se pide na proposta, que sexa beneficioso para a Administración, administrados e país. Neste senso parécenos bastante indicativa e rigorosa a análise que se fai na parte propositiva do informe sindical ou da proposta sindical que se nos achegou, en canto ás posibilidades de traballo e función a desenvolver durante os seis meses de incremento de contrato, nomeadamente a partir da Lei 17/2015.

O repaso que se fai por distintas comunidades autónomas con situacións similares é bastante clarificador para o tema. Polo tanto, cun encaixe legal perfectamente válido e un custo máis que razoable, moi asumible para as arcas do orzamento autonómico, entendemos que hai que respaldar esta iniciativa e esta proposta.

A petición que fai o colectivo é xusta e necesaria, e parécenos oportuno o respaldo por parte do Grupo Socialista, e así o imos facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Bos días, señor presidente.

Señorías.

Debatemos hoxe a PNL 3410, na que basicamente se propón polo Grupo Parlamentario de En Marea que os traballadores do Servizo de Prevención de Incendios, contratados nos tres meses de verán, pasen a ser contratados por un período mínimo de nove meses; fóra deses meses do verán, farían labores de prevención, segundo di a propia exposición de motivos.

En primeiro lugar, dende o Grupo Parlamentario Popular, e o Goberno galego, queremos deixar claro que estamos moi satisfeitos do traballo desempeñado por todos os traballadores e traballadoras do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Eles son a primeira liña de defensa contra esta lacra que ano tras ano asola os nosos montes. Imos traballar sempre para mellorar as súas condicións laborais, sempre, aí nos van ter.

O que temos que aclarar, primeiro, é que os traballadores antiincendios da Xunta non se atopan en condicións de precariedade laboral. Dentro do dispositivo, conviven empregados en diferentes situacións, pero sempre dentro da máis estrita legalidade.

Temos funcionarios da Administración autonómica, temos fixos-descontínuos de tres, nove e doce meses. Son diversas situacións laborais, pero non están en precario.

Temos no Servizo de Prevención un total de 987 traballadores con contratos fixos ou fixos-descontínuos, cunha duración mínima de nove meses. Tres categorías: peón, peón condutor ou xefe de brigada.

Os salarios mínimos, en calquera destas categorías, son 1.500 euros mensuais. E, ademais, e dada a temporalidade dos incendios, na temporada alta de incendios contrátanse traballadores de reforzo por un período de tres anos; son estes 436 traballadores dos que estamos a falar, e que parte deles están hoxe aquí. Cando a PNL fala de precariedade laboral, refírese a estes 436 traballadores.

Imos ver: ¿cal é a súa situación neste momento? Ata o ano 2011, para o reforzo do Servizo de Prevención, ao inicio de cada campaña de verán contratábase persoal laboral-temporal e eventual, baixo a modalidade de obra ou servizo determinado. Isto tamén na época do Bipartito. ¿Que pasaba aquí? Que estas contratacións tiñan un carácter eventual e non garantían aos traballadores a súa contratación dun ano a outro, estaban nunha situación de incerteza total.

¿Que se fai no ano 2012? O que se fai é reforzar con carácter fixo e estrutural o dispositivo na campaña de verán. Créanse 436 postos de traballo para a prestación fixa-descontínua durante tres meses e dáselles cobertura a eses 436 postos por persoal laboral temporal baixo a modalidade de interinidad. Desta forma, e con esta medida, estes 436 traballadores gañaron estabilidade laboral, pasaron a estar en mellor situación que estaban antes; tiveron a seguridade de traballar cada campaña, ademais, por un tempo certo de tres meses concretos: xullo, agosto e setembro.

Estamos atendendo as súas demandas en condicións laborais, e téñolles que dicir que esas demandas se viron atendidas tamén no Decreto 124/2016, do 8 de setembro. ¿Que pasaba

ata esa norma? Ata esa norma o persoal de reforzo non podía ser chamado para ocupar prazas vacantes puras de máis duración sen renunciar ao seu contrato, cunha penalización que conlevaba non poder acceder ás listas durante un ano.

Conscientes do prexuízo que causaba esta penalización, a Xunta de Galicia modificou o Decreto 37/2006, de tal forma que a partir de setembro do ano 2016 os traballadores da campaña de verán poden optar a cubrir postos vacantes e non vacantes de nove ou doce meses sen penalización, sen a penalización que tiñan antes do ano.

Polo tanto, e en principio, co primeiro punto da súa proposición non podemos estar de acordo, porque xa é algo que está permitido hoxe con este decreto de setembro de 2016.

O que si lles dicimos a estes traballadores é que seguiremos nesta senda e en mellorar as súas condicións laborais, e eu, como voceiro do Partido Popular, estarei encantado de recibilos e de atender todo o que me plantexen neste sentido, e se é o caso defendelo diante do Goberno.

Nos puntos 2 e 3, o que piden é que o contrato pase de tres a nove meses. Miren, nós pensamos que o Servizo aborda un traballo moi complicado, como é a loita contra esta lacra que supón no noso país os incendios forestais, e nesta loita pensamos que o Servizo funciona razoablemente ben; podería funcionar mellor, pero funciona razoablemente ben. Temos un modelo que ten que combinar a súa presenza suficiente nas épocas de máis risco do ano coa flexibilidade na contratación que demanda unha xestión adecuada dos recursos públicos. Nós entendemos que o Servizo está dimensionado de maneira adecuada para responder ao problema.

Falan vostedes de que estes traballadores poderían levar a cabo tarefas de prevención nos seis meses nos que non estarían na extinción, nos seis meses que non foran de verán, pero non teñen en conta que unha das cuestións básicas para a eficacia do Servizo é a especialización dos traballos, e recordemos que estes traballadores son na súa maioría emisoristas, condutores de motobomba e vixilantes fixos.

En definitiva, señorías, nós estamos moi satisfeitos co labor de todo este persoal que se contrata nos meses de maior risco e imos continuar traballando para mellorar as súas condicións laborais, e eu desde aquí repítoles o meu compromiso e a miña oferta de recibilos cando sexa necesario para poder atender esas demandas de melloras laborais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor González Vázquez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** En primeiro lugar, agradecerlles o apoio ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista. Por suposto, aceptamos a emenda, porque entendemos que mellora a nosa iniciativa.

A verdade, nada novo. Non esperaba outra cousa ao non ler ningunha emenda por parte do seu grupo. Vostedes din que están moi satisfeitos, que son os traballadores que están na primeira liña de defensa e que sempre os atoparán para mellorar as condicións laborais.

Di que non é precariedade laboral. ¿A vostede parécelle que traballar tres meses ao ano non é precariedade laboral? Eu voulle dicir: tres meses ao ano, todos os anos, grazas. E o resto, os nove meses, ¿que empresa privada te vai contratar durante nove meses sabendo que chega xullo e te vas ir? Entón, digan: ¿que condicións laborais? ¿Como pode dicir e afirmar que estas condicións non son precarias? ¿Que é para vostede o traballo precario? *(Aplausos.)*

Pena que non teña réplica, pero eu pregúntome cal é na súa idea a concepción do traballo precario. Para nós un traballo de tres meses que máis o subsidio non asegura chegar ao salario mínimo interprofesional, se fas a media de todo o ano, non é un traballo digno.

É certo, están mellor dende o ano 2012; grazas a vostedes non, grazas ás presións do colectivo, grazas a sentenzas xudiciais; entón, tiveron que modificar, porque eran contratos fraudulentos. Por favor, aínda por riba non colguen medallas de cousas que negaban e que tiveron que aceptar pola forza do colectivo.

Outra cousa que falta bastante á verdade: non é certo que co decreto que mencionei eu —porque xa sabía que ían mencionar o do Decreto 124/2016 aprobado en setembro—... Xa sei que ese decreto modificou o Decreto de contratación, pero non é suficiente. Os traballadores —estano dicindo eles mesmos e elas mesmas— non poden acceder a outras prazas sen penalización; iso non é verdade. Non poden acceder ás prazas de 9 e 12 meses.

A min paréceme moi positivo que se sente a falar cos traballadores e traballadoras, iso é o que buscamos. Máis positivo nos parecería que deran unha primeira mostra de que queren defender realmente este colectivo e apoiaran esta proposición non de lei, porque entendemos que non teñen ningún motivo, e quedarían bastante retractados se votaran en contra dunha iniciativa que só busca mellorar, por unha parte, as condicións laborais, e por outra, por suposto, o traballo de prevención, que non está sendo o axeitado.

Vostede fala da especialización e a formación dos profesionais, e está dicindo isto mentres ten a traballadores tres meses e contrata nos meses do medio —nos outros nove meses— persoas con menos formación, con menos puntuación na lista de contratación, e cando está contratando a empresas privadas que fan traballos moito menos específicos. Entón explíqueme cal é o seu modelo de prevención.

A min paréceme que todo o seu discurso estivo cheo de contradicións. Se realmente —como din— queren defender este colectivo, nós precisamente é o que buscamos. Non queremos que esta sexa —xa o dixen— a iniciativa de En Marea. Queremos que se aprobe, porque estas persoas non teñen unhas condicións laborais dignas nestes momentos, e se todas estamos defendendo un traballo decente que permita vivir con dignidade —porque esta xente non pode chegar ao salario mínimo interprofesional se contan o subsidio e o salario—, que se vote a favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a avaliación polo Goberno galego dos investimentos e das infraestruturas xudiciais en Galicia, así como a execución na súa totalidade, no ano 2017, do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente. Bo día de novo.

Bueno, a ninguén se lle escapa que nun estado social e democrático de dereito hai un pilar fundamental que é o da Xustiza. É un servizo público que afonda, precisamente, na vertebración deste Estado social e democrático de dereito.

Desgraciadamente en Galicia, nestes últimos anos de Goberno do Partido Popular, a Administración de xustiza non sinala nada máis que a falta de vontade e de capacidade políticas para asumir as competencias que tanto a Constitución como o Estatuto de autonomía de Galicia nos deron no ámbito dunha institución tan esencial para a nosa democracia. E as infraestruturas xudiciais, os investimentos xudiciais, son un exemplo máis desta falta de vontade e de capacidade políticas por parte do Goberno presidido polo señor Feijóo.

Este é o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015, e é consecuencia dunha evolución dende o ano 1995, ano no que Galicia asumiu a provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento do que se chama aquí a Administración da administración de xustiza. Dende aquela, comezou unha carreira de construción de infraestruturas e de investimentos xudiciais para renovar e construír as novas instalacións xudiciais, que eran imprescindibles.

Nos oito primeiros anos, segundo este propio plan que, evidentemente, non está feito polo Grupo Parlamentario Socialista, senón que é un plan que deriva do Goberno do Partido Popular, fixéronse 25 novos edificios. Nos catro anos de Goberno escasos —neses oito anos, por certo, tamén gobernou, aínda que pouco, o Partido Socialista— presididos por Emilio Pérez Touriño houbo tres edificios novos, e nos últimos case nove anos de Goberno do señor Feijóo, cero investimentos xudiciais.

O tema está en que nestes dous anos, dende que rematou o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015, o orzamento que para o ano 2017 se acaba de aprobar por parte do Grupo Parlamentario Popular escasamente supera en 12 millóns de euros o orzamento que tiña previsto facer efectivo o Plan 2010-2015. É dicir, este Plan de infraestruturas xudiciais que remataba no ano 2015 tiña un orzamento de arredor de 90 millóns de euros, e o orzamento actual para o ano 2017, para toda a Administración de Xustiza en Galicia, é de 104 millóns de euros, segundo se acaba de aprobar por parte do Goberno do Partido Popular e do seu grupo parlamentario.

Segundo manifestacións do Goberno, con este orzamento para o ano 2017 poderá rematarse e seguir coa execución das grandes estruturas xudiciais que lle faltan a Galicia. A nós parécenos imposible que, se en cinco anos non foron capaces de executar o orzamento para infraestruturas xudiciais que expresamente dicían eles, con escasamente 11 millóns máis para toda a Administración de Xustiza en Galicia vaian ser capaces de rematar as infraestruturas xudiciais que veñen neste Plan 2010-2015?

Parécenos un engano, e vou poñer o exemplo da provincia de Pontevedra porque é a que controlo máis. Non se fixo nada de importante do Plan de infraestruturas xudiciais: nada en Pontevedra, nada en Vigo, nada en Cambados, nada en Vilagarcía de Arousa, nada na Estrada, nada en Marín. En Pontearreas hai unhas novas oficinas máis ou menos dende o ano 2009; en Cangas non hai nin unha soa reforma dende o ano 2005; e en Lalín o único que se fixo foi co Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño. Ultimamente, como consecuencia dos temporais en Pontevedra, como as ventás do xulgado non pechan ben —e non só no xulgado, senón na Fiscalía—, entrou auga polas ventás e molláronse a maioría dos expedientes. En xustiza, por moito que nos falen de Lexnet, no expediente xudicial séguese utilizando papel. Molláronse, e están apilados, mollados, nun lugar apartado esperando a que sequen.

Iso si, o vicepresidente da Xunta —nesa liña de engano para todos os cidadáns— recorreu Galicia fachendoso de dicir que ía investir 50.000 euros en reformas en Ourense. Hai escasamente un mes incluso dixo que se vai realizar durante o 2017 un esforzo para adaptar os edificios xudiciais de Galicia ás necesidades da xustiza moderna. Non sabemos se o da xustiza moderna é a xustiza modernista de comezo do século XX, pero, dende logo, vai ser difícil con este orzamento e con estas previsións.

Dixo incluso que o Plan de infraestruturas xudiciais para o 2017 —que non sabemos onde está— contempla que no primeiro trimestre deste ano —que vai acabar pasado mañá— finalicen as obras da Fábrica de Tabacos na Coruña —leva tres anos de retraso, en 2011 dicíanos que ía estar rematada no 2014— e a execución da obra do novo edificio xudicial en Pontevedra. Primeiro trimestre de 2017.

En Pontevedra o único que hai é un desterre. Hai un buraco, porque xa sacaron a terra, pero non hai absolutamente nada máis. Incluso o inicio das obras para a Cidade da Xustiza de Vigo, nas instalacións do hospital xeral; e tampouco —que eu saiba— dentro destas instalacións está feito nada.

En Ourense confirmou —despois de dicir que acababan de investir 50.000 euros— que vai haber unha segunda fase de obras que vai afectar á segunda planta do edificio da Audiencia Provincial, cun investimento duns 45.000 euros. Estaría ben que dunha vez nos resposten a canto se gasta en papel e tinta en Galicia como consecuencia de ter que imprimir todo o que entra a través de Lexnet nos xulgados. Sabemos oficiosamente que, máis ou menos, a cantidade ronda os 75.000-80.000 euros. Pois coa metade xa podían facer a obra que queda en Ourense na Audiencia Provincial.

Nesta liña, o propio presidente da Xunta reuniuse co ministro de Justicia hai pouco tempo e dixo que se van habilitar un novo Xulgado de Primeira Instancia en Ourense, outro do Social

na Coruña e outro de Familia en Vigo. A cuestión é: ¿onde os van meter? Porque se hai problemas cos poucos edificios xudiciais que hai, a ver onde van meter estas novas sedes xudiciais, cos seus funcionarios e os seus expedientes dentro. Porque en Ourense as testemuñas teñen que esperar nos pasillos; na Coruña aínda non está aberta a Fábrica de Tabacos —tres anos de retraso—; en Vigo o Xulgado do Mercantil número tres —que foi o último en chegar— estaba no poleiro —como dicían eles—; e na Coruña a Fábrica de Tabacos está sen abrir e non hai, ademais, un proxecto para reformar a Audiencia Provincial cando se faga o traslado ao edificio da antiga Fábrica de Tabacos. Ese retraso vai supoñer que os xulgados —que creo que son seis— que están no edificio Proa, na Coruña, que nos custan case 592.000 euros anuais aos petos dos cidadáns, teñan que seguir estando neste edificio Proa, xa que non se poden trasladar á Audiencia Provincial porque non hai proxecto de reforma.

A verdade é que a visión é pobre, errónea, e parece increíble que ou non se fala coas persoas que traballan e que saben como están os xulgados, ou algo non nos coincide con este Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015, algo non nos coincide.

Non é certo que se estea a facer un potente investimento en infraestruturas xudiciais, nin sequera o investimento é mínimo. Por iso lle pedimos ao Goberno que faga... Non lle pedimos demasiado, pedímoslle que non enganen e que simplemente fagan o que xa tiñan que ter feito no ano 2015. Estamos en 2017, e nós o único que solicitamos é que fagan unha avaliación seria de como están os investimentos e as infraestruturas xudiciais na nosa Comunidade Autónoma e que executen neste ano o que xa prometían —incluso en papel— que ían facer a finais do ano 2015. E agardamos que sexa aceptado.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Bo día de novo.

Na súa intervención de hoxe pola mañá, o señor presidente da Xunta impresionounos pola súa preocupación por unha infraestrutura tan importante como o acceso á súa casa, que seica tiña fochancas.

Estábase falando dun tema de tanta transcendencia como o ferrocarril e ao señor Feijóo preocupábanlle as fochancas para acceder á súa casa. Supoño que se lle preocupan as fochancas de Vista Alegre, tamén lle preocupará —e moito máis lle debía preocupar— a situación da Administración de Xustiza, que ten gravísimas carencias. Ademais eu creo que no imaxinario social —supoño que tamén o compartirán vostedes— está moi instalada esa idea de que hai unha situación de graves carencias, de colapso, de lentitude e de burocracia que provoca esa sensación que ten moita xente de distanciamento e tamén de desconfianza con respecto á Administración de xustiza. Iso ten que ver con problemas en canto aos espazos de traballo, á incomodidade deses espazos, ás edificacións que están pendentes, aos equipamentos —incluídos os equipamentos informáticos—, ás carencias de persoal, á acu-

mulación e á sobrecarga de traballo que sofre o persoal da Administración de xustiza, á insuficiencia en canto a xulgados e salas...

Xa se falou aquí, en numerosas ocasións, sobre todo dos problemas que hai no ámbito do social ou na loita contra a violencia de xénero ou das necesidades de modernización. Por moito que queiran vender que hai un proceso imparabile, modélico, e que son os máis pioneiros do mundo na modernización da Administración de xustiza, a realidade é que esa modernización no ámbito, por exemplo, da Administración dixital o que fixo foi multiplicar o papel cando falaban de que ía haber papel cero.

Pois ben, fronte a esta imaxe negativa, están os seus plans, as súas previsións. O Plan —do que tamén falou xa a compañeira Patricia Vilán— de infraestruturas xudiciais para o 2010-2015, que establecía ademais dúas fases: unha primeira ata o 2013, e a segunda 2014-2015, cun investimento total de 84 millóns de euros —85 millóns de euros aproximadamente—, dos cales 75 ían ir na primeira fase, que era o período 2010-2013, a realidade é que é un exemplo máis de incumprimentos por parte do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, porque a maior parte desas infraestruturas previstas no período 2010-2013 están sen construír, están sen comezar. A compañeira Patricia Vilán fixo referencia a numerosos exemplos: Vigo, Pontevedra acaba de empezar, Tui, Vilagarcía, Cambados, A Estrada, etc.

E o señor Feijóo, tamén en xullo do 2012, nunha desas declaracións pretenciosas que caracterizan as súas intervencións públicas, dicía —fíxense que estamos falando do 2012, e a primeira fase do plan, que prevía 75 millóns de euros, estaba a punto de rematar—: «Con este plan solucionaranse definitivamente os problemas das infraestruturas xudiciais galegas». «O plan estase executando en prazo», dicía no ano 2012, cando faltaba un ano para rematar o primeiro período. Estamos en 2017 e están a maioría das infraestruturas por construír, e o que é máis grave, por comezar aínda.

Polo tanto, o Grupo do BNG vai apoiar esta iniciativa do Grupo Socialista, aínda que nos parece que debe ser por iso da burocracia e da lentitude que tamén ten este Parlamento, igual que a Administración de xustiza, que xa se tiña que ter debatido antes, para poder poñer os investimentos previstos nesta proposición non de lei nos orzamentos da Xunta e poder cumprir así eses compromisos. En todo caso, queremos que se tome este acordo para que poidan tamén ter vostedes razón e, en canto sexa posible, facer as modificacións orzamentarias para poder levalo a cabo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Grazas, señor presidente.

Xa se dixo aquí antes, como inicio da intervención, que a xustiza é un pilar da democracia, e a prestación da xustiza non é simplemente un servizo público, é a prestación dun poder do



Estado que cumpre coa garantía de ser garante dos dereitos fundamentais, de evitar os abusos de poder, de fiscalizar a acción do Goberno, de investigar os delitos —entre eles o de corrupción— e, por suposto, dirimir os conflitos entre particulares. Pero a xustiza non se presta soa, fan falta medios: medios de carácter persoal e medios de carácter material; fan falta xuízas e xuíces, fiscais, persoal da oficina xudicial, pero tamén un lugar onde poder prestar a administración de xustiza.

E esa función material, que é o que o Constitucional denominou a Administración da administración de xustiza —que tamén se invocou aquí— na Sentenza 56/90, é a que lle transferiu, a que delimitou a competencia, neste caso da Xunta de Galiza, en relación á súa responsabilidade na prestación de xustiza, na prestación dun servizo público dun poder do Estado fundamental para que poidamos afirmar a existencia de democracia.

Neste sentido —tal e como se apuntou aquí—, existe unha incontestada —supoñemos que tratarán de dicir o contrario— falta de cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015. Está o plan accesible ao público na páxina web. Calquera pode ver ese plan e calquera pode ver tamén que moitas desas infraestruturas están sen realizar e sen desenvolver; se despois queren, entramos nos ámbitos concretos.

Pero a nós o que nos preocupa, máis alá dos incumprimentos concretos, é que non se pode prestar unha boa administración de xustiza sen medios materiais. Isto provoca algúns efectos que son moi visuais e que se perciben ben nos medios de comunicación cando se ven os expedientes amoreados cun humidades, efectivamente, que despois non se poden empregar nin a nivel histórico nin a nivel de xuízos que estean aínda abertos. Pero ese é soamente un dos prexuízos que se produce por non materializarse o investimento.

En segundo lugar, a falta de adaptación dos espazos ás necesidades da Administración de xustiza moderna ten un efecto perverso. En primeiro lugar, a falta de adaptación de espazos nos xulgados de violencia de xénero —e no caso concreto de Vigo, o xulgado exclusivo de violencia ten un problema de espazo— ocasiona que non existan espazos incomunicados entre a vítima e o agresor; ou que non haxa espazos onde se poidan albergar con dignidade as vítimas mentres esperan o momento da declaración en fase de instrución, por exemplo; ou lugares onde se poidan ter adecuadamente instalados os menores que acompañan as vítimas, sexa no momento de declarar, sexa no momento de acompañalos. É dicir, prodúcense unha serie de insuficiencias de carácter material que teñen repercusións de carácter persoal, algunhas delas moi sensibles, porque ás veces non se pode evitar a confrontación visual entre a vítima e o agresor cando está detido e esposado á espera de prestar declaración xudicial. E iso non é unha situación que pase nun só xulgado, pasa en moitos.

Por iso o cumprimento do plan de infraestruturas é necesario para que se cumpran tamén as exixencias da Lei de igualdade, de loita contra a violencia de xénero, o Estatuto xurídico da vítima, aprobado tamén por lei a finais do ano 2015, se non recordo mal.

Polo tanto, as necesidades son moi graves e moi perentorias, porque afectan a moitos dereitos fundamentais, e non exclusivamente ao da propia prestación da xustiza, que xa en si é un ben esencial.

Tamén a falta de adaptación de instalacións xudiciais, impide cumprir cos fins establecidos pola propia Xunta de Galicia en relación coa modernización das tecnoloxías. Amtega non se pode implantar, ou non pode implantar as súas tecnoloxías como está previsto, de forma razoable e de forma eficiente, cunhas instalacións xudiciais que teñen unha infraestrutura para albergar tamén as telecomunicacións que non está adaptada, como pasa aínda hoxe en moitos xulgados. E parte do Plan de infraestruturas 2010-2015 precisamente tiña a función de ser antecedente lóxico para que despois o Amtega puidese instalar as novas tecnoloxías da comunicación.

Outro efecto perverso derivado disto. Tampouco se poden implantar as reformas legais que ían orientadas, precisamente, ao establecemento de novos sistemas de videoconferencia, con salas adaptadas especificamente para isto, porque non existen espazos. Ademais, con este incumprimento tampouco se pode levar a cabo a implantación da nova oficina xudicial, que de nova non ten nada porque xa foi aprobada no ano 2003, aínda que siga sen o convencemento pleno do Goberno para levarse a cabo, a pesar de que —como xa demostramos nalgunha ocasión— faría moito máis eficiente o esforzo da Consellería de Xustiza na dotación dos propios medios persoais para poder prestar xustiza. Polo tanto, isto é unha derivada desta situación.

Remato cunha cuestión adicional. Os edificios das vilas medias e das cidades que non teñen novas infraestruturas xudiciais son os grandes prexudicados pola falta de cumprimento deste plan. Non podemos condenar as vilas medias, nin as pequenas vilas que teñen xulgado, a unha situación de retraso e tamén a un aumento da fenda dixital por non ter rematado o Plan de infraestruturas xudiciais.

Entendemos que o cumprimento inmediato deste plan de infraestruturas é imprescindible para a prestación dunha xustiza áxil e rápida que evite, en primeiro lugar, a sensación de impunidade, porque esta falta de adaptación contribúe ao alongamento indesexado das instrucións penais e tamén aumenta a pena de banquillo da xente, que prolonga aínda máis no tempo a súa situación. Ademais, é necesario para a poder implementar —como se dixo— a nova oficina xudicial, a modernización informática e os tribunais de instancia —que é tamén outra reforma que precisa a Administración de xustiza—. E, finalmente tamén, debería preverse neste Plan de infraestruturas, unha vez que se executa tarde, o previsible traslado da instrución das causas criminais ao ministerio fiscal. Polo tanto, unha adaptación da xustiza que, dunha vez, supoña a entrada definitiva no século XXI para a meirande parte dos xulgados que aínda non dispoñen dela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías, comezamos esta semana debatendo a Lei de orzamentos para o ano 2017, o cal é moi interesante porque nos deu a oportunidade non só de coñecer cal vai ser a actuación do

Goberno neste vindeiro ano, senón tamén cal vai ser a estratexia da oposición na bancada de esquerda deste Parlamento.

Basicamente, esa estratexia consiste en propoñer unha serie de modificacións orzamentarias que permitan realizar uns investimentos moi aparentes, eliminando partidas que en termos de titulares informativos resulten pouco vistosas, aínda que sexan esenciais para o normal funcionamento da Administración. Como resulta evidente, o grupo maioritario, e calquera Goberno responsable, non pode apoiar a paralización da Administración, e así a oposición xa pode iniciar o periplo de visitas polas vilas e cidades de Galicia contándolle á xente o malvada que é a Xunta de Galicia por non acceder ás súas razoables propostas.

Hoxe a señora Vilán nos trae unha iniciativa que non é outra cousa que a continuación desta estratexia; iso si, esta vez pola vía da proposición non de lei. E como vén sendo habitual, faino cunha proposta —se me permite— pragada de incorreccións, afirmacións gratuítas e datos erróneos cando non abertamente falsos, e non falo por falar.

Mire, afirma vostede que en materia de infraestrutura xudiciais nada se ten feito —leo literalmente— en Pontevedra, Vigo, Cambados, Vilagarcía de Arousa, a Estrada e Tui. Investimentos en Pontevedra, 21 millóns practicamente de euros, 20.992.000; en Vigo, 3.815.000; Cambados, 437.000 euros; Vilagarcía de Arousa, 436.000 euros; A Estrada, 150.000 euros, Tui, 119.000 euros. Practicamente 26 millóns de euros.

Como amosan os datos, afirmar que a Xunta de Galicia non investiu nada nestas infraestruturas xudiciais é unha pura falacia, señora Vilán. Porque, señorías, estou a facilitar os datos que se corresponden aos investimentos xa executados ou xa licitados, deixando á marxe investimentos futuros, como poida ser a Cidade xudicial de Vigo ou o proxecto de execución dos novos xulgados de Tui; non conto eses.

Certo que houbo retrasos e modificacións respecto ás previsións do Plan de infraestruturas; é certo, pero son fáciles de comprender. En primeiro lugar, polo propio plantexamento do Plan, que era un plan aberto, sometido ás distintas vicisitudes e evolucións das necesidades da planta xudicial, que se producen por modificación de normativa, por modificación de lexislación, o proxecto de implantación de tribunais, a reforma da Lei orgánica, a desxudicialización do rexistro civil, as distintas reformas procesuais, etcétera. E despois, porque para construír un edificio hai que ter uns terreos sobre os cales construílo. Novo edificio xudicial de Pontevedra —o que lle interesaba ao señor Bará—: acordo Xunta-Concello, ano 2010, señor Bará. Contratación do proxecto, ano 2012. Iniciación das obras, agosto de 2016, porque non foi quen de poñer a disposición os terreos o Concello de Pontevedra, señor Bará, ese do que vostede forma parte.

Dos edificios xudiciais de Vigo, se quere, falamos tamén, non hai ningún problema. É moi coñecida a falla de intención do Goberno municipal de Vigo de non poñer terreos a disposición. Agora chegouse a un acordo respecto da rehabilitación do antigo hospital, e imos facelo. Evidentemente, xa está o concurso de ideas feito no ano 2016 e a adxudicación do proxecto de edificación en 2017.

Para Tui é idéntico problema. Houbo un problema cos terreos e agora xa se solucionou. Vaise rehabilitar o antigo centro de saúde, e está previsto que o edificio estea rematado e en funcionamento no 2018. Entendo que non lles parezan estes investimentos suficientes, e talvez vostedes pretendan recuperar a capacidade de investimento que tiña o Goberno bipartito. Hai que entender que contaban con 2.000 millóns máis de orzamento anual e facilitaba isto unha renovación.

Dixo antes, actuacións do Bipartito, 3 xulgados: Negreira, Bande, O Barco, 3.375.000; presumía diso a señora Vilán. Mire, señora Vilán, investiu máis este Goberno na cidade de Vigo, só na cidade de Vigo, que vostedes en todo o país. Por certo, xa que lle preocupan as infraestruturas xudiciais de Pontevedra. Investimento do Bipartito en novas infraestruturas xudiciais en Pontevedra, cero euros, ¡cero! Eu sei que non lles gusta falar do Bipartito, pero hai que falar do Bipartito porque é o que nos dá o baremo comparativo de cal é o compromiso real duns e doutros coas novas infraestruturas. (*Aplausos.*)

Xa sei que a vostedes non lles gusta falar do Bipartito, vostedes prefiren vivir o *carpe diem*. Falemos do momento. Pois falemos do agora, falemos do agora. Miren, acabamos de celebrar o debate orzamentario, ¿cales foron as propostas do Grupo Socialista para afrontar as tan imprescindibles obras de Pontevedra, Vigo, Cambados, Vilagarcía ou A Estrada? Ningunha. ¡Ningunha, señoría!

Señoría, cando vaia vostede a esas cidades e vilas a contarlles o mala, malísima, que é a Xunta de Galicia por non facer estes investimentos, dígalles vostede que nas súas emendas contemplaban cero euros para eses investimentos, ¡cero euros, señoría! Esa é a súa preocupación. (*Aplausos.*)

Si fixo unha proposta respecto do novo xulgado de Tui: 600.000 euros; restados dunha partida de 1.200.000, partida que leo literalmente a que se dedicaba: material de oficina e informático de maxistrados, xuíces, fiscais, letrados da Administración de xustiza, médicos forenses, equipos psicosociais, equipos lingüísticos, persoal técnico e funcionarios de xustiza.

Tamén se pagan con cargo a esa partida bases de lexislación, bases de xurisprudencia e doutrina e os códigos legais para o persoal de xustiza. Dígalle vostede a eses colectivos cos que se reúne que quere facer novos edificios xudiciais para...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...que ninguén traballe neles. Porque xa me dirá vostede como pensa que o estamento xudicial pode facer o seu traballo nesas condicións.

Mire, un bo amigo meu —socialista, por certo— dicía que a uns non lles preñan as vacas e que a outros lles paren os bois. Exactamente é o que lle pasa ao Partido Socialista, que en tempo de bonanza non foi quen de acometer (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nin unha soa das importantes infraestruturas que agora reclama...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, remate xa.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...e agora pídenos a nós...,

**O señor PRESIDENTE:** O reloxo contróloeu eu, está compensado o tempo. Remate xa.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...ao Partido Popular, que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Contróloeu eu para todos igual. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Aí non hai protesta ningunha. Remate, xa. (*Aplausos.*)

Grazas, señor Pazos.

O tempo está controlado para todos igual. Niso si que non hai queixa. Teño aquí testigos que o poden comprobar.

Turno de peche, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Gustárame, presidente, que me dea tanto tempo de desconto como lle deu ao representante do Partido Popular.

A verdade é que vostedes viven anclados neste *Alicia no país das maravillas* que nos encanta. A min gústanme moitos máis contos. Carroll gústame moito, pero hai moitos máis que me gustan. Como dicía un compañeiro antes, o noso voceiro, este non é un plan de infraestruturas xudiciais, parece ser un ja mi plin o Plan de infraestruturas xudiciais! ¡É tal cal! ¡É tal cal así! (*Aplausos.*)

Agradezo o apoio do BNG e de En Marea, pero a verdade é que hai unha cousa importante que se debe facer sempre, e é pisar o terreo. Vostede xa non é que non pise o terreo, senón que, ademais, confunde as reformas procesuais coas infraestruturas xudiciais, e unha cousa non ten nada que ver coa outra. É máis, como diría —píddolle permiso ao presidente—..., *¿qué tiene que ver el culo con las témporas?* Pois, tal cal, non teñen que ver absolutamente nada as reformas procesuais coas infraestruturas xudiciais (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), porque, se hai un funcionario máis ou menos ou se funciona con Lexnet ou sen Lexnet, non ten absolutamente nada que ver, (*Murmurios.*) nada que ver, con que haxa máis edificios xudiciais.

Este é o Xulgado número 3 de Tui. Estaría ben que vostede pisase o terreo, fose a Tui, xa que era o responsable na pasada lexislatura —non en toda, pero si unha boa parte— da Administración local, que fose a Tui, que é un concello —polo tanto, forma parte da Administración local—, e que fose ao Xulgado número 3 de Tui, provisional. Cando hai mercado, estaría ben que se Lola Flores tivese que comprar unha bata de cola pasase polo mercadillo para entrar nos xulgados e tivese que prestar declaración. (*Aplausos.*) Pero isto é indecente, ¡indecente! (*Murmurios.*) Este xulgado en concreto ten como moito 15 metros cadrados, hai cinco funcionarias traballando, non teñen aire acondicionado. Como ve vostede, hai unha porta, é todo acristalado. Cando no verán lles dá o sol, non teñen aire acondicionado e morren de calor alí dentro, e no

inverno morren de frío. Os testigos non teñen sitio para poder esperar, as maltratadas e os maltratadores non é que se relacionen, é que teñen un pasillo máis pequeno que estas escaleiras por onde soben os membros da Mesa. E, ademais, cando se detén a alguén que ten que ir prestar declaración, porque é un xulgado mixto de primeira instancia e tamén de instrución, os gardas civís teñen que esposar os detidos nos bancos que están na rúa, nese paseo onde se instala o mercadillo, porque non teñen onde metelos ata que prestan declaración.

Pois, curiosamente, Tui está sendo gobernado por un alcalde agora mesmo do Partido Socialista, que lle pediu, que lle está a ofrecer ao señor Rueda, un lugar para traslado dos tres xulgados, e vostedes —pode ser, pode ser, as casualidades eu sempre digo que existen— están esperando a que governe de novo o Partido Popular, ao mellor, para poder arranxar estes xulgados. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nós o único que lles pedimos é que, por favor, neste ano 2017, aproben e executen o Plan de infraestruturas xudiciais que tiña que ter sido rematado no 2015. Por certo, hai algo que tamén está ben que saiba: que a xurisprudencia e a lexislación dos maxistrados é enviada polo Consello Xeral do Poder Xudicial —non é a Xunta— e, en todo caso, a Xunta mándaa en castelán e non en galego. Está ben tamén que, de paso, haxa unha nova partida orzamentaria para traducila.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez e seis deputados/as máis, sobre a realización de xestións polo Goberno galego diante do Concello co fin de adoptar as medidas necesarias para evitar o peche do Centro de Información á Muller de Ponte Caldelas**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e outra emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araújo, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que garanta unha atención de calidade en todos os CIM de Galicia, dotándoos dos recursos materiais e humanos suficientes coa fin de evitar peches e incrementar o seu número».)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Que en uso das súas competencias exclusivas desenvolva un marco legislativo e económico axeitado para evitar o peche do Centro de Información á Muller do municipio de Pontecaldelas.*
- 2. Que no horizonte do ano 2020 cando menos o orzamento duplique o crecemento do orzamento xeral da Xunta de Galicia.*
- 3. Garantir que no horizonte do ano 2020 todos os concellos de Galicia de máis de 2500 habitantes teñan un CIM, e os que estean por debaixo desta cifra cando menos formen parte dun CIM de carácter mancomunado».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Traemos hoxe a este pleno unha proposición non de lei co fin de buscar unha posición unánime, de todos os grupos políticos, para defender a continuidade do Centro de Información ás Mulleres de Ponte Caldelas. E digo que agardo a unanimidade porque creo que todos os grupos defendemos os servizos de proximidade, os servizos no rural e os servizos que prestan os concellos, que, en definitiva, é a administración máis cercana á cidadanía, e máis se falamos de igualdade, se falamos de promoción da igualdade e se falamos de servizos que se prestan ás mulleres e, sobre todo, ás mulleres que teñen unha vulnerabilidade maior, que son as vítimas de violencia machista.

Foi no ano 1995 en Galicia, baixo un goberno do Partido Popular, presidido por don Manuel Fraga, cando comezaron a súa andadura os cinco primeiros centros de información á muller en Galicia. E a partir de aí, durante todos estes anos, o único que se fixo cos CIM foi abrir máis CIM e abrir máis CIM. Só houbo unha época onde estivo en perigo o peche dalgúns centros de información á muller. Sei que non lles gusta falar do Bipartito, pero foi naqueles anos do 2005 ao 2009. Foi naquel momento no que o Bloque Nacionalista Galego tiña unha dirección xeral e unha secretaría xeral de igualdade —porque unha non lles chegaba, necesitaban dúas— cando, ademais do macrochiringuito do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, abrían pequenos chiringuitos que se chamaban oficinas de I+B. Pero, lonxe de abrilas en lugares ou en concellos onde non había centros de información á muller para chegar a máis mulleres, para chegar a máis territorio, abrían aquelas oficinas de I+B nos mesmos

concellos que había centros de información á muller. As súas razóns e os seus motivos terían —algúns coñecémolas, pero hoxe non é ese o debate—.

Foi no ano 2009 cando entra a gobernar o Partido Popular que empezan, uns meses despois de tomar posesión o presidente Feijóo, a rexistrar na Cámara unha serie de iniciativas algunhas deputadas —que aínda seguen sendo deputadas— falando de que o Partido Popular ía pechar os centros de información á muller. E naquel momento tamén a Secretaría Xeral de Igualdade do Partido Popular, na súa orde de axudas a estes centros, introducía unha variable que era a de favorecer a estabilidade laboral das traballadoras dos centros de información á muller incrementando un pouco a subvención para aqueles concellos que lles deran máis estabilidade na súa contratación a estas mulleres. E foi daquela cando se montou unha revolución nos grupos da oposición, e comezaron a rexistrar iniciativas dicindo que se ían pechar os centros de información á muller, mandándolles correos electrónicos ás traballadoras dos CIM, dicíndolles que estaban á súa disposición porque o PP quería cometer unha aldraxe, quería pechar os CIM, e que iso non se podía consentir. Presentaban iniciativas como esta, rexistrada o 14 de outubro de 2009, asinada única e exclusivamente por Ana Belén Pontón Mondelo, que dicía: «A creación de servizos de información ás mulleres constitúe unha das liñas de actuación en materia de fomento da igualdade. Nunha nación como Galiza, cunha elevada dispersión poboacional, é necesario facer un esforzo para achegar estes recursos. Á altura do ano 2005 existían en Galiza 70 CIM acreditados, só no 22 % dos concellos galegos... ». Seguía, efectivamente, falando moi ben dos CIM. E preguntaba, entre outras cousas: «¿Que alternativas vai levar a Xunta de Galiza adiante para incrementar a cobertura dos servizos de información ás mulleres?». Tamén Ana Belén Pontón Mondelo, en xullo de 2010, moi preocupada por aquel tema, era cando lles mandaba correos electrónicos ás traballadoras dos CIM e lles dicía que ían pechar, e, bueno, foi aquel momento histórico que vivimos aquí neste Parlamento con intervencións moi duras sobre esa cuestión, e dicía: «O máis probable é que moitos centros de información ás mulleres pechen as súas portas. Estamos ante unha Xunta de Galiza que, por primeira vez desde que hai autogoberno, reduce servizos para as mulleres. O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera moi grave o intento de desmantelar os centros de información ás mulleres. Solicitamos, polo tanto, que a Xunta rectifique».

Pero non só o Bloque Nacionalista Galego, o Partido Socialista tamén presentaba moitas iniciativas e dicía cousas... Xa non está a compañeira Carmen Cajide —unha gran defensora da igualdade, coa que eu traballei a nivel profesional e recoñezo a súa valía neste ámbito—, que dicía: «As e os profesionais dos CIM son especialistas en axudar ás mulleres que están a ser maltratadas, tanto na resolución de cuestións legais como no asesoramento psicolóxico, sanitario e social». E dicía: «O Grupo Parlamentario Socialista entende que os CIM non poden ser obxecto de ningunha medida de aforro por tratarse dun servizo absolutamente imprescindible mentres a muller siga a ser vítima da violencia machista ou de calquera tipo de discriminación, como ocorre na actualidade».

E así multitude de iniciativas, señorías, con frases deste tipo. «A Xunta fixo pública unha orde que resultou prexudicial para as administracións locais, que afectou os equipos que prestan estes servizos, só por darlles estabilidade aos servizos». E facía preguntas como: «¿Ten coñecemento a Xunta de Galicia dalgún CIM que deixara de funcionar ou que estea



abocado a facelo por falta de recursos neste último ano? De ser así, ¿considera o Goberno galego que o peche ou posible peche está motivado polos recortes da Xunta de Galicia?». Ben, estes son exemplos dalgunhas desas iniciativas, e temos algunhas máis.

Ben, eu pregunto: ¿que pasou? ¿Que mudou para que agora nin sequera reciba ás traballadoras afectadas polo peche do CIM de Ponte Caldelas o Bloque Nacionalista Galego? De mandarlles... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ai, ¿o luns recibídelas? ¡Ah! Ben, está ben, está ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa, xa. Está ben, está ben que as reciban. Está moi ben que as reciban, señora Rodil, está moi ben, porque iso é coherente. Despois do que eu lles dixen aquí hai quince días, eu alégrome de que rectifiquen e de que reciban á xente, de que abran as portas dos seus despachos á cidadanía, á xente que quere falar con vostedes, *(Aplausos.)* aínda que sexa para criticalos, aínda que sexa para dicirlles que se están equivocando en Ponte Caldelas, que se están equivocando co Goberno socialista de Ponte Caldelas. Porque, miren, o tempo pon a cada un no seu sitio. A Xunta non só mantivo recursos, senón que os incrementou, e a Xunta non só mantivo os CIM que había daquela, senón que cada ano houbo máis centros de información á muller. E non só mantivo as axudas e as subvencións. Porque, mire, cando gobernaban vostedes, facíano a través de convenios. ¿Sabe o que significa o convenio? Menos transparencia, que os criterios non son obxectivos, porque están suxeitos á subxectividade, e agora vai por concorrencia competitiva. E, mire, vostedes o que máis gastaron, o que máis investiron en centros de información á muller foron 2,3 millóns de euros. Hoxe a Xunta de Galicia, que vostedes din que recorta, que non apoia a igualdade e que non inviste en igualdade e en prevención, o que gasta son 3,6 millóns de euros. As cifras non son opinables, señorías, as cifras son as que son, e entre 2,3 e 3,6 a diferenza é notable.

Pero, miren, vostedes están apoiando un goberno que... Eu xa lles contei a historia de Lola —que aquí hai xente á que lle gustan moito as historias persoais—. Lola, na véspera de Noiteboa, foi a ser atendida pola psicóloga do CIM de Ponte Caldelas, e resultou que a atendeu o alcalde de Ponte Caldelas. E díxolle aquilo de: «Cuéntame». E, claro, a vostedes parecíalles increíble, pero, miren, a min despois o alcalde de Ponte Caldelas deume a razón, porque saíu dando unha entrevista e dicindo que eu pouco menos que estaba mentindo e tal, que en realidade non atendera a unha, que atendera a cinco mulleres na mesma situación, ¡a cinco! Pero, claro, dixó tamén unha cousa moi grave. Dixó que esas mulleres non ían cun problema real, que ían manipuladas por alguén. Eu non sei se o alcalde de Ponte Caldelas se está sumando á teoría das denuncias falsas. Espero que iso non sexa así, porque sería moi grave.

Pero, miren, o alcalde de Ponte Caldelas dixó que pechaba o CIM porque non era sostible economicamente. Entón, contratou un servizo integral por 15.000 euros, unha asesoría xurídica, un día á semana, unha hora, á que pode ir calquera persoa do concello a facer unha pregunta de desafiuzamentos, de herdanzas, de alugueiros, de violencia de xénero...; calquera, a un servizo non especializado, e 15.000 euros. Pero, claro, agora enterámonos de que o alcalde de Ponte Caldelas di: «As mulleres de Ponte Caldelas disporán dun programa de *coaching* organizado polo Concello para rachar cos teitos de cristal e de cemento» —ben, o de cemento é unha novidade para estudar, e eu a verdade é que estudarei con moito interese este novo concepto—. Quince mil euros máis. E di que é pioneiro en Galicia. O que é pioneiro en Galicia é o peche dun CIM. É a primeira vez que pecha un CIM en Galicia. *(Aplausos.)* Iso

si que é pioneiro. E vostedes pretenden tapar esa vergoña. Levan xa gastados 30.000 euros, 15.000 na asesoría xurídica e outros 15.000 no *coaching*. Ben, está ben, ja ver a canto chegamos!

A Xunta de Galicia este ano deu ao Concello de Ponte Caldelas, en concorrencia competitiva, 27.000 euros de axuda para manter o CIM, máis mil douscentos e pico euros máis para a renovación de equipamentos, cunha orde de axudas para ese tema. ¿Que fan os socialistas — e os nacionalistas séguenos porque gobernan con eles—? Unha fuxida cara a diante. Entón, reúnen a todas as concelleiras da provincia de Pontevedra e din que agora a Xunta é a que ten que facerse cargo das competencias de igualdade, que é a Administración autonómica. Lémbrolles que cando se aprobou a Lei de racionalización, que pretendía que as competencias de servizos sociais pasasen á Comunidade Autónoma, puxeron o berro no ceo, e non lles saco aquí o lote de iniciativas que presentaron para dicir que as competencias...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...de igualdade as tiñan que ter os concellos. O primeiro que teñen que facer é poñerse de acordo consigo mesmos e dicir se as competencias de igualdade e de servizos sociais son dos concellos ou son da Administración autonómica. Mentres non se aclaren nese sentido, dificilmente poderemos chegar a acordos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Escoitada a exposición da señora Prado, só podo empezar lembrándolle unha cousa, señora Prado: o PP non é quen de dar leccións de igualdade ao Partido Socialista, nin o PP nin ningún. (*Aplausos.*) Traian a esta Cámara as veces que queiran este caso, de verdade, as veces que queiran, pero abstéñanse de dar leccións. Tingan o tema de cantas mentiras queiran, enchan cantas portadas lles deixen e fagan as fotos que estimen oportunas.

Díxoo a señora Rodil nesta Cámara o outro día, atoparon un caramelito, pero lembren que a nós tamén nos gusta o doce, gústanos moito. O problema do peche do CIM desta localidade ten unha explicación que vostedes insisten en evitar explicar, por iso, permítame dar luz ao asunto, xa que vostedes non teñen intención de facelo nin acaban de deixalo claro.

O que hai detrás deste peche é unha cuestión de índole laboral, xa o dixemos, e vostedes sábeno. Agora mesmo existe unha demanda das traballadoras deste centro, que reclaman os dereitos laborais que entenden adquiridos co tempo, atopándose o asunto en proceso de resolución.

Durante largo tempo o Concello foi advertido polos propios servizos de Intervención e Secretaría do Concello, con informes de reparo, mes a mes, sobre o carácter irregular dos pagos a estas traballadoras. ¿E saben cal foi a orixe desta situación? A responsabilidade destas contratacións está no goberno que vostedes exerceron durante anos neste concello e que deixaron en herdanza ao actual grupo de goberno. A raíz da demanda destas traballadoras, decídese primeiro resolver a reclamación e pospoñer —pospoñer, que non pechar— a continuidade do CIM ata o ano que vén, no momento en que volvan saír as axudas.

Polo tanto, a cuestión aquí é: ¿é o idóneo prescindir do CIM? Rotundamente, non. Pero contésteme á seguinte pregunta: ¿poden vostedes confirmar que poderán pagarse os salarios aos traballadores e traballadoras dos CIM de toda Galicia como para animar os concellos a que as súas contratacións non sexan por servizos? Vostedes saben que estes centros se manteñen coas axudas europeas que xestiona a Xunta e que distribúe en función duns requisitos entre os concellos solicitantes. ¿Poden vostedes comprometer a súa pervivencia no tempo? Claro, o idóneo sería pensar que estes servizos de traballadores puidesen sen asumidos nun futuro polos concellos, pero, cando estes son pequenos, como é o caso, ao que pode conlevar nun futuro, se esas axudas cesan, é á incapacidade de mantelos economicamente, e iso, sen dúbida, é o que obriga á prudencia actual e a ser responsables coas veciñas e veciños desta localidade. Esa responsabilidade é a que levou a que dende o día 2 de xaneiro no Concello de Ponte Caldelas se puxera en marcha un servizo integral de asesoría legal que atenderá as vítimas de violencia de xénero mentres non se reabra o CIM e que tamén servirá para asesorar de todo tipo de cuestións de índole social.

E falabamos antes do caramelo, que a nós tamén nos gusta, xa llo dicía, por iso é obrigado lembrar aquí que non as vimos preocuparse tanto cando durante anos no concello de Cambados, sendo vostedes grupos de goberno, co señor Cores Tourís como alcalde, o CIM que se abrira no 2001 funcionaba soamente de seis a oito meses ao ano durante anos, (*Aplausos.*) durante anos. ¿E por que? ¿Por que o facían? Porque alegaban non poder adiantar os cartos para os pagos dos profesionais? ¡Que curioso!, ¿non? Daquela, esta solución de peches continuos a vían axeitada. É máis, o señor Cores Tourís, a finais do 2008, prometía non volver pechar o CIM, e só un mes máis tarde destas palabras non só o volveu pechar senón que o señor Feijóo decidiu premialo nomeándoo delegado territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra. (*Aplausos.*) ¡Hai que ter soberbia para criticar agora o peche temporal dun CIM, de verdade!

Parece que vostedes viñeron hoxe aquí agardando unha especie de revelación do tipo de que dende o PSOE pretendemos desmantelar os CIM de Galicia. Iso, como comprenderá, non o van escoitar, non, non o van escoitar, porque vai en contra do noso ADN. Somos o partido historicamente máis comprometido co social, coa igualdade, coa dependencia, os impulsores de leis que supuxeron avances históricos neste país, e vostedes sábeno, mal que lles pese. Non pretendan agora subir a un tren que non lles corresponde. Nós, pola parte que lle toca á sociedade, encantados de que se suban, pero de aí a pretender pilotalo...

Polo tanto, reitero, si estamos de acordo en facer o esforzo de intermediar con este concello para o mantemento do CIM e en non ter que agardar ao 2018 para a súa reapertura. Pero isto non pasa só por solicitarllo poñendo en tea de xuízo o feito de que se fixo por capricho.

O que agardamos é que a Xunta, en uso das súas competencias exclusivas, desenvolva un marco lexislativo e económico axeitado para evitar o peche do CIM, deste e de todos os concellos nos que poida xurdir esta mesma problemática.

Por outro lado, se queren ser exemplo de algo, teñan a ben dotar de maior transparencia as súas partidas, destinadas a igualdade. É imprescindible para os concellos e para as organizacións sociais que traballan neste campo.

A seguridade, a continuidade dos orzamentos, é o que permite consolidar as políticas públicas no tempo. Non fagan enxeñería orzamentaria cambiando partidas dun programa para outro. Queremos transparencia; é un compromiso de crecemento das partidas adicadas á loita e protección contra a violencia de xénero que polo menos dupliquen a taxa de crecemento do PIB. Asuman este compromiso e poderemos empezar a falar de compromisos mutuos.

E, xa para rematar, permítame que bote en falla algo no seu discurso: non lles oín falar nada do resto de concellos de Galicia que a día de hoxe non teñen CIM. Preto de 200 concellos están carentes do mesmo. Poñan os seus esforzos en pór...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...a dispor das galegas un servizo de CIM.

Remato.

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Apoien as nosas emendas, que falan de compromisos e da capacidade de que o que reclaman para o caso de Ponte Caldelas poida ser de verdade mantido non só para este senón para todos os concellos de Galicia. Soamente nese caso apoiaremos a súa proposición; en caso contrario, optaremos pola abstención ante algo que entendemos non aporta solucións que favorezan a ausencia da medida...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Pasouse un minuto e medio xa.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...e que entendemos é o que os levou a traer este tema aquí.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Un minuto e medio pasouse.

Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quería reiterar unha vez máis algo que levamos dicindo moito tempo dende en Marea e dende outros grupos tamén. En algo estaremos fallando colectivamente e todos os esforzos serán poucos mentres haxa unha única muller que sexa asasinada, que sufra unha agresión sexual, que padeza desigualdade económica, laboral, ou sexa cousificada.

E tamén quería empezar por algo. Non me gusta cando se dan galóns ás organizacións máis feministas ou menos feministas. Eu creo que hai que recoñecer, en primeiro lugar, o movemento feminista, porque elas, este movemento, e o de todas as mulleres que levan loitando dende fóra das institucións, son as que realmente fan o traballo máis imprescindible. *(Aplausos.)*

Para nós por suposto que os centros de información ás mulleres constitúen unha peza fundamental na prevención, na detección e no apoio nos casos das violencias machistas, por iso afirmamos de novo que, por suposto, non podemos consentir que se peche ningún destes centros. E, neste sentido, presentamos unha emenda que entendemos que mellora a iniciativa que esperamos que acepten, que significaría dar un paso adiante, porque pensamos que debemos dar solucións a unha problemática que é xeneralizada dende unha perspectiva acorde; é dicir, debemos solventar o problema a nivel xeral para que isto repercuta en todos os concellos do país, e tamén, por suposto, en Ponte Caldelas.

Entendemos que a Xunta debería facer maiores esforzos na dotación dos necesarios recursos materiais e humanos nos centros que non poidan cumprir o seu labor e axudar a que non se peche ningún centro, e incluso a que se traballe coa perspectiva de ir abrindo novos centros. Xa moitas veces dito, existen 80 CIM en Galicia. A nós parécenos unha cifra totalmente insuficiente, ou mesmo o CIM atende en ocasións a máis de sete concellos coas dificultades de acceso e de desprazamento que isto conleva.

Para nós non se trata con esta cuestión de descargar unicamente a responsabilidade nos gobernos municipais, tendo en conta que as competencias sobre esta materia lle corresponden á Xunta. Iso non quita que, por suposto, os gobernos municipais deben tamén ter como prioridade absoluta o mantemento destes centros.

Pensamos que para darlle solucións á problemática que afecta, como dicía, moitos CIM que describen moitas traballadoras e moitas usuarias de Ponte Caldelas, pero tamén doutros centros, debería elaborarse un estudo exhaustivo da situación na que nos atopamos para poder elaborar un plan que reforce, amplíe e garanta este servizo de atención tan básico nun momento de repunte das violencias machistas.

E, como xa comentaban, un dos problemas que máis se repite en numerosos CIM —tamén no de Ponte Caldelas— é a precariedade laboral, que continúa a ser preocupante, cunha alta taxa de contratos a tempo parcial, incluso contratos fraudulentos, segundo ratifican numerosas sentenzas xudiciais. Isto, por suposto, non pode seguir sendo así. Neste tema existen situacións de desigualdade nos diferentes CIM, dependendo de cada concello, pero nós entendemos que a nosa medida debería ir enfocada a mellorar a todos os concellos do país e a todos os centros.

As condicións laborais non son as adecuadas e urxe modificar o marco legal que vincula moitos dos postos de traballo a subvencións que se outorgan con carácter anual. É preciso que se convoquen as oposicións que corresponderan, xa que hai persoal que leva moito tempo traballando nesta situación pendente, ano tras ano, da concesión da subvención, coa inseguridade que isto conleva.

Por iso, para evitar que se dean situacións como as do CIM de Ponte Caldelas, débese traballar tamén coa perspectiva de mellorar a coordinación, a cooperación e o traballo conxunto da Xunta de Galicia cos concellos, independentemente da súa cor política, porque cando se trata de atender esta problemática tan grave temos que poñer por diante a colaboración e non podemos parcelar e segmentar.

Reforzar a rede dos CIM debería constituír un obxectivo fundamental para calquera política de igualdade. Esta rede non debería estar suxeita a vaivéns de cambios de goberno municipais ou loitas entre partidos, senón que debería de funcionar como un verdadeiro servizo autonómico, permanente, dirixido a todas as mulleres deste país, en pé de igualdade, independentemente de onde vivan.

Por iso lles pedimos que voten a favor da nosa emenda, porque entendemos que sería o comezo de demostrar que os movern os intereses das mulleres e non os réditos partidistas, porque pensamos que se está empregando este tema do CIM de Ponte Caldelas dun xeito..., bueno, con certo cinismo, porque, como dixo xa a deputada do Partido Socialista, mentres defenden aquí a igualdade con grandes palabras, están recortando os partidas orzamentarias.

Vostede falou de números. Eu xa rematei a miña intervención, pero hai moitas partidas, como as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situacións de especial vulnerabilidade, que en 2017 son un 20 % menos que en 2016.

Entón, como non dá tempo, porque non é hoxe o tema da intervención, eu pediríalles que se realmente teñen un compromiso coa desigualdade, para loitar contra as violencias machistas, acepten a nosa emenda. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Graciñas.

Nós imos intentar manter un debate sosegado, imos intentar non baixar ao terreo enlameado —eu creo que xa o teño dito noutras ocasións— no que vostede está instalada e ao que nos quere levar a todas. Nós non imos entrar nesa vehemencia, ímolo deixar aí. E, ademais, lamentamos profundamente —e creo que xa o temos dito aquí en máis ocasións cando este tema saíu no debate— que se estea a utilizar o CIM de Ponte Caldelas e a situación na que se atopa para lanzar acusacións moi graves e falsas, mais sobre todo que non se teña amosado ningún interese, como acaba de comentar a compañeira do Partido Socialista, cando o

que se pechaba e abría e aparecía e desaparecía como o Guadiana era o de Cambados; tamén é verdade, claro está, que alí gobernaban vostedes.

A posición inicial —e á espera tamén de que vostedes se posicionen a respecto das emendas dos demais grupos— será a abstención, e absterémonos porque o uso político que o Partido Popular está a facer deste asunto non ten nada a ver coa realidade dos CIM na Galiza, e eu creo que a súa exposición inicial, a súa intervención inicial, acaba de deixalo claro máis unha vez, nin a respecto do modelo de financiamento dos CIM, nin da situación que atinxirá estes servizos a partir de 2020 coa desaparición do Fondo Social Europeo, no que se basean as súas subvencións, nin do incremento das competencias que lle son propias a partir da reforma do ano 2016, coa que teñen a obriga de asumir todo o que ten a ver co tratamento do colectivo LGTBI, nin coa realidade financeira dos concellos galegos, nomeadamente daquelas entidades locais con menos de 10.000 habitantes.

Vostede sabe igual ca min que o CIM de Ponte Caldelas é exclusivo para o concello nas mesmas condicións que o de Vigo, Pontevedra, Vilagarcía ou A Estrada, por exemplo, que teñen unha maior densidade poboacional.

Desde o BNG entendemos que o caso de Ponte Caldelas o que pon enriba da mesma é a necesidade de debatermos en sentido amplo sobre o servizo e o seu modelo de xestión, partindo da base de que é unha ferramenta indispensábel que debe ser garantida mais non usada coma unha arma arreboladiza.

O BNG, ademais de apoiar o traballo desenvolvido durante estes dez anos polas traballadoras do CIM, como se lles trasladou e como recollen as propias actas municipais, mantén o seu compromiso de garantir que este servizo funcione e que continúe funcionando a longo prazo; algo que virá condicionado, como é lóxico, pola decisión xudicial que resolva o contrato laboral das traballadoras; lémbrolle que prorrogado —como xa se fixo aquí con anterioridade— até decembro de 2016 irregularmente polo Partido Popular, en contra mesmo do criterio da interventora do concello que amosaba o seu reparo mes a mes.

Se as cousas se tiveran feito doutra maneira durante dez anos, quizais non estaríamos hoxe nesta situación. A situación é certo que nin é a desexable, nin é a acaída, mais a atención tamén é verdade que está garantida. Nós defendemos unha solución de futuro para o centro de Ponte Caldelas pero tamén para os centros de información para mulleres do conxunto do país, non improvisada. E así o defendemos, ou así o defenderemos, no marco da ponencia aberta na Comisión de Igualdade —lémbrolles logo dun acordo unánime, precisamente desta Cámara e instado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego—, porque cremos que debe darse un debate amplo, non particular e, sobre todo —repito—, sosegado. Defenderemos unha solución para o conxunto dos CIM do país que garanta a permanencia deste servizo fundamental mesmo cando poidan darse por finalizados os fondos sociais e europeos nese Horizonte 2020. Pero tamén procuraremos viabilidade para estes CIM e mesmo a posíbel ampliación do servizo ao conxunto do mapa do país. Eu teño dito en máis dunha ocasión que a Montaña de Lugo está absolutamente deserta destes centros mais, sobre todo, teño dito que non se deixen en solitario os concellos coa xestión deste servizo, independentemente dos recursos económicos que teñan ou do seu tamaño poboacional.

Esa é a tarefa, desde o punto de vista do BNG, que corresponde a este Parlamento: ter unha visión de país, non quedarmos única e exclusivamente co caso particular, non con outros cando non interesa, pero, sobre todo, buscar unha solución de futuro para garantirmos a supervivencia dun servizo —repetimos— indispensábel e fundamental para a atención das mulleres do noso país.

E simplemente porque, mire, quédanme vinte e dous segundos e vostede xa me instou a que acumulase e gastase todo o tempo. Vémola moi interesada e moi preocupada pola axenda dos encontros sectoriais do Bloque Nacionalista Galego, anunciámoslle que lle preparamos unha cadeira a carón de Manuel Anxo para que poida xestionala.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario autor da proposición, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, presidente.

Señora Pierres, as leccións non se dan, as leccións recíbense. ¡Alá cada un!, se recibe leccións, será porque igual as precisa ou as necesita. (*Aplausos.*) Eu non veño aquí darlle leccións a ninguén.

Vostedes están falando sempre do «carameliño» do CIM de Ponte Caldelas. A verdade é que a min isto paréceme un asunto suficientemente serio como para que falen dun carameliño. O peche do CIM de Ponte Caldelas non é un carameliño, é unha liña roxa que non deberon de cruzar nunca, porque por aí se comeza. Porque cando vostedes pechan o CIM de Ponte Caldelas, poñen por diante outros intereses diferentes aos intereses das mulleres de Ponte Caldelas, e poñen por diante intereses... E vostede mesma o acaba de recoñecer aquí, ao igual que a señora Rodil, cando di que isto é un conflito laboral e que no ano 2018 volverá abrir o CIM. ¿Sabe como se chama iso? Fraude. E os que somos xuristas e entendemos un pouco de dereito laboral sabemos que iso é unha fraude, porque suprimen o servizo para que no xulgado as cousas pinten doutro xeito. ¿Verdade que si, señora Pierres? Por tanto, non nos traquen de enganar, que aquí de tontos non temos un pelo. Se vostedes queren enganar a cidadanía de Ponte Caldelas, ¡alá vostedes! Se lle queren dicir que para manter o servizo de igualdade lle van subir os impostos, ¡alá vostedes! Porque xa levan gastados 30.000 euros en menos dun mes. E ¿que lle van dicir á cidadanía de Ponte Caldelas?, ¿que lle van subir os impostos para pagar ese *couching* para romper o teito de cemento? Bueno, ¡alá vostedes! (*Aplausos.*)

Miren, a implantación dun Centro de Información á Muller é unha cuestión de vontade política, señora Pierres. Porque, mire, vostede como alcalde pode elixir contratar un arquitecto ou contratar unha avogada para o Centro de Información á Muller. É así de sinxelo, é unha cuestión de vontade política. E dígame un só concello de Galicia que solicitase á Secretaría Xeral de Igualdade a acreditación como CIM e que lla denegasen, un só, señora Pierres. Se non hai máis é porque os concellos non o solicitan.



En canto á estabilidade laboral, dírelle que eu, como traballadora de centros de información á muller en concellos gobernados polo Bloque Nacionalista Galego e con concelleiros e concelleiras do Partido Socialista, tiven contratos moito peores dos que teñen ou tiveron as compañeiras de Ponte Caldelas, e igual ca min moitísimas compañeiras que, efectivamente, tiñan contratos moi precarios. Pero precisamente por iso a Xunta de Galicia, cando entrou no ano 2009, estableceu unha orde para... Como lle acabo de explicar —que non sei se o entendeu ou non o entendeu—, non pretendía dar unha lección, simplemente pretendía explicarlle que a Xunta de Galicia valoraba nas subvencións un incremento para aqueles concellos que daban maior estabilidade ás súas traballadoras. Houbo concellos que así o fixeron e houbo concellos que non, pero esa é unha responsabilidade do concello.

E en Cambados non pechou o CIM, non mintan, o que se fixo foi mancomunalo para chegar a máis concellos. En 2012 había dous centros conxuntos que atendían dezaseis concellos e hoxe hai trinta que prestan servizo a cento dezasete municipios. Esa é a diferenza, señorías.

Señora Quinteiro, non se reduciu a partida para vulnerabilidade, segue manténdose a mesma, 1,7 millóns de euros; non pode vir aquí dicir iso. E as competencias en materia de igualdade, lea o artigo 25 da Lei de bases de réxime local... E se agora queren mudar e dicir que as competencias de igualdade e de servizos sociais as ten que asumir a Xunta, díganlo claramente, porque levan dous anos arremetendo aquí contra o Goberno porque se pretendía facer o contrario. E mesmo eu fun a poñente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...dunha lei de racionalización onde cambiamos e mudamos, e en Galicia dixemos ben claro que as competencias dos servizos sociais quedaban nos concellos, que é a administración máis cercana aos cidadáns. E vostedes estaban totalmente de acordo.

¿Que pasa?, ¿que a señora Carmela Silva agora pretende liderar como feminista de hojalata que é (*Murmurios.*) outra cuestión para defender o alcalde de Ponte Caldelas? Pois que o diga alto e claro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

As emendas, sobre as emendas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Sobre as emendas, imos aceptar a emenda de En Marea como engádega e non podemos aceptar a emenda do Partido Socialista, porque para iso xa temos á señora Carmela Silva, para defender o indefendible.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, bueno, o tempo xa sabe vostede que está compensado para todos, (*Murmurios.*) xa sabe que despois nas preguntas temos que ser máis estritos, é o que pasa, xa coñecen o Regulamento do Parlamento.

(Un señor deputado pide a palabra.)

**O señor PRESIDENTE:** Perdón. ¿Para que quere a palabra? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? Non, pero a señora Prado manifestou que lla acepta como engádega, non como substitución; como engádega, xa o matizou ela na súa intervención.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coas votacións.

Votamos en primeiro lugar a Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez.

Hai unha transacción á que chegaron co Grupo Parlamentario de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego que nos fixeron chegar aquí e se quere lela son catro puntos.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Podo lela se quere, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Si, si.

**O señor TORRADO QUINTELA:** A pesar de todo, o Grupo Popular non quixo falar de ningunha emenda, pero leo a parte unha e as dúas propostas que levamos na emenda:

«1. Impulsar un plan inicial de reversión do copago farmacéutico que comece por asumir por parte da Administración o custo dos medicamentos para as e os xubilados con pensións inferiores a 800 euros ao mes. Establecer un calendario de medidas que avance progresivamente na eliminación do copago sanitario para as persoas pacientes do Servizo Galego de Saúde que se viron afectadas polo Real decreto 16/2012, retornando á situación previa antes da aplicación deste.

2. Estudar a posibilidade de asumir por parte da Administración o custo dos medicamentos para as persoas con rendas inferiores ao salario mínimo interprofesional.

3. Dirixirse ao Goberno de España e reclamar a derogación do Real decreto 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sostibilidade do sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.

4. Tomar as medidas necesarias para evitar o efecto da aplicación do Real decreto 16/2012 en Galicia mentres non sexa derogado polo Goberno de España.»

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre o impulso polo Goberno galego*

*dun plan inicial de reversión do copagamento farmacéutico, así como o establecemento dun calendario de medidas para a súa eliminación, de xeito progresivo, para os doentes do Sergas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto transaccionado.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo.*

*Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea, e non foron aceptadas as outras emendas.*

*Votamos.*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a adecuación dos coeficientes redutores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 4; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández.*

*Hai unha transacción á que chegaron co Grupo Parlamentario do Partido Socialista de Galicia.*

*Se quere lela, señora Solla, é súa. Se non, léoa eu:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a derrogar a Lei 1/2012, e repor completamente o V Convenio colectivo único, mantendo o contido do artigo 4.1.3, co instrumento normativo axeitado.»*

*Votamos, polo tanto, isto.*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materia do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o V Convenio colectivo único.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa causa iniciada por mariñeiros pertencentes á asociación Long Hope nos tribunais de Noruega para o recoñecemento do seu dereito a percibiren dese Estado as súas pensións de xubilación.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo.

Hai unha transacción cunha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que xa foi lida aquí. ¿A transacción foi lida ou non? Foi lida e xa a coñecen todos vostedes.

Entón, votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos depósitos de pneumáticos usados existentes en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 37/2006 para evitar a precariedade laboral na que se atopa o persoal contratado para o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais por tres meses ao ano.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e D. Juan Manuel Díaz Villoslada.*

Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a avaliación polo Goberno galego dos investimentos e das infraestruturas xudiciais en Galicia, así como a execución na súa totalidade, no ano 2017, do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *E, por último, votamos a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez.*

Foi aceptada como engádegas a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** *Perdón, nós non aceptamos que sexa como engádegas.*

**O señor PRESIDENTE:** *¿Entón? Bueno, ela aceptoulla como engádegas. ¿Vostede quere que sexa de modificación? Supoño que non lla acepta. Pois, como non lla acepta, entón votámola sen a emenda, votámola tal e como está. (Fortes protestas.)*

*Bueno, é o que hai. (Protestas.) Claro, votamos. ¿Que lle imos facer? (Fortes murmurios.)*

Votamos sen emenda. (*Murmurios.*)

Votamos. (*Fortes protestas.*)

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez e seis deputados/as máis, sobre a realización de xestións polo Goberno galego diante do Concello co fin de adoptar as medidas necesarias para evitar o peche do Centro de Información á Muller de Ponte Caldelas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 33.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Abrimos as portas e continuamos co debate. Porque agora temos que tramitar, como se comunicou onte, unha pregunta, a de D. Raúl Fernández Fernández e tres deputados/as máis do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

Cando queira.

**Pregunta de D. Raúl Fernández Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as consecuencias da anulación da licenza de obras de uso hoteleiro no castelo de Monterrei no contrato de explotación con Paradores de España**

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, como sabe vostede ben, eu son veciño da comarca de Monterrei. Unha comarca que tivo e que ten o seu particular faro, icono ou referente que nos identifica, e polo que nos identifican, na comarca, na provincia, na comunidade autónoma, en España e incluso no mundo: o castelo de Monterrei.

Simplemente para situarnos en contexto, dous datos históricos. Debemos lembrar que a fortaleza-pazo da acrópole de Monterrei foi construída no século XII por Alfonso Enríquez, que máis tarde foi rei de Portugal; e outro dato importante, en Monterrei imprimiuse o primeiro incunable de Galicia, o coñecido *Misal*, que leva o seu propio nome.

Hoxe a acrópole ten un recoñecemento xeneralizado, é unha das máis grandes e significativas de Galicia, foi declarada monumento nacional en 1931 e na actualidade está catalogada como ben de interese cultural coa categoría de monumento.

Para a veciñanza de Monterrei a acrópole de Monterrei é a historia do noso pasado, é o orgullo do noso presente e aspirabamos a que fora a esperanza e futuro, a nosa historia viva. Entenderá, pois, que estas realidades e ilusións compartidas forman parte da vida diaria da veciñanza; é algo noso, con el compartimos as alegrías e tamén as penas.

Alegrámonos da cesión feita polo Estado á Xunta de Galicia en 2009. Alegrámonos tamén pola aceptación da Xunta de Galicia deste ben no ano 2010 e alegrounos tamén a proposta inicial da elaboración dun plan director. Lamentablemente, a partir deste acto todo foron penas. O seu novo titular, a Xunta de Galicia, en mans do Partido Popular, leva seis anos agredindo a fortaleza de Monterrei. E agredindo, polo tanto, a viva historia desta comarca e a viva historia dos veciños e veciñas da súa comarca, agredindo tamén a cultura e o patrimonio e a veciñanza en xeral. O último capítulo deste despropósito coñecémolo en outubro do 2016: o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anula o permiso de obra para converter en hotel o castelo de Monterrei. Por iso e as repercusións que iso pode ter...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández. Formule a pregunta, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...facémoslle a pregunta no día de hoxe...

**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta. ¿Xa a formulou?

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** A pregunta é: ¿que consecuencias ten para a Xunta de Galicia a anulación da licenza de obra de uso hoteleiro no castelo de Monterrei no contrato de explotación con Paradores de España? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, son perfectamente consciente de que vostede é veciño desa comarca e que coñece, mellor ca min seguro, toda a contorna, por suposto, o conxunto arquitectónico e a súa historia. Eu creo que coñecemos igual de ben, en cambio, todos os trámites que se foron producindo dende que, efectivamente, no ano 2009 o Estado lle cedeu á Xunta de Galicia todo o conxunto de Monterrei, o conxunto arquitectónico, e a Xunta de Galicia aceptou —como vostede recordaba— un ano despois. E non podemos estar de acordo con que o levamos agredindo seis anos, todo o contrario —na miña opinión e creo que na opinión de moita xente— e, por suposto, non aos veciños da comarca, nin sequera ao conxunto arquitectónico, o que estamos facendo é poñelo en valor, garantindo, ademais, o disfrute dos veciños.

Eu téñolle que recordar —eu creo que xa o fixen porque non é a primeira vez que vostede fai unha pregunta e eu lla respondo sobre este tema— que na proposta que tiñan vostedes o 83 % da superficie do recinto era para uso empresarial e/ou privado, e só o 17 % era para uso público; exactamente o contrario do que se está producindo agora e da proposta da Xunta de Galicia.

Non hai grandes novidades respecto da situación da última vez que vostede fixo unha pregunta. Iso si, si que hai unha novidade, loxicamente ten vostede razón, hai unha sentenza que anula a licenza de obra que deu o Concello de Monterrei. Pero tamén sabe vos-

tede que despois tivo lugar a anulación do Plan Xeral do Concello de Monterrei, co cal volvemos ás normas subsidiarias. E nas normas subsidiarias, esa limitación na que se basea a sentenza —de superficie e de número de habitacións— que existía no plan xeral, nin sequera existen normas subsidiarias, co cal a obriga da Xunta de Galicia agora é volver solicitar a licenza ao abeiro da normativa que está vixente, e non estaría esa limitación. Dígollo porque vostede me pregunta directamente sobre que consecuencias se poden derivar a raíz desta sentenza co contrato que hai con Paradores Nacionales de España. Bueno, pois simplemente haberá que pedir a licenza ao abeiro da nova normativa, de nós non depende, nin sequera dependía a licenza que deu o Concello de Monterrei, dende logo, na anulación do Plan xeral. A situación é a que é, e a Xunta de Galicia o que ten que facer agora é solicitar nova licenza.

Decidirán os tribunais, oia, igual que decidiron. Dígoo porque non se está facendo ningún uso incompatible con aquilo que está autorizado pola norma. Sabe vostede que a Audiencia Nacional no ano 2014 ditou sentenza tamén dicindo que as actuacións propostas pola Xunta de Galicia se axeitaban perfectamente á Orde do Ministerio de Facenda e, polo tanto, se estaba cumprindo perfectamente a compatibilidade entre o uso e desfrute dos veciños e veciñas non só desa comarca senón de todos aqueles que se queiran achegar —26.000, por certo, no pasado ano, 26.000 contrastados— e os usos hoteleiros que se fixeron logo dunha inversión cuantiosa para garantir a sostibilidade de todo o recinto.

Polo tanto, esta é a situación e esta sentenza...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...polo menos non incide para mal no contrato que hai con Paradores de España. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Bueno, é verdade que hai unha anulación e é verdade que hai que pedir nova licenza, pero é verdade que tamén teñen que pedir a nova licenza cun proxecto novo, e coa situación de anulación do Plan xeral de Monterrei non sabemos as consecuencias que pode ter. Eu creo que nin vostede tampouco sabe as consecuencias.

En todo caso, falando do fundamental, e o fundamental fai referencia a dúas cuestións: primeiro, nunha resposta escrita a este deputado díselo: «a fortaleza de Monterrei é considerada a acrópole máis importante de Galicia». E a outra reflexión, a outra declaración que fai o propio presidente da Xunta, que ademais a fixo no parador e referente ao novo: «non imos ter un parador calquera, imos ter un parador singular». É verdade que é singular, direi ao final por que é singular.



Con respecto ao uso público. Mire vostede, no contrato de cesión a Paradores cédense os seguintes inmobles: pazo dos Condes e torre das Damas, 548,78 metros cadrados para aloxamento; casa reitoral, 320,57 metros cadrados tamén para aloxamento; cuartel de infantaría, para hospedaría e restauración, 159 metros cadrados. Total, 1.028,44 metros cadrados, iso é o 88 % dos inmobles cedidos. Con iso, señor Rueda, é imposible levar a cabo o destino inicial ao que estaba destinada a fortaleza. Lémbrollo: destinada como centro de divulgación, innovación e promoción da moda, o viño e as augas medicinais da comarca; restauración e musealización dos edificios e arquivo das tradicións da fronteira e pobos próximos. Cunha cesión do 88 % onde se ía instalar iso...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...concluirá comigo que é imposible levar a cabo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...o destino inicial.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** É dicir, o destino final o que fai é impedir o destino inicial.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

Turno de peche. Señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Señor Fernández, vostede preguntame cales son as consecuencias, non as sei, a día de hoxe ese contrato segue en vigor. Vostede di que non as sei, eu dígolle que ás probas me remito. Ese acordo con Paradores segue en vigor e o que hai que facer, efectivamente —xa sei, e creo que iso o sabe todo o mundo—, para obter nova licenza haberá que presentar un proxecto, pois é o que faremos e acollerémonos ás normas subsidiarias que agora están en vigor. E vostede estará de acordo comigo en que, na anulación dun plan e na entrada en vigor de normas subsidiarias, non ten responsabilidade a Xunta de Galicia, o que terá é que adaptarse a esa nova situación.

Respecto dos usos, vexo que non lle causou... creo que é unha cousa para celebrar. Oia, que 26.000 persoas se achegaran o ano pasado, comparadas coas que se achegaban antes de que se empezara a actuar no recinto, creo que iso denota é que é atractivo para moita xente. Oia, diso se trata: de traer visitantes, de traer riqueza para a comarca e de poñer en valor un conxunto arquitectónico que, efectivamente, o ten por si mesmo pero que era necesario desenvolverlo para que fora atractivo para moitísima xente. É que niso consiste o desenvolvemento turístico, e niso consiste cumprir as obrigas por parte da Xunta de Galicia.

Respecto do axeitamento ou non, eu vólvolle dicir, vostede non descoñece, coñece perfectamente —estou seguro— a Orde do Ministerio de Facenda do 27 de xuño de 2014, onde establece —e leo taxativamente— cales son as condicións de uso do inmovible e, entre elas, incluía a promoción do turismo a través de actuacións concertadas coa Administración turística estatal e iso foi ademais o que rectificou despois a Audiencia Nacional. Polo tanto, estamos cumprindo a normativa, señor Fernández. Un dos recorrentes foi o agora alcalde de Verín e non lle deron a razón nese recurso, será que non a tiña, se non supoño que os tribunais lla terían dado. E, polo tanto, o que se dixo é que a Xunta de Galicia estaba actuando axeitadamente na posta en valor dese recinto non só coas obras con destino a parador nacional, senón tamén coa adecuación de toda a contorna, que é moito máis que iso e vostede sábeo perfectamente.

Eu vólvolle dicir, nese plan de usos que tiñan vostedes —tampouco é un plan director— e que se elaborou mesmo case tres anos antes de saber se se ía ter a cesión ou non, falábase de que as posibilidades son moi amplas, só estarían limitadas ao necesario respecto polos valores culturais, e falábase de uso residencial, vivenda privada ou pública, hostaleiro privado, comercial, industrial... todo iso permitíase no 83 % da superficie. Creo que é moito máis respectuoso o que fixo a Xunta de Galicia e, se fixera falta algunha proba, na miña opinión, que 26.000 persoas visitaran o recinto o ano pasado —esperemos que sexan moitas máis este ano—, que houbera un programa de posta en valor —Veráns no castelo—, 2.000 persoas especificamente asistindo a iso, cumprindo ademais o compromiso de darlle un valor específico dende un punto de vista turístico a ese recinto. Creo que as cousas se van facendo ben e se van poñendo en valor.

Diso a dicir que non se respecta ese destino inicial do castelo de Monterrei hai unha gran distancia. Non podo estar de acordo, e 26.000 persoas tampouco o están.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata ás dezaseis horas e trinta minutos.

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para continuar a sesión da tarde, empezamos coas interpelacións.

**Interpelación de D. Antón Sánchez García e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de pobreza enerxética**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez García, do Grupo Parlamentario de En Marea.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes.

Non sei que teñen estas horas, pero trataremos de levantar os ánimos. ¿Non sei se hai quórum?

Boa tarde, señor conselleiro.

Neste último mes concentráronse varios feitos que son evidencias da gran estafa e do roubo que é o sistema eléctrico neste país e co cal vostedes son coniventes e colaboradores. Evidénciase o roubo a gran escala á xente, o espolio a galegos e galegas permitido por gobernos do Estado e da Xunta que teoricamente deberían de defender os intereses xerais da maioría das persoas. Estes feitos que se concentraron no último mes son ese incremento espectacular dos prezos da luz, xusto nas épocas onde máis o necesita a xente para quentarse e para estar na casa no frío inverno; uns incrementos espectaculares para maior gloria e beneficio das grandes empresas eléctricas do oligopolio.

Outro feito que cadrou hai pouco: o nomeamento do señor Arsenio Fernández de Mesa como conselleiro do Consello de Administración de Rede Eléctrica Española —eu non sei se a vostede isto lle parece ben, lle parece mal ou non lle parece—, cobrando 150.000 euros anuais. Non sei isto que valoración lle pode levar a facer a vostede.

E despois tamén coincidiu un temporal hai poucos días neste país; un temporal, por outro lado, previsible e que provocou cortes de subministración eléctrica a unhas 500.000 persoas en Galiza, a 50.000 delas durante varios días. E tamén lle quería preguntar, aínda que non está na interpelación: xa que o señor Feijóo non quixo vir comparecer, ¿que opinión lle merece tamén que neste país haxa xente que no rural poida estar tres, catro ou cinco días sen subministración eléctrica, cos conseguintes prexuízos económicos e persoais, que os hai, e variados? Non sei se pensa que vostedes fixeron ben o traballo, non sei se pensa que fixeron ben ese traballo diante dun monopolio natural, que é o de Gas Natural Fenosa neste país no servizo de distribución eléctrica. Un monopolio natural onde é imposible xerar esa competencia e no que a única defensa dos usuarios é que haxa un goberno que exixa e que controle esta empresa para que faga os labores de mantemento e de reparacións e manteña un persoal que coñeza ben a zona, que coñeza ben as instalacións, que coñeza ben o traballo. Ese é o seu papel. E polo que vimos, polos resultados que vimos, vostedes non xogaron ese papel. E os usuarios, os galegos e galegas, sobre todo no rural, quedaron indefensos. É intolerable.

De todas todas, é intolerable que neste país houbese xente que estivese tres, catro ou cinco días sen subministración eléctrica, cando sabemos que estas empresas cobran nas facturas da luz de todo o mundo cantidades millonarias anuais, en teoría para facer ben o seu traballo. En cambio, o que fan é embolsar ese diñeiro, non facer os labores de mantemento, subcontratar, despedir a xente, precarizar, poñer a traballar neste país a xente que nin sequera é deste país e que non coñece as zonas, etc. E vostedes permitiron todo iso. Vostedes no 2009 lle chamaron ao Goberno bipartito, en circunstancias similares, inepto, incapaz e pasivo. E, entón, se acaba de pasar o mesmo, vostedes son ineptos, incapaces e pasivos. Eu diría máis, son colaboradores con esta situación.

E todo isto, señor conselleiro, nun país que exporta practicamente 1 de cada 3 megavatios dos que produce, moitos deles producidos con fortes impactos ambientais. No 2015 Galicia

produciu aproximadamente 29.000 xigavattios/hora e consumiu 19.000. O resto foi para outras zonas do Estado e de Portugal para que outras persoas se beneficiasen desta subministración eléctrica, pagando os mesmos prezos que pagan os galegos e galegas que soportan eses impactos.

E nese país que é excedentario, nese país que soporta eses impactos ambientais pola produción eléctrica da que non se beneficia, tamén vemos que, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, é a segunda comunidade autónoma con máis nivel de pobreza enerxética, só por detrás da Comunidade Autonómica Valenciana, e cun 15,4 % dos fogares en situación de pobreza enerxética. Non sei, como conselleiro dun goberno deste país, que opinión lle merece isto. ¿Para que estamos a producir enerxía se, en cambio, non nos beneficiamos desa produción?

Pobreza enerxética. Bueno, o que hai en realidade é pobreza. Esta é unha manifestación máis da pobreza. O mesmo que dicimos para os desafiuzamentos dicímolo para isto que se chama pobreza enerxética. Aumentou a pobreza. Neste país hai moita xente que non ten para vivir e hai moita xente que non ten para pagar a luz, que non ten para pagar a vivenda ou que non ten apenas para pagar a alimentación. Non é casual, non é unha cuestión que se poida solucionar con maquillaxe. É unha cuestión estrutural dese modelo ao que nos queren levar e que queren que digamos que xa é o da recuperación e o da consolidación, que é o modelo da desigualdade. Non sei se lle parece ou non normal que se dean estes datos de pobreza enerxética, é dicir, que haxa xente que non ten diñeiro para pagar a factura da luz, cando temos en Galicia 118.000 pensionistas que teñen pensións inferiores a 300 euros ao mes, segundo os datos da Rede galega contra a pobreza, e 350.000 que teñen entre 300 e 650 euros de pensión, é dicir, 470.000 pensionistas que teñen un nivel por debaixo do umbral da pobreza; ou que, por exemplo, o 10 % dos asalariados, que son uns 90.000 ou 100.000 persoas, non superen os 434 euros ao mes; ou que haxa 70.000 fogares onde todos os membros están en paro ou onde haxa aproximadamente 100.000 persoas que levan máis de dous anos sen atopar traballo. Con esas cifras é normal que haxa un nivel de xente enorme neste país que non poida pagar a factura da luz.

Por outro lado, outro dos factores que inflúe é o prezo da electricidade, un dos prezos de consumo doméstico máis caros do Estado europeo nunha suposta liberalización que o único que fixo foi entregar o control público ao control dunhas poucas empresas —un oligopolio, nada de liberalización—; foi entregarlles todo o poder e desarmarnos como sociedade e, polo tanto, permitir abusos como que fagan que, desde esa liberalización, se duplicara o recibo da factura da luz.

E, ante iso, vostedes enfocan este problema coma se fose un problema menor, coma se fose un problema conxuntural, superficial e actúan só mediante medidas que tentan ser paliativas. Eu creo que son máis ben propagandísticas, con moi pouca dimensión para o problema do que estamos a falar.

Vostedes teñen dúas axudas para paliar a pobreza enerxética —xa non falamos da cuestión estrutural, da pobreza que crean...—, teñen dúas liñas de axudas: a do ticket social eléctrico, para a que destinan inicialmente un orzamento de 793.000 euros, e a das axudas urxentes de tipo social para evitar os cortes de subministración da luz.

É a todas luces insuficiente, señor conselleiro, a todas luces insuficiente. Miren, o tícket eléctrico social ten unha contía de 180 euros anuais; 300, se é familia numerosa. Pero, para percibir estas axudas, tes que ter menores a cargo ou algunha persoa con algunha discapacidade. ¿Que pasa con xente que teña estes ingresos, como lle dixen antes, e que non teña menores a cargo? ¿Que pasa con eles? Que non poden acceder a estas axudas. Isto no caso do tícket eléctrico social, ao que só poden acceder aqueles que non superen o 1,5 % IPREM; é dicir, uns 9.000 euros por unidade familiar —a todas luces, insuficiente, señor conselleiro—, e as axudas para o corte da subministración, ás que só poden optar as persoas que non superen o IPREM, é dicir, as unidades familiares que non superen uns ingresos de 6.300 euros, de 6.390 euros ao ano, e que serven para casos onde se vaia producir un corte da subministración da luz. Isto subvencionará dúas facturas e 200 euros por solicitude como máximo.

Ben, ¿que pasa? Que, sendo uns criterios tan estritos, no ano anterior non se executou, deixouse sen executar unha cantidade importantísima, que se dedicou, se desviou, para a iluminación da Cidade da Cultura ou para facerlle fronte á demanda de Corcoesto. Non se executou. ¿Que fan vostedes? Como non se executou, en vez de abrir a man e ampliar os criterios para que poida acceder máis xente porque hai xente necesitada destas axudas, vostedes o que fan é recortar o orzamento. Polo tanto, deixan un orzamento ridículo.

En definitiva, señor conselleiro, ante todo isto, vostede, por un lado, ¿cre que nun país que é excedentario en produción eléctrica é de recibo que pasen estas cousas, que haxa estes niveis de pobreza enerxética? ¿Cre que as axudas...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...que os plans que fixo o seu Goberno para tratar de paliar este gravísimo problema son suficientes? ¿Cre que é necesario ampliar os criterios para que poida acceder toda a xente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...que o necesita a estas axudas?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Sánchez, a verdade é que vir aquí falar de todo, mesturar todo, como vén de facer vostede, é unha mostra máis de que as Mareas de Podemos non queren falar en serio e con rigor

dos problemas que lles afectan aos galegos nin tampouco dos problemas que realmente e, neste caso, lle repercuten ao sistema eléctrico. Si creo que debería coidar a súa linguaxe porque vir falar aquí de que este goberno ten conivencia con estafas ou roubos é simplemente unha temeridade política que debería de corrixir vostede como deputado e como representante dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

En calquera caso, señoría, permítame que eu me centre nos feitos, pero neste caso voume centrar nos seus feitos, nos feitos do seu grupo parlamentario, porque, mire, hai unha semana no Congreso dos Deputados vostedes votaron «non» a un real decreto lei, o 7/2016, polo que se regula un novo mecanismo de financiamento do custo do bono social e que consolida este mecanismo para preto de 250.000 fogares galegos. E vostedes, señorías, votaron que non tamén a un real decreto que establece medidas específicas de protección ao consumidor eléctrico vulnerable. Introdúcese, como ben sabe vostede, unha segunda categoría de consumidores que requiren un maior apoio, tamén se introduce —omíteo nesta Cámara— unha terceira categoría de consumidores cunha situación de vulnerabilidade severa, aos cales xa non lles van poder suspender a subministración eléctrica, e tamén vai introducir outras obrigas ás compañías eléctricas, como, por exemplo, notificar aos fogares e aos servizos sociais das comunidades autónomas os impagos, ampliar de dous a catro meses o prazo para proceder ao corte da subministración eléctrica ou tamén a obriga de informar aos clientes da modalidade de contratación do prezo do pequeno consumidor e do bono social, entre outras medidas.

Eu sei que vostedes en Madrid parece que están máis centrados na defensa do Estado. Esta mañá vimos como, efectivamente, vostedes apoian medidas que benefician a Castela-León e a outras comunidades autónomas, pero parece que non se ocupan claramente de Galicia. Eu creo que vostedes aquí, en Galicia, teñen unha magnífica oportunidade de falar de Galicia e de defender os intereses dos galegos. Pero, señoría, a todo iso vostedes dixeron que non, simplemente non. A min gustaríame saber cal é a súa posición sobre todos estes aspectos para que o grupo de En Marea aquí, en Galicia, non apoie este tipo de medidas.

Polo tanto, eu creo que é bo situar o debate, é bo situar os feitos que neste caso o seu grupo parlamentario está a trasladar en Madrid e sería bo que vostedes aquí, en Galicia, cando menos, defenderan os galegos e deixaran ao seu grupo parlamentario en Madrid, que parece que está afeito a outros obxectivos.

En calquera caso, creo que é bo tamén recordar, efectivamente, cal é a posición da Xunta de Galicia con respecto aos fogares en situación máis vulnerable, e creo que o compromiso deste goberno é total. E, señoría, parece que vostedes se acordan no ano 2017 das medidas que poidan beneficiar e poidan paliar a pobreza enerxética, pero é que este goberno —e parece que non lle prestaron moita atención— foi un dos primeiros gobernos en España en actuar contra a pobreza enerxética, e dende o ano 2014 temos medidas específicas para paliar, efectivamente, a pobreza enerxética.

Eu doulles a benvida a este debate e, polo tanto, efectivamente, nós estamos abertos a discutir e a mellorar estas medidas, pero é que estas medidas, señorías, están dende o ano 2014 e, polo tanto, creo que é bo recoñecer que, efectivamente, este goberno si está preocupado

pola situación dos fogares que están nunha situación máis vulnerable. Temos o ticket eléctrico social e temos esa orde de axudas para evitar o custo da subministración da electricidade, e olvidouse —eu recórdollo— que hai unha terceira medida, porque esa orde para evitar o corte de subministración se amplía tamén ao gas natural, unha iniciativa deste goberno, que se preocupa non só pola situación, neste caso, da electricidade, senón tamén por aqueles consumidores que poidan depender do gas natural.

En definitiva, son medidas concretas que intentan paliar a pobreza enerxética, e sería bo que recordara tamén que estas medidas son adicionais ao resto de medidas das que aquí, en Galicia, as familias galegas se poidan beneficiar. Eu falo do bono social, que parece que vostedes non queren apoiar, e sabe que a suma do bono social e do ticket eléctrico pode supor un aforro do 40 % do recibo na factura da luz, ao que se suman tamén, loxicamente, as medidas que a Xunta de Galicia ten en materia de política social, como é a Risga, porque sabe que a Risga tamén ten como obxectivo, precisamente, loitar contra a pobreza enerxética.

Polo tanto, creo que este goberno está respondendo con actuacións concretas. E vou poñerlle outro matiz, vou intentar ser pedagóxico, porque vostede sabe que durante estes dous anos o cen por cento das solicitudes foron atendidas, e vostede sabe, porque este goberno xa o dixo, que no ano 2017 serán atendidas ao cen por cento. Eu creo que intentar confundir sobre a execución presupostaria, cando o cen por cento dos solicitantes recibiron a súa axuda e cando o compromiso do Goberno é que o cen por cento de todas as axudas que se poidan presentar no ano 2017 sexan atendidas creo que non responde, polo tanto, á realidade que vostede quere trasladar.

En calquera caso, vostede sabe que esta orde de axudas, estas dúas ordes de axuda, que inclúen o gas natural, son medidas que se están a aplicar coa máxima axilidade; resólvense de maneira inmediata, coa máxima transparencia, e tamén, como lle dicía, coa máxima eficacia presupostaria, porque nós imos atender o cen por cento das solicitudes que se reciban.

Polo tanto, este goberno é consciente de que a pobreza enerxética é unha prioridade e este goberno tamén é consciente, loxicamente, de que hai marxe de mellora. Polo tanto, ten trasladado este goberno ese compromiso de que unha vez que se defina o novo marco xeral do Estado, pois, loxicamente, teremos que traballar como podemos adaptar as diferentes medidas que temos en Galicia ao desenvolvemento dese Real decreto lei 7/2016, ao que vostedes votaron en contra. Eu espero que poidan rectificar —rectificar é de sabios tamén— e, polo tanto, que nos poidan acompañar, comprometerse e estudar as diferentes medidas que poidan beneficiar e que poidan ampliar a cobertura destas diferentes iniciativas.

Xa tiven ocasión de trasladarlle ao señor Villares esa invitación, presenten as súas propostas, creo que estamos nun contexto non só de desenvolvemento do Real decreto lei 7/2016, do bono social, senón tamén da tramitación desa iniciativa lexislativa popular que temos pendente nesta Cámara, e que creo que é unha boa oportunidade para sentar bases do noso futuro sobre o maior consenso posible. Pero simplemente tres principios, señor Sánchez: iniciativa lexislativa popular sobre a legalidade, sobre o realismo e sobre as competencias que ten esta comunidade autónoma.

Eu só lle pido, polo tanto, ao seu grupo responsabilidade. Creo que temos unha oportunidade, loxicamente, de traballar polo desenvolvemento das diferentes iniciativas. E si lle pediría que deixara dun lado a demagogia, porque, mire, non é certo que este goberno premie os intereses das eléctricas. Esa é unha forma de falar, porque a vostedes lles gusta moito falar sen concretar. Porque, mire, este goberno non foi o que perdoou 3.000 millóns de euros ás eléctricas polos custos de transición á competencia; non foi este goberno. Este goberno non foi tampouco o que desenvolveu un escenario de desenvolvemento das enerxías renovables onde pagamos un custo de aprendizaxe inasumible para España, como se fixo no ano 2009 ou 2011. E este goberno o que si está actuando é, loxicamente, con responsabilidade coas eléctricas e, cando ten que sancionar, sanciona. E aí temos esas sancións a través do Instituto Galego de Consumo, onde temos imposto sancións por 24 millóns de euros cando, por certo, no Bipartito esas sancións eran de 90.000 euros.

Polo tanto, non faga demagogia, non faga demagogia coa tarifa eléctrica, non faga demagogia coa posición da política enerxética, e eu creo, señoría, que temos a oportunidade, como lle dicía, de seguir traballando, de responder á realidade e ás necesidades que teñen as persoas máis vulnerables. Hai medidas concretas que se están aplicando e temos, loxicamente, a posibilidade de seguir ampliando ese abano de medidas e de, polo tanto, da man do Goberno central e do desenvolvemento dese real decreto lei que regula o bono social, poder seguir beneficiando e aplicando medidas que, efectivamente, poidan paliar a situación enerxética aquí en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten, na rolda de réplica, a palabra o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor conselleiro, vostedes é certo que non foron os que perdoaron 3.000 millóns de euros dos custos de transición á competencia, hai máis dun responsable neste sistema eléctrico, niso estamos de acordo. Pero vostedes son os que aprobaron a lei do 97 do sector eléctrico, que liberalizaba o sector, e vostedes foron os que privatizaron Endesa, por exemplo, e o señor Aznar acabou sendo conselleiro do Consello de Administración de Endesa, cobrando un soldazo. E deses casos hai moitos, por iso dicimos que vostedes son coniventes e colaboradores, e seguiremolo dicindo, señor conselleiro, (*Aplausos.*) porque nós ben vemos e non nos gusta que aínda encima de que nos chuleen non poidamos dicir as verdades.

Vostedes colaboran e vostedes benefíciense, porque vostede tivo tempo de falar aquí de Podemos, das Mareas de Podemos, do Congreso, etc., pero non tivo tempo de falar do seu compañeiro de filas, do señor Arsenio Fernández de Mesa, que é unha vergonza, porque xa parece que non nos escandalizamos de nada. Pero este señor, que leva vivindo das administracións públicas sen ser capaz de facer o «o» cun canuto, vai cobrar 150.000 euros no Consello de Administración de Rede Eléctrica Española, (*Aplausos.*) porque tamén o puxeron de delegado do Goberno e porque dixeron: Malo será, que aquí non estorbará moito. E veu o *Prestige* e xa se viu o ben que o fixo, unha xestión confusa e difusa. E metemos esa xente aí. Porque a



libre competencia o que nos trouxo é: levémonos ben cos gobernos do PP —e do Partido Socialista cando lle tocou— e, entón, teremos uns beneficios garantidos. Eses son os méritos que hai que facer. Non hai que saber de distribución, non hai que saber de transporte eléctrico, hai que ser amigo dos que gobernan para que nos fagan as leis á medida.

Vostede fálame de que non faga demagogia. Eu non fago demagogia, deille os datos. Se o Instituto Nacional de Estatística di que hai o 15,4 % dos fogares galegos que sofren de pobreza enerxética, que iso significa case 400.000 persoas, e vostedes me veñen vender aquí unha liña de axudas que só chega, como moito, segundo datos que vostede deu aquí, a 6.000 beneficiarios, ¿que é o que pasa, señor conselleiro? Que as axudas, evidentemente, non chegan a toda a xente que o necesita. Iso é o que pasa, e vostede vén aquí negar o evidente.

Vostede di que se atenden o cen por cento das axudas. Claro que si, o cen por cento das axudas que cumpren cos criterios, pero eu xa lle dixen que dúas persoas que cobran unha pensión de trescentos e pico euros e viven xuntas, se é que non teñen menores a cargo, xa non teñen dereito a pedir nin sequera estas axudas, ¿e estame dicindo vostede que esas persoas non sofren de pobreza enerxética, señor conselleiro? ¿Vostede cre que chegando a 6.000 persoas, cun máximo de 300 euros anuais, se é familia numerosa, e 180 euros se axuda a paliar a pobreza enerxética neste país? ¡Home!, vostede estame tomando a min o pelo, a este Parlamento e a todos os galegos e a todas as galegas.

Vostede tampouco tivo tempo de falar dos cortes de subministración eléctrica. Farán moi ben, pero a min paréceme terceiromundista, señor conselleiro, que estean persoas cinco días sen subministración eléctrica, sabendo que Gas Natural Fenosa cobrou o último ano 715 millóns de euros por facer o labor de distribución e que votedes teñen a obriga de vixiar que se cumpran e que se fagan ben as cousas.

Ben, ordes de axuda, señor conselleiro. ¿Por que vostedes no ano 2016 deixan sen executar máis de 200.000 euros desa orde por ter uns criterios moi restritivos e os desvían a iluminar a Cidade da Cultura —o Gaiás tamén é unha das grandes contribucións do Partido Popular a este país— e á demanda de Corcoesto? Porque, ante este feito, é evidente, un goberno pode dicir: pois, non executo porque a orde estaba así, non houbo suficientes solicitudes; ben, non executo. ¿E para o seguinte ano que facemos? ¡Home!, un goberno que quere axudar á xente con pobreza enerxética o que fai é cambiar os criterios para poder executar todo o orzamento. Estamos falando de 600.000 euros. Vostedes baixárono a 400.000 euros, señor conselleiro. E dirame: sempre se poden incrementar. Si, pero mentres non se cambien os criterios e poida acceder máis xente non se vai executar.

Entón, se me está dicindo a min que estamos dispostos a cambiar, pois cambien, cambien os criterios, para que poida acceder toda a xente que o necesite, porque vostede me di: preocúpense por Galicia. Mire, nós non gobernamos neste país nestes últimos oito anos, gobernaron vostedes, que non acaban de chegar, ¿verdade? E que se incrementaran os niveis de pobreza neste país, que baixaran os salarios, que aumentaran os parados de longa duración e que emigrara a xente non é culpa nosa. Que aumentara a pobreza neste país nos últimos anos será responsabilidade súa, e vostedes son os que teñen que responder.

Polo tanto, de demagogia, nada, eu deille datos, dei datos que demostran claramente que vostedes non están atendendo un problema tan dramático como é que a xente non poida pagar a factura da luz para ter calefacción ou para poder levar unha vida digna.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moita grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, segue vostede mesturando temas. Eu intentarei ordenar un pouco os diferentes aspectos que vostede trasladou na súa intervención.

A min o único que me sorprende é esa visión de arbitrariedade que vostedes teñen para aplicar as diferentes ordes de axuda. Falaba vostede de abrir a man. Mire, nunha orde de axudas non se abre a man, nunha orde de axudas execútase segundo os criterios que se contemplan nesa orde de axudas.

E, sobre todo, o que me parece unha irresponsabilidade é que veña a esta Cámara e que lle traslade a un goberno que non executan un orzamento. A responsabilidade deste goberno é executar o cen por cento do orzamento e, polo tanto, unha vez atendidas o cen por cento —ese concepto, o do cen por cento, parece que non o traslado coa suficiente contundencia ou claridade— das solicitudes que se presentaron —que foron atendidas o cen por cento—, pois, a partir de aí, a responsabilidade dun goberno... Xa vexo que vostedes... Agora entendo por que na Coruña e en Santiago teñen moitas dificultades en aplicar os seus orzamentos, pero, en calquera caso, as responsabilidades deste goberno... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Sánchez, por favor, escoite o que teñen que dicir, que no resto dos... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** En calquera caso...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Perdón, señor Conde.

*(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, mire, señor Sánchez, vostede utilizou, do primeiro turno, seis minutos para falar de calquera cousa menos do asunto, agora escoite o que lle están contestando. Se non lle gusta, permaneza calado e escoite e, se non, volva preguntar. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non está vostede no uso da palabra, señor Sánchez. Pois, entón, cale e atenda ao que lle están dicindo. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Chámoo á orde por primeira vez, señor Sánchez. Que escoite o que están contestando e, se non lle gusta a resposta, volva vostede presentar outra pregunta. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Sánchez, por favor, escoite. Chameino á orde unha vez, se o chamo a segunda vez sabe vostede cales son as consecuencias da terceira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, sábeo vostede, se non, lea o Regulamento, que está á disposición de todos os deputados.

Moitas grazas.

Continúe, señor Conde.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas.

Evidentemente, señor Sánchez, nós non nos conformamos, temos unha serie de medidas, temos un real decreto. Eu recollo con bastante interese o feito de que vostede non se pronunciara na súa segunda intervención sobre o Real decreto. O seu silencio eu entendo que é unha posición que seguramente non estea de acordo coa posición do seu grupo en Madrid. Eu o que espero é que no desenvolvemento dese Real decreto poidamos traer aquí, a Galicia, os intereses dos galegos e poidamos ver como dende Galicia estas ordes de axuda as podemos acompañar para desenvolver ese Real decreto e, polo tanto, mellorar a posición das persoas vulnerables. *(Aplausos.)*

En calquera caso, eu creo que vostede fai demagogia, créoo sinceramente, e teño a responsabilidade de contestarlle. Vostede falábame na súa intervención das exportacións enerxéticas e, efectivamente, do sistema enerxético aquí en Galicia. A min gustárame que lles explicaran aos galegos quen vai pagar as infraestruturas necesarias para que teñan electricidade os fogares e as empresas. E tamén me gustaría que lles explicaran aos galegos canto pode subir a súa factura se se rompen as conexións que temos co resto de España. E gustárame saber como van garantir vostedes a subministración eléctrica cando non se produza de forma suficiente para o mercado. *(Murmurios.)* Penso que non lles interesa o funcionamento do sistema eléctrico, si vir aquí a mesturar. En calquera caso, creo que sería bo que centraran o debate.

Dígolle que me gustaría saber como pretenden vostedes garantir esa subministración eléctrica, xa que fala do sistema, nos momentos nos que non se poida producir suficiente. E gustárame saber cal é entón a súa posición sobre Reganosa ou sobre as centrais térmicas de As Pontes e de Cerceda, das que, loxicamente, vostedes están en contra.

En calquera caso, nós seguiremos —como lle dicía— desenvolvendo medidas concretas para paliar a situación de pobreza enerxética aquí en Galicia. Temos unhas medidas e temos a posibilidade, no desenvolvemento dese Real decreto, de mellorar os diferentes beneficiarios do bono social. E doulle outro dato que lle din na primeira intervención: a suma do bono social e do ticket eléctrico en Galicia supón nalgunhas familias un aforro do 40 % da súa factura enerxética. Polo tanto, creo que ese é o camiño, e temos que ir afondando nas diferentes medidas que poidan mellorar a situación das empresas máis vulnerables.

En calquera caso, xa digo que dende o Goberno temos esa man tendida. O que lle pido, loxicamente, é que unha vez que, efectivamente, temos centrado o tema, e unha vez que temos centradas as medidas que tanto dende o Goberno central como dende a Comunidade Autónoma estamos desenvolvendo para mellorar a situación das persoas vulnerables, vostedes falen de Galicia, falen dos galegos, e abandonen esas posicións centralistas que parece que ten o seu grupo en Madrid. (*Murmurios.*)

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Conde.

Pasamos á seguinte interpelación.

**Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego público**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor conselleiro de Facenda, como tivemos ocasión esta mañá, con motivo dunha proposición non de lei, de referir a necesidade creo que absolutamente irrenunciable de promover a derogación da Lei 1/2012, de medidas temporais en materia de emprego público en Galicia, tivemos ocasión de debater sobre esta cuestión, e basicamente por unha cuestión puramente normativa, pero tamén por unha cuestión de contexto orzamentario.

Primeiro, normativamente a propia lei establece a súa propia caducidade, unha vez que o contexto orzamentario é o actual para os orzamentos de 2017. E, por outra parte, porque esta lei, establecendo unha data límite case de duración, necesariamente ten que ser obxecto desa derogación, porque as normas e o contexto —como dicía— das contas de 2017 así o exixen.

É certo que esta lei, que nacera con esta natureza temporal, formaba parte— como no podía ser doutra forma— dun paquete de medidas aprobado polo Goberno central; unha serie de decretos lei de 2012, de recorte do gasto público para a consolidación fiscal, que na nosa opinión —e eu creo que na opinión de gran parte ou de toda a sociedade— tanto dano ten feito aos servizos públicos no conxunto do país, e tamén, por suposto, en Galicia.

Recordemos que a Lei 1/2011, de medidas —como dicía— provisionais, levaron a cabo unha serie de recortes drásticos no emprego público, e no conxunto dos dereitos laborais dos empregos públicos, dos 90.000 empregados públicos de Galicia, en materia de situacións de incapacidade laboral, en materia de acción social, restrición de dereitos na prolongación de permanencia na situación de servizo activo ao cumprirse a idade de xubilación forzosa —unha

cuestión que tanto dano ten feito dunha forma eu diría que especial nos servizos de saúde—, a suspensión unilateral de bastantes preceptos do quinto convenio colectivo, e de forma destacada o artigo 12, en materia de descansos e libranzas, ou determinadas restricións na provisión de postos de traballo e a mobilidade dos empregados públicos.

Xunto con todas estas decisións, máis que administrativas e orzamentarias, políticas, as diferentes leis orzamentarias do Estado, e polo tanto as consecuentemente aprobadas polo Goberno galego, impuxeron unhas taxas de reposición de efectivos, que van dende o 10 % en 2011 ao 50 % con carácter xeral no 2016, que impiden a necesaria renovación de todo o persoal preciso para garantir o funcionamento con certos umbrais de calidade dos servizos públicos. É máis, teñen provocado esas taxas de reposición unha progresiva perda de emprego estable de moi difícil recuperación.

Pero se ademais para Galicia era pouco relevante a medida salarial de supresión daquela paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 —que houbo, por certo, que devolver por aplicación errónea, ó xuízo dos tribunais—, o Goberno galego, durante os anos 2013, 2014, 2015 e ano 2016, impuxo adicionalmente un recorte retributivo para todos os empregados públicos de arredor dunha media do 5 % anual mediante a supresión do complemento específico ou do concepto equivalente nas pagas extraordinarias. Nesta materia si que a Xunta de Galicia foi líder no conxunto —e vostedes sábeno perfectamente— de todo o sector público do Estado nese recorte salarial. ¡Aí si que foi realmente líder!

Este é un recorte salarial dos dereitos retributivos dos empregados públicos en Galicia que puido supoñer arredor de 750 millóns de euros durante estes catro anos; unha redución sobre un 20 % dos salarios dos empregados públicos galegos. Con esta devaluación salarial, porque non é outra cousa que unha devaluación salarial e, polo tanto, social, é fácil facer gala de austeridade, de eficiencia, de axuste do déficit público, pero realmente vai totalmente en contra da necesaria prestación de servizos públicos de calidade e, por outra parte, do propio crecemento en termos de demanda interna.

Todo este breve relatorio de recortes aplicados polo Goberno da Xunta de Galicia, que presenta, evidentemente, un aspecto bastante desolador de como poden quedar os servizos públicos en Galicia, incluso ía en contra dos propios pronunciamentos daquela Lei 1/2012, que dicía: acadar unha situación de equilibrio, sen menoscabar a prestación de servizos públicos esenciais e preservando o principio de solidariedade entre a cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia. Precisamente o Grupo Popular esta mañá dicía, á hora de opoñerse á derogación da Lei 1/2012, que precisamente o que se estaba era garantindo este equilibrio. Eu creo que nin vostedes mesmos o pensan.

Temos unha serie de datos e de situacións que evidencian esta grave deterioración dos servizos públicos autonómicos. O orzamento autonómico de 2016, que non está tan lonxe, e sobre todo que os efectos os estamos aínda notando en materia dos servizos de xustiza, de acción social, de educación ou de sanidade, foi inferior en 1.246 millóns de euros ao do ano 2008, e o orzamento de 2017 non presenta mellores perspectivas, máis alá da recuperación do complemento específico das pagas extras, despois dos acordos coas organizacións sindicais do verán do ano pasado.

Nos servizos de saúde perdéronse preto de 3.000 postos de traballo de carácter estable nos servizos sanitarios; no ensino non universitario a perda de docentes é cercana a 2.500 efectivos; no ámbito das tres universidades galegas, a perda de docentes sitúase en torno aos 400; e como o outro día tivemos ocasión de verificar, con motivo dunha proposición non de lei precisamente tamén presentada polo Grupo Popular, segundo os datos do INE, no período 2010-2015 Galicia perdeu 1.700 efectivos no ámbito de I+D, 1.000 no ámbito do sistema de estudos superiores e 400 nos servizos de investigación dos diferentes centros da Administración pública. E a taxa de emprego temporal, precisamente por esta caída de emprego estable, incrementouse nun 50 %, pasando de 10.000 contratos en 2011 a 15.000 en 2015.

Claro, nestas situacións temos difícil entender como determinados repuntes epidemiolóxicos fan que se colapsen determinados servizos de asistencia sanitaria, determinados servizos hospitalarios. Como ratios —por moita gala que fagan— de docente/alumnos no ensino non universitario no ámbito urbano están en situación máis delicada do que vostedes preconizan.

Parécenos absolutamente grave a perda de efectivos en materia de I+D, iso non pode ser nunca unha aposta polo progreso da nosa sociedade, polo coñecemento, polo cambio de modelo produtivo, etc. E logo encontrámonos con graves deficiencias tamén en materia de seguridade interior, en materia de Policía autonómica adscrita, de forzas e corpos de seguridade, aínda que non teñan unha competencia directa, pero si que hai unha interrelación absoluta coas medidas de emprego público do Goberno central, ou toda unha serie de problemas de efectivos en materia de emerxencias, e talvez algún deses problemas teñen algo que ver coa falta de resposta en tempo nos temporais desta fin de semana.

Por outra parte, temos a situación dun montón de traballadores temporais nos ámbitos de política social aos que as modificacións que se están introducindo pola porta de atrás —dícímolos así, claramente— na lei de emprego público de Galicia pódenos estar deixando nunha situación de absoluta preocupación; temos toda a incidencia de sinistralidade laboral que se está denunciando nos comités de seguridade e saúde, provocada por determinadas suspensións de dereitos do convenio colectivo. A propia Valedora do Pobo, naquel informe do 3 de outubro, insta a Xunta de Galicia a que debe considerar —non como unha obriga inmediata, pero si de resultado— incluír retomar o diálogo social, aínda que nos sucesivos proxectos de presupostos os teñan que ir graduando. E tamén podemos recordar as sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de setembro do 2016, denunciando a ocupación de situacións estruturais con contratos temporais, ou a grave discriminación en materia indemnizatoria entre contratos temporais e contratos interinos respecto dos fixos.

Que dicir da supresión do corpo de letrados do Consello Consultivo, señor conselleiro, que si que dicimos que é pola porta de atrás, que é con aleivosía, que é con nocturnidade. Realmente deberíamos preguntarnos se este é o respecto que teñen á proclamada independencia, legalmente, do máximo órgano consultivo do Goberno, e se realmente isto é para vostedes calidade democrática, ¿non?

Realmente, non estamos ante un conxunto —témolo así de claro— de medidas temporais de simple redución do gasto público, dos gastos do capítulo I dos orzamentos no sector público, nin estamos ante un mero relato de decisións administrativas e orzamentarias, senón

que estamos realmente ante unha política sempre trazada de adelgazar os servizos públicos, de diminuír esa capacidade de acción redistributiva que ten o Estado social e de benestar —que, por outra parte, é un principio constitucional—, de desregulalo e de facilitar así novos ámbitos de privatización.

Isto responde a toda esta —xa non nova, senón que parte dos anos oitenta— tendencia de absoluta liberalización e individualización...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSADA:** ...dos problemas sociais, que volven ser atendidos dende unha visión de absoluta beneficencia e abandonando totalmente a protección e a xusta redistribución social.

Señor conselleiro, os datos do PIB do 2016, as previsións que se están a proxectar para 2017 e que presentan unha mellora do escenario económico, xunto co reiterado compromiso do presidente da Xunta coa sostibilidade dos servizos públicos e co diálogo constante con toda a sociedade, exixen revisar e reverter todo este conxunto de medidas que agardamos foran conxunturais, aínda que tememos que non sexa así por algúns dos pronunciamentos desta mañá por parte do Grupo Popular...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...—si, agora remato, presidente— adoptadas polo Goberno galego durante este pasado mandato no emprego público.

Por iso o noso grupo parlamentario interpela o Goberno para preguntarlle claramente que previsións e que calendario de traballo ten disposto para recuperar neste novo escenario económico o diálogo social e a negociación colectiva, de xeito que poidamos acadar entre todos un pacto polo emprego e os servizos públicos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...para este mandato 2017-2020.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Resposta do conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente.

Señoría, en primeiro lugar, gustaríame encadrar de novo o contexto no que o Goberno tivo que tomar medidas extraordinarias porque daquela estabamos nun momento moi difícil. En 2012 tivemos que acometer unha serie de reformas na función pública —iso si, temporais—

para poder salvagardar a sustentabilidade dos servizos públicos básicos. Os gobernos responsables tomamos medidas, mesmo algunhas tan difíciles pero imprescindibles como as que tivemos que tomar xa hai cinco anos.

¿Pero lémbrese vostede de cal era a situación no 2012? Estabamos inmersos no ano de maior recesión da crise económica máis profunda nas últimas décadas, cunha caída do PIB por riba do 2 %, cun déficit desbocado que rozaba o 9 %, e cunha prima de risco que chegou a superar os 600 puntos básicos e puxo a España ao borde do rescate. O paro acadaba cifras insustentables; as empresas pechaban ou deixaban os seus empregados na rúa, ou realizaban ERE temporais e reducións de xornadas e salarios.

Nese contexto, estaba claro que algo tiñamos que facer desde o Goberno no ámbito no que se podía actuar directamente. E optou, unha vez máis, por ser responsable e pedir un esforzo temporal aos empregados públicos. E cun obxectivo, que todos os galegos seguíssemos tendo blindada a sanidade, a educación e os servizos sociais, a pesar da excepcional crise económica que atravesabamos.

Estou convencido de que os empregados públicos así o entenderon porque non era a primeira vez que se pedía un esforzo aos empregados públicos, pois en maio de 2010 o Goberno central —daquela gobernado polo Partido Socialista— adoptou outra medida de carácter extraordinario: reducir o 5 % o salario dos empregados públicos en España, para sempre. (*Murmurios.*) Non sei se se lembra porque non o cita na súa iniciativa. (*Murmurios.*) É sorprendente que para vostedes parece que os recortes e os axustes que houbo que facer comezasen no ano 2012.

Pola contra, o que fixo o Goberno galego foi tomar medidas de carácter temporal pero tamén priorizar tanto a estabilidade como a calidade no emprego público durante a crise, ao contrario que moitas outras administracións.

Falando de estabilidade, Galicia foi durante a crise a comunidade que mantivo máis estable o seu número de efectivos; a baixada foi do 0,05 %, mentres que a media de comunidades autónomas está no 1,2. Neste senso, non só non é certa a perda de empregos estables que cita, senón que neste ano, por exemplo, ofertaremos 3.000 empregos públicos estables. Estamos nas mesmas cifras de efectivos na Administración autonómica que no 2008, e mesmo temos 40 empregados públicos máis en sanidade e educación —datos do Ministerio de Fomento—.

Falando de calidade de emprego, outras administracións —como a andaluza— si que rebaixaron un 10 % a xornada e os salarios aos empregados temporais; nós tratamos por igual os empregados galegos. E cando comezou a mellorar a situación económica, este Goberno negociou cos representantes dos empregados públicos melloras no ámbito laboral. Entre as melloras acadadas, impulsamos as ofertas públicas de emprego; máis de 2.600 prazas ofertadas no 2016, e este ano —como lle dicía— ofertaremos máis de 3.000 prazas. Impulsamos concursos de traslados, máis de 6.800 prazas ofertadas dende o 2009; implantamos a xubilación parcial voluntaria do persoal laboral, máis de 450 beneficiados. Aprobamos a flexibilidade horaria e o teletraballo, máis de 9.000 beneficiados; devolvemos días de vacacións e



de libre disposición en función da antigüidade —fomos os primeiros de España en facer esta medida—. E aprobamos medidas para favorecer a conciliación familiar.

Señoría, para o resto de permisos e vacacións, así como sobre as retribucións en todos os supostos de incapacidade temporal, estamos a aplicar na nosa comunidade o máximo que permite a normativa estatal básica. Ao igual que sucede coa taxa de reposición de efectivos, que en Galicia sempre acadou o límite máximo que permite a Lei de orzamentos estatal. En gran medida depende de vostedes, dos socialistas, que esta taxa de reposición que comentou anteriormente na súa intervención se poida mellorar, apoiando as contas do Goberno central. Dubídoo moitísimo.

En materia social tamén realizamos actuacións para mellorar as condicións laborais dos traballadores. De feito, desde o 2015 creáronse 151 novas prazas —todas elas ocupadas— destinadas a aumentar nas categorías e nos centros con maior carga de traballo as posibilidades de desfrutar dos días de asuntos persoais sen estar condicionado por necesidades de servizo; ademais de avances importantes no eido da conciliación familiar e laboral.

Fala vostede de que existen menos cartos para a sanidade e para a educación que antes da crise. Paréceme que xa o debatemos aquí cando foi dos orzamentos, e os datos desmenten totalmente a súa aseveración. Estamos nun nivel de recursos orzamentarios comparables aos do ano 2008 e 2009, pero sen trampas, polo tanto, hai que excluír as liquidacións negativas que aínda temos pagados —practicamente xa levamos pagados 980 e algo millóns de euros—, que aínda nos queda moito por pagar, eses 600 millóns practicamente do ano 2008 e eses 1.500 longos do ano 2009, precisamente por non recoñecer a crise económica.

E cuns orzamentos con niveis comparables aos do 2009, este Goberno segue a priorizar e outorga maior peso ao máis importante para as persoas. Porque con niveis de gasto similares, este Goberno destina máis recursos á sanidade e máis recursos á educación.

Este Goberno destina á sanidade máis de 5 puntos que nos anos aos que me refería anteriormente; en educación dedicamos máis de 2 puntos que en bonanza económica. E xa nos aproximamos ao 25 % dos recursos totais para políticas educativas. Só este ano aumentamos recursos para o gasto social en 229 millóns de euros, que se suman aos 200 xa do ano 216.

Respecto ao demandado por vostede dun pacto polo emprego público, direille unha cousa coa máxima tranquilidade. A negociación colectiva non a inventaron vostedes, non temos ningún pecado orixinal sobre este tema. A Xunta de Galicia está nun proceso permanente de diálogo coas organizacións sindicais, e ese diálogo estanos a permitir acadar melloras nas condicións de traballo dos empregados públicos. Para mostra, oito tipos de acordos: o incremento de prazas da OPE no 2016, na promoción interna para o persoal laboral; o aumento da promoción interna nas prazas acumuladas da OPE 2015-2016; a oferta específica de emprego público por primeira vez para persoas con discapacidade intelectual; a creación da comisión de seguimento sobre aplicacións de instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas; o recoñecemento do tempo de servizo militar no cómputo do persoal laboral do V convenio; o Acordo sobre os bombeiros forestais e a súa segunda actividade; o

cronograma da efectividade da nova escala de asesores técnicos en xestión ambiental; o Acordo sobre xubilación parcial... E moitos máis que seguimos a negociar, como no día de hoxe, que non rematou frutiferamente pero que espero que remate proximamente. Todo isto que lle acabo de relatar foi pactado e acordado cos sindicatos no último ano.

E se falamos de salarios, a prioridade deste Goberno este ano foi repoñer a todos os empregados públicos o complemento específico das súas pagas extras, e isto tamén o asinamos coas organizacións sindicais. E a pesar de que os orzamentos non se aprobaron ata esta semana por mor —como todos coñecemos— da celebración das eleccións autonómicas, o devengo das pagas extra completas ten carácter retroactivo dende o primeiro de xaneiro. Señoría, comprometémonos a mellorar as condicións dos empregados públicos cando puidemos, seguímolo facendo e non imos parar.

Unha vez completadas as pagas extra o noso obxectivo é equiparar as condicións salariais de todos os empregados públicos autonómicos. Que non haxa empregados públicos que, desempeñando unha mesma tarefa ou función, teñan condicións retributivas diferentes. A nosa política de persoal non é singularizar colectivos, senón acabar coa fragmentación, homologar condicións e evitar tratos discriminatorios. Isto é facer política de persoal responsable, señoría; non afondar na diferenza, senón equiparar. Confiamos en acadar consensos nesta liña, incluso tamén co seu grupo, se é posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, señor presidente. Grazas de novo.

Señor conselleiro, hai unha cuestión, unha forma de presentar ou de expoñer as cousas ou de utilizar as palabras por parte do receptor desa comunicación que non sei se ás veces resultan dalgunha forma —por dicilo dunha forma suave— ofensivas ou paternalistas.

Cando se fala de que aos empregados públicos en Galicia, ou no conxunto —ou a calquera tipo de empregado, público ou privado—, as medidas que se lles aplicaron foron porque se lles pediu un esforzo, resulta difícil de asimilar.

Pediríalles que falen dunha imposición unilateral, dunha forma de ver a sociedade, dunha decisión de conxuntura política, etc. Pero, por favor, non nos digan, non digan ao conxunto dos traballadores, públicos ou privados, que se lles pide un esforzo e que despois, de forma magnánima, se lles está devolvendo algún deses dereitos recortados. Creo que, como noutros ámbitos da política, as palabras son importantes, e, polo tanto, deben ser o menos ofensivas posible e o máis conciliadoras que poidan ser. (*Aplausos.*) Creo que é importante, (*Aplausos.*) porque non é precisamente a primeira vez que escoitamos falar dos esforzos solicitados. Os esforzos solicitados non o foron a outros ámbitos e poderes económicos, pero isto daríanos para moitos debates.

Señor conselleiro, o incremento da taxa de temporalidade entre 2010 e 2015 está nos datos publicados. E cando recorremos xa non aos datos do Rexistro central de persoal do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, senón aos propios datos que ten publicados na web a Xunta de Galicia, vemos como entre o segundo semestre de 2008 e o primeiro semestre de 2016 a diminución de postos estruturais no emprego público en Galicia ten unha redución de 2.900 postos de traballo. Son datos publicados pola súa consellería nos diferentes ámbitos. Entón, remítome a fontes propias da Xunta de Galicia. Polo tanto, non é só que exista unha redución de emprego estrutural, senón que ademais existe un incremento —necesario para cubrir servizos— da taxa de temporalidade que creo que non poden ocultar.

Esperamos que as taxas de reposición no exercicio de 2017 e seguintes —por dicilo dalgunha forma— se liberen, de forma que sexamos capaces todos de recuperar o emprego público perdido. E nese sentido esperemos que esa taxa de reposición que está aínda sen aprobar no ámbito da Administración xeral do Estado —e, polo tanto, na Administración autonómica— dea esa posibilidade. Porque esas 3.000 prazas da oferta da que falan, deste ano —que aínda non coñecemos cal é a súa estrutura—, evidentemente non cubrirían o 50 % do emprego público perdido.

Outra cuestión importante nese chamado esforzo que lles pediron aos empregados públicos. Nós non nos cansaremos nunca de dicir que foi precisamente Galicia, exclusivamente Galicia, a Xunta de Galicia e o presidente da Xunta de Galicia, o único Goberno autonómico que aplicou a redución salarial que aplicou durante estes catro anos, o único. Creo que non é unha medalla da que poidan facer gala.

E o máis importante. Se as cousas están tan faladas, tan dialogadas e tan negociadas cos representantes dos traballadores —como vostede dixo desde esta tribuna—, iso, evidentemente, poderémolo comprobar no día a día. Pero a nós, e ao conxunto da sociedade, as manifestacións que tivemos ás portas do Parlamento durante estes días, e diante das sedes autonómicas, non parecen acreditar que o proceso de negociación colectiva estea aberto.

Por iso digo que os pasos dados polo Goberno galego nestes primeiros meses deste novo mandato, polo menos polo de agora, non anuncian ningunha intención de retomar ese prometido diálogo social. A forma de presentar, que non de negociar, o proxecto de orzamentos ás organizacións sindicais, dous días antes de aprobalo no Consello da Xunta, obrigou a varios sindicatos a impugnar esta forma de proceder ante os tribunais; a ver que din os tribunais sobre esa negociación colectiva. As substanciais modificacións da Lei de emprego público de Galicia e do Consello Consultivo, mediante —insisto— o uso en fraude de lei da Lei de medidas de 2017, son todo un exemplo desa falta de diálogo e de talante democrático.

Como dicía, as permanentes mobilizacións de representantes dos traballadores non acreditan que, polo menos polo de agora...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...exista un proceso de negociación colectiva aberto.

Cando falamos de emprego público, señor conselleiro, falamos de calidade dos servizos públicos. Por iso a nosa interpelación —reitero— era para preguntarlle cando se abre un calendario de traballo e se estamos en condicións de acadar un pacto polo emprego público para este novo mandato.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Peche, señor conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señor presidente.

Centrarei a miña réplica nalgunhas das cuestións que foron introducidas por vostede.

De novo, respecto de determinados conceptos que foron introducidos como estabilidade no emprego público, datos do Ministerio de Facenda, como lles dicía tamén hai un momento.

As consellerías no 2008 presentaban un nivel de efectivos de 16.091; no 2016, de 16.025, períodos comparables. Sabe que hai dúas veces información ao ano, é bo que todos nos poñamos de acordo en comparar os mesmos períodos. Diferenza: -0,4 %. A parte máis burocrática da Administración, docencia e sanidade —e se quere tamén lle dou os datos por separado da sanidade—: 68.197 fronte a 68.237; un incremento do 0,1 %. Xustiza: 2.570, 2.566; diferenza, 0,5 %. Total: 0,05 % de diferenza. ¿Onde está, polo tanto, aquí a afectación ao nivel de efectivos?

No mezclamos, polo tanto, o que son os niveis de efectivos, cando vostede, que sabe dos datos, sabe tamén que esa diferenza do 0,05 % na Xunta de Galicia é unha diferenza que na Administración local foi de -19,1 %, e na Administración central do Estado, -5,8 %. ¿De que se nos acusa, se practicamente estamos falando dunha diferenza de 40 efectivos con distintos compoñentes? Esa é a constatación palmaria, cuantitativa, de que, efectivamente, os servizos básicos na Comunidade Autónoma de Galicia foron totalmente garantidos, cousa que —como vostede ben coñece— non pasou en moitísimas das comunidades autónomas, algunhas delas moi significativas, gobernadas polo seu partido. Polo tanto, quedan claros os datos que son.

Outra cuestión máis que sempre se introduce cando se fala de número de efectivos e cando se fala de taxa de temporalidade. Este Goberno sempre esgotou, dentro das posibilidades legais, normativa básica, o máximo da taxa de reposición. Efectivamente, hai un incremento a día de hoxe da taxa de temporalidade, pero non así do número de efectivos. Este Goberno sempre esgotou —como lle digo— ao máximo, ao máximo, a taxa de reposición. E este Goberno puxo en coñecemento a postura de que empecemos a desbloquear a taxa de reposición para o conxunto de comunidades autónomas, sobre todo para as comunidades autónomas cumpridoras como é o caso de Galicia.

Polo tanto, nese tipo de eleccións é que cremos profundamente na estruturalidade, no traballo estable, tanto, como mínimo, como calquera de vostedes. Por iso sempre esgotamos

ao máximo a capacidade que poñen nas nosas mans. E onde non chegamos, seguimos tratando de presionar para que se cambien estes criterios que cremos que, a día de hoxe, están totalmente superados, sobre todo a partir do último trimestre de 2014. Así o fixemos no 2015, dunha maneira acelerada, e así o facemos no 2016. Polo tanto, imos seguir por esta cuestión.

Como lles dicía anteriormente, non temos ningún tipo de pecado orixinal, ningún tipo, é que cremos na negociación, porque recoñecemos que hai uns interlocutores que defenden determinados intereses tan lexítimos como os nosos —dígase sindicatos—, pero o que non me pode pedir a min, nin a ningunha persoa con sesera, é que negociación signifique dicir sempre que si aos postulados que nos trasladan. Somos o suficientemente maiores, tanto os sindicatos como a Administración, neste caso autonómica, para a través do instrumento, que é a negociación, chegar aos acordos, que é o fin, se procede, nunca cousas imposibles.

Polo tanto, vólvolle repetir tamén o tema salarial. No tema salarial, que de novo se nos achaca, non mezcle, por favor, o concepto do esforzo, que recoñecemos —como tamén o fixo toda a sociedade galega nestes anos de crise—, vaia o noso recoñecemento por diante, porque o que está claro é que non descenderon o número de efectivos en termos medios en ningunha das cuestións fundamentais; salarios, si que descenderon, pero recuperámoslos totalmente.

Por certo, tamén é bo que se diga nesta Cámara que, polo que respecta ao recorte que houbo tamén do Goberno central —xa non me refiro ao de Zapatero, iso quedará na súa conciencia e na do seu grupo, neste momento fálase dos recortes do PP e non dos da época de Zapatero, que quedan para sempre—, existen comunidades autónomas nestes momentos que aínda non teñen recuperado a extra do 2012, e esta comunidade autónoma xa a recuperou, en principio en 2015, e rematamos en 2016. Dígase todo, por favor.

Os empregados públicos, se algo temos todos, é que sabemos moi ben distinguir o negro sobre branco. Estamos o suficientemente alfabetizados para mirar quen está dicindo a verdade, por moi crúa que sexa, e así nos acompaña nas tomas de decisións con carácter xeral, cousa da que estamos moi agradecidos e seguiremos sempre facendo.

Polo tanto, nunca deixamos a negociación, e nestes momentos xa lle dicía, como hoxe á mañá, que non foi posible chegar a un acordo, por unha cuestión moi concreta, en algo que si me gustaría tamén destacar desde esta tribuna como é o Consorcio de Servizos Sociais. Porque este Goberno —como lle dicía—, que non ten ningún pecado orixinal, resulta que é quen de chegar a un principio de acordo —no que falta moi pouco, espero, para rematar— co resto dos sindicatos para que algo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ...que naceu no Bipartito —paréceme que non era na póla PSOE, que era na póla BNG—, como foi o Consorcio... O que non se pode traer aquí, a esta Cámara, son prestacións de traballo que sobre categorías homónimas estean un 20 % por debaixo, e somos nós quen o imos arreglar agora que temos os recursos suficientes. Xa está ben de dar leccións cando en modo algún...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ...se está producindo na realidade, e non contrastan.

Polo tanto, negociación permanente. Seguiremos afondando neste esforzo co que entre todos logramos sacar adiante a Comunidade Autónoma, e para iso sempre nos atoparán os sindicatos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Espero que algúns dos partidos que están nesta Cámara tamén o poidan facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe o Bloque Nacionalista Galego trae a esta Cámara unha interpelación sobre a electricidade. A verdade é que poderíamos comezar a nosa intervención referíndonos ao señor Fernández de Mesa, ou poderíamos comezar a intervir falando dos aínda incomprensibles movementos do ticket eléctrico, ou poderíamos lamentarnos de novo de que o Partido Popular renunciase á comparecer na mañá de hoxe a respecto dos cortes de electricidade que ata o día de onte aínda padecían moitos galegos e galegas.

Poderíamos facer todo iso porque vostedes levan toda a semana gabándose de que en menos de cen días de Goberno trouxeron aquí uns orzamentos. Iso é certo. Pero tamén o é que nestes cen días de Goberno asistimos a tantos improperios, tantos, relacionados coa electricidade que a verdade é que a oposición precisaríamos tanto tempo como teñen os conselleiros e conselleiras cando veñen expoñernos as súas liñas mestras.

Con todo, si que quería comezar, en nome do Bloque Nacionalista Galego, parabenizando a veciñanza e o Concello de Lalín por traernos, cando menos nestes primeiros días de febreiro de 2017, unha boa noticia, e é que a veciñanza venceu na batalla na defensa de Catasós e da súa fraga milenaria *(Aplausos.)* fronte a Unión Fenosa.

Volvendo á interpelación, centrareime en tres puntos, tres grandes razóns, polas cales —a xuízo do Bloque Nacionalista Galego— a Xunta debe intervir e debe negociar co Estado en canto ao prezo da electricidade. Primeiro, porque temos un contexto económico tremenda-

mente difícil. Segundo, porque sufrimos prezos abusivos a respecto da electricidade. E terceiro, porque non só non aproveitamos o feito de ser unha potencia produtora de electricidade, senón que estamos en risco de, aínda por riba, pagar máis por selo, como despois explicarei.

En primeiro lugar, comentaba que estamos nun contexto económico moi difícil; iso é así, malia a lectura compracente que fai o Goberno galego. Para as maiorías sociais deste país non hai recuperación económica, senón a consolidación ben do desemprego, ben do fenómeno dos traballadores e traballadoras pobres. Así, mentres sobe o prezo da vida, non só a luz que nos ocupa, senón tamén os carburantes, tamén o butano, tamén a compra —como nos recordaba a prensa hoxe—, o IBI, etcétera, mentres todo iso pasa, non hai unha suba suficiente nin dos salarios, nin tampouco das horas de contratación, nin tampouco das pensións.

En suma, esta é a realidade do noso país, unha realidade tremendamente difícil para moitas familias na que hai un problema grave en canto á pobreza, nomeadamente no que se refire á electricidade e a outros bens que nós consideramos que son fundamentais para desenvolver a vida con dignidade.

No caso da electricidade, isto vese agravado porque temos un goberno absolutamente cómplice cun modelo de explotación e de distribución eléctrica colonial, onde Galiza —como temos denunciado desde o nacionalismo— non ocupa o lugar que lle corresponde, senón todo o contrario.

Proba disto é o combo que temos e que vimos nomeadamente estes días, no que temos uns prezos abusivos e, ao mesmo tempo, un servizo que podemos cualificar de pésimo. Así vemos como mentres as empresas xeradoras de enerxía eléctrica xa ingresaron a finais de xaneiro até 1.000 millóns de euros, un 131 % máis a respecto do ano anterior, tivemos que ver como as persoas consumidoras sufriron o tarifazo de xaneiro, e até o señor Nadal —o señor ministro do Goberno central— tivo que recoñecer que durante este ano poderíamos ver unha suba da nosa factura de electricidade dun global de até 100 euros máis, nunha escalada de prezos ante a que novamente vemos escusas.

Primeiro, durante uns anos, a escusa era o déficit tarifario —que é unha absoluta falacia—, e agora é o clima. Supoño que, despois das chuvias desta fin de semana, a factura nos sairá a devolver. Pero, brincadeiras á parte, hai unha cuestión clave na que o Estado non quere entrar e nós entendemos que a Xunta debe presionar para que si que se entre, que é que estamos a pagar unha fiscalidade absolutamente disparatada en canto á nosa factura eléctrica.

Temos, por unha banda, un imposto especial da electricidade, cun 5,11 %, que se aplica en última instancia sobre todos os conceptos do recibo eléctrico, coa excepción do alugueiro de contadores, e, aínda por riba, temos outro imposto máis, temos que a electricidade se atopa no tramo máis alto do IVE, nun 21 %.

A Axencia Internacional de Enerxía, a AIE, non o BNG nin ningún sindicato separatista, nin ninguén manipulado por nós, fixo un estudo de 21 países da Unión Europea que sitúa pre-

cisamente ao Estado español tres puntos por riba da media en canto a este tipo de impostos sobre bens que —repito— nós entendemos que son absolutamente de primeira necesidade.

Cómpre recordar neste contexto que foi o Partido Popular de Rajoy quen impulsou o imposto sobre o valor da enerxía eléctrica, que comezou a aplicarse desde 2013. En resumo, unha fiscalidade absolutamente abusiva, que lucra un oligopolio enerxético que abusa tamén dos galegos e galegas e do noso territorio. E, ¿cal é o colmo neste contexto? Pois que logo, aínda por riba, non cumpre un mínimo co noso país, e vímolos estes días.

Eu non vou facer como facía o Partido Popular cando era oposición e o señor Rueda e o señor Negreira paseaban lamentándose das calamidades do Bipartito, aínda que o señor Feijóo o usara de novo esta mañá. Pero si é certo que hai determinadas cuestións que, aínda que a oposición non as esteamos usando desa maneira, hai que poñer enriba da mesa, e exixiremos que sexan fiscalizadas de forma adecuada, porque o temporal destes días parece indicar que si hai deficiencias na infraestrutura de rede eléctrica e outros elementos preocupantes, como o traballo de mantemento das liñas de electricidade.

Especialmente preocupados e preocupadas estamos a respecto de se Fenosa está a cumprir todas as directrices en materia de prevención de incendios forestais, e tamén o tardío e insuficiente operativo das empresas distribuidoras de enerxía eléctrica que derivaron en cortes de até cinco días, que cremos que é un período demasiado longo, e que, desde logo, se iso pasase noutras latitudes estamos convencidos e convencidas de que as alarmas terían saltado moitísimo máis e que se tería paralizado o mundo para buscar unha solución. Pregúntome eu se en Madrid estivesen dous, tres, catro, cinco días se as reaccións serían as mesmas; porque xa por cancelar un partido de fútbol case ten que intervir a OTAN. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero, en fin, indo ao terceiro punto, que queremos sinalar como fundamental, nós, dicía antes, que somos un país excedentario canto á produción de enerxía eléctrica, xa temos posto iniciativas neste sentido sobre a mesa, pero, desde logo, xa o que nos parece, o que é o absoluto colmo é que se xa que non nos vemos beneficiados por esa condición, agora esteamos en condicións de ser gravados, aínda por riba. Entón, se xa nos preocupa toda a fiscalidade que hai arredor da tarifa eléctrica, pois preocupánnos as consecuencias que poden ter que o canon eólico —do que o señor presidente da Xunta tanto se gababa tamén na súa pregunta pola mañá— poida repercutir na factura dos galegos e galegas, como así está presionando o Estado español.

Aí, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, temos que dicirlle, señor Conde, que se, desde logo, se vai opoñer a que iso así sexa, aí terá tamén un aliado no Bloque Nacionalista Galego, porque nos parecería xa o colmo dos colmos e o colmo dos abusos. Porque, como dicía, a electricidade é para nós un ben básico, e por iso entendemos que a Xunta de Galiza ten que intervir e ten que confrontar co Estado para conseguir un abaratamento da electricidade.

Non ten sentido —dicíao tamén na miña intervención— que sendo excedentarios teñamos que pagar estas consecuencias, e ademais, tamén, temos especial preocupación desde o



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego esta semana, unha mesma semana na que aínda por riba de todas estas cuestións que estamos vendo referidas á electricidade, temos outra máis que tamén ten que ver con centrais hidroeléctricas, que tamén ten que ver co noso patrimonio natural, e é que vemos con especial preocupación que —pola información aparecida na prensa, pola información aparecida nas comunicacións da bolsa ou en expansión— haxa constancia por información dese Comité de Empresa de Ferroatlántica —que aínda está esperando a que vostede os reciba de novo— de que os compradores —os señores e señoras que teñen intención de comprar esas centrais— xa visitaron esas instalacións e din, tamén, que teñen información por vía extraoficial de que xa faláron con vostedes.

É unha mágoa que o Partido Popular hoxe non quixera, por un mero formalismo, aprobar unha declaración institucional de apoio a estes traballadores e traballadoras. Entón, xa que estamos falando de electricidade, xa que estamos falando de como temos que aproveitar todas as potencialidades do noso país, pois agardamos, tamén, que nos poida confirmar na súa intervención, señor Conde, que os traballadores e traballadoras de Ferroatlántica non teñen absolutamente nada de que preocuparse, porque non se vai especular coas nosas centrais do río Xallas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Presas, a verdade é que teño que recoñecerlle a súa capacidade para falar de todo e non concretar nada. (*Murmurios.*) Porque leva aquí dez minutos facendo un percorrido polo sistema eléctrico, polo sistema económico, polo mercado laboral, pero concretar, concretar, señora Presas, non concretou, lamentablemente, nada.

Podería, por exemplo, falar do contexto macroeconómico, xa que quería falar da situación económica de Galicia, é dicir, hoxe mesmo anúnciase o dato do índice de produción industrial, que crece un 4,1 en Galicia fronte ao 1,6 en España. Podería falar do dato de crecemento das exportacións, do dato de crecemento do PIB ou da caída do 10 % do paro. Pero non, vostede quere falar de todo e non concretar nada.

Eu voume centrar, se lle parece, na interpelación que vostede me fai e, loxicamente, darlle resposta ás súas inquiredanzas. Eu o que lamento é que o Bloque Nacionalista Galego continúe coa quimera da tarifa galega, láméntoo enormemente porque eu creo que para convencer hai que explicar, e para explicar hai que facelo, polo menos, cun certo rigor.

Mire, señoría, en calquera proxecto que vostede queira traer a esta Cámara o que ten que facer —na miña opinión— é demostrar que é viable, que é sostible e que é rendible, e non

falar en termos xerais. E todo iso tense que demostrar, tamén, non sobre a hipótese, senón sobre a base da realidade á que temos que facer fronte.

En definitiva, señoría, ten que demostrar que o que vostede traía aquí non é unha quimera, e iso, señoría, teno que demostrar vostede.

E a verdade é que máis aló das palabras vacías de contido, descoñecemos nestes momentos, despois de todas as intervencións que tivo o Bloque Nacionalista Galego, cales son os fundamentos xurídicos e os fundamentos económicos nos que vostedes se basean para defender a tarifa eléctrica galega, descoñecémolos. Eu agradeceríalle que mos concretara. Pero eu creo que vostede non apostaría por ningún tipo de proxecto se antes lle demostraran que, efectivamente, é rendible. E estou convencido que na iniciativa lexislativa popular sobre a pobreza enerxética vostedes poderán explicar —e poderanlles explicar aos galegos— como calculan esa redución do 30 % no recibo da luz. Será moi interesante coñecer eses cálculos.

E como lle dixen ao señor Sánchez, tamén sería bo que explicasen, de forma concreta, quen vai pagar as redes de transporte e de distribución para que todos os galegos e as galegas, e as súas empresas, poidan acceder á electricidade.

E sería bo saber, señora Pontón —xa que quere intervir no debate—, como queren garantir a subministración de electricidade cando a que se produza en Galicia non sexa suficiente. Porque vostedes queren pechar Reganosa, están en contra das diferentes centrais térmicas. En definitiva, tamén sería bo saber como lles queren explicar aos galegos esa garantía de subministración.

Incluso, se me poño nunha situación de hipótese, como vostede quere traer a esta Cámara, tamén sería moi interesante saber, nesa proposta que vostedes fan de *brexit* enerxético, (*Murmurios*.) —que é unha nova iniciativa que parece vostedes parece que queren traer aquí— se realmente iso non funciona, que, evidentemente, por agora, fundamento nin económico nin xurídico trouxeron a esta Cámara, se realmente vostedes pretenden nacionalizar as eléctricas, se pretenden subir os impostos ou, ao mellor, ao final, o que teñen que facer os galegos é pagar máis polo recibo da luz.

Eu, señoría, creo que é un debate complexo, pero tamén creo que neste debate debería de haber tres principios reitores para marcar, polo menos, ese debate: claridade, equidade e prudencia.

O primeiro, claridade. Eu creo que non debería confundir ou intentar confundir os galegos. Eu creo que vostede debería saber que nós, os españois todos, tamén os galegos, achegamos no noso recibo para que a electricidade custe o mesmo en todas as partes do territorio. E nós defendemos iso. E defendémolo por solidariedade, non por centralidade. E isto beneficia tamén, como sabe perfectamente, os galegos, porque aquí os custos das redes de transporte de distribución eléctrica son máis caros, sábeo perfectamente, e sabe que iso —tamén pola situación orográfica, climatolóxica e de dispersión demográfica— tamén o pagan todos os españois e non só os galegos. E debería de dicilo. Polo tanto, intente no debate non confundir.

En segundo lugar, creo que tamén debería ser equitativa e non ocultar que Galicia ten beneficios concretos por ser produtora de enerxía eléctrica. Digo isto porque vostede debería saber, senón trasladollo eu, os cuantiosos investimentos que están realizando as eléctricas na comunidade autónoma, e que desenvolven, tamén, un efecto tractor sobre moitas empresas galegas. Debería saber que o sector enerxético, no seu conxunto, dá 30.000 empregos directos e indirectos. E sorpréndeme agora que vostede intente trasladar a alta fiscalidade centrada no canon eólico. Debería saber que o canon eólico ten beneficios tamén para a nosa comunidade autónoma, igual que os ten o canon hidráulico e a ecotaxa. Se vostede se quere poñer á fronte do sector eólico para que este goberno elimine o canon eólico, aí si que non nos atopará a nós.

E tamén debería saber que, efectivamente, as eléctricas pagan impostos municipais, como o IVE, polas diferentes instalacións eléctricas, e se falara co alcalde das Pontes ou co alcalde de Muras trasladaríanlle, seguramente, os importantes ingresos que iso lles reporta ao seu beneficio.

Polo tanto, creo que debería ser equitativa, e se quere falar de beneficios, loxicamente, ten que centrar o debate. E sería prudente, señoría, sería prudente, porque se vostede me fala dun presunto déficit tarifario, que é do que fala vostede, sabe que ese déficit se conxunga coa diferenza entre ingresos e gastos.

E, polo tanto, eu trasladolle ese exercicio de prudencia, porque senón debería de trasladar ou explicar a responsabilidade que ten o Bloque Nacionalista Galego cando apoiou o pago das primas das renovables no ano 2008, 2009 e 2010, cando sabía que eran dez veces máis caras que o que marcaba o mercado. Igual que debería explicar por que o Bloque Nacionalista Galego tamén apoiou que se lles condonasen os 3.000 millóns de euros ás eléctricas ao non reclamar o cobrado polos custos de transición á competencia.

Eu, señoría, con todo o que vostedes saben do sistema eléctrico galego, non sei como non caeron nestas circunstancias vinculadas ao déficit tarifario. Sorpréndeme. En calquera caso, si lle traslado ese exercicio de prudencia.

En definitiva, creo que, señoría, se quere traer un debate rigoroso hai que ser coherente, hai que falar con todos os elementos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, eu non veño dar leccións, eu, se quere intervir no debate, o que intento é que vostedes expliquen o que din. Vir aquí falar de todo e non concretar nada, non é —cando menos dende o punto de vista do debate parlamentario— moi coherente.

En calquera caso, o Goberno galego comparte a preocupación polo incremento do prezo da luz, como non pode ser doutra maneira; loxicamente, é un incremento que está afectando a maioría dos consumidores e tamén as propias empresas. Tamén sabemos que se corresponde cun episodio de punta, que este episodio de punta se está a corrixir. Hoxe o prezo medio do megawatt/hora no mercado maiorista é un 40 % inferior ao que se rexistrou o pasado 25 de xaneiro. Saben tamén que está a crecer a produción eólica e a produción hidráulica, e que, polo tanto, esa tendencia é decrecente. E saben, tamén, as situacións que están a pasar nou-

tros países, como é Francia, e, neste caso, a recuperación das diferentes instalacións que estiveron paradas pola revisión de seguridade.

Aínda así, este goberno non vai negar, loxicamente, que o prezo medio da luz no mercado maiorista é moito máis caro que en anos anteriores, hai que seguir traballando e iso significa actuar; o Goberno estao facendo, conxeláronse as peaxes para o ano 2017, iso supón que o 60 % da factura eléctrica non vai ver incrementado o seu custo. O Goberno tamén ten lle solicitou á Comisión Nacional do Mercado da Competencia as investigacións e análises de mercado para identificar, efectivamente, se, por exemplo, no mercado do gas houbo algún tipo de comportamento anticompetitivo.

E nós, pola nosa banda, en Galicia tamén actuamos e tamén tomamos medidas, non só para defender con contundencia os consumidores galegos cando se producen abusos por parte das eléctricas, e aí están eses 2.400 expedientes sancionadores ás eléctricas —que supuxeron 24 millóns de euros de sancións ás eléctricas—, senón que tamén estamos promovendo o aforro e a eficiencia enerxética, estamos aportando, tamén, medidas no eido do ticket social. En definitiva, estamos actuando, está actuando o Goberno central e, dende logo, nós seguiremos sendo proactivos, buscando solucións concretas para que o prezo da luz sexa razoable e, polo tanto, nin os consumidores nin as empresas teñan que asumir un sobrecusto do prezo da luz.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Descúlpeme, señor Conde, estaba tan ofendido co señor Sánchez porque el non falara do sistema eléctrico, que tiven que falar do sistema eléctrico para compensar, pero vexo que tampouco lle agrada. Entón, aproveito para felicitar o señor Losada, que vaticinou que a principal argumentación ía ser a de que non temos rigor, coma sempre.

Ben, non temos rigor, efectivamente, desde o Bloque Nacionalista Galego nin de ninguén da oposición, e non coñecemos nada os procedementos parlamentarios, pero eu recórdolle, con toda modestia, que as propostas adoitan ir nas proposicións non de lei e que as interpelacións son iso, interpelacións e preguntas, e iso estaba ben escrito no noso documento, e eu mesma o verbalicei.

En todo caso, si temos propostas concretas enriba da mesa. De feito, somos tan xenerosas que temos propostas enriba da mesa concretas para isto que non eran a tarifa eléctrica galega para buscar un consenso, como por exemplo instar o Goberno central a eliminar ese imposto especial de electricidade, ou, por exemplo, propor unha rebaixa do IVE do 21 %, que nós consideramos absolutamente excesivo o 4 %. Porque ademais, como xa dixen na miña exposición, no noso caso é como se pagáramos realmente máis dun 26 % de IVE.

Pero, lamentablemente, xa supoñemos que vostedes non se van prestar a ese mecanismo que facilmente podería abaratar a nosa factura de electricidade. Xa saíu o señor Nadal na

prensa a dicir que non habería ningunha medida por parte do Goberno para abaratar a luz, iso despois de cando saíu a dicir que cunha barita máxima ía automaticamente regular o mercado do gas e promover así unha superbaixada da electricidade, que foi tamén moi rigoroso e moi ilustrativo.

Porque claro, non van facer iso porque cando sobe a luz gaña o Goberno, porque gaña en recadación, está estimado que recadarán ata 294 millóns de euros de máis. E iso, por poñer un pouco cifras coas que comparar, é máis do custo do bono social ata o momento, do bono social tal e como estaba concibido ata este momento.

Ben, por ir tocando así algunhas das cuestións que vostede tocou, canto á famosa tarifa única, pois ben, o Estado español xa tivo tarifas diferentes á única, anteriormente, e a propia Lei 24/2013, do sector eléctrico, abre a porta a tarifas diferentes segundo os territorios. En todo caso, nós reiteraremos a nosa proposta de forma elaborada, non se preocupe, teremos abondo tempo de debater de forma específica sobre a tarifa eléctrica galega, pero a nosa interpelación vai sobre que ten pensado facer o Goberno galego para promover un abaratamento da luz para os galegos e as galegas.

¡Home!, desde logo, se chegan hoxe aquí e nos din que van implementar a tarifa eléctrica galega, pois estaríamos moi de acordo, pero a nosa limitada capacidade intelectual xa nos facía intuír que vostedes non ían facer iso, por desgraza.

Outra cuestión que me pareceu que vostede colocaba é o tema da dispersión, un argumento que tamén usa Fenosa e que tamén usa o señor Lago Peñas, que os vai asesorar canto ao modelo de financiamento, e a min preocúpame un pouco ese argumento, porque esa desculpa témola agora para todos os ralentizamentos canto á distribución eléctrica e á dificultade nos arranxos do temporal, pero témola agora xusto cando menos poboación queda no rural e menos hai esa necesidade.

En cambio, para poñer os encoros ou para outro tipo de instalacións enerxéticas nunca hai unha dificultade na orografía no noso país. Cando se trata de obter ese beneficio, nunca hai unha dificultade, pero cando se trata de fornecer un servizo, si que sempre é unha dificultade.

En fin, pois, desde logo, nós non imos renunciar a que Galiza siga defendendo unha posición de máximos canto á cuestión eléctrica. Desde logo, nós pensamos que si temos que controlar desde aquí a produción e a distribución e mudar o modelo de relación que temos co Estado, e iso faise con decisións políticas.

De feito, incluso o señor Nadal, nunha entrevista que saía antonte na prensa, falaba de que a fixación de prezos, en última instancia, correspondía a decisións políticas. Pois un pouco nesa filosofía de fondo, haberá algún punto no que vostedes consigan entender que é o que pretendemos coa tarifa eléctrica galega.

Esgótaseme o tempo, quería entrar na cuestión do déficit tarifario, pero non me dá tempo. Simplemente engadir que para ser vostedes tan solventes, lamentablemente non aproveitou

parte da súa intervención para aclararnos nada sobre a cuestión de Ferroatlántica, ¡unha mágoa!

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señora Presas.

Eu entendo, perfectamente, que vostedes sigan nesa miopía política e económica de defender un nacionalismo que nos quere separar, que nos quere separar politicamente, que nos quere separar economicamente, pero mire, os galegos non queren estar á marxe da Unión Europea, tampouco queren estar á marxe de España, e o que vostedes propoñen sobre a tarifa eléctrica galega, sobre a fixación de prezos por parte da intervención pública ou do pago da débeda eléctrica por parte dos fillos e netos —que é o que vostedes queren trasladar aquí—, pois iso nin cabe en España nin cabe na Unión Europea.

Se quixeran falar, realmente, de como abaratar o prezo da luz, seguramente introducirían elementos que están en contra, precisamente, do seu concepto ideolóxico dende o punto de vista económico, porque seguramente tería que falar de interconexións eléctricas e gasísticas con Europa.

Eu entendo que para vostede a súa visión económica termina na fronteira con Galicia, pero se quixera falar seriamente de como abaratar o prezo da luz, seguramente todos os economistas que lle trasladaran coñecementos ao respecto falarían das interconexións eléctricas e gasísticas co resto de Europa. Porque aí, señoría, é onde está a capacidade que ten España e que ten Galicia para, efectivamente, reducir o prezo enerxético, iso é o que apoian a maioría de forzas políticas en Galicia, a maioría de forzas políticas en España e, dende logo, no resto dos países europeos. E a única excepción son, pois loxicamente, opcións extremistas, opcións populistas que nós, loxicamente, non defendemos.

Pero, señorías, se vostede me di que é o que está a facer o Goberno, eu claro que lle traslado que é o que está a facer o Goberno aquí na Xunta de Galicia, e xa llo trasladei na miña primeira intervención. O primeiro que estamos a defender é os dereitos dos consumidores, e por iso facemos un seguimento puntual do comportamento das eléctricas. E dende o ano 2009, recorde o dato, xa llo trasladei ao señor Sánchez, abrimos preto de 2.400 expedientes, cunhas sancións de 24 millóns de euros, ás eléctricas.

Iso creo que non é, precisamente, conivencia, podería ser conivencia que o Bipartito puxera sancións por un total, en catro anos, de 90.000 euros. Iso, ao mellor, achégase máis ao seu concepto de conivencia; o noso, dende logo, non é así, e debería de saber que o Instituto

Galego de Consumo tramitou 20.000 reclamacións e que preto do 80 % desas reclamacións foron xa resoltas de forma favorable aos clientes.

Ademais, seguimos traballando para abaratar o prezo da enerxía en Galicia, e a través das diferentes iniciativas de aforro e de eficiencia enerxética —que é a nosa competencia, e exercémola como tal— xa temos beneficiado a 7.000 familias nos últimos dous anos. Facemos e desenvolvemos iniciativas vinculadas ao ticket eléctrico e ás medidas para evitar os cortes de subministración, aínda que na súa interpelación por escrito —porque, claro, aquí unha cousa é o que poñen por escrito e outra o que veñen falar aquí— isto habería que centralo, efectivamente, nos diferentes aspectos.

Falábanme dos apoios enerxéticos aos autónomos, iso recollíao vostede na súa interpelación por escrito. E claro que estamos apoiando os autónomos, tamén con medidas de aforro e eficiencia enerxética, non só a través da biomasa, senón tamén a través dunha orde de eficiencia enerxética na industria e nos servizos que ten mobilizado 60 millóns de euros no ano 2016, e tamén apoiando instalacións de enerxías renovables, nomeadamente en sectores importantes para a economía galega, como é o sector agroalimentario.

Polo tanto, este goberno vai seguir defendendo o aforro e a eficiencia enerxética, vai seguir defendendo, loxicamente, un sistema eléctrico que se centre na solidariedade a nivel territorial, e, dende logo, nós non queremos que Galicia se quede á marxe, non queremos que en ningún momento a visión política poida ir en contra dos intereses económicos de Galicia.

Vostedes están a plantexar esta lexislatura como malos acordos para Galicia, malos acordos no sistema de financiamento e malos acordos no sistema enerxético. Eu lamento que a súa miopía económica poida ir en contra dos intereses xerais de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Pasamos agora ao punto sétimo da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao Goberno. Xa saben que aquí temos que ser máis estritos co tempo.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto das medidas baralladas polo Goberno central en relación coa situación das persoas afectadas pola comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ola de novo, señor Conde.

Eu xa lle digo que cada día quero separarme máis dalgunhas formas de actuar dalgúns estados.

En fin, a pregunta que traemos hoxe dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten que ver cos abusos bancarios, con eses abusos bancarios que fomos coñecendo, sobre todo, a raíz do estallido da crise, que revelaron unha xestión económica dos fondos moi cuestionable e un trato moi cuestionable coas persoas usuarias.

Porén, lamentablemente, a resposta que se recibiu por parte do Estado español, e tamén por parte da Xunta, desde o noso grupo parlamentario lamentamos ter que cualificala, efectivamente, de conivencia, desa palabra que tan pouco lle gusta.

Pensamos que en lugar de rapidez e unha fiscalización axeitada desde a Administración pública máis ben houbo opacidade e unha política de inxeccións millonarias, como xa ten criticado o Tribunal de Contas e outras entidades. Por concretar, recentemente en decembro coñecemos a sentenza referida ás cláusulas chan, que poden afectar no noso país a máis de 200.000 persoas, e entendemos que as medidas que se están impulsando desde o marco estatal son unha nova man tendida por parte do Partido Popular, do Partido Socialista e de Ciudadanos cara á banca de novo, porque entendemos que en todo caso o que se deberían de determinar son medidas para asegurar o cumprimento por parte das entidades financeiras destas resolucións xudiciais e con iso devolver o diñeiro indebidamente cobrado.

Entendemos que o que hai sobre a mesa é un decreto palla e que a Xunta ten que levar ao extremo as súas competencias de consumo para garantir unha maior fiscalización de como son eses procedementos e que debe exixir melloras destes procesos ao Estado. Por citar brevemente, porque o tempo é curto, este decreto non recolle medidas urxentes para axilizar a solución do aviso, que para nós entendemos que debería pasar por unha devolución de oficio destas cantidades indebidamente apropiadas, e ademais algo que para nós é grave, que malia ser a banca quen cometeu a ilegalidade, son as propias entidades financeiras as que habilitan o sistema de reclamación. Para nós isto é un absurdo, é un absurdo que non haxa un elemento de fiscalización que controle como son esas devolucions, se realmente os clientes e as clientes están sendo tratados de forma correcta ou non, etc.

Non se incorpora, por exemplo, neste decreto unha definición mínima con parámetros obxectivos do que é unha cláusula chan abusiva e do que non. E, como digo, as medidas van ser aplicadas baixo a decisión da banca, non habendo unha garantía de arbitraje, que nós entendemos que se esa foi a forma idónea para saír do calote das preferentes, a arbitraje é algo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...a arbitraje obxectiva é algo que falta neste decreto. Por iso pedimos cal é a valoración que fai o Goberno galego sobre que as medidas baralladas favorezan os intereses da banca por riba dos intereses das persoas usuarias.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.



**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moi ben, moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, a verdade é que escoitándoa de novo é un pouco desalentador este diálogo co actual BNG, porque realmente todo o ven dende o punto de vista negativo. Loxicamente, vostede pode trasladar as cualificacións que considere oportunas, pero, dende logo, nós si que valoramos positivamente o esforzo que ten desenvolvido o Goberno central para habilitar un mecanismo de reclamación extraxudicial, porque é un mecanismo que está velando de forma efectiva polos intereses dos consumidores.

O curioso é que este mecanismo foi validado no Congreso dos Deputados co único rexeitamento en toda España de vostedes, de Podemos, de En Marea, de Esquerra Republicana, de Compromís, de Convergència e de Bildu. Sabemos, polo tanto, con quen está o Bloque Nacionalista Galego. Nós, loxicamente, estamos (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) coa defensa dos intereses xerais, e neste caso coa defensa dos consumidores.

Vostede sabe perfectamente que este mecanismo resolve dunha forma sinxela, rápida e grauíta a reclamación dos consumidores, sabe quen son os que van dicir voluntariamente se queren utilizar ese mecanismo extraxudicial, sabe, perfectamente, que a entidade financeira ten a obriga, loxicamente, de trasladar unha proposta, e sabe que efectivamente no prazo de tres meses ten que responder. Non confundan, saben perfectamente que o Instituto Galego de Consumo e da Competencia carece das competencias para declarar o carácter abusivo dunha cláusula chan, coñéceno perfectamente. E coñecen perfectamente que hai sentenzas no xulgado contencioso-administrativo nas que se establece a nulidade de sancións que impuxo, por exemplo, o Principado de Asturias pola inclusión destas cláusulas. Polo tanto, non intenten enganar e derivar cara a competencias que non ten a Comunidade Autónoma e que xa foron substanciadas nos tribunais.

Polo tanto, señoría, creo que este mecanismo non prexudica as persoas afectadas. Todo o contrario, mantén unha tutela xudicial, penaliza a entidade financeira, a súa conduta. E a min o que me gustaría saber, señoría, é qué é o que lle parece inadecuado para que os consumidores poidan ter unha resposta áxil e rápida para solventar esa situación no caso das cláusulas chan abusivas. Polo tanto, señoría, nós estamos co interese xeral, estamos coa maioría do Parlamento a nivel nacional, e loxicamente velaremos dende o Instituto Galego de Consumo por que ese desenvolvemento do mecanismo extraxudicial se vaia desenvolvendo, defendendo sempre os intereses dos consumidores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Si, efectivamente, señor Conde. ¡Home!, con algún grupo, como con Podemos, pois sabe que temos as nosas friccións ás veces, pero, brincadeiras á parte, estamos do lado de todas as organizacións políticas, galegas ou non, que nalgún mo-

mento se teñen posicionado contra os abusos bancarios. E, cando algún día os grandes partidos do Estado español dean un paso nesa dirección, darémoslles a benvida.

Miren, o abuso xa o sentenciou e declarou Europa, o abuso xa está xulgado. Simplemente hai que dar unha cobertura para as persoas afectadas, e unha cobertura rigorosa. De verdade que dende o Bloque Nacionalista Galego nos preguntamos: se a arbitrase, a arbitrase obxectiva, funcionou e existiu para as preferentes, ¿por que non vale para este caso?, ¿por que non agora? Porque, co decreto que hai sobre a mesa, non existe esa garantía de arbitrase. Hai unha remisión xenérica, pero non se habilita nin se crea nin se concerta coas comunidades que teñen competencias exclusivas na materia a implantación real de servizos de mediación.

Nós valoramos moi positivamente o traballo que sempre fai o Instituto Galego de Consumo para as persoas consumidoras neste e noutros aspectos, pero consideramos que hai que ser máis ambiciosos e hai que ir a un marco máis amplo. Hai que vixiar cuestións como, por exemplo, que sexa a propia banca quen propoña os acordos e quen xestione todo iso, e que dalgunha maneira se obxectivice e se fiscalice que non estea habendo novos abusos nese intercambio de pareceres entre a persoa usuaria e a banca. Porque, ademais, hai outra cuestión perigosa sobre a mesa: que é que xa non se fala só da devolución en efectivo, senón da colocación de novos produtos —a saber con que criterios de fiscalización— sobre as persoas usuarias, tal e como veñen denunciando tanto asociacións de persoas afectadas como algúns sindicatos de traballadores e traballadoras da banca. E falaba vostede tamén dos autónomos, e podíamos falar da blindaxe, da non blindaxe, que dá para autónomos e ONG, por exemplo, esta cuestión.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Presas.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, non deixa de sorprendeme —pero en positivo, neste caso en positivo—, porque agora trasladan efectivamente o bo traballo que desenvolveu o Instituto Galego do Consumo e da Competencia no caso das preferentes.

Pero, señoría, voulle facer un pouco de memoria, porque cando a Xunta de Galicia foi pioneira para desenvolver precisamente esta solución para as persoas afectadas polas preferentes, o BNG estivo en contra. ¿Onde estaba o BNG cando nós plantexamos aquí nesta Cámara a solución da arbitrase para as preferentes? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, señoría, non deixa de sorprendeme, e, sobre todo, demostra unha vez máis que vostedes están no non polo non. E creo que aí, sinceramente, nin gana o debate político nin ganan os galegos.

Sinceramente me sorprende enormemente esa rotundidade coa que están acostumados a expresarse nesta Cámara para deostar calquera iniciativa que fai o Goberno central ou que

fai esta Xunta de Galicia. Pero eu tería un pouco de prudencia, e tería un pouco de prudencia sobre todo para ver como se desenvolve. E aí estará o Instituto Galego de Consumo para comprobar que, efectivamente, o desenvolvemento dese mecanismo extraxudicial se desenvolve con total garantía.

Hai un órgano de seguimento e de control. Vaise velar para que as entidades cumpran coas súas obrigas de información. Saben que haberá un informe semestral, que loxicamente se poderán propoñer as medidas que se estimen necesarias para impulsar unha correcta aplicación. E eu insisto en que me gustaría que me trasladaran nesta Cámara en qué se prexudica as persoas afectadas. Gustaríame que concretaran. Porque todos sabemos que a tutela xudicial, no caso de que non haxa acordo, segue aberta. Sábeo perfectamente. E sabe que os tribunais se encargarán de penalizar tamén as entidades financeiras, porque así o recolle o real decreto, se a súa conduta non foi axeitada. Sabe que o Goberno vai garantir ese órgano de seguimento de control e avaliación das reclamacións. E tamén sabe —pero non fixo relación a iso— que tamén se reforma o imposto da renda das persoas físicas para garantir precisamente a neutralidade fiscal se hai devolución das cantidades indebidamente cobradas por cláusulas chan.

En definitiva, señoría, hai un mecanismo que garante os dereitos dos consumidores, que garante a aplicación da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. E vostedes, e algunhas excepcións puntuais en España, simplemente están no non polo non. E así, señoría, non se resolven os problemas dos cidadáns galegos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación, ata os doce meses, do período de contratación subvencionable nas subvencións dirixidas ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Vázquez.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Boa tarde, señor Conde, prométole que hoxe non é obsesión con vostede. O que sucede é que nos toca á oposición facer que dea conta de distintas cuestións sociais. E facémolo porque a crise consolidou en Galiza un modelo que afondou nas desigualdades e na exclusión social, aumentaron os niveis e a duración do desemprego, aumentou a precariedade laboral e reducíronse os ingresos por fogar. A taxa de risco de pobreza e exclusión chegaba en 2015 ata o 26 %, e a porcentaxe de persoas en exclusión material severa, ao 4,2 %, tendo aumentado esta durante a crise, o que nos leva a 114.000 persoas que malviven con escasos recursos. E neste tempo, fronte a esa incipiente recuperación macroeconómica, fronte a ese aumento de beneficios empresariais e o incremento das grandes fortunas, o que sucede é a realidade da pobreza enerxética —xa lle dixo o señor Sánchez que acada a un 15,4 % da poboación galega—, a das figuras de traballadores e, sobre todo, de traballadoras pobres, que son realidades que se van consolidar desgraciadamente no noso país, cando menos mentres gobernen vostedes.

Fronte a isto, tamén temos as clases populares que consentir eses repagos. Xa lles sinalaba onte o señor Torrado que por esa causa o 5 % da poboación galega deixou de tomar algún medicamento. Temos que sufrir os cortes de luz a pesar das empresas eléctricas beneficiarse do noso país, dese espolio que é un roubo. E non temos que retirar nada, creo que Antón Sánchez fixo ben en non retirar nada, porque non é un insulto, é unha definición dicir que este país é espoliado polas eléctricas, e que o seu Goberno e conivente e colaborador. *(Aplausos.)*

Pero en fin, vou á cuestión, que non me queda tempo e vanme dicir, como á señora Presas, que non concreto.

Entre as persoas que teñen graves problemas para acceder a estas subministracións básicas, como a enerxía, están precisamente as que perciben a Risga, esa renda que non garante a subsistencia material, persoas tras das cales están en moitos casos historias persoais de acumulación de anos de desemprego.

A Consellería de Emprego e Industria ten unha liña de subvencións dirixida ás entidades locais para a contratación temporal destas persoas. Pero para este tipo de contratos, independentemente da súa duración, subvencionase un máximo de sete meses, un máximo do 75 % da xornada laboral, e deberán estar vinculados á realización de obras ou servizos de interese xeral. Pero, en fin, é unha liña de axudas que non vai á raíz do problema. E o que sucede é que en moitos casos, cando estas persoas rematan o contrato, non teñen dereito á prestación contributiva por ese historial de acumular anos de desemprego. Polo tanto, non serven para rematar —e cito as palabras da propia Consellería— coa cronificación da exclusión, para propiciar a inclusión activa. En fin, que non é un programa que redunde en deter esa cronificación da pobreza.

Polo tanto, señor conselleiro, trasladámoslle esta pregunta urxente para coñecer os plans da súa consellería acerca destas subvencións para o ano 2017, para que os concellos poidan ter unha previsión. E preguntámoslle especificamente se vai modificar esta orde pasando dunha contratación de meses a unha contratación de, como mínimo, un ano, para garantir, polo menos, unha prestación contributiva por desemprego, independentemente da situación anterior da persoa; e, con todo, sabendo que é unha medida parcial. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, eu coincido con vostede en que é necesario que o Goberno faga todo o posible para facilitar a inserción laboral das persoas que máis o necesitan. Coincidimos plenamente no diagnóstico —xa o teño trasladado nesta Cámara—, especialmente naqueles casos máis vulnerables, como son os parados de longa duración ou como son tamén as persoas perceptoras da Risga —que, ademais, nunha porcentaxe moi elevada coinciden os dous elementos, son perceptores da Risga e ademais son parados de longa duración—.

Ese foi o motivo polo cal no ano 2014 a Xunta lanzou por primeira vez un programa específico para axudar precisamente á inserción laboral destas persoas. Entendiamos que o máis importante que lles podemos trasladar ás persoas que eran perceptoras da Risga era proporcionarlles unha oportunidade para adquirir unha experiencia práctica a través da contratación, neste caso polos concellos, que é a axuda que se puxo en marcha.

Nestes momentos xa son máis de 2.500 persoas beneficiarias da Risga que tomaron parte neste programa; polo tanto, creo que xa estamos a falar dun dato positivo. Porque estamos abrindo oportunidades para que estas persoas poidan, a través da súa inserción laboral, encontrar un futuro laboral.

Ademais, son moitas delas persoas maiores de 45 anos e con cargas familiares, e loxicamente son especialmente preocupantes.

Vostede plantéxame especificamente o programa para os concellos. Pero eu diríalle máis: este goberno dá un paso adicional e tamén temos incentivos á contratación de colectivos desfavorecidos e de persoas en risco de exclusión social, tanto a través das empresas como a través das empresas de inserción laboral. E aí loxicamente os perceptores da Risga tamén teñen unha oportunidade.

O que imos facer é incrementar a partida orzamentaria que tiñamos prevista nos orzamentos, e imos dedicar este ano, nas tres liñas, 7 millóns de euros, o que supón un incremento do 13 % con respecto ao ano pasado. Entendemos que este é o camiño —a inserción laboral— e, polo tanto, intentaremos, en colaboración cos concellos, a través do programa específico da Risga, e a través da colaboración coas empresas e coas empresas de inserción laboral, darlles unha oportunidade para que as persoas perceptoras de Risga teñan unha experiencia profesional e que, polo tanto, poidan atopar un futuro no mercado de traballo, que entendemos que é o lugar e a dirección axeitada para dar resposta ás súas necesidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Ben, agora son eu a que lle pido a vostede que concrete. Porque á cuestión concreta non me respondeu, que é se especificamente este programa vai aumentar canto menos a un ano ese período subvencionable. Independentemente, nós consideramos que este programa é unha medida parcial, e, polas súas palabras, deduzo que está satisfeito cos resultados deste programa. A nós parécenos claramente insuficiente. Pero é que, ademais, un 30 % das persoas perceptoras de Risga no noso país teñen cronificada a súa situación. E parécenos insuficiente porque entendemos, dende logo, que non é unha boa práctica que se promova a contratación parcial —moi parcial— destas persoas, limitándoo, ademais, ao 75 % da xornada. O que debemos facer —e seguro que aí coincidirá, pero hai que coincidir na práctica, en medidas concretas—, o que cómpre, son programas integrados de promoción de emprego, facer un seguimento das persoas a nivel laboral, facer un seguimento, non que—

dar en contratalas temporalmente, e unha coordinación efectiva dos servizos de emprego e política social.

Tamén das súas palabras deduzo que o Goberno galego non é consciente do que está a suceder con estas persoas, que moitas prefiren non ser contratadas a caer nun contrato temporal e logo volver a esa infernal peregrinaxe polos servizos sociais para solicitar esmolas. Porque iso é o que está sucedendo. Por unha parte quítanlles competencias e recursos aos concellos, os concellos fan de bombeiros sociais —que nunha situación de crise se incrementa esta necesidade de atención social por parte dos concellos—, e por outra parte eles teñen que facerse cargo de tramitar esa burocracia da pobreza, esa burocracia das distintas axudas: o ticket eléctrico que viamos antes, os subsidios pequenos, esta Risga... Unha burocracia que o que provoca é que estas persoas afonden na súa xa mala situación, tanto na súa saúde física como mental; e, por outra parte, que se colapsen os servizos municipais.

Si, xa sei que saín do tema, pero é que vostede tampouco me contestou á cuestión concreta, respecto de que os concellos teñan unha previsión de como vai ser a orde de axudas para este ano. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Turno de peche.

Señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Eu en ningún momento trasladei a miña satisfacción polos datos da Risga, en ningún momento. Eu creo que debería, polo menos, non trasladar as miñas verbas e cualificalas. Claro que este goberno entende que hai que mellorar os datos, tanto da evolución do emprego como da evolución especificamente da Risga e dos parados de longa duración. Pero eu loxicamente creo que tamén hai que reflectir a realidade. E, se imos á realidade, debería saber que o desemprego dos parados de longa duración, por exemplo, caeu un 10,75 % no último ano. E isto tamén afecta aos perceptores da Risga. Están mellorando as afiliacións, cun crecemento do 2,13 %. E vouna, neste caso, corrixir: a contratación medrou no último ano no 11,5 %, os contratos indefinidos creceron máis dun 22 % e a contratación a tempo completo tamén se incrementou máis dun 10 %. Esa é a realidade, señora Vázquez.

En calquera caso, nós claro que traballamos —fálame vostede dos plans integrados de emprego e da orientación—, claro que estamos traballando cos colectivos máis desfavorecidos. E debería saber que na anterior lexislatura —eu trasládollo— 31.000 persoas con maior dificultade de inserción no mercado laboral recibiron orientación dende o Servizo Público de Emprego de Galicia —un dato concreto—; igual que 1.500 persoas participaron en accións de formación e obradoiros de emprego.

Nós entendemos que a axuda da Risga está funcionando ben, ímola manter cos mesmos criterios que tiñamos o ano pasado, coa mesma contía. E o que imos facer é incrementar o peso que as empresas de inserción social teñen na posibilidade de inserción laboral das persoas con máis dificultade. En total, será unha partida de 7 millóns de euros, o que supón un incremento do 13 %, na súa totalidade, con respecto ao ano pasado.

E nós loxicamente seguiremos traballando cos programas integrados de emprego, seguiremos traballando cos obradoiros, seguiremos traballando cos servizos de orientación do Servizo de Emprego Público de Galicia, e seguiremos intentando darlles oportunidades ás persoas con máis dificultades, nomeadamente, nestes programas, ás persoas perceptoras da Risga e tamén, loxicamente, aos parados de longa duración, porque son os que nestes momentos necesitan unha maior atención por parte deste goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas detectados no funcionamento da estación depuradora de augas residuais en probas de Ribeira**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Dolores Toja Suárez, do Grupo Parlamentario Socialista.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas. Boa tarde.

En primeiro lugar, quixera saudar e amosar a nosa solidariedade cos veciños e veciñas de Castiñeiras e Aguiño, de Ribeira, ante o empeoramento da súa calidade de vida e saúde como consecuencia da negligencia e falta de transparencia deste goberno.

É unha EDAR cunha radicación que claramente non é a adecuada. Os tanques de tormenta, situados entre vivendas nun entorno natural de praias que se ve afectado xa durante o período de probas por ruídos, cheiros, derrames de augas fecais, desfeitas medioambientais de Costas —como na do río Listres, aliviadoiro de paxariños agora, onde é o mar o que vai ao río e non é o río o que vai ao mar—... En consecuencia, temos inundacións de fincas, e o peor é que se converteu nun estanque de fecais debido ao aliviadoiro que evacúa asiduamente. Deixou de ser unha zona de baño e natureza para ser hoxe en día un medio deteriorado.

Foi unha xestión negligente, porque existe un proxecto inicial no cal se separaban as augas residuais urbanas que ían ao emisario de Couso das augas industriais que verterían ao emisario de Touro. E, ademais, no seu anexo de características xerais do proxecto establecíase que esa condición era necesaria para garantir o bo funcionamento das instalacións. Pero ¿cal é a realidade? A realidade é que tal separación non se levou a cabo, ou iso é o que se extrae do informe elaborado por Eptisa para o Concello de Ribeira, que indica que os elevados niveis de ácido sulfhídrico se deben ás vertidos de residuos industriais dunha empresa conserveira

á rede de residuos urbanos. Pero existen unha serie de cuestións pendentes de resolver, tales como que en período de cambio de zona de vertido da conserveira persisten os problemas.

Por tanto, sobre esta situación parece razoable facerse unha serie de preguntas. Como son: ¿estanse tomando mostras no emisario de Touro?, ¿con que frecuencia se toman?, ¿que parámetros se analizan?, ¿que resultados se obteñen, no caso de que se estean tomando mostras? En consecuencia, ¿que accións se van levar a cabo para reverter esta situación? Pero, sobre todo ¿cando?, ¿cando se van levar a cabo as ditas accións? Porque vai para seis meses que están estes veciños e veciñas sufrindo as consecuencias desta xestión, seis meses de alarma social e múltiples queixas por parte dos veciños por culpa do mal funcionamento. Cheira a ovo podre, pero a situación vai máis alá dun simple cheiro, é algo máis grave. Existen elevados niveis e valores de toxicidade; e, en consecuencia, un agravamento de problemas de saúde, unha grave deterioración do entorno vital dos veciños e veciñas de Ribeira. E aquí entrando nunha situación totalmente absurda na que se sanciona as empresas por vertidos —tendo en conta o parche que se fixo en Touro— e na que, ademais, nós estamos recibindo sancións por parte da Unión Europea polo deficiente estado das nosas rías.

Vendo todo isto e vendo que hai seis meses que non teño respostas, facemos esta pregunta: ¿ten coñecemento a Xunta de Galicia de todos estes problemas coa EDAR de Ribeira e a súa rede de colectores de máis de 13 quilómetros? Pero, sobre todo, ¿que medidas concretas vai levar a cabo?

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Toja.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

Señora Toja, primeiro de todo, a resposta á súa pregunta sería así: temos coñecemento, efectivamente. O segundo que me gustaría é tamén, obviamente, manifestar a miña comprensión coa situación que pode afectar directamente os veciños de Ribeira, neste caso provocada polos cheiros do funcionamento dunha depuradora en concreto.

Pero das súas verbas e da súa intervención tamén se poden sacar distintas conclusións, que é o que quero facer e, dende logo, destacar. E é que a realidade é que a Xunta promete, a realidade é que a Xunta executa, e a realidade é que a Xunta cumpre co concello de Ribeira e mesmo tamén coa ría de Arousa. Porque vén vostede aquí, dalgún xeito, falar dun problema que non existiría se non houbera depuradora, obviamente. É difícil falar dun problema que existe a día de hoxe porque hai un goberno que efectivamente se comprometeu, un goberno que fixo, un goberno que rematou unha infraestrutura absolutamente necesaria; e, por certo, un goberno que non decide el o seu emprazamento, senón que o fan —como é e como debe ser— os técnicos, que son os que deciden onde se colocan as infraestruturas técnicas que dan resposta ao saneamento, neste caso, de Ribeira.



Foi este goberno e non outro o que investiu na ría de Arousa 55 millóns de euros dende o ano 2009, non 3 millóns de euros, como falaba vostede na súa intervención. E fixéronse distintas actuacións clave que eu quero mencionar: a EDAR de Ribadumia, con 8 millóns de euros; a EDAR do Grove, con 6 millóns de euros; a EDAR de Corrubedo —que está no mesmo concello—, con 6,3 millóns de euros; ese emisario do que vostede falaba, en punta Touro, con 1,8 millóns de euros; mesmo tamén se redactou a folla de ruta e o plan de saneamento da ría, con 800.000 euros; e obviamente o investimento do que vostede fala a día de hoxe, que son 20 millóns de euros, dos que a Xunta de Galicia puxo 8 millóns de euros, para ter unha depuradora.

Así, agora, fáleme vostede de que, efectivamente, hai alegacións e hai protestas que vostede e mais eu coñecemos, efectivamente hainas. E hainas porque a depuradora a día de hoxe se atopa en proba, é dicir, en proba. E as probas están precisamente para saber se as cousas e fixeron ben, se as cousas están a funcionar. E de aí, desas probas, efectivamente, víronse dúas causas: a primeira, a existencia —como vostede dicía— de vertidos industriais na rede sen un tratamento previo; e, a segunda, outra serie de incidencias propias da posta en funcionamento deste servizo. Unha vez detectados estes olores, activouse a comisión de seguimento, esa que avalía todos os indicadores polos que vostede pregunta. E, despois de convocarse a comisión de seguimento, Acuaes fixo unha primeira fase para acometer o baleirado parcial da rede nova cara á antiga —agora pasando todo á antiga—, limpar en profundidade todo o circuíto, a supresión temporal de todos os vertidos industriais dos que vostede falaba e manter a vixilancia e as medicións para comprobar a eficacia das medidas. En definitiva, estanse a dar os pasos para arranxalo, e a día de hoxe o que me trasladan a min é que está arranxado.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Turno de réplica.

Señora Toja.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Se a día de hoxe os problemas están arranxados, non sei que fan aquí os veciños e veciñas de Ribeira precisamente para queixarse (*Aplausos.*) e mostrar o seu malestar pola situación que teñen en Ribeira. (*Aplausos.*) O parche que fixeron en Touro é unha chambonada, junha chambonada!

Miren, levan seis meses de graves problemas, de vertidos incontrolados de residuos, de augas fecais en praias e ríos, de emisión de gases tóxicos, de olores nauseabundos e insalubres. E hai tres semanas fixeron ese parche, que lle conto, de Touro. E hai cinco días foron alí dicir que se trataba dunha obra complexa de 13,6 quilómetros. Iso é o que fixeron.

Coma sempre, estamos ante un goberno frío, con falta de humanidade, que non ten en conta as persoas e que goberna con esa falta de alma e humanidade. E a situación o que require é resolver canto antes esta situación medioambiental e de saúde, non proceder á aceptación e

entrega da obra ata que estean solventados todos os problemas, e, sobre todo, asumir responsabilidades. Asuman responsabilidades na Xunta e no Goberno de España a través de Acuaes. E, cando terminen as obras, fagan un informe e, sobre todo, aprendan para o futuro para que isto non lles volva ocorrer. Isto é o que reclama o Grupo Socialista aquí e no Senado. Os afectados de Ribeira queren oír respostas concretas, que medidas concretas van levar a cabo para solucionar estes problemas. Non diga que están solucionados porque non o están. Pasar por Touro é un horror, ¡cheira que apesta!, dito así, claramente.

¿En que prazos o van solucionar? ¿Por que deixaron pasar seis meses sen darlles unha resposta aos veciños e veciñas? ¿Por que? ¿E que responsabilidades van asumir?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Toja.

Turno de peche. Señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Pois xa que me fala vostede de que están aquí os veciños de Ribeira, gustaríame dirixirme a eles e non dirixirme a vostede —aínda que faga vostede a pregunta— para informalos de que, efectivamente, eu teño unha información —podo ir visitalo para coñecer a situación na que se atopa ese emisario de Touro—, pero teño a información de todos os portavoces do Concello de Ribeira que visitaron a EDAR —todos, incluído o voso, Vilán—, que non manifestaron ningún punto de desagrado na visita a esa depuradora —ningún punto, incluído o voso, señora Toja; o señor José Manuel non dixo absolutamente nada—. E, evidentemente, pódolles garantir a estes señores que, se a depuradora, cando volva outra vez funcionar, cando estea conectada correctamente á nova rede, non está ben e non dá os resultados, non a recepcionaremos. Porque, obviamente, a depuradora, señores, está en probas, e estar en probas significa non rematado definitivamente.

Polo tanto, o que fixo o Goberno da Xunta de Galicia é actuar cando se comprometeu, actuar con algo que é importante non só para os veciños senón para os homes e mulleres que viven do mar, que é facendo un investimento de máis de 55 millóns de euros nesa ría, unha ría importantísima, marisqueira e de pescadores que viven precisamente diso. Investimos en Ribeira en tres actuacións importantes —no emisario, en Corrubedo e nesta depuradora—, nada baladíes.

E podo asegurarlles aos veciños de Ribeira que non será recepcionada a obra ata que a obra non estea funcionando en perfecto estado. A día de hoxe, a depuradora non está a emitir ningún cheiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se teñen eles razón, evidentemente eu irei comprobalo. Porque todos os portavoces políticos, señores, todos, dixeron que non cheiraba. (*Murmurios.*) Todos, todos os que están aquí, todos. E, polo tanto, eu comproba-reino. E, se non —insisto—, a Xunta de Galicia non recepcionará esa obra se non funciona ben. A día de hoxe está en proba.

E volvo dicir que queremos avanzar, porque temos o firme compromiso de sanear todas as nosas rías, incluída a de Arousa, onde investiremos neste ano máis de 7 millóns de euros en

distintas actuacións no resto de concellos: en Rianxo, en Vilagarcía e en Boiro. Outro tipo de actuacións perfectamente definidas por técnicos — non por políticos — para darlles resposta ás necesidades dos veciños, neste caso dos veciños da ría de Arousa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para non realizar en período non lectivo as obras que se están a levar a cabo no CEIP Ramón de la Sagra, da Coruña**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Ángeles Cuña, do Grupo Parlamentario de En Marea.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Boa tarde.

(*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor! Vaise formular unha pregunta.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Boa tarde.

(*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor, vaise formular unha pregunta. (*Murmurios.*)

Espere, espere, que a conselleira, creo, vai falar cos nosos invitados. Espere, para formular a pregunta, a que haxa un pouco de silencio. Están saíndo, non por outra cousa... (*Murmurios.*) (*Pausa.*)

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Moi ben, grazas.

Dende que se iniciaron as obras no colexio Ramón de la Sagra, o 2 de novembro, as familias afectadas veñen manifestando o seu malestar por unhas obras que semella que non reúnen as condicións mínimas de seguridade e salubridade, e que están sendo acometidas meses despois do debido, afrontando unhas condicións adversas. Cómpre ter presente que a licitación das obras foi publicada o 15 de xuño e adxudicada o 2 de setembro, malia que a ficha descritiva da operación no programa operativo Feder Galicia 2014-2020 especificaba a urxente necesidade de acometer as obras no verán, antes do inicio do curso escolar 2016-2017.

Ben, por culpa do atraso, as obras están ocasionando un profundo malestar e preocupación entre as familias, que veñen alzando queixas referidas a varias cuestións: o acceso dos materiais en camións polo espazo de xogo dos nenos, ruídos intensos polos traballos con radiais

mentres os nenos están nas aulas, problemáticas respiratorias a causa da gran cantidade de po levantado, materiais almacenados sen ningún control en espazos infantís e retirada do amianto de xeito simultáneo ás clases, un material que se ten demostrado canceríxeno.

As familias tamén veñen solicitando reiteradamente, por acordo maioritario da ANPA, que se paralicen as obras e se realicen en período non lectivo. Con todo, ignorando o sentir maioritario, as obras continuaron, ata o punto de que varias familias deixaron de levar os seus fillos ás clases. A reivindicación é totalmente lóxica. Non sei se calquera de vostedes, tendo un neno ou unha nena de tres anos en adiante e sabendo os riscos que isto conleva, levaría o neno ao colexio.

¿Por que o fan? Pois porque, mentres se estea manipulando fibrocemento, é a única maneira que teñen de garantir a non exposición, que, aínda que sexa baixa, ten que ser minimizada.

Moi ben, por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea pregunta: ¿como pode explicar o Goberno galego que se realicen as obras de retirada do amianto en período lectivo, sabendo, como sabemos, que a exposición en nenos é moito máis perigosa que en adultos?

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Cuña.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, se houbese a máis mínima dúbida ou o máis mínimo temor por parte da Administración —xa non digo por parte dos políticos, senón por parte da Administración pública—, a través das autoridades de seguridade e saúde no traballo, que regulan ao milímetro este proceso, ¿vostede cre que somos tan desalmados como para acometer unhas obras que poidan danar a saúde dos nenos? Realmente eu lle digo, a vostede e a quen queira escoitarme, que, conforme os informes emitidos por un conxunto moi amplo de funcionarios públicos, de diferentes servizos públicos, dise, dun xeito máis ou menos textual, que a posta en marcha deste proceso, coas garantías precisas, non xerará ningún tipo de problemática nos nenos. Porque, se houbese —insisto— a mínima dúbida, se non houbese unha certeza practicamente total, de que o procedemento que se ía levar a cabo era prexudicial para os nenos, eu sería o primeiro —que son pai de dous nenos pequenos— que mandaría parar.

Agora, o que non podemos ter é unha desconfianza absoluta do conxunto do procedemento administrativo e do conxunto de normas e controis que van encamiñados claramente a minimizar todo tipo de risco neste ámbito. E vostede dixo unha cuestión que non é certa, supño que, ao mellor, por error ou por descoñecemento. Esta obra, igual que moitas obras antes, igual que noutras administracións, faise fóra do horario lectivo. En ningún momento se fixeron de xeito simultáneo as obras de retirada do amianto —do que se coñece como uralitas— con nenos dentro. Hai uns procedementos moi estritos nese acto.

Mire, voulle dicir unha cousa. Iso que fixemos nós, que fai a Xunta de Galicia —que non é a primeira vez, que se fan moitísimas obras deste tipo—, tamén o fan outras administracións; mesmo, na Coruña, o Concello da Coruña fixo unha exactamente igual. Foi retirar tamén en período lectivo e polas tardes, cando non hai nenos no cole, as chapas de fibrocemento do María Barbeito, exactamente idéntico. Eu entendo —igual que supoño que entende vos— que no Concello da Coruña estaban seguros de que esa operación non xeraría ningún tipo de problemática, igual que o estamos nós.

Aínda así, aínda así, puxéronse en marcha unha serie de medidas enormes, porque había certa revolta social, que entendemos, podémolo entender. E todas as medicións que se fixeron, todas, dan datos absolutamente positivos e tranquilizadores para as familias. Co cal eu podo entender que unha obra xere molestias, incluso nas nosas vivendas, sempre hai molestias.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Agora, poñer en dúbida todo un procedemento administrativo... Señoría, entendo que debemos ser responsables e debemos confiar nos funcionarios públicos que levan a cabo isto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Cuña.

Déanlle voz ao escano da señora Cuña, por favor.

Grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Si, gustaríame crelo, señor Román, pero non podo. Non podo porque hai unanimidade na comunidade científica, unanimidade en dicir que hai perigo. E non hai normativa. As leis son simplemente para os traballadores e non atenden a terceiros; dende logo, non atenden os nenos, que teñen moitísimo máis risco que os adultos de desenvolver mesoteliomas.

O que se afirma aquí está desmentido. Hai un ditame da Comunidade Europea que conclúe, que di, que hai evidencia epistemolóxica de que todas as formas e tamaños de fibras de amianto comercial son canceríxenas para os seres humanos. Vostede fala de medicións, nós falamos coas familias. As familias solicitaron facer medicións asumindo os custos. As medicións que se fan pola tarde non teñen resultados óptimos ao día seguinte. As fibras pululan, e entón o certo é que o amianto non deixa nunca de liberar fibras ao ambiente. Canta maior exposición, maiores papeletas para xogar na rifa macabra, que ten un premio grande, si, é o cancro. E hai un ditame da Comunidade Europea —que por algo será— que di que o amianto ten que ser retirado de toda a comunidade no ano 30, porque máis de medio millón de persoas

van ser vítimas dos efectos do amianto. Se vostede quere crer que a normativa garante a seguridade dos nenos... Claro, aos 5 anos quintuplicase o risco de padecer que se nos expoñemos aos 30 ou aos 50, que aínda se afasta máis. Nos nenos, os alvéolos fórmanse, si, no posnatal, pero o 20 % segue funcionando ata a adolescencia, co cal, hai moito maior risco.

A comunidade europea dá directrices moi concretas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** O que se está facendo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señora Cuña, xa entendemos.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...é unha barbaridade, é unha irresponsabilidade. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Está entendido. Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Señora Cuña, eu non lle pido que me crea, non son tan iluso, nin moito menos. Pero eu pediríalle que crea os técnicos funcionarios públicos en materia de seguridade e saúde no traballo, que hai tanto a nivel autonómico como a nivel do Estado. Mesmo ditames europeos din claramente que o amianto en estado inerte é inocuo para a saúde. E din —iso si— que, se hai unha manipulación errónea, si pode haber algún tipo de risco. Pero por iso hai uns protocolos fixados polo Issga moi potentes que din claramente como debe retirarse ese material para que non xere ningún tipo de problemas.

As medicións que se fixeron, todas as medicións que se fixeron no exterior, din que está perfecto, que non hai problema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Para os traballadores que traballan cunha especie de pin que avalía a posibilidade do amianto, os que están encima da uralita, da chapa, manipulándoa e sacándoa, dan perfecto. ¿Como vai, señora Cuña, entrar fibra de amianto nas aulas cando entre o tellado e as aulas hai unha placa, hai un forxado de formigón, e están as ventás pechadas, e no aire as medicións —que non as fixen eu, señora Cuña, que as fan empresas habilitadas— din que non existe ningún problema?

E, insisto, eu creo que hai que ser respectuosos co traballo técnico moi estrito, moi estrito, que impoñen en materia de seguridade e saúde tanto o Issga coma o Ministerio. É algo que se fai en todas partes. Un concello gobernado por vostedes fíxoo exactamente igual; co cal, eu creo que aquí, eu lamento... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, fixeron igual ca nós, en inicio de curso, o María Barbeito, exactamente igual: ás mañás, clase; e ás tardes, traballábase para retirar as chapas, exactamente igual. E iso está perfectamente taxado, hai que facer un procedemento que está perfectamente taxado.

Eu, a verdade, lamento que se poña en cuestión o traballo de moitos funcionarios públicos nunha tradición administrativa que está perfectamente taxada, perfectamente taxada e tremendamente controlada. E tamén lamento, tamén lamento, señora Cuña —e sei que vostede non é así—, pois esa especie de pequena dobre moral que hai de cuestionar un cambio de cubertas se o fai o PP mentres, se o fai un concello onde gobernamos nós, non pasa nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio, por favor!

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** E, sobre todo, o que lamento é que se xerese un problema de convivencia nun centro educativo. Iso é o que realmente máis me doe. Xerouse un alarmismo que eu podo entender, porque na actual sociedade cuestiónase todo. Pero o que non pode facer unha administración responsable é cuestionar a acción administrativa de moitos servizos con moita tradición, onde non estamos os políticos —que temos rabo, dentes e azufre pola boca—, *(Murmurios.)* non, non, onde hai funcionarios públicos cuns procedementos moi estritos, cunhas normas de seguridade moi estritas e cunhas conclusións moi estritas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Co cal, eu diríalle, señora Cuña...:

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...fagamos as cousas ben...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...non desconfiemos da Administración, e non xeremos problemas de convivencia nos centros.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D Aurelio Alfonso Núñez Centeno e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre a evolución dos datos da enfermidade gripal no inverno 2016-2017 en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Amigo Díaz, do Grupo Parlamentario Popular

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boas tardes.

Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a nosa pregunta vén motivada polo elevado número de casos de gripe que se está a presentar, como cada ano, nestas datas e a alarma social que se pode producir pola falla de información da poboación.

Como vén sendo habitual, todos os anos por estas datas hai un aumento significativo de persoas afectadas pola gripe. E a nosa comunidade, cun número elevado de persoas maiores, non é allea a este problema. A gripe é unha enfermidade infecciosa, de etioloxía vírica que afecta o nariz, a gorxa, os pulmóns, que se transmite de forma moi fácil e que na gran maioría dos casos cursa cun cadro clínico benigno. Pero en persoas maiores ou con factores de risco pode complicarse, fundamentalmente en persoas con asma ou outros problemas respiratorios previos, enfermidades concomitantes ou enfermidades crónicas.

A miúdo, as persoas confunden arrefriado con gripe. Son diferentes, aínda que comparten algúns síntomas. A maioría das persoas sofren arrefriado varias veces ao ano e, pola contra, as persoas contraen gripe só unha vez en varios anos. Coñecemos e sabemos ben que a maior medida de prevención é a vacina antigripal, que na nosa comunidade está á disposición de todos os usuarios que a necesiten en todos os centros de saúde do Sergas.

A atención desta enfermidade é basicamente competencia da atención primaria, ben nas consultas de atención continuada, nos PAC, ou nas consultas do médico de familia; aínda que moitas persoas continúan acudindo aos servizos de urxencias hospitalarios, en moitos casos con procesos gripais que se poderían resolver e tratar na atención primaria. O tratamento da gripe é sintomático, resolvéndose habitualmente o proceso nuns días, nunha ou dúas semanas.

Pero hai unha pequena porcentaxe da cidadanía que precisa atención hospitalaria pola gravidade do seu cadro clínico, con base na súa idade ou na presenza de enfermidades crónicas. Por exemplo, persoas maiores de 65 anos ou nenos menores de 2 anos, mulleres embarazadas, persoas institucionalizadas ou calquera persoa que padeza enfermidades cardíacas, pulmonares, renais crónicas, diabetes ou cun sistema inmune debilitado. Isto provoca nalgúns casos episodios puntuais de saturación dos servizos de urxencias dos nosos hospitais.

Dado que nestas datas estamos a observar un incremento notable dos casos rexistrados na nosa comunidade autónoma, gustaríanos que nos respondera a esta pregunta: ¿como está a ser a evolución dos datos da enfermidade gripal neste inverno 2016-2017 na nosa comunidade autónoma?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Amigo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi boas tardes, señor presidente, señora Amigo.



Moi boa tarde a todas as señorías.

Como vostede sabe, a onda de gripe presenta características diferentes cada tempada, por iso é necesario facer un seguimento puntual da súa evolución. A vixilancia da gripe estacional faise a través de cinco sistemas diferentes: o número de chamadas semanais ao 061 de gripe e demais infeccións respiratorias agudas e os rexistros de gripe semanais declarados desde atención primaria, que permiten identificar o momento do inicio da onda, coñecer a súa intensidade, comparar coas tempadas previas, coñecer o grao de difusión do virus e axudar na predición do cumio e valorar a tendencia semanal —facilitan información por provincia e por grupo de idade—; outro é o sistema de vixilancia microbiolóxico, no que participan catro hospitais da comunidade, que permite coñecer o virus gripal que predomina en cada tempada e o seu grao de difusión; e, por último, o sistema de vixilancia de ingresos con gripe confirmada, que permite coñecer a gravidade en termos de ingresos, paso á UCI e incluso a letalidade, o impacto sobre o sistema sanitario e identificar as características epidemiolóxicas das formas graves da enfermidade. O obxectivo fundamental é obter unha visión ampla do comportamento da enfermidade e dos virus gripais circulantes.

A tempada de gripe neste ano iniciouse na semana 40 do 2016, e o inicio da onda nesta tempada foi, segundo o sistema de vixilancia, na semana 51 de 2016, que rematou o 25 do 12 do 2016. Neste momento anunciouse que, de seguir a evolución esperada, o cumio sería a finais de xaneiro ou principios de febreiro; sen embargo, a velocidade de desenvolvemento da onda desta tempada foi maior do esperado e o cumio acadouse finalmente na terceira semana do 2017, cuns niveis de intensidade moi parecidos nas semanas segunda, terceira e cuarta.

A intensidade da onda foi na tempada actual maior que na pasada, e, segundo este sistema de vixilancia, maior que nas últimas tres tempadas. Observouse, igualmente, que a tempada actual foi de maior intensidade que a tempada anterior, e parecida, segundo este sistema de vixilancia, á tempada 2014-2015, na que circulou maioritariamente o virus AX3N2.

Pola súa banda, o sistema de vixilancia de ingresos con gripe confirmada amosou, comparado coas últimas tempadas, unha onda parecida á da tempada pasada, aínda que nesta ocasión de maior intensidade. Segundo os datos dispoñibles ata a data, o cumio teríase acadado na semana 3 de 2017, cun total de 300 casos, fronte aos 227 casos declarados na semana do cumio da temporada anterior.

De comparar os ingresos ata a semana seguinte ao pico, estaríamos a falar dun aumento de ingresos dun 24 %.

Desde o principio da tempada declaráronse 1.504 ingresos con virus de gripe confirmada...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...e deles precisaron ingreso na UCI o 6,5 % do total. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa ampla exposición de detalles.

Vemos e constatamos unha vez máis que temos un sistema galego de saúde que está preparado para atender en todo momento as necesidades dos seus cidadáns. A coordinación entre o servizo de atención primaria, de atención hospitalaria e o 061 permiten coñecer e saber, cos seus rexistros, a evolución desta enfermidade e así ter unha visión ampla do seu comportamento e dar as respostas adecuadas a unha patoloxía estacional que ten un alto impacto e que é a causante ano tras ano dunha importante demanda asistencial, provocando un aumento da frecuentación dos servizos de urxencias hospitalarias.

Ademais, polas súas explicacións sabemos que o sistema de vixilancia microbiolóxica permite coñecer o virus gripal que predomina en cada tempada e o seu grao de difusión. Vaia por diante o noso agradecemento a todos os profesionais que traballan arreo e de forma coordinada no Servizo Galego de Saúde. Tendo en conta que, segundo nos explicou, na actual tempada de gripe a velocidade de desenvolvemento da onda foi maior do esperado e a intensidade tamén foi nesta tempada actual maior que nas pasadas tempadas, supoñendo isto un maior número de ingresos hospitalarios, cun incremento, segundo nos dixo, significativo de ata de un 24 %, gustaríanos que nos respondera qué medidas preventivas se realizaron desde o Goberno galego para afrontar o aumento de doentes nos servizos de urxencias dos centros sanitarios diante do repunte da gripe e de patoloxías que se producen todos os anos nesta época.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Amigo.

Turno de peche do señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Si, señora Amigo.

A idea, loxicamente, é que desde o Servizo de Saúde Galego, pese ás diferenzas que poida haber anualmente —que son, como vimos, de matices—, temos sempre preparado un plan de continxencia para esta época de gripe. A idea é controlar as consecuencias debidas á infección. Evidentemente, hai que ter en conta que aos servizos de urxencias hospitalarios acoden tamén pacientes doutras patoloxías non respiratorias, polo que, aínda que é posible planificar a demanda pola onda de gripe, as entradas nos servizos de urxencias están sempre suxeitas tamén a outro tipo de actuacións.

Por outro lado, cómpre sinalar que a atención urxente de pacientes conleva a necesidade de dispor de dispositivos que permitan a selección de pacientes en función da gravidade. Temos —o que dicimos sempre nas ondas de gripe e en calquera outro momento— o primeiro nivel,

que é a atención primaria e que é fundamental no noso sistema. É a entrada no sistema pero, ademais, resolve unha porcentaxe moi alta. Tamén temos os puntos de atención continuada, os PAC, que resolven aproximadamente un 92 %, 93 %, dos pacientes que van alí. E queda a outra parte, a parte importante, que é que tratamos de convencer a poboación de que, se seguimos estes niveis de asistencia, imos ser moito máis eficaces.

Pero unha vez que chegamos ao servizo de urxencias, que ten loxicamente a capacidade media moi, moi alta, é moi resolutivo, temos a triaxe, que é fundamental para clasificar por gravidade e ir dando resposta non aos que cheguen, ou que leven máis tempo, senón a aqueles que son máis graves para poder loxicamente atender a quen o necesita en primeiro lugar. Saben que aproximadamente un 50 % dos pacientes que chegan aos servizos de urxencias tamén na época de gripe podían ser valorados noutro sistema asistencial, e iso ás veces dificulta.

Pero de todas formas, pese a iso, a resposta da triaxe é unha resposta rápida. En xaneiro de 2017 o tempo medio de triaxe é dun minuto e pico; ou sexa, que somos rápidos á hora de triar e despois de clasificar e atender segundo este tipo de atencións.

Ademais dos reforzos que facemos nos servizos de urxencias, en atención primaria e nos PAC, tamén os facemos no resto de servizos hospitalarios. Porque cos pacientes que loxicamente necesitan ingreso tamén necesitamos dar unha maior resposta a nivel de ingreso.

Podemos dicir os grandes números dos reforzos que estamos dando. Por categorías, nun período determinado temos uns 2.880 reforzos, dos cales 340 reforzos corresponden a facultativos especialistas de áreas, 1.369 a persoal de enfermería, 1.097 a técnicos de coidados auxiliares de enfermería, 66 a celadores e 8 a técnicos de laboratorio. É dicir, é un reforzo considerado...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...importante e co que cremos que damos resposta ao que necesita a poboación galega.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** E se comparamos con outros sistemas europeos, ou incluso con outras comunidades autónomas, cremos que o resultado é moi eficaz e efectivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da demora do Goberno galego na substitución das agullas facilitadas polo Sergas para a administración de insulina aos doentes afectados pola diabetes**

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde, conselleiro.

E moi boa tarde á presidenta da Asociación de Diabéticos de Santiago e ao voceiro de SOS Compostela, que nos acompañan na tribuna.

A Federación Galega de Diabéticos, as asociacións que a compoñen, a plataforma SOS Sanidade Pública de Compostela e doentes a título individual, señor conselleiro, levan formulado múltiples reclamacións pedindo que se cambien as agullas para a administración de insulina que subministra o Sergas, porque causan dano e dor ás persoas doentes que teñen que usalas. Denuncian que centos de persoas diabéticas sofren os efectos da baixa calidade destes materiais, como mazaduras e dor na zona da inxección, por causa de ter que reiterar os intentos de pinchazos, problemas asociados á cantidade ou dose que administran e en moitos casos prodúcese a perda da insulina inxectada por un mal encaixe da pluma, o que supón un incorrecto cálculo da cantidade administrada, e isto pode supoñer hiper ou hipoglucemias, problemas de oclusión, problemas de tipo psicolóxico. Hai persoas —sobre todo, nenos— que teñen que pincharse 3 ou 4 veces ao día, co cal 3 ou 4 veces diarias teñen que soportar ese calvario de pincharse con dor. E mesmo hai agullas que chegan a romperse dentro do corpo dos doentes.

Denuncian que no último procedemento de contratación, o do 2014, o criterio de valoración determinante foi a oferta económica. Sabemos que o Sergas ten coñecemento de toda esta situación, porque teñen feito reclamacións, denuncias, tanto as persoas afectadas como as asociacións. Só en Santiago presentaron máis de 400 denuncias. Teñen denunciado a situación na Xerencia da EOXI de Compostela, na Valedora do Pobo, no Sergas e no xulgado, porque, como ningunha destas queixas tivo efecto e o Sergas fixo oídos xordos, en setembro do ano 2016 SOS Compostela presentou denuncia nos xulgados de Compostela. A denuncia foi admitida a trámite, e posteriormente o Xulgado número 1 de Santiago acordou sobreseer esta causa —acordou sobreseerla provisoriamente— ao terse comprometido o Sergas a realizar un novo concurso, a mudar os criterios de selección da adxudicación do concurso para subministrar as agullas para a insulina, atendendo aos posibles efectos e non só aos criterios económicos —que estes non foran os determinantes, como ata o de agora—, e a darlle máis peso á proba do produto por parte de doentes. E, evidentemente, con este compromiso, o Sergas aceptou implicitamente as reclamacións dos doentes e das asociacións que reclamaban.

Catro meses despois dese compromiso, señor conselleiro, queremos preguntarlle, en nome dos doentes, cal é a razón de que aínda non teñan substituído as agullas Insupen para a administración de insulina que grande cantidade de doentes teñen denunciado que causan danos, que teñen efectos negativos, e se van proceder á substitución das mesmas, como se teñen comprometido, e cando van facelo. Son preguntas moi concretas, señor conselleiro, e agardo de vostede tamén respostas moi concretas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

O primeiro que me sorprende desta pregunta é que siga o trámite de urxencia. A verdade é que a min me sorprende porque falamos dun tema que, como dicía agora mesmo a deputada, vén de hai moito tempo.

Como saben todos, a diabetes é unha enfermidade moi prevalente, posiblemente das enfermidades máis prevalentes que temos nesta sociedade. A subministración de agullas de insulina con destino ás EOXI do Sergas realízase a través dun procedemento de concurso público, como non podía ser doutra forma. E o último é de finais de 2014, con vixencia de dous anos e prorrogable outros dous anos. Isto é o que marca a lei, seguindo o que son os concursos públicos.

Este concurso, como ben saben tamén, dá cobertura a máis de 36.000 pacientes. Preto de 2.000 profesionais de enfermería fan entrega anualmente de 11.800.000 agullas deste tipo. Durante a fase de licitación levouse a cabo a avaliación do produto mediante unha proba práctica en 28 pacientes insulino dependentes voluntarios de todas as EOXI, en 26 pacientes diabéticos que, ademais, son persoal sanitario e en 12 pacientes da Asociación de Diabéticos de Galicia. As agullas de uso pediátrico, por certo, de 4 milímetros, están excluídas deste concurso. Só están incluídas as de 5 a 8 milímetros. Ademais, ao logo do contrato faise un seguimento das incidencias que se producen. Somos, loxicamente, sensibles. É un tema, como digo, especial porque son persoas cunha enfermidade crónica que necesita coidados especiais e un tratamento de por vida, e, loxicamente, estamos pendentes das incidencias que poida haber. E as incidencias destacadas son que, entre outubro de 2014 e decembro de 2015 —catorce meses—, non houbo ningunha incidencia presentada en ningunha das EOXI, coa excepción de Vigo, onde foron presentadas dúas, que se solucionaron co cambio do tamaño das agullas. Durante o ano 2016 houbo unha incidencia en Ferrol, 5 en Ourense e 99 na EOXI de Santiago, todas elas rexistradas no mesmo punto —refírome a Santiago—.

Falamos de que hai 2.000 postos de enfermeiras que son as que dan este tipo de agullas. Estas incidencias supoñen unha porcentaxe baixa; gustaríanos que non existira ningunha pero, evidentemente, dentro do número total, é baixa.

Ademais, desde a Federación Galega de Asociacións de Diabéticos confirman que as poucas incidencias que tiñan se resolveron co cambio de agullas de menor calibre. Tras a análise realizada en cuestións coas educadoras e diabéticos do Servizo Galego de Saúde chegouse á conclusión de que os coñecementos e a destreza na técnica de punción é de altísima importancia e, polo tanto, é necesaria a aprobación e adestramento dos pacientes.

Para realizarse un mellor seguimento das incidencias que puideran producirse e a mellora da utilización das agullas para inxección de insulina adoptáronse as seguintes medidas: informar o paciente; ante unha incidencia, o profesional sanitario responsable do paciente elabora un informe onde se resume a causa da problemática; unha análise por parte da di-

rección de enfermería de todas as incidencias; e, nos casos nos que a incidencia non é un problema da técnica de inxección, faise o cambio de agullas a outras de menor calibre.

Programación anual de formación de educación...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ... diabetolóxica e formación de profesionais de enfermería, programación anual de formación e seguimento do paciente diabético dirixido a facultativos de atención primaria e atención hospitalaria. Nesta formación participan arredor de douscentos profesionais cada ano de medicina e enfermería...

**O señor PRESIDENTE:** Por respecto á señora que está arriba, remate a contestación que están aí os convidados.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Remato.

E programación anual de formación en diabetes a pacientes diabéticos a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

No seguinte momento sigo dando algún dato. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Eu pregunteille se vai... Fíxenlle preguntas moi concretas e vostede non quixo contestar absolutamente a ningunha. ¿Cal é a razón de que aínda non teña substituído as agullas, que se comprometeron diante do xulgado a que as ían cambiar, a que ían facer un novo procedemento, a que nese procedemento ían ter en conta a opinión dos doentes? E resulta que catro meses despois desa comunicación xudicial vostede vén aquí, de momento, a botar balóns fóra. Eu agardo que na súa réplica sexa capaz de contestarme; se non quere a min, ás persoas que están na tribuna e a esas trinta e oito mil persoas afectadas; se van rectificar ou non, se van cambiar as agullas, porque vostede ten un compromiso.

Eu pregúntome: se fai un seguimento das incidencias, ¿como é posible que non teñan aínda rectificadas? Porque, mire, co recoñecemento que leva feito — polo menos diante do xulgado —, recoñecen, por un lado, a irresponsabilidade de outorgar un concurso só tendo en conta criterios económicos e non a calidade dos materiais; e, por outro lado, que non fai seguimento dos mesmos, porque lle dixen que hai, como mínimo, só en Compostela, catrocentas denuncias; que houbo que ir ao xulgado porque vostedes non atenderon nin as denuncias no Valedor do Pobo nin as persoas que lles reclamaron. E cando resulta que é un clamor, vostedes están con demoras inxustificables. Son inxustificables por varias razóns: primeiro, porque hai un acordo e hai un auto xudicial que arquiva o tema en canto o condiciona a que vostedes cumpran o prometido — paréceme que esa é unha cuestión xa de peso para que o tiveran feito —; e segundo, porque resulta que o Partido Popular se comprometeu

a finais do ano 2015 a resolver o problema, na voz do, naquel momento, voceiro de Sanidade e, neste momento, presidente do Parlamento galego, a que ía resolver o problema sen demora. Pasou máis dun ano, hai auto xudicial de por medio e vostede aquí parece que non quere comprometerse. Eu pídolle que, por respecto —por unha vez teña respecto a este Parlamento—, diga se van cambiar as agullas e cando o van facer. Se o van facer, como o teñen comprometido, e cando o van facer. Son preguntas moi sinxelas, por favor, señor conselleiro, conteste tamén con esa mesma claridade. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Si, a verdade é que, señora Prado, eu non sei se mente ou non coñece a verdade, é a gran diferenza. O auto do xulgado está aquí e non hai ningunha condición. O que di o auto do xulgado é, primeiro, que, claramente, non eran as condicións económicas as únicas que había. As condicións económicas dentro dun concurso público teñen que estar, iso non é un capricho de Sanidade, é un capricho da normativa estatal de contratos; ten que haber un peso. Pero a previa son as características —como digo— de puntuación e neste caso fíxose de forma —ademais, creo que das primeiras comunidades autónomas que fixo isto nun concurso público— que fora probado por pacientes. E foi probado por pacientes —de forma anónima, loxicamente— e tiña que ter unha puntuación mínima. De feito, dúas ofertas quedaron excluídas porque non chegaban ao mínimo, non tiñan calidade suficiente porque os pacientes dixeron que non tiñan calidade suficiente. E só pasaron dúas, e dentro desas dúas, evidentemente, a que presentaba a mellor oferta económica foi a que gañou no concurso público, como en calquera concurso público. E o que chama atención é que, facendo de forma anónima esta proba con pacientes, poida haber discusión.

De todas as formas, nós seguimos as incidencias. E o que estamos relatando é que as incidencias son menores e que, curiosamente, as incidencias son «moi grandes» —entre comiñas—, dentro da pequena cantidade, nunha EOXI concreta, nun punto determinado. E, sen embargo, nas outras seis EOXI son mínimas. Isto tamén é algo que a nós nos custa coñecer. Como digo, das catro empresas dúas quedaron fóra por non ter o mínimo exigible por parte dos pacientes.

E mire, o que di o auto de data...—supoño que o terá vostede, eu non sei ler pero normalmente dise o que se quere dicir por parte dos xuíces— é exactamente: «*Decretando el sobreseimiento provisional y archivo de la presente causa con notificación de la presente resolución a las partes y sin perjuicio de acciones que pudieran corresponder ante la jurisdicción contencioso-administrativa*». Non sei a que se refire a señora deputada sobre que condicións deben cumprir ou non cumprir (*Murmurios*). Nós temos que cumprir algo moi importante dentro dun contrato, é o que se firma. Hai un concurso público que se presenta ás empresas que poden presentarse e hai unha selección, unha selección clara que noutras ocasións pode ser menos obxectiva. Aquí buscouse, precisamente, que os pacientes, os que teñen que ser tratados durante toda a súa vida, puideran dar a súa percepción de cal é a mellor. E, como digo, xurdiu efecto, porque dúas empresas non pasaron o corte. E a partir de aí temos que seguir o que é

a normativa, non hai outra cousa, temos que seguila, é obrigación nosa. E, loxicamente, nós —neste e en calquera concurso— imos seguir vixiando para que se cumpra e para que a calidade do servizo que damos aos cidadáns sexa a mellor posible. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. Marta Rodríguez Arias e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para atender as familias obxecto dun desafiuzamento**

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Señor conselleiro, a Xunta de Galicia ten en marcha un conxunto de medidas encamiñadas a garantir o dereito das persoas a unha vivenda, evitar os desafiuzamentos e paliar as súas consecuencias. Son doce estas medidas ás que poden acudir as familias que afronten dificultades para acceder a unha vivenda ou para manter a súa vivenda e conservar a súa vivenda.

Dentro destas doce medidas, hoxe queriamos preguntarlle polo Programa Reconduce, un programa que se puxo en marcha en outubro de 2013 para dar resposta ás persoas e ás familias en risco ou en situación de desafiuzamento, con asesoramento xurídico e económico, ampliando aos desafiuzamentos tamén os alugueiros e con catro oficinas de información. Polo tanto, hoxe queremos saber cal é o balance da Xunta de Galicia deste programa Reconduce dende a súa aprobación ata agora.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Resposta do conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Señor presidente.

Señora Rodríguez Arias.

Señores deputados e deputadas, moi boas tardes.

Protexer as persoas e familias que están atravesando unha situación económica de vulnerabilidade é un obxectivo fundamental para calquera goberno, para calquera administración e, dende logo, un obxectivo irrenunciabile para a Consellería de Política Social.

Neste sentido, o Goberno galego está a desenvolver diferentes medidas de atención á vivenda e inclusión residencial logo dunha profunda crise onde se visibilizou moito máis a existencia de desafiuzamentos hipotecarios nunha primeira parte, e de alugueiro nunha segunda parte.

Galicia, afortunadamente, hoxe conta con máis instrumentos que permiten facilitar a permanencia desas persoas na súa vivenda. As axudas ao alugueiro, o bono de alugueiro social, o Programa Realoxa, o Programa de vivendas baleiras, un convenio importantísimo entre a



Xunta, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Federación Galega de Municipios e Provincias que permite paralizar os desafiuzamentos cando un informe social determina que existe risco de vulnerabilidade social, e o programa polo que me pregunta o seu balance, o Programa Reconduce, unha iniciativa dirixida a previr situacións nas que pode acabar un lanzamento.

O primeiro logro do Reconduce é contribuír a desafogar os servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal ao proporcionarlles un dispositivo ao que derivar todos os casos de desafiuzamento existentes nos concellos. Outro dos logros deste programa ten que ver coa coordinación entre administracións. Se todos estamos implicados en evitar os desafiuzamentos, todos temos que colaborar: a Administración autonómica e as administracións locais. Este programa presta unha serie de servizos: información e orientación, asesoramento xurídico e económico, atención social específica, apoio psicolóxico, orientación laboral, apoio na busca dunha vivenda alternativa... A importancia tamén deste programa é que é unha xanela única, unha ventanilla única onde calquera persoa que se atope nesta situación pode acudir, tanto dunha maneira presencial como on line, cun equipo multidisciplinar de funcionarios públicos da área de dereito, economía financeira, psicoloxía e traballo social.

No balance quero destacar 451 intervencións que deron lugar a 197 expedientes de desafiuzamento, dos cales están pechados, con acordo ou solución, 163; soamente catro expedientes nos que non foi posible chegar a un acordo. Ese é o balance que podemos presentar neste programa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Turno de réplica, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, nós traemos hoxe a este pleno esta pregunta porque no debate dos orzamentos se repetiu, unha e outra vez por parte dos grupos da oposición, que a Xunta de Galicia non estaba facendo absolutamente nada para loitar contra os desafiuzamentos. Por iso hoxe quixemos traer aquí esta pregunta. É certo que é fundamental a colaboración de todas as administracións —dos concellos, das deputacións, da Xunta de Galicia— porque o problema é real e o problema segue a existir na nosa comunidade. Por iso, nós consideramos que é necesario aunar esforzos e seguir loitando para que todas as persoas teñan dereito a unha vivenda digna.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Arias.

Señorías.

Efectivamente, estes son os resultados que presenta este programa, o Reconduce. O obxectivo, ademais, do Goberno de Galicia é ampliar as oficinas do programa Reconduce, acercalo máis ás diferentes provincias, ás diferentes cidades, porque nos estamos dando conta de que, ás veces, temos que suplir servizos sociais de base. Decía antes que había unha saturación importante, que coñecemos, de servizos sociais de base, e estamos a combater dende a consellería tamén esa saturación dos servizos municipais, ampliando o número de profesionais financiados aos concellos para que poidan ser de verdade esa primeira porta de entrada ás necesidades sociais das persoas. Pero, xa digo, o orzamento previsto no ano 2017, o orzamento que acabamos de aprobar, inclúe 460.000 euros, máis do dobre que o do ano anterior para ampliar este programa.

E tamén me gustaría aproveitar para dicir que as páxinas da 11 á 18 da Axenda social única da Xunta de Galicia tratan sobre os desafiuzamentos, sobre as necesidades de impulsar unha política de vivenda que, obviamente, garanta ese dereito a que ninguén quede sen vivenda, especialmente aquelas persoas que son colectivos vulnerables, e dentro das persoas que son colectivos vulnerables, obviamente me gustaría destacar aquelas persoas que teñen fillos ou que teñen fillas.

Os diferentes programas previstos que están pactados cos concellos e que están pactados coa EAPN, coas organizacións de pobreza en Galicia, coas ONG de pobreza en Galicia, desegnan ese mapa de recursos cos programas dos que falamos anteriormente. E, ademais, o que desexamos dende a Consellería de Política Social e no marco do diálogo que está establecido coa Federación Galega de Municipios e Provincias é desenvolver todas estas medidas en canto ao bono social, en canto á paralización de desafiuzamentos, para que, de verdade, demostremos ante a sociedade que, se é un problema de todos, todos estamos dispostos a arriñar o ombro cando existe un caso de desafiuzamento. Polo tanto, o que esperamos e desexamos é que estes temas de desafiuzamentos estean presentes nesa axenda que temos cos concellos e as deputacións de Galicia, coas ONG de Galicia, para poder desenvolver o previsto na Axenda social única de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Concepción Burgo López e catro deputados /as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da concertación de prazas na Rede pública de residencias e centros de día creada pola Deputación Provincial de Lugo**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Burgo López.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moi boas tardes, señorías.

Grazas, señor presidente.

Como sabe perfectamente, señor conselleiro, Lugo é a terceira provincia de España en porcentaxe de envellecemento, o 29 % dos habitantes e dos lucenses teñen máis de sesenta e cinco anos. Un envellecemento que se fai gravísimo en certas zonas da provincia, como é a zona da montaña —A Fonsagrada—, que chega a porcentaxes dun 40,6 % de poboación maior de sesenta e cinco anos.

Isto fai, loxicamente, que as necesidades e as demandas de servizos sociais, de equipamentos sociais, sexan cada vez máis altas, máis importantes e, ademais, de forma crecente.

Pero esta necesidade vai acompañada a unha absoluta carencia, a unha especial carencia, de servizos e equipamentos sociais para atender a nosa poboación.

Como vostede sabe, o Mapa galego de equipamentos sociais indica que Lugo ten un déficit mínimo de 2.268 prazas de residencias e centros de día para chegar ás ratios mínimas de cobertura, xa non unha gran cobertura. E como vostede sabe, hai un importante número de concellos que non teñen nin residencia, nin centro de día.

E como vostede tamén sabe, os expertos indican que a atención aos maiores deber realizarse dentro do seu contorno, dentro do seu contexto social e familiar, e non levalos lonxe do seu lugar habitual.

Ante esta realidade, a Deputación de Lugo apostou pola creación dunha rede pública de residencias e de centros de día: 13 residencias, 15 millóns de euros de investimento. E nestes momentos están rematadas e equipadas, pagadas integramente, tamén o equipamento, pola Deputación, as residencias de Castro Verde, A Fonsagrada, Pol e Trabada. Hai outras 3 que están moi cerca de rematar e outras en distintos estadios de construción.

Esta importante rede da Deputación quere que se xestionen de forma pública, con criterios de acceso universal, que poidan ir a estas residencias os colectivos, as persoas pensionistas de menores rendas, e para iso necesita a colaboración da Xunta de Galicia. Non para ter fondos para a Deputación, senón para que a Xunta concerte prazas a través de convenios, como con calquera outra administración pública, para que a través de convenios se concerten prazas que permitan ás rendas máis baixas ir a estas residencias.

A Lei de servizos sociais, señor conselleiro, ofrece todos os instrumentos necesarios para concertar esas prazas, é unha cuestión de vontade política, e como estou segura de que o seu obxectivo, atender as persoas maiores, e o obxectivo da Deputación é o mesmo, estou segura de que chegaremos a unha racionalidade e a un acordo destes convenios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Resposta do conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Señor presidente.

Señora Burgo, señoras e señores deputados.

Faime unha pregunta moi clara, ¿ten intención a Xunta de Galicia de concertar prazas nas residencias e centros de día públicos que forman parte da rede creada pola Deputación de Lugo? A miña resposta —e gústame ser claro— é afirmativa. Temos esa intención.

Non vou falar tampouco excesivamente do pasado, porque se escribiron ríos de tinta sobre como se planificaron estas residencias, como se elixiu o lugar das residencias, se as ratios, se as leis..., e demais.

Mire, temos toda esa vontade, pero, como saben vostedes, os que defendemos administracións públicas, os que temos responsabilidades en administracións públicas, o que temos é que observar as normativas. Eu de verdade que llo explicaba con todo detemento ao presidente da Deputación na última xuntanza que tivemos deste tema, con independencia de todo aquilo, que, xa digo, eu, como non estaba, prefiro obvialo.

Hai dous pasos fundamentais na creación das residencias de maiores, sexan da Deputación ou sexan de quen sexan. Un é o PIA de creación e o outro é o PIA de inicio de actividades. Entendo que son linguaxes, ás veces, un pouco complicadas, pero isto é que para os que somos da Administración local joroba dicir a licenza de obras e a licenza de apertura. É evidente que hai que ter unha licenza de obras para iniciar unha obra, e que despois hai que ter unha licenza de apertura. Como o presidente da Deputación tamén é da Administración local, vostede tamén estivo na Administración local, creo que así nos entendemos ben.

Mire, os PIA de creación dalgunha desas residencias son de setembro do 2015, de abril do 2013, de abril do 2016, de marzo do 2013. En fin, teñen datas de solicitude de creación que nalgúns casos coinciden coa finalización da propia residencia.

E despois está o PIA de inicio de actividade. De todas as residencias só 3, de todas, non solicitaron un PIA de inicio de actividade. Se todos os informes técnicos da consellería mostraron deficiencias para o outorgamento do PIA de inicio de actividade, tampouco imos dicir que iso é algo terrible, porque é algo que acontece moitas veces nas obras, tamén cando llo exiximos a un particular.

Polo tanto, toda a vontade, de verdade, para que os PIA de inicio de actividade —aínda que sexa despois de rematar algunhas desas residencias— se poidan dar, toda a disposición técnica, tamén, da consellería e os contactos técnicos que sexan necesarios para os PIA de inicio de actividade.

Pero hai un requisito imprescindible, a solicitude de Suplusa —que é a entidade que construíu esas residencias e que é a entidade que fixo a convocatoria do persoal desas residencias— é do 8 de abril do 2010, cunha contestación negativa da consellería. Eu informei disto ao presidente da Deputación.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Polo tanto, é imprescindible —despois na segunda parte seguirei explicando esta parte, que me parece moi importante— a inscrición de Suplusa no RUES, é dicir, que Suplusa é unha entidade prestadora de servizos sociais de Galicia; como calquera concello e como calquera deputación, é un requisito imprescindible.

Despois continuarei na réplica. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, se a hai.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Si, por suposto, se me dá a palabra, por suposto, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Si, si.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Mire, señor conselleiro, eu entendo que non queira falar do pasado, eu tampouco vou falar de todos os atrancos que puxo a Xunta para que esta rede de residencias públicas se fixese e se levase a cabo, (*Aplausos.*) por iso é mellor non falar do pasado e centrarnos no presente.

Vostede tamén sabe que para pedir este PIA, do que nos fala, non sei por que a Xunta ten sempre, digamos, o costume de encontrar unha deficiencia —si, como é normal—, encontrala xusto cando termina o prazo de seis meses, que é preceptivo para dar. Logo pasan outros seis meses, e mire por onde encontramos outra deficiencia aos seis meses. Pero diso tampouco quero falar.

Eu do que quero falar é dunha administración pública que debería de estar alegre de que outra administración pública poña enriba da mesa 15 millóns de euros para mellorar a vida dos nosos cidadáns, e que debería de ser recibida pola Xunta cos brazos abertos e darlle todas as facilidades e non poñer un atranco tras outro.

Eses problemas que vostede fala dos PIA e de entidades poden resolvelo, seguramente, os técnicos falando cunha lealdade institucional que se precisa entre as dúas partes, falando entre vostedes. Estou segura de que ese diálogo levará ao arranxo de todos estes.

O que eu quero saber, señor conselleiro, é se vostede ten a vontade política de —unha vez arranxados estes problemas e tendo o PIA— facer convenios coa Deputación para concertar prazas e que os nosos concidadáns de menores rendas poidan usar esas residencias onde non hai residencias privadas, porque resulta que non son rendibles; é dicir, facer o mesmo a través dun convenio, iso si, que vostede está a facer coas empresas privadas para concertar prazas. Iso é o que realmente eu quero saber.

¿Ten vostede a vontade política de facer ese convenio coa Deputación e mellorar —como é a súa obriga— a vida dun colectivo de maiores, moi necesitado, ademais, de residencias e de centros de día?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Burgo, díxenlle que non ía falar do pasado e non vou falar do pasado, de verdade, porque o que queremos, de verdade, dende o Goberno é arranxar esta situación. Arranxar esta situación, xa digo, de solicitudes de PIA de creación solicitados despois de rematar algunhas obras.

Mire, o tema da inscrición, non hai ningunha residencia en Galicia aberta cun titular que non estea inscrito no RUES, pero nin ningunha residencia nin ningunha oficina municipal de servizos sociais, nin absolutamente ningún lugar onde se presten servizos sociais sen esa inscrición.

Díxenlle ao presidente que había que modificar os estatutos de Suplusa, porque unha empresa promotora de urbanismos dunha deputación estaba construíndo residencias e contratando persoal para residencias, e había que darlle a finalidade social a Suplusa, como se pode imaxinar.

Pois ben, os estatutos de Suplusa modificáronse o 28 de xullo de 2016, eu pensei que estabamos empezando xa na boa dirección de inscribir a Suplusa. Pois ben, teño aquí o recurso que presentou o presidente da Deputación contra o acordo de Suplusa, de que Suplusa non tiña interese social e que, polo tanto, non se podería inscribir no RUES.

Pero mire, teño tamén outra cousa —e é unha novidade creo que moi importante—, que o 2 de setembro de 2017 recaeu a sentenza xudicial, porque o presidente da Deputación levou aos tribunais a modificación de estatutos de Suplusa, e a sentenza de 2 de febreiro de 2017 autoriza a inscrición de Suplusa no RUES. Por certo, impón custas ao presidente da Deputación por impugnar un acto da propia Deputación.

Polo tanto, como agora xa temos esta sentenza do 2 de febreiro, Suplusa está preparada para inscribirse, e unha vez que Suplusa se inscriba e que, con esa lealdade que me pide, superemos os atrancos técnicos, as residencias da Deputación poden poñerse a funcionar, e contarán co apoio económico da Xunta de Galicia.

Tamén dicirlle outra cousa, mire, 15 millóns de euros, en practicamente dez anos que leva este programa, non é un apoio social tampouco como para presumir. A Consellería de Política Social destina prazas públicas na provincia de Lugo, máis de 2.000 prazas con fondos públicos, 4.000 libranzas de dependencia e 50 millóns ao ano.

Polo tanto, xa digo, nós imos incrementar...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** ...porque Lugo o necesita e Lugo o merece, pero creo que tamén se lle pode pedir á Deputación de Lugo...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** ...se tan preocupada está por iso, unha maior aportación económica. E de verdade, creo que nos podemos poñer de acordo sobre iso. *(Aplausos.)*

Tamén lle digo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, non, non, grazas, xa está.

Grazas, pero remate xa, que xa se pasou moito de tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Mire, sobre o tema das competencias que non me preocupa.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, non, non, grazas

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Mire, se os concellos e as deputacións non teñen competencia en benestar, non sei para que teñen concelleiros de benestar e deputados de benestar social. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor conselleiro, rematou o seu tempo. Grazas.

Última pregunta

**Pregunta de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre as medidas e axudas que está a impulsar o Goberno galego para a vertebración do sector lácteo**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Vega.

**O señor VEGA PÉREZ:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Este humilde grupo parlamentario defende a necesidade de que o Goberno galego explique, canto antes, unha posición sobre un tema de interese para a nosa comunidade autónoma.

Fronte ao posicionamento dos distintos grupos parlamentarios —teño que dicilo, dignos representantes de profetas apocalípticos—, *(Risos.)* que trasladan unha visión catastrofista e

falta de proxectos —iso si, unha mensaxe bastante utópica—, quérolles dicir frases que vos tedes din neste arco parlamentario, como «políticas valentes», «discurso fronte aos poderosos», «xente do común», etc., etc. Pero, miren, eu creo que a Xunta de Galicia, e é importante que a conselleira, debe explicar cal é a política para o sector agrícola e, concretamente, o sector lácteo gandeiro.

Eu creo que estamos facendo —e a Xunta de Galicia está facendo— grandes esforzos para conseguir fixar poboación no rural. Eu creo que o gando frisón está sendo máis rendible porque a mellora de prezos no leite é unha realidade, aínda que lles pese a algúns que nos falan de prezos irrisorios e non se dan conta de que hoxe o sector gandeiro está moito mellor do que estaba. Xa sei que a algún non lle senta ben, pero para iso hai que coñecer o sector e non falar soamente do sector. *(Aplausos.)*

Polo tanto, eu creo que o posicionamento da Xunta de Galicia fronte a un discurso que chega —din e falan de plans de emerxencia— o que ten que ter é un plan concreto para o sector lácteo. E eu confío en que a conselleira nos explique perfectamente o plan concreto para este sector. ¿Cales son, desde o noso punto de vista, os grandes temas para hoxe para os nosos gandeiros? Pois eu creo que é o tema territorial, é o pago polos plans de incorporación, polos plans de melloras, é o fomento do asociacionismo que existe hoxe e é unha realidade non soamente entre cooperativas e industrias, senón entre gandeiros. E eu creo que todo isto merece unha explicación, escoiten e despois xulguen.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vega.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Presidente, señorías, moi boa tarde.

Pois, efectivamente, hai que facer unha análise do que é o noso sector lácteo e, a partir de aquí, opinar. E non hai maior opinión que estar continuamente en contacto con eles e facer un estudo exhaustivo dos avances que se levan tido nos últimos meses.

Atopámonos, agora mesmo, nun momento crucial para o lácteo galego, un momento crucial despois da desaparición das cotas lácteas e un momento crucial onde os nosos gandeiros —sobre todo os gandeiros máis xoves e os máis profesionais— optan por redimensionar as súas explotacións e converterse en verdadeiras empresas. E, ademais, adaptándose ás condicións que nos impón o mercado, porque o produto final vai saír en función das demandas dos consumidores.

A nosa comunidade segue a ser unha potencia, unha potencia porque segue tendo o 40 % da produción e o 55 % dos nosos gandeiros, e non só no ámbito español, senón tamén no ámbito europeo. Somos a novena rexión máis importante da Unión Europea no que ao lácteo se



refire, e pese a ese alarmismo que algúns queren poñer enriba da mesa, pese a ese escurantismo que outros pretenden que sempre saia nos medios de comunicación, hai que dicir que Galicia segue incrementando a súa produción. E séguea incrementando, ademais, nun ano difícil, como foi o que rematou e no cal houbo un incremento de produción do 0,77 %. E aí están os prezos, efectivamente non son os que nos gustaría ter, pero, sen dúbida ningunha, son 3 céntimos máis que no mes de xullo, e 3 céntimos máis son máis que importantes e non hai que desprezalos.

Señorías, fronte a ese alarmismo, os números dino todo, e eses números é que vimos de resolver no ano 2016, favorablemente, 582 expedientes, dos cales o 56 % son para melloras no ámbito lácteo. E 613 mozos deciden incorporarse a unha actividade no ámbito rural, e deses 613 mozos o 38 %, ademais, vaino facer en explotacións de vacún de leite.

Precisamente neste mes de febreiro —e sen perder máis tempo— publicaremos de novo a orde de axudas de modernización e de incorporación, e farémolo con 5 millóns de euros máis. É dicir, entre os dous anos son 125 millóns de euros que van destinados á incorporación de mozos, pero tamén á modernización das nosas explotacións.

Investimos neste sector porque este sector, sen dúbida, ten futuro...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...e ten futuro cunhas granxas cada vez máis punteiras e, ademais, con maiores dimensións. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señor Vega.

**O señor VEGA PÉREZ:** Moitas grazas, presidente.

Grazas, conselleira.

Bueno, pois queda demostrado —se se percataron e puxeron o oído e escoitaron— que a Xunta de Galicia ten un plan. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Primeiro A e despois E, primeiro atendan para despois entender. *(Risos.)*

Quero dicir que, desde este momento, eu creo que queda demostrado e que é palpable e é visible que a Xunta de Galicia ten un plan, e é un plan sobre un sector que é prioritario. E vostedes saben perfectamente que o sector gandeiro é un sector prioritario para Galicia, e para o noso Goberno, e para este conxunto parlamentario. Aquí non falamos soamente de posibles utopías e posibles proxectos, señorías, aquí falamos de realidades. E cando falamos de realidades, estamos falando de proxectos que se poden ver e observar, ¿ou é que acaso vostedes non observan o que pasa hoxe coa cooperativa Feiraco, Irmandiños e Melisanto? Iso é unha fusión dun cooperativismo que se traduce en club, e iso é unha das primeiras cooperativas que vai ter o conxunto do mapa español.

¿Ou é que acaso vostedes non coñecen a unión do cooperativismo entre —que é unha industria importante— Lemos e a cooperativa Coreber que compraron Celega? Isto tradúcese na terceira industria deste país, desta Galicia. Claro, vostedes están sistematicamente criticando que Galicia non ten cooperativismo, que Galicia non ten industria, cando hai un discurso que o que intenta é desestabilizar o sector, é dicir, Galicia.

Señorías, eu creo que isto se traduce, totalmente, nun investimento. Créanme vostedes cando lles falo que investir, tamén, no rural é investir na ordenación do territorio, e é investir na concentración parcelaria. Isto tradúcese nunha cantidade económica...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor VEGA PÉREZ:** ...porque é importante falar de proxectos, pero tamén de presuposto.

Remato con isto, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor VEGA PÉREZ:** ...28 millóns de euros para a ordenación do territorio e a concentración parcelaria, nunha cantidade total de 80 millóns de euros.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VEGA PÉREZ:** Realidades e non palabrerías, señorías. (*Protestas.*) (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Debut. Hai que ser un pouco xeneroso no debut dun deputado. (*Murmurios.*)

Turno de peche, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Rematamos un ano cun dato importante, e é que a Consellería de Medio Rural —a Xunta de Galicia— opta pola transformación. Teñen que saber vostedes, señorías, que o 50 % do leite —non só de Galicia, senón tamén de España— se destina única e exclusivamente á venda de leite clásico, é dicir, un brik e un tapón; e aí hai moi pouca marxe, hai que cambiar a tendencia. E comezamos por unha gran aposta, e esa aposta foi a transformación.

Rematamos o pasado ano e fixémolos, ademais, con axudas de gran interese, e dentro desas axudas investíronse 14,5 millóns de euros destinados á transformación e á comercialización integramente do lácteo. Pero quixemos comezar aínda mellor o ano, e por anticipado de gasto, e o día 2 de xaneiro, e rematando o día 31 de xaneiro, aí estivo de novo a orde de transformación dos nosos produtos lácteos, dos cales lle teño que dar boas novas para ao sector, pero tamén para que vostedes teñan coñecemento: un total de 35 empresas apostan polo rural galego e pola transformación do lácteo, cun investimento de 44 millóns de euros que

se van levar a cabo na nosa Galicia para transformar eses produtos que darán unha maior marxe de beneficio, e, polo tanto, repercutirán en positivo nos nosos gandeiros.

Onte mesmo estaba coa Interprofesional Láctea, temos que ir da man, sen dúbida ningunha, en todos os puntos que saquemos para adiante do sector, e ese sector está nesa Interprofesional. Temos o mellor marco, sen dúbida, que foi o Acordo lácteo; o mellor endexamais asinado por todas as partes, pero ben é certo que hai que seguir avanzando. E dentro dese avance hai que apostar pola sostibilidade e, ademais, tamén, pola transparencia dentro da cadea de valor. Esa transparencia que parte dende o máis débil, que sempre é o gandeiro, pasando pola industria e, por suposto, pola transformación.

Esa é na liña que imos continuar, e non só iso, senón que se identifique o noso produto, de maneira que o consumidor saiba que ten entre mans, que quere para a súa saúde, pero tamén para apostar polo territorio e polo gandeiro galego.

E non só iso, saben vostedes que a diminución é considerable á hora de achegarnos a mercar os produtos lácteos, sobre todo leite líquido. Nos dous últimos anos diminuíu un 5 % e temos que cambiar a tendencia, porque están máis que demostrados, cientificamente, os valores nutricionais do noso leite. De aí a aposta que vai facer a Xunta de Galicia, a aposta que vai facer o ministerio e que, tamén, está facendo a Unión Europea para promocionar os nosos produtos lácteos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.


**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Remata aquí o pleno.

Boa tarde a todos e a todas.

*Remata a sesión ás oito do serán.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25